

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
MANUEL FRAGA IRIBARNE

QUINTA LEXISLATURA
1997-2001



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA



Manuel Fraga Iribarne (Vilalba, 1922–Madrid, 2012). Catedrático e doutor en Dereito e Ciencias Políticas e Económicas. Letrado das Cortes e diplomático de carreira. Figura clave na historia de España pola súa longa e intensa traxectoria política. Ministro de Información e Turismo (1962-69) e embaixador en Londres (1973-75). Á morte de Franco formou parte do primeiro goberno da Monarquía como vicepresidente segundo e ministro da Gobernación. Foi un dos pais e redactores da Constitución Española de 1978. Fundador de Alianza Popular en 1977, logo refundada en 1989 como Partido Popular. Deputado en Cortes entre 1977 e 1987, xefe da oposición aos primeiros gobernos socialistas de Felipe González. Tamén estivo no Parlamento Europeo (1987-1989) antes de volver a Galicia. Presidente da Xunta en catro lexislaturas consecutivas con maiorías absolutas (1990-2005). E terminou a súa carreira política como senador autonómico desde 2006.

OS DISCURSOS PARLAMENTARIOS DE
MANUEL FRAGA IRIBARNE
QUINTA LEXISLATURA
1997-2001



COLECCIÓN PARLAMENTO DE GALICIA

*Todos os textos de Manuel Fraga Iribarne foron recollidos
do Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, tal e como
foron transcritos orixinariamente*

EDITA:

Parlamento de Galicia. Colección «Discursos parlamentarios» © 2015

FOTOGRAFÍAS:

Arquivo do Parlamento de Galicia

ISBN: 978-84-7836-110-6

Índice

7 A MODO DE PRESENTACIÓN

11 PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

13 **Cando as autovías entroncaron Galicia co Estado.**

Bieito Rubido

17 QUINTA LEXISLATURA 1997-2001

19 **Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do estatuto de autonomía.**

1 de decembro de 1997

- 61** **Discurso de toma de posesión de Manuel Fraga Iribarne como presidente da Xunta no Salón dos Reis do Parlamento de Galicia.**

9 de decembro de 1997

- 65** **Debate de política xeral: informe do presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución.**

13 de outubro de 1998

- 109** **Debate de política xeral: informe do presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución.**

28 de setembro de 1999

- 155** **Debate de política xeral: informe do presidente da Xunta de Galicia para expoñe-la situación política da Comunidade Autónoma de Galicia, debate e propostas de resolución.**

10 de outubro de 2000

A MODO DE PRESENTACIÓN

«Discursos Parlamentarios» é unha colección que nace coa intención de compilar, dunha forma ordenada, rigorosa e ben estruturada, as principais intervencións dos presidentes da Xunta ante o Parlamento de Galicia ao longo da nosa historia máis recente.

Os programas de goberno e as tomas de posesión, as análises do estado da autonomía e as comparecencias informativas cruciais dos distintos presidentes ante os xenuínos representantes do pobo galego son textos moi relevantes, de fonda significación, cuxa edición sinxela resulta plenamente xustificada polo seu grande interese político, documental e sociolóxico.

Todas e cada unha destas intervencións en momentos especiais da vida galega constitúen pezas mestras da súa pegada de goberno, que o pouso do tempo convida a ler con máis pausa e detemento para a súa mellor comprensión e valoración, na súa xusta medida. Os textos aquí incluídos preséntanse perfectamente enmarcados, tanto nos seus datos coma nos seus enunciados, e tamén se corresponden cos léxicos orixinais.

Estes «Discursos Parlamentarios» non están destinados a historiadores e eruditos, aínda que tamén, senón que son uns libros de fácil lectura para todos aqueles que sintan curiosidade ou teñan interese polo noso pasado máis recente.

Publícanse neste libro os discursos parlamentarios de Manuel Fraga na quinta lexislatura do Parlamento de Galicia (1997-2001), o terceiro dos catro volumes desta colección centrados na figura dun dos homes chamados a ocupar un sitio destacado na historia contemporánea do noso pobo.

O galeguismo integrador que guiou a presidencia de Manuel Fraga seguiu dando froitos, en termos de xestión pública, o que se traduciu na súa reelección cunha nova maioría absoluta nos comicios celebrados en 1997, afrontando cunha confianza renovada o seu terceiro mandato como presidente da Xunta.

Durante as sucesivas presidencias de Manuel Fraga, Galicia converteuse en referencia para o resto das comunidades autónomas, non só polos éxitos acadados como consecuencia da xestión rigorosa duns recursos que aínda non comezaran a escasear –como sucedeu en lexislaturas máis recentes, nun contexto de intensa crise–, senón como modelo de autogoberno.

Con Manuel Fraga Galicia acadou elevadas cotas de autonomía política, demostrando así a versatilidade da Constitución e o Estatuto vixentes, pero apostando, ao tempo, pola plena integración desta Comunidade en España e en Europa, e cultivando os vínculos cos países irmáns de Iberoamérica.

Unha Galicia orgullosa de si mesma, empeñada en sacar partido de todas as súas potenciais e aberta ao mundo era obxectivo de Fraga. E ese continúa a ser, coa necesaria posta ao día, a arela cotiá dos que integramos a Cámara galega.

Dentro da abundante e meritoria bibliografía que impulsou o Parlamento de Galicia ao longo da súa historia, faltaba unha colección coma esta que agora incorporamos aos nosos fondos para poñer en valor uns textos cruciais.

Tamén en homenaxe e recoñecemento aos restantes presidentes galegos, Xerardo Fernández Albor, Fernando González Laxe, Emilio Pérez Touriño e Alberto Núñez Feijóo, naceu esta colección de «**Discursos Parlamentarios**», cuxa presentación me satisfai e me enche de orgullo moi especialmente.

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

PRESENTACIÓN DO PERSONAXE

CANDO AS AUTOVÍAS ENTRONCARON GALICIA CO ESTADO

Bieito Rubido

O discorrer dos anos, cos seus matices e inapelables sentenzas, vainos colocando a cadaquén no seu lugar. Nós cremos que vivimos sempre o momento máis transcendental da Historia. Con todo, somos os peores analistas do noso tempo. Cando pasen os anos, feitos que á luz do presentismo, nos pareceran dunha maneira concreta, xurdirán ante o estudo do experto ou do lector de historia con outros perfís ben distintos. Manuel Fraga será analizado con menos paixón por parte de amigos e inimigos.

O balance hoxe, apenas unha década despois de abandonar a Presidencia da Xunta, axigántase por momentos. Mantiña Fraga, como Churchill, que toda a súa vida fora unha preparación para chegar a ser presidente de Galicia. Esa íntima convicción levouno a ser un dos dirixentes máis iconoclastas do seu tempo. Xa non só entre a dereita, senón tamén no escenario xeral da política española.

Un bo exemplo diso foi a súa viaxe a Libia. Ao país gobernado polo sátrapa Gadafi. Fraga era partidario de evitar os illamentos que, segundo el, eran a causa de os problemas se encetaren. Non lle importaba que os criticasen. El posuía un compromiso coa acción política orientada cara ao ben común. Ese compromiso levouno en moitas ocasións a exceder os límites da corrección política do seu propio partido.

É ben certo que nada logrou en Libia, nin tampouco en Cuba. Pero non foi por non tentalo e ao mesmo tempo que defendía os intereses dos galegos nos lugares máis recónditos, facendo gala así da súa irrefreable febre viaxeira, e tamén, por que non dicilo, da súa liberdade individual.

Neste terceiro tomo de intervencións parlamentarias de Manuel Fraga, dalgunha maneira recóllese de novo ese espírito indómito dun político nada convencional. O seu terceiro mandato á fronte do Goberno galego, entre outubro de 1997 e outono de 2011. Unha vez máis a acción do goberno foi extensa. E unha vez máis, o Parlamento foi a caixa de resonancia da controversia política. Algo que, visto co prisma do tempo, se pode dicir que era unha sa confrontación de ideas, onde a acción gobernativa era fiscalizada por unha oposición máis serea do que habitualmente foron os berros e susurros do Hórreo.

Non me parece bo, nin axustado á práctica da análise política, converter este prólogo nunha haxiografía da figura de Manuel Fraga Iribarne. Mais alén do rubor inevitable que poida acompañar ao xornalista en cada época da súa vida, o certo é que estamos ante un personaxe irrepetible. Un político que enchía por completo a cadeira presidencial e cuxa actuación, aínda desde Galicia, levantaba rebumbios e ecos en todo o escenario político español. A súa opinión era solicitada en todo momento e terzaba practicamente en todas as controversias políticas do conxunto de España.

Non é casualidade que esta etapa de enorme predicamento de Manuel Fraga na escena española coincida coa chegada, por primeira vez, do Partido Popular ao goberno da nación, en Madrid.

O executivo de José María Aznar, dentro do rigor orzamentario que caracterizou a súa primeira lexislatura do centro-dereita, foi un dos grandes aliados do Fraga, presidente da Xunta. Así puido dársele o impulso definitivo a unha gran obra de enxeñaría de España como foron as autovías do Noroeste: a conexión moderna de Galicia coa Meseta a través de estradas de última xeración e superando algúns dos obstáculos xeográficos que máis axudaron a conformar a acusada personalidade dos galegos.

Coa ponderación que adoita dar o paso do tempo, hoxe podemos afirmar que aquel terceiro mandato de Fraga supuxo un achegamento de Galicia ás estatísticas medias do conxunto de España, ademais de tratar de nos pór ao día coa Unión Europea. Nese tempo, as obras públicas, as infraestruturas eran vitais. Tratábase da gran materia pendente de Galicia e Fraga sabíao.

Como sabía tamén que a política autonómica en España necesitaba un marco definitivo, pero o suficientemente eficiente como para que o independentismo, entón en fase moi embrionaria, non tivesen caldo de cultivo para crecer. Advertía xa entón que non se xogase coa Constitución porque aínda estaba moi viva. Foi nesta lexislatura na que o presidente galego utilizou a caixa de resonancia do Parlamento para abordar todas estas cuestións.

Volveu o presidente galego nesta lexislatura a Cuba. E volveu pedir o fin do embargo e do bloqueio ao país caribeño, tan unido de sempre ás distintas sensibilidades galaicas.

Ao mesmo tempo que defendía esa intelixente acción, na que o tempo veu darlle a razón, atreveuse a pedirlle a Fidel Castro reformas orientadas cara a unha transición pacífica cara á democracia, que tamén o tempo demostrou que nunca chegarían.

Manuel Fraga foi un presidente autonómico que exerceu a súa responsabilidade máis aló de Galicia. Nestes anos que nos ocupan era xa o decano dos políticos españois en activo. A súa obsesión, entón, é que non se repetisen os anos trinta.

Non deixa de ser chamativo que xa entón, dese a súa cadeira de San Cae-tano advertise que «España é a patria común e indivisible de todos os españois. Iso non admite relecturas nin interpretacións, e cargarse iso é cargarse a Constitución española». Unha evidencia máis de que o paso do tempo axiganta a determinados personaxes e a Historia xa está a facer xustiza con aquel Fraga que capitaneou Galicia entre 1997 e 2001.

1997-2001
QUINTA
LEXISLATURA

PROPOSTA DE CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACIÓN DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCIÓN, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 15.3 DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA

1 de decembro de 1997

Señor presidente, señoras e señores deputados.

Comparezo ante o Parlamento de Galicia, de acordo co previsto nos artigos 10.d) e 15.2 do noso Estatuto, para solicitar desta Cámara a investidura como presidente da Xunta de Galicia. Son consciente da especial responsabilidade que representa o facelo por terceira vez ante esta representación lexítima do pobo galego, ó que todos estamos obrigados a servir. De modo moi especial correspóndelle esta responsabilidade ó presidente da Xunta, elixido cando proceda por esta Asemblea e nomeado por El-Rei, ó que lle corresponde a dirección da Xunta de Galicia, a suprema representación da Comunidade Autónoma e a ordinaria do Estado en Galicia.

O día 19 de outubro o pobo galego expresou de forma clara a súa vontade. Outorgoulle ó Partido Popular un novo mandato para completa-la formación de Galicia, para que o noso pobo poida acometer con enerxía e valentía os retos do século XXI.

Cambio de século e de milenio. Está emerxendo unha nova sociedade na que os valores tradicionais seguirán tendo vixencia, pero na que as novas xeracións deberán adaptarse e prepararse para un mundo máis esixente e máis competitivo. Un mundo no que os avances tecnolóxicos, cada día máis intensos, obrigarán a un esforzo continuado para a súa asimilación e para, apoiándonos neles, toma-la iniciativa e colocarnos non a remolque senón á cabeza dos pobos que saben o que queren, que saben ónde ir e que están dispostos a segui-lo camiño necesario.

Ante esta Cámara que representa a todo o pobo galego quero reitera-lo meu compromiso firme de loitar por Galicia, pensando só nos seus intereses, con todo o meu esforzo e a miña vontade, contando para iso, polo que de min dependa, con todos, sen exclusión.

A responsabilidade de gobernar Galicia correspóndelle ó Partido Popular, se así o ratifica esta Cámara, pero iso non quere dicir que non esteamos dispostos a oír a todos, ó diálogo con todos, co único obxectivo de servir a Galicia. Diálogo que non quere dicir imposición senón o exercicio de cadansúa responsabilidade, polo que tampouco aceptaremos imposicións nin condicións previas.

Aceptadas as propostas programáticas do Partido Popular de Galicia pola maioría absoluta dos votos emitidos polo corpo electoral, procede agora recorda-los seus principios esenciais nos que vai apoiarse a acción da Administración durante a presente lexislatura. Como é imposible expoñelo todo con absoluto detalle, permitireime ó final desta intervención entregarlles a tódolos membros desta Cámara os libros brancos e o programa electoral do Partido Popular como ratificación da vontade de levar a cabo as políticas definidas neles.

Unha política galeguista

A Galicia de hoxe está dando unha resposta, igual que a deu no Románico, no Barroco ou no Rexurdimento do século XIX, e o mellor catalizador desa resposta é a vitalidade do noso país.

Os tres principios básicos que hoxe unen penso que a tódolos galegos no recoñecemento da nosa personalidade propia e diferenciada, e que para nós deben permanecer sempre por riba de calquera bando político, son:

1. O mellor galeguismo que herdamos de Alfredo Brañas e de Manuel Murguía, de Curros Enríquez e de Rosalía de Castro, de Antón Losada Diéguez e de Vicente Risco, de Ramón Otero Pedrayo e de Alfonso

R. Castelao. Un galeguismo que ten que se-la práctica habitual de tódolos galegos na defensa do seu, como principio diferenciador dunha sociedade que cre na autonomía e que defende as institucións e o autogoberno conseguido, sentíndose, ó mesmo tempo, moi española e moi europea.

2. A autoidentificación solidaria dos galegos, que neste momento finiseccular asumen o compromiso de leva-la súa terra ó lugar que lle corresponde no contexto dos pobos de España, de Europa, de Iberoamérica, á que estamos tan vencellados pola presenza dos nosos irmáns emigrantes, e, en definitiva, de todo o mundo. Autoidentificación como reivindicación do propio, do que temos de noso, sen renunciar a nada que poida enriquecernos e aspirando a ser unha voz solidaria no concerto das culturas do noso ámbito occidental.
3. A galegitude como continuidade; único e verdadeiro camiño para que as nosas comunidades do exterior perduren no tempo como auténticas representacións dos signos de identidade de Galicia. Para que alí onde queira que teña chegado o esforzo do noso pobo, digno e traballador, siga perdurando o espírito de Galicia a través das novas xeracións que permanecerán unidas por fortes vínculos culturais, lingüísticos e de respecto ás nosas tradicións.

Somos fillos dunha terra antiga, chea de experiencias e de valores que os galegos de toda condición foron forxando ó longo dos tempos e que constitúen un extraordinario legado colectivo que conforma o noso presente e que inspira o noso porvir.

Agora, cando retomámo-la confianza novamente ofrecida polo pobo galego, deben ser para nós obxectivos prioritarios a vertebración definitiva do país, cada vez máis dono e promotor dos seus recursos, máis orgulloso das súas raíces culturais e máis xusto e solidario cos demais pobos que conforman o Estado das autonomía e coa Europa unida dos pobos e as rexións.

O europeísmo e mailo galeguismo seguirán a selos dous eixes que orienten os principios básicos de extensión e afondamento da democracia, de eficacia económica, de cohesión social e de potenciación lingüística e cultural.

Esa nosa inserción española e europea, cunha fonda vinculación histórica ó mundo luso-brasileiro e con fortes vencellos nos pobos irmáns de Iberoamérica, seguirá guiando os eixes principais das accións exteriores do novo Goberno da Xunta, porque nelas reside a nosa condición de galegos, de españois e de europeos.

Seguiremos avogando por un galeguismo constructivo, consciente e comprensivo da propia realidade, aberto ás novas correntes, tolerante coa diversidade e con presenza e capacidade suficiente para actuarmos alí onde estean os intereses de Galicia e dos galegos espallados polo mundo. O galeguismo que presida a nosa acción non vai ser anti-nada, nin tampouco serán os seus obxectivos ir contra a realidade española e europea, porque de ámbalas dúas formamos parte e ningunha delas nos é allea.

Reafirmámonos nun galeguismo popular, tolerante, aberto e que recolle as mellores tradicións do humanismo, de defensa da democracia e das liberdades e de respecto pola iniciativa privada. Un galeguismo que rexeita o dirixismo, que asenta as súas bases na tradición dos precursores e dos seus continuadores e que se vale de si mesmo e do apoio maioritario do pobo galego para emprender cantas accións sexan necesarias para a modernización e o avance da nosa terra.

Ese será o norte que guíe as actuacións do próximo Goberno, baseadas –repito– nun galeguismo que siga impregnando progresivamente a nosa sociedade, converténdose nun patrimonio común do noso pobo, que está visto que non necesita poñerse ó abeiro de ningún arredismo insolidario nin do victimismo fatalista para reivindicalo seu en liberdade e con contundencia.

A nosa cultura

Despois do esforzo recuperador da xeración dos anos cincuenta, encabezada polo inesquecible Ramón Piñeiro, a cultura galega entra na súa etapa decisiva ó conseguilo noso pobo o ansiado autogoberno.

Será a partir da autonomía cando se poidan establecer dous períodos perfectamente diferenciados. O primeiro, que comprende unha década e que tería como data inicial a constitución do Consello da Cultura Galega (1983) —con todo o que representa o Consello como institución estatutaria autónoma e canle guieira da nosa cultura—, abranguería ata o ano 1993, no que a celebración do Xacobeo superou historicamente tódalas metas e proxectos anteriores.

A partir daquela data emblemática e rescatado o Camiño de Santiago como un dos seus piares básicos, a cultura galega superará moitos dos límites e eivas seculares para conseguir unha promoción interior e unha dimensión exterior antes non acadadas.

Os tres xermolos deste impulso cultural foron: a autoidentificación co país, o orgullo superador dos vellos complexos e maila nosa implantación nun espacio natural propio, froito dunha favorable situación de encrucillada entre

a cultura hispánica, á que historicamente pertencemos, e o mundo luso-brasileiro, no que cada vez estamos mellor e máis integrados.

Polo tanto, o segundo período, tamén unha década, arrincará desde 1994 e proxectaríase ata o ano 2004, celebración do que será o primeiro Ano Santo Xacobeo do novo milenio. Neste período, no que estamos, é onde cabe situar a presente etapa, –repito– na que se fará realidade o proxecto cultural que o próximo Goberno galego deseñou para este final de século e principio de milenio.

Trátase de cinco grandes obxectivos culturais, que se celebrarán no transcurso da próxima lexislatura e que coincidirán con outros tantos acontecementos relevantes que servirán de máxima promoción para a cultura galega dentro e fóra de Galicia. Sobre todo, serán o espello que proxecte a realidade da nova Galicia cara ó exterior, permitíndonos ser, ó mesmo tempo, unha referencia na implantación e no desenvolvemento do turismo cultural:

- 1º Ano 1998, preparación do Ano Santo Xubilar de 1999, activa participación no escenario da «Expo 98» en Lisboa e promoción de estudos e actividades que salienten a presenza de Galicia nos sucesos históricos de 1898.
- 2º Ano 1999, celebración do Ano Santo Xacobeo, que polo seu carácter extraordinario e significativo, «a gran perdoanza» de final de século e de milenio, constituirá un acontecemento de enorme relevancia, que situará a Compostela no mesmo nivel de Roma e de Xerusalén e que fará de Galicia enteira un centro de atracción internacional.
- 3º Ano 2000, capitalidade cultural europea para a cidade de Santiago de Compostela. Evento que permitirá unha excepcional proxección exterior da nosa cultura, servindo tamén Compostela como ponte natural entre as culturas peninsulares e as dos pobos iberoamericanos, ós que os galegos temos aportado e recibido, ó longo da historia, mutuas contribucións que constitúen a mellor mestizaxe cultural.
- 4º Ano 2001, celebración do Congreso internacional da cultura galega, que servirá de marco axeitado para un profundo debate, aberto a tantas personalidades do interior e do exterior, estudiosos e protagonistas dos diversos eidos e materias culturais estean dispostos a participar, e que, sen dúbida, sentará as metas e propostas da cultura galega para o século XXI.
- 5º Consolidación e impulso definitivo das diversas rutas de peregrinación a Santiago ata convertelas en vieiros aptos para o intercambio e a creatividade cultural, integradores dunha proposta común dos pobos

de Europa implicados na tradición xacobeá, para chegar no ano 2004, primeiro Ano Santo Xubilar do milenio, a unha estrutura europea, con sede en Santiago de Compostela, vertebradora das expresións de todos os pobos e rexións relacionados cos «camiños».

Entendemos que estes cinco puntos, sumados ó esforzo que estamos a facer para a recuperación e consolidación do noso patrimonio cultural, terán que se-la cerna da nosa proxección exterior. Non podemos nin debemos deixar pasar inadvertidos os acontecementos que comezarán en 1999 e que rematarán no 2004 sen aproveita-lo vento a favor que supoñen as comunicacións rápidas.

Refírome concretamente a poder situarnos en Madrid en catro horas e nun pouco máis en Lisboa, gracias ás novas autovías e autoestradas, á modernización dos aeroportos de Vigo, A Coruña e Santiago, á actualización do ferrocarril e ás redes de autoestradas interiores.

En definitiva, este gran esforzo en infraestruturas non só mellorará a nosa economía e ampliará o noso comercio senón que servirá para unha maior proxección exterior de Galicia. Todo isto fai necesario un novo impulso da política turística, que pasará a estar estreitamente relacionada coa oferta cultural e co fenómeno xacobeo. Polo tanto, a incorporación das competencias en materia de turismo á Consellería de Cultura facilitarán un relanzamento cultural, a partir das moitas posibilidades que ofrece o noso patrimonio histórico-artístico e dunha oferta orientada ós grandes acontecementos anteriormente sinalados.

Galicia ocupa hoxe un espazo de privilexio nun mundo caracterizado pola explosión das novas tecnoloxías, que xa está dando paso á sociedade da información. Formamos parte, sen dúbida ningunha, da vangarda entre as comunidades de España neste eido, e nalgúns aspectos estamos por riba dos países europeos máis avanzados.

As novas tecnoloxías da información serán o máis eficaz aliado para a potenciación e a permanencia da nosa identidade cultural. As autoestradas da información e as multimedia poñen ó noso dispor elementos e posibilidades que ata hai ben pouco eran impensables, para recuperar, conservar e difundir, case sen límites, tanto os fundamentos materiais coma os inmateriais que conforman a cultura galega.

Neste contexto é onde debemos enmarcar un sector como é o audiovisual, que xa empeza a ter para Galicia un alto valor estratéxico. En primeiro lugar, porque está en proceso de expansión a un ritmo exponencial; en segundo termo, porque xera cada vez máis emprego e riqueza; e, por

último, porque deste medio, hoxe imparable, dependerá unha boa parte da difusión e promoción da nosa cultura.

Esta condición estratéxica será recollida na próxima Lei do audiovisual, pioneira no actual Estado das autonomías, que xa foi consensuada con tódolos sectores e colectivos implicados e que axiña será remitida a esta Cámara para o seu debate.

Nesa inevitable e enriquecedora ensamblaxe entre cultura galega e novas tecnoloxías multimedia, as telecomunicacións e a informática seguirán tendo unha atención prioritaria na próxima lexislatura, que se materializará na posta en marcha da «Cidade da Cultura de Galicia». Este ambicioso proxecto comezará o seu primeiro «barrio» —se se me permite a expresión—, destinado á gran Biblioteca de Galicia, que albergará o Centro Superior Bibliográfico, como cabeceira da nosa rede de bibliotecas; unha «Biblioteca Virtual», xunto a un completo «Fondo de Volumes Convencionais», complementadas con salas temáticas, como a Hemeroteca galega, a Fonoteca, a Videoteca e a Fototeca. O edificio da «Cidade» irá medrando con outros «barrios» que albergarán zonas museísticas, arquivos, exposicións permanentes e salas dedicadas á prensa, á radio, á televisión, ó cine, ó vídeo e a tódolos novos soportes comunicadores.

A política da Xunta de Galicia seguirá sendo a de atender e apoiar, na medida das nosas posibilidades, as diversas esferas e manifestacións culturais: música, danza, artes plásticas, teatro e literatura. Dentro dese concepto globalizador e representativo, dinámico e actual, xirarán os eixes sobre os que se mova, nos próximos catro anos, o «feito cultural galego».

Ninguén pode esquecer que a transformación e a adecuación das infraestructuras culturais levadas a cabo durante os últimos oito anos nos permiten agora desfrutar duns espazos aptos para grandes realizacións culturais dos que Galicia anteriormente carecía. Palacios de congresos e exposicións, auditorios, museos, casas da cultura e outras infraestructuras de primeirísimo nivel acollen os afeccionados á música clásica, ó ballet e a calquera outra manifestación artística. Por toda a xeografía de Galicia, e gracias a esas infraestructuras, as actividades culturais chegan ata os máis pequenos e os máis dispersos núcleos de poboación.

Ante o alto nivel conseguido pola creación literaria en Galicia e conscientes da necesidade dunha promoción de todos aqueles elementos que conforman e completan o mundo da nosa literatura, viuse a necesidade da creación dun Centro de Promoción das Letras Galegas. O dito centro actuará como un

órgano de información para os colectivos de escritores, editores, ilustradores e libeiros, levando tamén a cabo accións de promoción interna e externa das nosas letras e autores representativos.

O devandito centro servirá de plataforma coordinadora entre a Consellería de Cultura e outras institucións de promoción literaria como o Instituto Cervantes, o Centro de las Letras Españolas, a Institució de las Lletres Catalanas, o Instituto Camões e outros organismos dispostos a manter intercambios e a realizar actividades a prol das letras galegas.

A actual Lei de bibliotecas de Galicia, que é xa a máis avanzada de toda España, determinou que debería haber unha biblioteca en todas aquelas poboacións superiores ós 2.000 habitantes. Podemos dicir que hoxe contamos cunha rede de bibliotecas que cumpre o lexislado e que estamos en disposición de aumentalos medios para a apertura e o equipamento de novas bibliotecas. Unha mostra da nosa preocupación por poñer ó día os servizos de lectura é o recente programa informático «Meiga 3», que cobre as necesidades de organización e catalogación das bibliotecas municipais e que xa foi implantado en todas elas.

Está no ánimo do Goberno galego continuar co impulso decidido para a conservación, restauración e posta en valor do noso patrimonio cultural, sobre todo aquel que se atopa máis ameazado e que polos seus valores monumentais ofrece unha maior relevancia e interese. Tamén nisto é necesario destaca-la especial importancia e as posibilidades que o turismo cultural pode ter na nosa comunidade. Polo tanto, xa temos deseñado un plan que vinculará este sector cos monumentos restaurados e en vías de rehabilitación, promocionando o seu alcance cultural e os respectivos contornos para dalos a coñecer en áreas xeográficas foráneas, especialmente naquelas que contan con demanda de turismo cultural rural e de ocio.

Para a presente lexislatura está previsto continua-las restauracións, seguindo un criterio de prioridade e poñendo en marcha un novo proxecto consistente en adecuar certos monumentos significativos, á marxe do actual Plan de catedrais, que, por suposto, seguirá en execución, e xa declarados como bens de interese cultural (BIC), que poderán servir para infraestruturas turísticas nun curto prazo de tempo.

Ata aquí, as grandes liñas de actuación previstas en materia cultural, telecomunicacións e turismo, tres conceptos concentrados nun mesmo obxectivo: que a cultura galega, verdadeira cerna e motor da nosa identidade como pobo, entre máis viva e fortalecida ca nunca no século XXI.

Unha Galicia vertebrada

Galicia experimentou unha profunda transformación nos últimos anos, proceso que continuará –Deus mediante– no próximo futuro e que expresa o cambio dunha sociedade na que o rural tiña un enorme peso, cunha industrialización de enclave, a unha sociedade máis equilibrada, aberta industrialmente ó mundo, e cun nivel cultural e educativo cuantitativa e cualitativamente superior. Bastan uns datos. En 1989 o 36 % da poboación estaba dedicada ó sector primario e estudiaban nunha única universidade 53.000 alumnos, en 16 facultades e escolas técnicas superiores.

O noso sector estratéxico industrial, a construción naval, sufrira unha profunda reconversión. Non existía unha estratexia industrial de futuro e o país estaba impregnado de pesimismo e cunha clara sensación de inferioridade.

As nosas infraestruturas eran claramente terceiromundistas. Unicamente podían mencionarse os tramos A Coruña-Santiago e Pontevedra-Vigo da autoestrada do Atlántico. A nosa rede autonómica, a pesar dos esforzos realizados desde o comezo da Autonomía, estaba desvertebrada e era claramente deficiente.

En telecomunicacións e tecnoloxías da información estabamos claramente á cola das comunidades autónomas.

Só no transcurso das dúas últimas lexislaturas, nas que o pobo galego lle encomendou ó Partido Popular o goberno de Galicia, penso que a situación cambiou fondamente. A poboación ocupada no sector primario pasou do 36,6 % ó 22 %, incrementándose a dedicada ó sector servicios nun 10,6 %, á construción nun 1,7 % e á industria nun 2,3 %.

Hoxe estudian nas nosas tres universidades 91.000 alumnos e fano en 45 facultades e escolas técnicas superiores.

As exportacións ascenderon a 736.000 millóns de pesetas en 1996, e a nosa converxencia con España, en canto a renda familiar dispoñible, pasou do 88,54 % ó 92,29 %.

Hoxe temos un sector industrial emerxente disposto a competir e que demostrou que é capaz de abrir mercados externos.

As nosas infraestruturas admiten xa unha equiparación co resto de España e con Europa. As dúas autovías de conexión coa Meseta, que se rematarán en 1998, agás os tramos de Pedrafita, a conclusión da autoestrada do Atlántico e a execución do Plan de estradas da Xunta expresan a realidade dunha Galicia vertebrada territorialmente e que experimentou un cambio fundamental.

O mesmo poderíamos dicir das telecomunicacións, da telefonía rural ou da utilización das tecnoloxías da información en tódolos sectores. Hoxe Galicia

é a comunidade autónoma que máis decididamente aposta pola sociedade da información.

É certo que imos avanzando, pero tamén que este avance non é a fin do camiño, senón o comezo dunha nova etapa. O noso reto máis importante é imbuírle á sociedade galega un novo espírito. Debemos apostar polo futuro, con enerxía, ilusión e confianza; reforza-los valores de tolerancia e respecto mutuo; defende-la identidade do noso pobo, o noso idioma, a nosa cultura; afondar nas raíces dun galeguismo auténtico, pero ó mesmo tempo afondar no noso universalismo.

A nosa aldea global particular ten 2.742.000 habitantes, pero somos parte dunha España, da que nos sentimos orgullosos, con 39 millóns de habitantes e dunha Europa unida con 350 millóns de persoas. Somos galegos, españois e europeos, sen exclusión nin contraposición, e sabemos que nesta tripla pertenza está o noso futuro. Historicamente existiu unha desvertebración da nosa terra. A Galicia rural pouco tiña que ver coa sociedade urbana, e a nosa clase media era unha das máis fracas de España.

Fixemos entre todos un enorme esforzo, sabendo que queda moito por facer. Cómpre un esforzo anovado e intenso para que se produza unha converxencia real dentro da nosa sociedade. Cómpre ir avanzando día a día, milímetro a milímetro, pero sen parar, para que a calidade dos servizos e do nivel de vida da nosa poboación rural sexa equiparable á dos que viven nas nosas cidades e vilas.

Fixose un gran esforzo en educación, en saúde e nos equipamentos culturais e sociais; temos que logralo en tódalas materias da vida.

Cómpre continuar coa liña de solidariedade efectiva, coa axuda ós marxina-dos, ós que padecen minusvalideces, ós que precisan, en definitiva, sentir unha solidariedade real á que teñen dereito.

Cómpre, especialmente, prestar unha atención especial á terceira idade. Aquí non cabe só o concepto de solidariedade, senón tamén o de utilidade para toda a sociedade. Galicia non pode prescindir dos nosos maiores. Teñen pleno dereito a se sentiren membros vivos da nosa sociedade, a ser socialmente útiles e a participaren en tódalas ordes da vida, tanto no cultural coma no social. Adquiriron o dereito a non traballar a cambio dunha retribución, pero tamén son titulares lexítimos do dereito a participaren na nosa vida social e a se sentiren nela plenamente integrados.

A demografía indícanos que a medio prazo a terceira idade vai ter un peso crecente. Isto implica grandes retos en materia de servizos específicos, que estamos dispostos a asumir sen vacilacións.

Así mesmo, quero facerlle un chamamento especial –certamente renovado por min e desde esta tribuna por primeira vez hai poucos anos– á sociedade galega. Estamos obrigados, se queremos pervivir como pobo, a inverte-la curva demográfica. A nosa taxa de natalidade é das máis baixas, mesmo con respecto a España e a Europa. É o meu compromiso facer desde o Goberno de Galicia todo o necesario para lles facilitar ás nosas familias o feito de teren fillos.

Garderías, axuda fiscal á familia –que será, se Deus quere, a primeira manifestación do uso das novas facultades do novo sistema fiscal– e vivenda, facilidades para a reincorporación ó posto de traballo despois da maternidade, e moitas outras, serán medidas postas en práctica, intensificando os esforzos anteriores, para que a decisión de teren fillos non represente para a familia un sacrificio material sen máis, senón unha decisión responsable.

É, en definitiva, o noso propósito prestarlle un apoio decidido á familia galega.

En Galicia as familias son, á vez, o eixe enraizador da infancia e da xuventude, o motor do desenvolvemento e do cambio social e o espacio máis propiciador da convivencia dos seres humanos. Por iso, cando se albisca un novo milenio, que ten que ser tamén unha nova alba de gloria para Galicia, o papel das familias galegas –de tódalas familias– debe integra-lo mellor do seu espírito solidario tradicional co mellor impulso innovador e de cambio de cada un dos seus membros nun esforzo de comprensión, cooperación e respecto mutuo que propicie a autoestima de cada un dos galegos, que aí ten que comezar.

Situa-las familias galegas, na nova Europa do euro, no lugar que lles corresponde, por historia, polo seu caudal humano e polos seus recursos, esixe de nós un esforzo adicional de apoio ás familias que evite o preocupante descenso de poboación que acabo de subliñar, pero nelas esixe un esforzo especial de carácter cultural e de comprensión.

Por iso, as medidas lexislativas e os recursos postos en marcha na anterior lexislatura, a través do I Plan integral de apoio á familia, incrementaranse cuantitativa e cualitativamente multiplicando os programas e recursos de apoio ás familias e á infancia, coordinando os esforzos feitos por tódalas administracións –estatal, autonómica e local– cos da sociedade civil e utilizando toda a capacidade do noso autogoberno para prever e incidir positivamente nos problemas das familias galegas.

Aspiramos a que Galicia poida converterse en paradigma do que é unha sociedade aberta; unha sociedade cun alto nivel educativo, culturalmente madura, tolerante, aberta a tódalas ideas, pero asemade orgullosa de si mesma, consciente do seu papel en España e en Europa e capaz de ser líder en moitas

áreas sen complexos de inferioridade; unha sociedade preparada para asumir os grandes retos de futuro.

A aplicación da LOXSE con decisión e facendo pola nosa parte os sacrificios necesarios –á parte de que seguirei esixindo as axudas necesarias–, o impulso decidido á formación profesional, a potenciación do estudo de idiomas estranxeiros e das ensinanzas artísticas e musicais, ou os programas de garantía social, constitúen fitos dun proxecto educativo integral.

Estamos decididos, unha vez desenvolvido no substancial o sistema universitario de Galicia, a consolidalo, sen prexuízo de manter aberto o mapa de titulacións para o que sexa esencial, e a continuar coa mellora dos campus universitarios, coa cooperación das administracións provinciais e locais. Con todo isto lograremos que a nosa xuventude poida asumir eses grandes retos.

Neste sentido, faremos todo o necesario para que as tecnoloxías da información se convertan nun instrumento ordinario capaz de ser utilizado en todas as ordes da vida. De maneira especial, introducíremolas no sistema educativo para que, desde o principio, se convertan nunha ferramenta habitual de traballo. Por iso, con carácter inmediato, abordaremos a informatización de todos os centros docentes de secundaria e progresivamente a dos restantes centros de ensino non universitario.

Aínda non nos decatamos da importancia que na nosa vida, tanto no económico coma no social, teñen os devanditos sistemas de información. Para ben ou para mal, é esa a sociedade do futuro e só os pobos que asuman ese reto global conscientemente serán capaces de progresar. Aproveito este momento para manifestar unha aposta sen matices pola nosa xuventude. Por definición, ela é o noso futuro. E é o noso deber preparala para que o protagonice con liberdade, con capacidade, con intelixencia, con espírito democrático e con responsabilidade.

Sabemos que debemos tamén responder ás demandas que nos presentan: acceder a un emprego estable, a unha vida propia e constituír un núcleo convivencial autónomo. Isto vai esixir unha política integral que abarque información, educación, inserción laboral, saúde, vivenda, cultura, ocio e participación, e, en definitiva, fomenta-lo seu espírito de iniciativa e creatividade en todos os ámbitos da súa vida, en particular nos de formación e emprego.

Un dos nosos obxectivos prioritarios será a defensa da igualdade efectiva da muller co home; a súa real igualdade de oportunidades e o seu dereito a recibir atención especial cando asume unha función superior, no seu papel de nai. Desde o Goberno mantemos que a participación da muller en pé de igualdade

en tódolos ámbitos sociais é aínda hoxe, por inconclusa, unha aspiración da propia democracia e da cohesión social de tódolos países europeos, e Galicia non é unha excepción, e traballaremos por iso.

Asemade, debemos lograr un nivel de calidade de vida razoable. Neste sentido, xa avanzamos moito, desde que Galicia asumiu o goberno da sanidade, na mellora deste servizo fundamental. Novos hospitais, centros de saúde, dotación dos hospitais, redución drástica das listas de espera, expresan unha realidade.

Continuaremos esforzándonos nesta liña para colocar a Galicia no máis alto nivel das comunidades autónomas, e, neste sentido, aplicaremos todo o noso esforzo en lograr, co novo sistema de financiamento sanitario, unha mellora efectiva para Galicia. Isto permitiranos abordar, en toda a súa integridade, unha política sanitaria global con tres eixes básicos: protección, seguridade e calidade. Protección para o cidadán fronte a todo tipo de agresións externas que ameacen a súa saúde, poñendo á súa disposición as técnicas diagnósticas e terapéuticas máis adecuadas. A Administración sanitaria ten que ser concibida como unha rede protectora que lles dea ós cidadáns seguridade para que en todo momento poidan dispoñer dos medios necesarios para facer fronte a calquera eventualidade que ameace a súa saúde.

Estamos dispostos a gañala batalla pola «calidade percibida», mellorando todos aqueles aspectos que lles aporten unha maior comodidade e satisfacción ós pacientes nas súas relacións coa organización sanitaria. Contamos para isto con magníficos profesionais; cunha das mellores organizacións informáticas do Estado, sobre a que nos apoiaremos para impulsa-la telemedicina; coa implantación, que estenderemos a todo o territorio, dos puntos de atención continuada (PAC) e co mellor servizo de urxencias, o 061, que está a demostrar cada día a súa eficacia.

Nesta reflexión global sobre cara a onde debe i-la sociedade galega e o papel do Goberno de Galicia para axudala e preparala para os grandes retos do novo milenio quero mencionar especialmente o medio ambiente.

Se obtengo a confianza desta Cámara, anuncio que crearemos unha Concellería de Medio Ambiente, como paso adiante nunha política ambiental decidida que xa comezou a desenvolverse durante as dúas últimas lexislaturas.

É preciso dar un novo paso, avanzar desde un modelo de coordinación a un modelo de unidade de dirección, ó mesmo tempo que se progresa na integración do medio ambiente nas políticas sectoriais. A sociedade, de maneira continuada, vai situando a protección do medio ambiente entre as súas

demandas prioritarias para conseguila desexada calidade de vida en niveis similares á sanidade, á educación e á cultura.

Se o século XIX foi o da revolución industrial e o século XX o da economía integral, o século XXI vai se-lo do medio ambiente. Os acordos internacionais e a preocupación mundial polo estado do medio ambiente son indicadores que ratifican as demandas sociais ó respecto.

A crecente escaseza dos recursos naturais que se utilizan nos procesos industriais, en moitos casos non renovables, e a perda da calidade nos elementos vitais –auga, aire, solo– fan imprescindibles accións de preservación, protección e conservación dos devanditos recursos. A defensa do medio ambiente non é só un deber ético cara ás novas xeracións, senón tamén un valor económico en si mesmo. Sempre proclamei e puxen en práctica que a defensa do medio ambiente é compatible co desenvolvemento económico.

En Galicia a optimización do uso dos recursos naturais é un factor clave para o desenvolvemento sostible que pretendemos xestionar desde o Goberno. A aplicación de tecnoloxías respectuosas co medio permitirá compatibiliza-lo necesario desenvolvemento económico e industrial de Galicia coa conservación do contorno vital, lográndose desta forma unha calidade de vida que integre as posibilidades de desfrute do noso ambiente coa promoción do emprego.

En consecuencia, fomentarémo-la potenciación de actividades industriais que no seu proceso empreguen tecnoloxías limpas e as que se dediquen á produción destas tecnoloxías, que non só xerarán emprego senón que ademais apoiarán a nosa política de desenvolvemento sostible.

O noso Plan de enerxía eólica é un exemplo simbólico da conxunción dunha enerxía limpa coa creación de empresas constructoras dos aeroxeradores. Nesa liña manterémo-las nosas directrices de política ambiental.

Por outra parte, a nosa natureza ofrece unhas enormes posibilidades para o cumprimento dos obxectivos sinalados. Os montes galegos teñen unha das maiores rendibilidades dun produto, a madeira, escaso na Unión Europea. A ordenación dos montes produtores, unida á conservación dos bosques autóctonos, constituirá unha das metas da política forestal.

A elaboración e a posta en práctica dunha estratexia de uso e conservación da biodiversidade será outra das metas que nos permitirá legarlle ás xeracións futuras unha natureza da que poderán desfrutar e sentirse orgullosos.

E sempre na liña de compatibilizar protección cos aspectos económicos, a creación dunha rede de espazos naturais, unido á implantación da Rede Natura, en Europa, non só suporá protexe-los ecosistemas máis representativos,

senón potencia-lo turismo ecocultural, como un activo da máxima importancia da nosa economía.

Estamos seguros de que con estes obxectivos lles daremos resposta ás demandas de calidade de vida do pobo galego e de que se creará unha cultura medioambiental imprescindible para conseguir que a participación cidadá, na implantación do programa de goberno, sexa responsable e positiva. Espero que sexa a de todos, que non foi así ata o de agora na creación dalgúns sistemas de protección, como é ben sabido.

O reforzamento do autogoberno

Considero necesario facer, en primeiro lugar, unha reflexión sobre o papel de Galicia no marco constitucional, é dicir, sobre o que representa o Estado autonómico, e sobre qué natureza teñen as comunidades autónomas dentro deste marco.

Creo que na Constitución vixente, na que me tocou unha especial responsabilidade como ponente, se sentaron, por primeira vez desde 1810, as bases para un acordo no fundamental, con solidez e flexibilidade, ó mesmo tempo que nos permitiu, ó longo dos últimos vinte anos, acadar cotas de liberdade, de democracia, de autonomía e de desenvolvemento verdadeiramente serias e de alcance. Isto foi particularmente certo, polo que atinxe a todas e cada unha das comunidades autónomas, en canto a niveis de autoidentificación, de respecto mutuo, de autogoberno e de participación seria de todas na vida pública interior e europea.

Defendo con tódalas miñas forzas o artigo 2 da Constitución, que se fundamenta na «**indisoluble unidade da nación española, patria común e indivisible de tódolos españois**», e por iso, fronte a algunhas voces, son absolutamente contrario á tese dun Estado plurinacional, en parte confederal e en parte federal.

Creo, en cambio, profundamente, sinceramente, no Estado das autonomías, en ser asemade galego, español e europeo. Dígoos con voz alta porque defendín a autonomía de Galicia, dentro de España, con tódalas miñas forzas. Foi o noso grupo o que saíu da Comisión do Estatuto, foi o noso grupo o que votou en contra da Lohapa, e eu formulei, desde que teño a honra de estar á fronte do Goberno de Galicia, un conxunto harmónico de proposición: o asentamento definitivo do Estado das autonomías, a Administración única, a reforma do Senado, a Conferencia de Presidentes e a participación das rexións en Europa; e exercín en todo iso, con plena convicción, un galeguismo profundo.

Por isto é bo saber ónde estamos e o que pretendemos. Estaremos sempre en contra de retrocesos, como cando votamos en contra da Lohapa, pero

tamén sabemos que podemos seguir avanzando de forma prudente pola senda da autonomía, sempre que saibamos que debe pasar pola senda da unidade nacional europea, sen fisuras.

Pero debemos de estar satisfeitos do longo camiño percorrido no reforzamento do autogoberno galego.

Enchemos de competencias efectivas o noso Estatuto, competencias destacadas e subliñadas polo feito de que multiplicamos, a base diso, tres veces o noso orzamento. Desenvolvemos institucións clave que levaban dez anos sobre o papel: Consello de Contas e Valedor do Pobo. Creamos outras novas, como o Consello Consultivo. Todas para controlar ou modera-lo poder executivo.

Recibimos nestas dúas últimas lexislaturas competencias clave como as de sanidade, Instituto Social da Mariña ou as de emprego, e puxémonos á cabeza de tódalas comunidades autónomas en nivel de competencias recibidas.

Quero mencionar especialmente as transferencias relativas a un tema clave, como é a Administración de xustiza, que lle permitiron ó Goberno galego prestar un apoio substancial ó poder xudicial, co obxectivo de cooperar no ámbito das súas competencias e responsabilidades e co de acadar unha xustiza rápida e eficaz. E teño que dicir que esa xustiza independente ten que ser igual para todos.

O Plan de infraestructuras xudiciais, a rede de informática integral, a dotación dos medios persoais para o funcionamento dos órganos xudiciais, a relación fluída e constante co Consello Xeral do Poder Xudicial, formulando as propostas precisas para a creación de novos órganos xudiciais, a próxima sinatura do convenio para crea-la oficina de asistencia ás vítimas de delitos violentos ou en contra da liberdade sexual, son exemplos concretos dunha colaboración leal e un apoio sen reservas ó poder xudicial, por primeira vez existente como tal desde a Constitución, que eu contribuí a redactar.

Estamos razoablemente satisfeitos: logramos ser Administración única en materia de agricultura ou de emprego e de desenvolver instrumentos potentes no sector industrial e de participar nos consellos de administración das empresas públicas estatais en Galicia.

O noso próximo obxectivo é lograr, efectivamente, a xestión dos portos de interese xeral e arredonda-lo noso marco competencial para facer totalmente efectivos os principios da Administración única, enunciados por primeira vez neste Parlamento e hoxe en día basicamente aceptados pola Administración do Estado e en parte substancial convertidos en lei.

Dentro do marco de Galicia logramos poñer en pé unha Administración pública eficaz, profesional e imparcial. Este modelo está sendo seguido por moitas outras comunidades autónomas –levamos xa varios convenios asinados respecto disto–, e ten como obxectivos afondar na súa organización para aproximala o máis posible en eficacia e eficiencia ás organizacións empresariais privadas; acentua-la súa atención e servizo ó cidadán, eliminando burocracias inútiles e facilitándolle as súas relacións coa Administración; e consolida-la introdución das tecnoloxías da información como instrumentos ordinarios de xestión. Penso que na súa transparencia e na posibilidade de información sobre ela hai poucas en Europa enteira que se lle poidan comparar.

Cómpre avanzar máis, e o noso reto fundamental será na próxima lexislatura ordenar e vertebra-lo poder en Galicia en canto ó que queda por facer.

No que atinxe á ordenación procederemos ó desenvolvemento regulamentario da transcendental Lei de administracións locais de Galicia, aprobada polo Parlamento a fins da última lexislatura, e a presentar diante desta Cámara o Proxecto de lei de financiamento das facendas locais, que deberá reforza-lo principio de autonomía financeira que a Constitución prevé para estas entidades.

O poder público ten que se exercer por e para o pobo, e isto esíxenos, a prol do principio de subsidiariedade, que a administración máis próxima ó cidadán debe asumir aqueles servizos que poida racionalmente prestar dada a súa estrutura e organización. Por isto declarámo-la nosa vontade de facer efectivo o pacto local nesta lexislatura, que levará consigo transferencia de competencias e de recursos cara ás corporacións locais para facer efectivo e real un autogoberno de Galicia ó servizo dos cidadáns, sen monopolios nin exclusivismos nin novos centralismos.

En materia de interior centrarémolos nosos esforzos no deseño e na posta en práctica dunha política global de seguridade pública, cun modelo propio de policía autonómica para Galicia, baseado no principio de colaboración e na potenciación da protección civil, que vai pasar á Consellería de Xustiza e Interior.

O financiamento é clave

Non descubro nada novo se, falando do financiamento da Comunidade Autónoma, manifesto, con certa solemnidade, como corresponde, que esta é unha das cuestións básicas do autogoberno. A autonomía financeira resulta ser algo inseparable da autonomía política, de xeito que aquela se converte en *conditio sine qua non* do modelo de organización do Estado que nos demos.

Sendo isto así e a pesar do tempo transcorrido desde a posta en marcha do Estado das autonomías, o modelo de financiamento incorporaba niveis moi limitados de autonomía. En efecto, esta referíase exclusivamente ós tributos cedidos –poucos– sobre os que só se dispoñía de competencias de xestión, mentres que as que verdadeiramente identifican o poder tributario terían vedadas as capacidades normativas.

Pero é que ademais dos aspectos cualitativos ós que me acabo de referir, desde o punto de vista cuantitativo a autonomía que lle proporcionaba a Galicia a xestión dos tributos cedidos non superaba o 6,4 % dos ingresos non financeiros consolidados, ou, se queremos ser máis técnicos, non superaba o 14,5 % dos ingresos incondicionais consolidados. Estabamos, pois, ante un modelo con niveis de autonomía escasos, tanto en termos cualitativos como cuantitativos, o que nos colocaba basicamente ante un sistema centralista e, polo tanto, dependente de decisións que se adoptaban en ámbitos afastados e con motivacións frecuentemente diferentes, cando non contrapostas, ós intereses da nosa comunidade ou doutras.

Resultaba necesario e urxente reforma-lo modelo establecendo outro no que a autonomía se vise fortemente potenciada, de xeito que este Parlamento tivese competencias para decidir sobre a contía e a composición dos ingresos públicos como a expresión máis cabal do poder tributario que debe acompañar sempre a autonomía política.

Penso que resulta necesaria unha breve referencia ó acordo sobre o 15 % do IRPF, que en 1993 a Xunta non apoiou.

¿Por que apoiar agora –din algúns– o que antes se rexeitaba? Sinxelamente porque a proposta non supoñía ningún incremento da corresponsabilidade ó non atribuír capacidades normativas nin de xestión. Presentábase como corresponsabilidade o que era unha simple participación territorializada nos ingresos do Estado referidos a un só tributo e, hai que dicilo, suxeito ós pactos políticos do momento. Buscaba atribuír máis recursos a determinadas comunidades autónomas baixo o reclamo da corresponsabilidade, e tiña mal resoltos os riscos de desequilibrio financeiro que formulaba, como se dun sistema descentralizado se tratase. Pareceunos que propostas como estas non podían ser apoiadas, e penso que aquela postura contribuíu realmente a que o actual modelo non incorra nas mesmas formulacións.

Pois ben, era preciso abordar un cambio profundo no modelo para dotalo de verdadeira autonomía, e era preciso facelo de tal xeito que, por unha banda, a Facenda autonómica dispuxese dun conxunto de figuras tributarias

suficientemente amplo sobre as que actuar para ter posibilidades de decidir entre diferentes patróns distributivos das cargas públicas e, por outra, que esta decisión non afectase inaxeitadamente á Facenda central para o desempeño das súas competencias e responsabilidades de ámbito xeral, favorables, se se fan ben, á solidariedade da que tanta necesidade temos. Queremos ser tan reivindicativos da nosa autonomía como respectuosos coa que corresponde ós outros niveis da facenda, procurando que o sistema resultante sexa algo coherente no que as competencias de cada nivel de goberno se respecten, ó tempo que se garante a harmonía do conxunto.

En definitiva, estamos a falar dun esquema propio de países de tendencia federal, e a solución adoptada participa tanto da técnica de distribuír determinados tributos entre cada nivel de facenda como, para acadar altos niveis de corresponsabilidade, da de compartir aqueles tributos que desde esta óptica resulten axeitados. Desde este punto de vista, descartado o imposto de sociedades por ser susceptible de traslación da carga impositiva fóra do ámbito territorial da comunidade –cosa que nos afecta especialmente–, e descartado tamén o IVE por non dispor da fase minorista, única susceptible de cesión, só queda o IRPF como o tributo no que basear un forte incremento da autonomía.

Resulta chocante advertir cómo hai quen reclama autonomía pero que cando se enfronta á súa concreción pon de manifesto que a reivindicación era máis ben algo táctico que profundamente sentido, porque rexeitan os únicos instrumentos válidos para o seu establecemento, pretendendo substituílos novamente por participacións territorializadas. Xa advertimos que esta proposta pode ter certo interese desde a suficiencia, pero de ningún xeito se pode confundir suficiencia e autonomía, son dous principios igualmente fundamentais.

Quixera facer aínda algunha consideración máis antes de me referir á suficiencia e á solidariedade, que, como todo o mundo sabe, son tamén principios básicos que hai que considerar.

En primeiro lugar, resulta obvio que nós reivindicámo-lo máis alto nivel de autonomía financeira, pero facémolo desde o respecto ás competencias da Facenda central como corresponde á distribución do poder tributario nun Estado de tendencia federal. Rexeitamos, polo tanto –e quero ser moi claro–, o sistema de concerto ou de *cupo*, que, como é ben sabido, a Constitución reserva exclusivamente ó País Vasco e Navarra, por vellas tradicións, como excepción que respectamos esperando que nunca constitúa un privilexio, pero que, en ningún caso, se pode xeneralizar. Entendemos que este non sería un modelo financeiro axeitado para construír un Estado que teña como resultado

unha Galicia forte nunha España tamén forte e nunha Europa xusta. Pero é que, ademais, o *cupo* é un modelo que só serve para os territorios xa ricos, xa que é difícil adecua-la súa metodoloxía a aqueles territorios nos que, como no caso de Galicia, habería que xogar cun *cupo negativo*, algo que parece ser unha contradicción nos seus propios termos.

Unha última referencia a esta cuestión resulta aínda necesaria. Galicia está, e con razón, a demandar solidariedade do resto de España para que cada vez máis se peche a brecha que aínda nos separa –cada vez menos– en determinados servicios públicos fundamentais. De acordo coa Constitución, é esta unha tarefa que lle corresponde asumir ó Estado, a través do Goberno central, por afectar ou referirse a todo o territorio de España. Pois ben, ningún sistema ou modelo que debilite a capacidade da Facenda central para afrontar esta obriga pode ser apoiado nin moito menos ser postulado desde a nosa Galicia.

Non quixera, por outra parte, pasar sen facer unha referencia a aquelas posturas que, recorrentemente, con ocasión e sen ela, nos acusaron –e quero recordar certos lamentables anuncios na prensa– de traizoa-los intereses de Galicia por outros menos confesables cando retirámo-lo recurso, primeiro, e cando apoiámo-lo actual modelo, despois.

Certamente, asumido un novo modelo que supoñía, como así foi finalmente, un cambio substancial sobre o recorrido, non tiña ningunha utilidade para Galicia mante-la reclamación cara a adiante e podía supoñer, como supuxo, algunha vantaxe presupostaria a curto prazo a súa retirada, como así sucedeu. Estas, e non outras, foron as razóns polas que se decidiu non mante-lo recurso no seu día presentado; por certo, en solitario cando moitos outros falaban do mesmo asunto pero non o fixeron.

Respecto ó actual modelo, xa quedou claro que o noso apoio se fai desde a vontade inequívoca de afondar na autonomía e na corresponsabilidade no sentido ó que antes me referín. Tamén aquí se nos ten acusado dunha inadecuada defensa de Galicia, afirmándose con «pretenciosa rotundidade» por máis dun que estabamos a prexudica-los nosos intereses fronte ós doutras comunidades autónomas. Unha vez máis os que así falaban –pode que algúns falen aínda– estaban a confundir autonomía e suficiencia, algo que, para quen se pretende experto ou que como tal quere falar, resulta absolutamente inadmisíble.

Pero como por desgracia nos sucede moitas veces, teñen que ser outros, e neste caso os pretendidos agraciados, os que recoñezan que o sistema está, como dixemos, resultando ser máis beneficioso para unha serie de comunidades autónomas, entre as que se atopa Galicia en primeiro lugar, que para

aquelas que todo o mundo sinalaba como «naturalmente beneficiadas». Ó final, ninguén pode discutir que Galicia deu un salto importante na autonomía financeira que estamos dispostos a utilizar. En efecto, anuncio que o Goberno lle remitirá a este Parlamento, para o seu debate e, se procede, aprobación, unha lei de acompañamento á Lei de presupostos para 1998 que fará uso da capacidade normativa, tanto nos tributos cedidos como no IRPF.

Hai aínda unha cuestión á que debo referirme e que de pasada xa mencioniei: a suficiencia financeira e a solidariedade como principios básicos do modelo de financiamento.

Quixera dicir antes de nada que suficiencia e solidariedade persoal, isto é, a que pretende garantirlles ós cidadáns niveis similares de servizos públicos, identifícanse, son, no fondo, a mesma cousa. En efecto, suficiencia entendida como conxunto de recursos necesarios para financiarlos diferentes servizos públicos a un nivel similar en todo o territorio do Estado identifícase necesariamente coa dimensión persoal da solidariedade á que me acabo de referir.

Pois ben, este é un tema aínda non resolto. O actual modelo prolongou o nivel de suficiencia de finais do período anterior sen que ata o de agora se abordase axeitadamente esta cuestión. Entendemos que, con independencia do artigo 15 da LOFCA, que ten unha función transitoria, pero que resultou ser unha importante lei, con máis posibilidades do que nos dixeron no seu momento, cómpre que dunha vez por todas se fagan os estudos axeitados para determina-lo custo de prestar cada servizo en cada territorio para que sexa esta reflexión a que oriente a distribución dos recursos entre as diferentes comunidades autónomas, rematando dunha vez coa polémica do financiamento per cápita ou custo por usuario, en favor deste último. Co cal, por certo, sinalo que perden o tempo os que din que nós dicimos amén a todo; o que, por certo, é totalmente falso.

Quero facer unha referencia ós impostos especiais precisamente neste momento porque é algo que ten que ver máis coa suficiencia que coa autonomía financeira.

Antes de nada cómpre dicir que se no acordo de financiamento aprobado en setembro do ano pasado se creou un grupo de traballo que permite estudiala posibilidade de ceder todos ou parte dos impostos especiais foi gracias á posición e á petición da Xunta, que unha vez máis tivo un protagonismo relevante en moitos aspectos básicos do citado acordo.

Dito isto, resulta necesario recoñecer que é moi escasa, por non dicir nula, a capacidade normativa que sobre estes tributos podería corresponderlles ás



Na quinta lexislatura, o PPdeG sumou 42 deputados que proporcionaron a súa terceira maioría absoluta consecutiva a Manuel Fraga.



comunidades autónomas, por razóns de todos coñecidas. Resulta igualmente moi limitada a capacidade de xestión, sobre todo para aqueles tributos que deben recadarse en orixe.

Sendo isto así, é preciso recoñecer que non hai a penas autonomía tributaria asociada á cesión destes tributos, e que só cabe afronta-lo problema desde a suficiencia. Dito noutras palabras, na medida en que a recadación esperada dos impostos especiais fose superior á que facilitase a PIE, resultaría interesante a transferencia.

En calquera caso, poden existir tamén outros efectos asociados ó proceso que poderían aconsellar, en caso de que a comparación anterior non fose definitiva, un proceso de transferencias dos impostos especiais, ó que de ningunha maneira renunciarnos, como xa demos mostras, pero que tampouco asumiríamos en calquera caso ou circunstancia, Galicia primeiro.

As infraestructuras do desenvolvemento

A sociedade moderna está fundamentada sobre o intercambio de bens e servizos, cousa que algúns esquecen, e seguen pensando que rematando Galicia en Pedrafita mellorariámos.

As infraestructuras non só cumpren unha función de vertebración interior, senón que constitúen un elemento clave para o desenvolvemento económico. Non constitúen por si mesmas desenvolvemento económico, aínda que un estudio recente demostra –estudio exemplar e os seus autores non poden merecer ningunha dúbida de parcialidade– o que foi xa, por exemplo, a autoestrada do Atlántico para o desenvolvemento de Galicia, pero son un factor sen o que é imposible este desenvolvemento. Por iso dedicámo-los maiores esforzos nas lexislaturas anteriores a vertebrar por esta vía o noso territorio.

Non está aínda finado, obviamente, este labor. Estamos xa tocando e apreciando os resultados conseguidos tanto polo Plan de estradas coma pola posta en funcionamento, cada vez máis acelerada, das nosas autovías de conexión coa Meseta e coa terminación da autoestrada do Atlántico. É obvio que non está todo conseguido. Por iso centraremos toda a nosa enerxía nesta próxima lexislatura na modernización do ferrocarril, non só no interior de Galicia, senón tamén na súa conexión, imos dicir con Madrid, para entende-lo exterior. Será o noso grande obxectivo, unido ó da modernización dos portos de interese xeral de Galicia, para convertelos en vías efectivas do noso comercio exterior. E, por certo, dixemos na campaña que esta sería a lexislatura das infraestructuras ferroviarias, e xa comezou co acordo sobre os ferrocarrís de

Porto e Vigo –algúns pretenden dicir que iso non o fixo o Goberno galego, diso falaremos cando queiran–. A isto unirémo-la Transcantábrica, que completará polo norte a nosa conexión con Europa.

Na nosa rede interior poñeremos en pé un segundo Plan de estradas, moi importante, para actualizar e completa-lo primeiro plan, logrando un conxunto articulado e harmónico de comunicación. Estamos xa ás portas da inauguración da rede de gas natural, que vai representar un elemento clave para mellora-la competitividade das nosas empresas e para as necesidades enerxéticas dos consumidores domésticos. E non foi fácil chegar aí, pero agora xa podemos dicir que ademais do gas que vén do Magreb e ademais de que isto leva consigo a comunicación coa outra fonte dos gasoductos que veñen por Asturias, está xa en práctica a realización da famosa estación de regasificación do Ferrol, da que tanto se falou, pola que sempre loitamos e que por fin imos conseguir.

A enerxía é un factor clave de desenvolvemento e neste sentido anúnciolle a esta Cámara que, con carácter inmediato, se vai presenta-lo Proxecto de lei de creación do Instituto Enerxético de Galicia, como organismo autónomo que impulsará a utilización racional de tódalas fontes de enerxía. Este instituto, no actual marco de liberalización do sector enerxético, integrará as actuacións de Galicia –se se quere, da Xunta de Galicia– nesta área, aglutinará a participación dos sectores público e privado no Plan enerxético de Galicia, poñerá en práctica as políticas enerxéticas da nosa Comunidade e reforzará a política de aforro enerxético e de impulso ás enerxías renovables.

Xa sei que algún pode pensar que me repito, pero é que eu miro sempre ó máis lonxe.

Dedicarémolles igual atención ás telecomunicacións, non só para consolidar unha rede interna integral, senón, e sobre todo, como instrumento ó servizo da sociedade galega. Constitúe un instrumento imprescindible para facer efectiva unha sociedade moderna e competitiva, e a iso dedicaremos tódolos nosos esforzos.

A vertebración de Galicia esixe igualmente ordenar de forma racional os usos do territorio. Aprobada na lexislatura anterior a Lei de ordenación do territorio, dedicarémola máxima atención a desenvolve-los instrumentos de ordenación previstos na lei, entre eles o desenvolvemento comarcal na súa vertente de articulación e vertebración do territorio comarcal, sen prexuízo de darlles igualmente a máxima prioridade ás accións de desenvolvemento previstas nos ditos plans. O Parlamento de Galicia terá pronto proxectos, sobre

todo tendo en conta certos cambios lexislativos, certas decisións do ámbito constitucional, sobre estas materias.

A transformación da agricultura e gandería

O noso campo sufriu nos últimos anos –non é necesario dicilo– unha profunda transformación. Nos últimos oito anos abandonaron o sector primario 184.000 persoas. Este proceso –sei que as miñas palabras poden entenderse mal, pero corresponde á realidade de tódolos países desenvolvidos– debe continuar ata sitúa-la poboación ocupada neste sector nun 16/17 % da poboación activa, o que implicará nos próximos anos unha redución adicional que haberá que compensar coa creación de emprego nos sectores industrial e de servizos. Quero dicir que isto se refire á agricultura, porque en pesca xa se está recuperando a poboación activa.

Sabemos que a porcentaxe que nós consideramos correcta é a de máis do dobre da media de España, e case catro veces superior á da Unión Europea, pero cremos firmemente na vocación agraria, gandeira e forestal de Galicia, e non nunha escravitude dos que están nese sector.

Sabemos que Galicia irá ben se o noso campo vai ben. Eu del veño. Quere-mos e ímolo conseguir, porque estamos camiñando con claridade de ideas e con firmeza nesa dirección, –moitas gracias polo seu entusiasmo polo campo–, cara a un sector agrario moderno e competitivo, capaz de loitar no mercado europeo cos nosos competidores franceses, holandeses ou alemáns. Non ter iso en conta é perde-lo tempo.

Cómpre potencia-los nosos produtos galegos de calidade; reforza-las accións de comercialización e de mercadotecnia para lles abrir camiño en España e en Europa; incrementa-la nosa cota láctea, co obxectivo irrenunciable de lograr para a nosa comunidade dous millóns de toneladas, pero sabendo de antemán que non podemos xerar unha nova forma de monocultivo; potenciar ó máximo a nosa produción cárnica e a nosa agroindustria e reordenar e potencia-lo noso sector forestal.

A investigación agraria; a capacitación dos nosos agricultores; a introdución masiva de tecnoloxías da información para incrementa-la produtividade das explotacións; as actividades complementarias: turismo rural e artesanía; unha adecuada e intelixente política medioambiental; intensificar aínda máis a concentración parcelaria e a mellora do hábitat rural; e, en definitiva, poñe-lo agricultor en primeiro plano como auténtico protagonista do seu desenvolvemento, constitúen o contorno preciso para operar e facer efectiva esa

transformación que asegure a competitividade do noso sector primario, e non utopías que supoñan que aspiramos volver ó século XVIII.

A irrenunciable vocación pesqueira

Galicia é a primeira rexión pesqueira europea, e hoxe, despois dunha profunda reestructuración, podemos mira-lo futuro con razoable optimismo. Apostamos, sen vacilacións, pola renovación e modernización da flota, apoiándonos nas axudas do Infoga e en xeral da Unión Europea. O noso obxectivo é unha flota moderna, rendible, competitiva e do mundo actual.

Entre 1990 e 1997 aprobáronse máis de 1.700 expedientes que lle deron un gran pulo á renovación e modernización das flotas de fresco no Gran Sol, á do litoral, á boniteira e á artesanal polivalente. Ata o ano 2006, Galicia seguirá sendo rexión obxectivo preferente –no ámbito da pesca–, o que permitirá completar este proceso, asegurando ademais estabilidade na demanda de traballo dos estaleiros.

O fomento das industrias de transformación da pesca foi nestes anos, e seguirá sendo no futuro, un obxectivo noso prioritario. Melloráronse substancialmente os establecementos dedicados á transformación e comercialización dos produtos do mar, e produciuse unha importante e inevitable concentración e modernización da industria conserveira. Existe un gran dinamismo neste sector, no que se investiron máis de 30.000 millóns de pesetas nos últimos sete anos. É o noso propósito continuar decididamente nesta liña de axudas.

Polo que respecta ó marisqueo a pé, podemos falar xa seriamente dunha actividade profesional. Cómpre seguir traballando con técnicas modernas, apoiándonos no Plan Galicia, incluído por primeira vez no Plan sectorial de pesca. Máis de 10.000 persoas se dedican a esta actividade e xa temos exemplos como o de Vilaxoán, nos que se conseguen niveis de renda mensual que case duplican o salario mínimo interprofesional; exemplos que están sendo seguidos por Vilanova, O Vicedo ou Moaña.

A importancia da acuicultura en Galicia non precisa destacarse: 3.625 baiteas, das que 3.331 están dedicadas ó mexillón, 1.134 parques de cultivo de moluscos e 21 granxas mariñas son datos suficientemente relevantes, sobre todo tendo en conta que o valor da produción se sitúa sobre os 20.000 millóns de pesetas e que dá emprego a 13.000 galegos e galegas.

Hoxe o sector mexilloeiro superou unha profunda crise, e a diminución das mareas vermellas e a mellora da súa estrutura organizativa fan que se poida mirar con optimismo o futuro; optimismo reforzado polo apoio que lle

prestaremos ó Plan integral de reestructuración do sector mexilloeiro, acollido á iniciativa comunitaria de pesca. ¡Oxalá aquí, como en tódolos eidos, os galegos saiban o que vale a unidade e a actuación conxunta!

A nosa política é clara: modernización do sector; impulso especial á comercialización e promoción dos produtos galegos de pesca, marisqueo e acuicultura, cunha progresiva extensión dos produtos de calidade; continuar cos investimentos en equipamentos portuarios e coa potenciación –absolutamente necesaria e, desde logo, faremos diso cuestión, custe o que custe– da Inspección Pesqueira; e prestar, como xa o vimos facendo, pero reforzando aínda máis os esforzos, atención especial ó Servicio de Salvamento Marítimo –amplamente mellorado– e ó seguro de accidentes do mar, que non teño que explicar, pois xa se fixo nestes anos.

Plan para o crecemento e o emprego

Galicia, estes últimos anos, experimentou un comportamento basicamente positivo tanto en termos de crecemento coma, cos necesarios matices, en termos de emprego.

En efecto, a serie do VEB 1990/1996 pon de manifesto que o noso crecemento económico xeral foi, en termos globais, superior ó da media de España; circunstancia que resulta aínda máis perceptible se a comparación se fai soamente entre os sectores non agrarios.

Segundo os datos do IGE, e considerando a taxa media anual, o valor engadido bruto total de Galicia creceu un 1,53 % entre 1991 e 1996, e un 2,46 % entre 1994 e 1996. Foron anos de crise. A incidencia da crise no período completo é evidente. Á súa vez o valor engadido bruto non agrario de Galicia creceu un 1,82 % en taxa media anual entre 1991 e 1996, e un 2,53 % entre 1994 e 1996.

En canto a emprego, Galicia sufriu as consecuencias da crise dos anos 1991-1993, sobre todo nos sectores máis dinámicos da súa economía, pero –xusto é dicilo– soportouno mellor cá media de España, e, sobre todo, a recuperación dos sectores industrial, construción e servicios foi máis intensa.

A xeración de emprego non agrario ten ritmos superiores á media do Estado nos tres últimos anos, destacando o segundo trimestre de 1997, que, comparado co mesmo período de 1996, supuxo a creación de máis de 32.000 novos empregos. Esta circunstancia non impide –e somos xente seria– recoñece-la moi forte reconversión que se produciu no sector primario, inevitable como consecuencia da modernización iniciada. Non parece necesario recordar que

en 1998 máis do 39% do emprego se centraba neste sector e que o 31 de decembro de 1996 a porcentaxe se situaba no 26% para pasar a se-lo 22% o 31 de xullo de 1997.

A incidencia negativa da ocupación agraria é evidente, e sirva como exemplo o feito de que, se se compara o segundo trimestre de 1996 co correspondente ó ano 1997, se comproba que no dito período a ocupación total de Galicia descendeu nun 0,9% –menos do 1%–, mentres que a non agraria creceu nun 5%. A caída da ocupación agraria nun 17% explica esta diferenza.

En resumo, Galicia está a crear máis emprego non agrario cá media española. E a drástica redución do número de ocupados no sector agrario é desgraciadamente necesaria para a súa modernización e para a obtención dun tecido productivo máis equilibrado.

A pesar desta reconversión, sen precedentes en ningunha parte de España, Galicia mantén unha taxa de paro en torno ós tres puntos máis baixa cá media estatal, cunha poboación activa máis alta. Pois ben, a pesar do bo comportamento global, ó que nos acabamos de referir, aínda non acadámo-los niveis medios en canto á riqueza, e o noso paro segue a ser un problema de primeira orde.

Por todo isto, parece que ante unha nova lexislatura o crecemento e o emprego deben constituí-lo obxectivo básico da acción de goberno. E teño que dicir que, meses antes das actuais polémicas no ámbito nacional e europeo, o Goberno galego xa presentara unha iniciativa, que naquel momento en determinados ambientes sociais preferiron deixar para despois das eleccións. Estas xa remataron –e perdóenme, señorías, pero creo que remataron ben–. Por todo isto, parece que, ante unha nova lexislatura, o crecemento e o emprego deben constituí-lo obxectivo básico da acción de goberno. E así será se Deus nos axuda.

Este obxectivo básico non é exclusivo de Galicia, senón que é común a tódolos países da Unión Europea, que, por primeira vez, en Luxemburgo se inclinaron por dar un impulso de arranque a unha verdadeira Europa social. Os acordos do I Cume europeo polo emprego representan a liña de saída dun ambicioso proxecto no que os quince se comprometen:

- A analizar e avaliar periodicamente os obxectivos e realizacións de cada goberno en materia de emprego.
- A mellora-la formación dos parados para facilita- la súa inserción laboral, sobre todo dos mozos e dos desempregados de longa duración, ofrecéndolles algunha alternativa individual de formación, prácticas ou traballo no prazo de seis meses ou un ano. E permítanme dicir que

desde a transferencia da formación ocupacional, e agora a inmediata do Inem, algo fixemos por facer disto unha especial prioridade para Galicia.

- A poñer en marcha novos instrumentos de apoio ás PEME no seu importante papel de xeradoras de emprego, o que, ademais, sempre foi unha prioridade do noso Goberno.
- A estudar unha redución da presión fiscal sobre o traballo. Sobre o que creo que é, sinceramente, un dos temas clave no que todos temos que estar de acordo.

É certo que as conclusións voluntaristas hai que traducilas en feitos, e é certo tamén que hai outros aspectos importantes pendentes dun debate en profundidade:

- A necesidade de avanzar no reequilibrio dos investimentos en políticas pasivas e activas, evitando os posibles prexuízos dunha protección social só a base de diñeiro público, fóra da realidade económica.
- A esixencia de recortar sensiblemente a carga fiscal que pesa sobre as empresas e sobre os contratos dos traballadores menos cualificados, no que imos da-la batalla aquí e en Madrid.
- A necesidade de fomenta-lo emprego a tempo parcial, como medida eficaz de reparto do traballo.

Son todos eles aspectos importantes para sucesivos debates.

Pero hoxe hai que felicitarse pola introducción do concepto de «vixilancia multilateral», que foi útil para chegar á integración económica e ó euro, e que funcionará tamén contra o paro. A algúns que dixeron que non nos iamos comprometer dígolles que si nos imos comprometer, moito antes ca eles cando falaban de reduci-lo paro; e, por suposto, os resultados están á vista.

Non abonda, con ser moito, con proclama-la importancia do obxectivo da creación de emprego e da decisión de convertelo en eixe estratéxico da acción de goberno, senón que para que iso sexa unha realidade cómpre adoptar aquelas decisións que posibiliten pasar das declaracións de principios ós programas de goberno.

Con esta finalidade, o Goberno de Galicia desexa afrontar este novo mandato cunha estratexia para o crecemento e o emprego ambiciosa e ó mesmo tempo realista –outros foron ambiciosos pero non realistas–, baseada no forte potencial da economía, das empresas e do marabilloso capital humano rexional.

A dita estratexia concretarase nun plan que ten que ser deseñado para que poidan alcanzarse resultados a curto e medio prazo na dobre fronte da produción e do emprego –da produción e do emprego, destaco–, e debe

concibirse de forma que faga posible a participación activa, aínda que axeitadamente coordinada, dos diversos axentes socioeconómicos de Galicia comprometidos co desenvolvemento da nosa economía e sociedade e, en particular, coa creación de emprego estable e de calidade.

Neste sentido, dirixinme nestes días ós axentes económicos e sociais de Galicia para solicita-la súa cooperación activa. Todos son necesarios. Algún defenderao coas súas restriccións pero quero dicir que o Goberno, que está no medio, irá, en todo caso, polo seu camiño –sen deixarse influír por un lado ou por outro– para facer disto unha realidade; unha realidade difícil, unha realidade, se se quere, complexa, pero pronto se verá que o que estou dicindo corresponde a unha vontade real, efectiva, pragmática e eficaz do noso Goberno. A nosa acción verase reforzada no seu momento, por suposto, coas medidas do Goberno central e do Goberno europeo.

Os obxectivos básicos que van centra-la elaboración do plan encamíñan-se máis ca nunca, se cabe, na creación da riqueza –sen a cal nada se pode facer– e na xeración de emprego, sendo conscientes de que a situación do emprego en Galicia non constitúe un problema desconectado da base do sistema productivo, senón que é o reflexo das fragilidades estruturais do dito sistema. Pero iso non servirá de desculpa para ninguén. A énfase ponse, en consecuencia, en reforza-la base productiva e en tratar de aproveita-lo seu potencial de desenvolvemento; única garantía, a longo prazo, para o crecemento sostido dun emprego estable e de calidade.

No marco destes obxectivos, a estratexia do plan debe consistir en prioriza-las actuacións dirixidas ó tecido productivo galego máis consolidado e con maior capacidade exportadora, como reflexo da súa competitividade, aínda que sen regatear esforzos e recursos para o segmento do tecido productivo, que reclama unha reestruturación e reorganización dos procesos de xestión e produción empresarial. Pero eu, que sempre creo nas estratexias básicas, recordo sempre o principio de que hai que reforza-los puntos fortes antes que os puntos febles.

Con este enfoque, o plan ten que concibirse para xerar resultados no horizonte do medio prazo, pero iso non significa que se descoide o curto prazo, xa que algúns problemas tan relevantes como o do paro requiren accións inmediatas para a súa mellora; pero non utópicas, senón realistas.

Por outra parte, non se pretende dar continuidade a intervencións postas en práctica en anos anteriores, a pesar da súa maior ou menor eficacia, senón afondar nunha necesaria reforma estrutural que sitúe os sectores productivos

e tódalas empresas de Galicia nas mellores condicións para afrontar con garantías o importante reto que o comezo do século XXI vai supoñer para a nosa economía.

É evidente que en Galicia floreceu no que era posible nos últimos anos un tecido empresarial moderno e que os coñecidos como sectores de futuro xa fixeron acto de presenza nalgúns casos. Igualmente é evidente que Galicia experimentou un avance notable no terreo da innovación tecnolóxica e da formación do capital humano, que é o máis importante. Nembargantes, temos que recoñecer que aínda nos queda un camiño por percorrer nesta senda da modernización e do achegamento ás economías máis avanzadas do noso contorno. O proceso de transformación estrutural da nosa economía nos últimos anos fainos ser optimistas verbo do futuro, xa que todo parece indicar que a economía galega discorre basicamente pola senda correcta propia do crecemento económico de hoxe.

Con este obxectivo, o plan ten que orientarse, de maneira prioritaria, cara á transformación e aproveitamento do potencial que conteñen os sectores productivos de Galicia, co fin de apoia-lo seu crecemento e modernización como a mellor garantía da xeración do emprego necesario. Esta orientación ten que apoiarse en diagnósticos xa dispoñibles da realidade económica de Galicia, a partir dos cales poidan definirse os eixes estratéxicos do plan, entre os que, sen dúbida, deben atoparse os seguintes:

- Actuacións estratéxicas de carácter sectorial, definidas a partir da análise da situación actual e das perspectivas de desenvolvemento futuro dos diferentes complexos de actividades que configuran a actual base productiva da comunidade, ou sobre os que existen expectativas razoables de desenvolvemento futuro.
- Actuacións de carácter horizontal, referidas basicamente á mellor dotación de factores xenéricos que requiren os diferentes complexos de actividades que integran a base productiva de Galicia e que se asocian ó que, xenericamente, poden denominarse «recursos de coñecemento» e ó desenvolvemento dunha «cultura da innovación».
- Actuacións de ámbito territorial, que traducen os principios anteriores en programas específicos para os distintos tipos de espazos que integran o territorio de Galicia. De aí a importancia do Plan comarcal, que algúns marxinan ou esquecen.
- O plan ten que recoller, igualmente, actuacións específicas para as áreas rural e agraria en forma de programas de desenvolvemento rural

integrado e accións en determinados sistemas productivos locais de carácter singular.

En definitiva, o principio básico que ten que inspira-lo plan que este Goberno, se así o aproba este Parlamento, pretende levar a cabo consiste en que a mellora da ocupación en Galicia é o obxectivo prioritario no horizonte do medio prazo, e o seu logro só será posible se se inscribe dentro do desenvolvemento da base productiva territorial.

No marco desta orientación estratéxica, o plan pode articularse en torno ós seguintes complexos e agrupamentos de actividades de natureza sectorial, cando menos:

Complexos e agrupacións de carácter aberto e dependentes de factores de carácter inmóbil:

Neste marco estratéxico non parece que poida poñerse en dúbida a importancia que para a economía e o emprego de Galicia presentan os complexos gandeiro, mar-industria e silvicultura-madeira, así como as actividades relacionadas coa pedra natural, a produción de viños –¡que viños!– e o turismo.

En efecto, o elevado peso relativo da gandería na produción e no emprego rexional –que non pode ser un monocultivo– e a súa proxección exportadora (case o 10 % da exportación de Galicia cara a España e ó estranxeiro), unido ós efectos de arrastre sobre o sistema productivo, colocan o complexo gandeiro nunha posición central dentro da economía de Galicia. A especial significación deste complexo de actividade aconsella presentar unha liña de actuación específica que aborde un necesario cambio estrutural compatible cos inevitables –e subliño o de «inevitables»– escenarios de revisión establecidos para a política agraria comunitaria (PAC). En esencia, trátase de melloral-la eficacia e eficiencia do medio rural mediante un enfoque territorializado e integrado das accións que se van desenvolver.

Ninguén, por outra parte, pode dubidar da gran importancia en Galicia do complexo mar-industria, integrado pola pesca, o marisqueo e a acuicultura, como soporte da industria de conservas e conxelados de peixe e de parte da construción naval orientada á construción, reparación e mantemento de buques de pesca. O carácter emblemático destas actividades e a posición de primeiro rango de Galicia dentro de España e da Unión Europea aconsellan tamén prestar a este complexo unha especial atención.

Os problemas do complexo mar-industria asóciáanse, por un lado, á conservación e aproveitamento axeitado do medio e dos recursos naturais, e, por

outro, á crecente transnacionalización e relocalización das actividades que o integran. As actuacións estratéxicas deberán axustarse a estes escenarios –repito, inevitables– e fixar uns obxectivos de adaptación aberta ás novas condicións, aínda que reforzando o activo que representa que os centros de decisión teñan unha notable implantación en Galicia.

Sen dúbida ningunha, a elevada calidade dos recursos de coñecemento cos que conta este complexo de actividade en Galicia, xunto ó nivel tecnolóxico da flota e da industria transformadora e conxeladora galegas, constitúen activos poderosos para afianza-lo futuro complexo mar-industria en Galicia.

Polo que se refire ó complexo da silvicultura-madeira, integrado pola silvicultura e a explotación forestal e as actividades da cadea de transformación, desde o serrado ata as outras e importantes industrias da madeira, como o moble, é necesario recoñece-la posición de Galicia na canalización de fluxos de importación de madeira e os seus transformados, o que sitúa o complexo nunha posición de primeira orde dentro de España.

O seu grao de difusión territorial, os seus efectos inducidos ou de arrastre sobre o sistema productivo, o seu peso relativo na exportación e a súa imbricación no complexo gandeiro haberán de servir de guía para as accións que se deban poñer en marcha, nun intento claro por consolida-la posición das industrias transformadoras da madeira –taboleiros, chapas e outros– e na potenciación do moble, e, neste caso, cunha especial atención ó deseño como forma de facer fronte á oferta de países competidores do noso contorno.

Non quero deixar de facer, aínda que sexa moi brevemente, unha referencia á produción do viño, á pedra natural e ó turismo en tódalas súas variedades, consecuencia, entre outras causas, do dinamismo do seu crecemento, a súa capacidade exportadora, a súa clara identificación coa base de recursos de Galicia, a posibilidade de articular pequenos complexos de actividade sobre eles repartidos polo territorio, a súa incidencia no medio rural, como é o caso do turismo rural, e un longo etcétera.

Complexos e agrupacións abertos e de localización non restrinxida pola dotación de recursos de carácter inmóbil:

Dentro deste apartado, o plan recolle como complexos de actividade prioritarios os relativos a vehículos automóbiles e tódolos seus compoñentes e á construción naval.

A importancia estratéxica do sector da automoción baséase no desenvolvemento potencial de industrias auxiliares que fabrican compoñentes, e sitúase no

agrupamento das chamadas funcións industriais de apoio. O núcleo do complexo constitúe o Citroën Hispania/Vigo, medalla de ouro de Galicia no pasado ano, pero os seus efectos de arrastre sobre o conxunto da economía de Galicia son aínda débiles, como se desprende da análise *input-output* de Galicia.

O eixe estratéxico de actuación debe proseguir coa política industrial xa iniciada de potencia-lo *cluster* da automoción, buscando o desenvolvemento tecnolóxico da industria auxiliar integrada, a diversificación das liñas de produto e o aumento da exportación das devanditas actividades, que abarcan outras moitas industrias á parte da amentada.

No caso da construción naval a situación e as perspectivas de futuro difiren sensiblemente entre os segmentos que integran este complexo productivo en Galicia, o que obriga a matiza-los problemas e o futuro potencial do conxunto da dotación naval.

O panorama para os grandes estaleiros segue sendo bastante crítico, ante a presenza de fortes competidores no mercado internacional de grandes buques e plataformas mariñas. Pero xa sabemos que non hai modelo invulnerable –vexan o que pasa co modelo dos famosos dragóns do Pacífico–. De tódalas maneiras, resoltos os problemas de Bazán polo programa de construción das fragatas F-100, que van se-las mellores do mundo, seguiremos concentrando os nosos esforzos en asegurar carga de traballo para Astano, e pódolles dicir que moi pronto haberá novas importantes ó respecto.

O panorama é moito máis favorable para o segmento de pequenos e medianos estaleiros, a xulgar pola recuperación da súa actividade nos últimos anos, resultando evidente a necesidade de afirma-la construción de buques de pesca e a súa industria auxiliar, na cal, por certo, a acción da Xunta foi extraordinaria nos últimos anos.

Resulta oportuno neste momento facer referencia ós agrupamentos manufactureiro e téxtil, pola súa importancia e significación no tecido productivo, se ben de diferente natureza.

No ámbito do agrupamento de actividades manufactureiras, outras das devanditas, Galicia empeza a contar cunha base relativamente importante neste tipo de funcións industriais de apoio –*clusters* horizontais– ligadas en boa medida ós complexos productivos de maior peso implantados na rexión.

A importancia estratéxica do sector manufactureiro non obedece unicamente ós seus posibles efectos directos e indirectos sobre a produción e o emprego senón porque, igualmente, a través das súas ramas productivas ten lugar en boa medida a difusión das innovacións e a modernización tecnolóxica.

Por outra banda, e en termos de emprego, as perspectivas deste bloque parecen ser positivas.

Polo que se refire á confección téxtil, este sector revélase unha das ramas industriais máis dinámicas de Galicia nos últimos anos, e teño que dicir que é unha das probas máis evidentes de que Galicia produce os homes e as empresas que necesita neste momento.

A xustificación da súa selección como agrupamento prioritario do plan obedece, entre outras, ás seguintes razóns: á súa capacidade de exportación e de proxección cara ós mercados extensivos; á súa contribución á xeración de emprego, especialmente no medio rural; ós efectos «demostración» que poden xera-lo éxito recoñecido nas revistas máis sofisticadas do mundo, e non só do sector, o éxito de empresas galegas nun sector moi difícil. Antes, dicir que un señor era bobo era dicir que ía exportar café a Brasil ou moda a París. Café non exportamos, pero moda a París si, ¡e de que maneira!, gracias ó desenvolvemento de sistemas singulares de deseño, produción, loxística, puntos finais de venda.

O plan tamén recollerá actuacións nos plans territoriais e das infraestruturas, que se concretan en lograr, no primeiro caso, a adecuada articulación do territorio galego en torno ós núcleos poboacionais máis relevantes, sen menoscabo da necesidade de diversificación funcional do territorio. Algúns critican que levémo-los parques territoriais por todo o territorio, pronto se verá quen se equivoca. E no segundo, en consolida-lo labor desenvolvido pola Administración nos últimos anos na dotación de infraestruturas adecuadas, tan necesarias para a economía e a sociedade galegas.

Como xa apuntabamos, as estratexias esbozadas para cada un dos complexos e agrupamentos de actividades, e igualmente para o resto de accións –horizontais, territoriais, infraestruturas–, son recollidas no plan no horizonte temporal do medio prazo. Nembargantes, é evidente que persisten –¡quen o vai negar!– algúns problemas que teñen unha corrección ou solución que non pode estar condicionada ó desenvolvemento completo do dito programa. Dun lado, precísanse resultados a curto prazo, polo que o plan debe recoller medidas de choque cara a incrementa-la ocupación. Doutro, precisase mante-la atención ós colectivos con máis dificultades de inserción laboral, que non poden quedar exclusivamente atendidos pola estratexia de crecemento económico.

É, pois, necesario reforza-las medidas de políticas activas de emprego, complementarias tanto da política económica como da política social do Goberno

e dirixidas ós colectivos con especiais dificultades de acceso ó emprego. Este é o caso dos mozos, en xeral, e en especial dos que, en razón dos seus coñecementos e formación, representan un claro potencial para as empresas e a economía de Galicia. Aínda falta a adaptación da oferta á demanda. Escoitaba eu hai uns días, falando do sector téxtil, que neste momento o seu crecemento necesita unha escola especial, como a superiorísima de turismo que temos hoxe. Farase onde queira que sexa posible crear posibilidades novas de emprego. O emprego xuvenil continuará a ser un dos obxectivos prioritarios do Goberno galego nesta materia. É imposible nega-los primeiros resultados do Plan de emprego xuvenil desenvolvido na pasada lexislatura, que contribuíu a que un de cada catro empregos creados en España nos últimos catro anos, en sectores non primarios, de menores de 25 anos, fose galego.

A pesar de que o desemprego xuvenil é hoxe tres puntos máis baixo que na media estatal, cómpre redobra-los esforzos para reduci-lo, axustando e potenciando os programas do Plan de emprego xuvenil nesta nova lexislatura.

Especial atención merecen igualmente os activos encadrados do colectivo de maiores de 40 anos, que, tras saíren do mercado de traballo, encontran inevitablemente dificultades para a súa reinserción; e, en xeral, os parados que levan máis dun ano nesa situación. Outro tanto sucede co colectivo das mulleres, que aínda se enfronta a notables dificultades para a súa inserción no mercado laboral de Galicia, como noutras partes, a pesar dos avances realizados neste terreo nos últimos anos. Finalmente, o colectivo de discapacitados require unha atención prioritaria.

Neste plan de choque en favor do emprego non debe faltar unha referencia ó medio rural, onde a transformación estrutural da agricultura vai supoñer-la redución dos efectivos de emprego. Para que esta caída resulte amortecida nos seus efectos sociais, o plan debe recoller unha serie de accións estratéxicas, entre as que cabe subliñar-las relativas á formación, á xeración dunha oferta complementaria en ámbitos como o de turismo rural, a artesanía e a agroalimentación, entre outros.

Especial importancia para o desenvolvemento do plan ten o sector financeiro de Galicia, caixas de aforro, bancos e cooperativas de crédito. Teño que dicir que nego terminantemente ningún desexo de influencia política en ningún destes ámbitos, pero a Xunta de Galicia ten a obriga de influír, de aconsellar cál é o mellor camiño para todos. Que ninguén se engane, porque se dixesemos influencia política, estou seguro de que o que propuxesemos tería o apoio deste Parlamento. Este sector ten un compromiso coa economía e a sociedade

galega e, certamente, non é indiferente, e aí está esa creación orixinal do Inesga, que todos están a copiar hoxe en España para corroboralo, aínda que neste momento me permita reclamarlles un esforzo adicional, especialmente no terreo do financiamento das pequenas e medianas empresas, así como para proxectos de carácter estratéxico ou de capital desenvolvemento.

Trátase, desde o noso punto de vista, de obter un amplo consenso social para trasladalo ó terreo económico, tentando ir máis aló do simple crecemento productivo, pero sen esquecer que este é, como corresponde nunha economía de mercado aberta e globalizada –e non hai outra, non se engane ningún neste momento, aínda que algúns seguen soñando coa Revolución do ano 1848–, unha condición necesaria para ter éxito neste empeño. O pacto implica, polo tanto:

1. Mante-la estabilidade macroeconómica e o saneamento das finanzas públicas.
2. Incrementa-lo investimento público de carácter productivo, facéndoo dun xeito selectivo a prol daqueles sectores con máis futuro e máis incentivos e man de obra.
3. Acrecenta-las políticas activas de emprego, especialmente dirixidas ós colectivos con máis dificultades no acceso ó emprego: mozos, mulleres, parados de longa duración, en especial os maiores de 40 anos, e discapacitados.
4. Potencia-la cualificación dos recursos humanos, con especial atención á formación profesional, no que xa se teñen dado pasos importantes, pero daremos máis.
5. Mellora-lo funcionamento do mercado de traballo galego coa posta en marcha dun servizo público de emprego eficaz na intermediación entre ofertas e demandas de emprego.
6. Fomenta-la creación de empresas novas, especialmente por mozos emprendedores, potenciando a economía social. Lei de cooperativas á vista.
7. Garanti-la paz social, para mante-lo marco favorable ó investimento privado.
8. Involucra-las entidades financeiras con especial responsabilidade e compromiso no desenvolvemento rexional, como as caixas de aforro galegas.
9. Apostar decididamente polo investimento na investigación e novas tecnoloxías; e unha das reformas importantes será levar unha Dirección Xeral de Investigación e Desenvolvemento a Presidencia, porque me quero responsabilizar especialmente disto, como fixen con outros temas, como único xeito de conseguila calidade e a competitividade.

10. Mante-la liña de internacionalización da nosa economía, co pulo do comercio exterior e a penetración nos mercados con maior potencial de futuro. Chamo aquí a atención sobre a aposta estratéxica que para Galicia representa o Mercosur iberoamericano; espero estar de novo presente no próximo mes de marzo.

Expostas as principais liñas de acción estratéxica que recolle o Plan para o crecemento do emprego, é vontade do Goberno que queremos formar, se así o decide o Parlamento, en coherencia coa nova orientación da política económica rexional e co noso compromiso coa sociedade galega, que todos e cada un dos axentes económicos, sociais e institucionais interesados polo crecemento económico e polo emprego na nosa terra tomen parte activa no desenvolvemento deste plan, para o que será sometido á súa consideración e discusión, como xa está anunciado, co fin de que suxiran as aportacións que consideren pertinentes en relación co contido das orientacións deste.

Fago, por conseguinte, con plena responsabilidade, con plena convicción, se se quere con total humildade, un solemne chamamento á concertación social, no convencemento de que a unión de iniciativas e de esforzos pode redundar na necesaria mellora económica e social de Galicia, obxectivo no que, sen ningunha dúbida, coincidimos tódolos galegos.

Galicia cara a Europa e ó mundo

Nun contexto de crecente internacionalización da economía e das decisións políticas –repito, inevitable e irreversible–, un dos seus expoñentes básicos é a creación de grandes espacios económicos. Galicia opta de maneira decidida por defende-los intereses da nosa Comunidade Autónoma, participando –non só roxeitando, como queren algúns– activamente neste proceso global.

A Unión Europea constitúe un referente natural da nosa actuación. Os seus eixes fundamentais poden concretarse:

- Na participación directa nos órganos onde se deciden as políticas que nos afectan.
- Na necesidade de influir nos procesos normativos comunitarios no que atinxe ás nosas competencias.
- Na capacidade de mobilizar recursos e involucrar outras rexións europeas na procura dunha estratexia común de desenvolvemento.

Neste sentido, a Xunta de Galicia pode expoñer xa, como resultado das súas xestións, en parte explicitadas, sobre a aplicación extensiva do principio de subsidiariedade:

1. A reforma do Comité das Rexións, na liña que defendemos de separalo funcionalmente do Comité Económico e Social e de amplia-lo ámbito da consulta obrigatoria a tódalas propostas normativas comunitarias de transcendencia rexional, o cal aparece así recollido no Tratado de Amsterdam. Queremos que o Comité das Rexións gañe en peso político para que paulatinamente vaia ocupando o lugar que lle corresponde, e que terá que aumentar, no tecido institucional comunitario, en tanto que expresión da vontade das prioridades naturais de Europa, que son as súas rexións.
2. A participación de Galicia na formación da vontade do Estado español, e polo tanto no proceso de toma de decisións comunitarias, que ha de ter un novo impulso coa inminente integración dos nosos representantes nos comités da Comisión Europea. Teño que dicir que o esforzo xa feito nesta chamada *comitología* xa tivo importantes resultados para Galicia. Nesta liña, asumiremo-la responsabilidade de protagoniza-lo interese das comunidades autónomas en comités tan importantes para o noso desenvolvemento económico como son o de Estructuras Agrarias e Desenvolvemento Rural ou o permanente de Política Forestal, entre outros.
3. A defensa xurisdiccional directa das nosas competencias e intereses ante o propio Tribunal de Xustiza de Luxemburgo, que será obxecto dun acordo que a Conferencia para Asuntos Relacionados coa Comunidade Europea haberá de adoptar en breve, facilitaráno-los instrumentos necesarios para amparar directamente as nosas lexítimas aspiracións, incluso fronte outras organizacións supranacionais ou terceiros estados.

Establecidas, pois, as bases para que Galicia sexa actora e non só simple espectadora das decisións comunitarias que lle afectan, confiamos en completar este deseño mediante a nosa participación –o paso que nos queda– no ámbito do Consello de Ministros da Comunidade Europea co mesmo rango que xa o fan ou o farán rexións tan significativas como Baviera ou Escocia.

En tanto que firmes defensores do proceso de integración europea –o cal non supón aprobar tódalas decisións que eles toman, pero hai que ve-la alternativa que é estar fóra– tamén o somos do cumprimento estricto do obxectivo de cohesión económica e social, que ese si que afecta a Galicia. Posto que xa existe unha posición firme da Comisión Europea en canto ó mantemento de Galicia como rexión especialmente beneficiaria, obxectivo número 1 de política

rexional, temos que insistir na necesidade de introduci-la dimensión territorial entre os criterios que articularán esta política no futuro. Para alcanzar esta meta debemos seguir traballando en cooperación con outras rexións europeas, ben desde unha perspectiva multilateral –Conferencia de Rexións Periféricas e Marítimas ou Comisión Arco Atlántico, de ámbalas dúas son vicepresidente–, ben desde unha vertente bilateral.

Aquí merece mención especial a nosa relación co veciño e irmán Portugal. Nos próximos anos fomentárase a cooperación co país irmán, perseverando na consolidación dunha eurrrexión coa Rexión Norte que contribúa á promoción da cohesión territorial e da ordenación do territorio, á definición dun modelo de desenvolvemento territorial atlántico, ó mantemento da vitalidade nas zonas rurais e agrícolas e á implicación crecente dos axentes socioeconómicos de ámbolos lados.

Quedaría incompleta a incardinación de Galicia no proceso de internacionalización económica imparable sen unha referencia a outras actuacións no ámbito da nosa acción exterior, que pasará a ser un elemento estratéxico para o noso propio desenvolvemento económico. Polo seu propio peso específico, a área iberoamericana, e en concreto Mercosur, que quere dicir Arxentina, Brasil, Uruguai e Paraguai, recibirá e está a recibir xa, estámolo a conseguir noutras instancias europeas, unha atención primordial. Debemos aproveitar os nexos culturais, afectivos e familiares que nos proporcionan unha vantaxe comparativa en relación con outras rexións europeas por se tratar dunha zona económica emerxente e puxante. Todo isto debe traducirse nunha mellora da cooperación empresarial, incremento do volume de negocios das nosas empresas e, en suma, a internacionalización intelixente da empresa galega. A Xunta de Galicia ten xa en marcha iniciativas que asentarán o marco institucional para unha cooperación desta natureza e pronto se asinarán os acordos correspondentes.

Así pois, as actuacións políticas en materia de acción exterior deberán caracterizarse pola súa coherencia e coordinación ó servizo de obxectivos precisos, que se decidirán no Programa cuadrienal de acción exterior. Coa mesma finalidade de coordinación, a recén creada Comisión de Acción Exterior, servida pola Secretaría Xeral de Acción Europea Internacional, orientará os distintos órganos da Xunta no exercicio das súas actividades exteriores, para gañar en complementariedades e sinerxías.

E remato xa.

Señor presidente, señoras e señores deputados, demandarlle ó Parlamento de Galicia a súa confianza para unha terceira lexislatura é, como dicía ó comezo,

unha gran responsabilidade. Agradézolle de novo a Deus, ó Apóstolo Santiago e ó pobo galego o ofrecerme esta oportunidade, sobre todo esta responsabilidade. Comprométome a traballar e a loitar polos ideais e polos obxectivos mencionados neste discurso ata o límite das miñas forzas, coa alma e coa vida. Galicia merece iso e moito máis. Ante este Parlamento que lexitimamente a representa, reitero, se así o aproba, o meu compromiso sen límites con todos e cada un das galegas e dos galegos, do campo e da cidade, do mar e da montaña, das catro provincias e do ultramar, de calquera idade, condición ou lexitimas ideas propias, de traballar por eles e, no que está nas mans dun Goberno e da Administración, polo que entendemos que é o seu ben común, libre de calquera vencello ou compromiso de interese ou ideoloxía, ó servizo de todos e para todo. Así Deus queira axudarme a cumprilo.

Moitas gracias.

DISCURSO DE TOMA DE POSESIÓN DE MANUEL FRAGA IRIBARNE COMO PRESIDENTE DA XUNTA NO SALÓN DOS REIS DO PARLAMENTO DE GALICIA

9 de decembro de 1997

Señor vicepresidente do Goberno de España, señor presidente do Parlamento, señores ministros, autoridades e representacións, señoras e señores:

Neste intre de especial solemnidade, e sobrecolledor para un cidadán que ten a honra e a responsabilidade de realizar esta cerimonia por terceira vez, sería inútil nega-la emoción intransferible que un sente, por moitos motivos.

Motivos de gratitude ó pobo galego, que me abrumou coa reiteración da súa confianza, que a tanto me obriga; ó Parlamento de Galicia, que no seu nome me outorgou a investidura estatutaria; a tódolos homes e mulleres que na máis remota das aldeas ou das nosas colonias de galegos emigrantes colaboraron coa súa entrega especial a facelo posible; a cantos nos honran hoxe coa súa presenza, que dá especial realce a este acto, para honra de Galicia; e, dende logo, a S.M. el-Rei, que tivo a ben refrenda-la proposta do noso Parlamento.



Rodrigo Rato, Mariano Rajoy, Loyola de Palacio e José Manuel Romy, ministros do novo Goberno central de José M^a Aznar, arrouparon a Manuel Fraga na xura solemne do seu cargo como presidente da Xunta de Galicia na sede do Parlamento.



A vida dos homes é, por ineludible lei da natureza, un breve tránsito entre o nacemento e a morte. Nela témo-la ocasión de traballar e de servir; neste espírito me educaron meus pais, pobres emigrantes, que sen coñece-los clásicos me insistiron no que mellor que ninguén formulara don Miguel de Cervantes: «Ningún home é máis ca outro se non fai máis ca outro».

Máis e mellor, dende logo; suxeitos como estamos ó erro, só podemos tentar traballar moito, agardando a que algo resulte o menos malo posible.

A iso me comprometo, unha vez máis: a traballar moito e de boa fe, ó servizo de todos, nunha Galicia que ben o precisa; nunha España en transición, coido ben encamiñada, cara ó novo século.

Gracias, señor vicepresidente do Goberno da Nación; gracias, señor presidente e membros do Parlamento de Galicia; gracias a tódalas autoridades e representacións; gracias ós compañeiros leais e xenerosos de tantos anos de loita; gracias a tantos galegos que hoxe, ademais dos seus representantes estatutarios, teñen aquí a máis fonda versión da nosa alma colectiva, ós que a mantiveron viva das nosas feiras e nas nosas festas, na nosas romarías e nas nosas celebracións, coas súas gaitas e cos seus traxes ancestrais; gracias, en fin, ó Señor Santiago, que a todos nos quere bendicir e anova-la esperanza, neste día inesquecible.

Perante todos, repito, o meu compromiso total, de entrega apaixonada, ó servizo de Galicia e de España.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LA SITUACIÓN POLITICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

13 de outubro de 1998

Señorías, comparezo diante desta Cámara, de acordo co disposto na Lei da Xunta e do seu presidente, para realizar, unha vez máis, o debate sobre o estado da Autonomía previsto no artigo 48 da devandita norma.

É este o primeiro debate que se celebra despois das eleccións autonómicas de 1997, nas que o pobo galego, por ampla maioría, ratificou a súa confianza no Partido Popular, reafirmando a súa decisión, continuada dende 1989, de que sexa o noso grupo o que asuma o proceso de transformación de Galicia e a leve deica o século XXI.

A sociedade galega está a experimentar un profundo cambio e Galicia, reafirmada nas súas raíces e na súa personalidade histórica, asumiu o reto de facer fronte ás esixencias que implican a internacionalización da economía e a existencia, de feito, dun mundo sen fronteiras.

Galicia camiña con seguridade e estabilidade, cun progreso crecente e cunha mellora continua dos seus niveis educativo e cultural, nunha sociedade que se sente solidaria.

Este presente, e o futuro ó que ten dereito o noso pobo, non constitúen un regalo senón que son o produto do traballo e do esforzo de todos e cada un dos galegos e das galegas, e penso que dunha convicción común: Galicia, como comunidade histórica, está segura de si mesma no marco constitucional e no proceso histórico.

O Estatuto de autonomía –será repartido ós señores deputados, non só o meu discurso, ó final desta intervención, senón unha serie de volumes, dos cales, o primeiro é: *O estado das autonomías. Vixencia dun proxecto*; farei referencia a eles porque é imposible, como é natural, no tempo normal, entrar nestes temas co detalle que sería certamente desexable, por iso se acompañan estes anexos– demostrou a súa vixencia. Nunca como ata o de agora profundamos na nosa identidade, defendendo o noso patrimonio histórico, e nunca a nosa lingua tivo o vigor de hoxe en día, xa que a cultura galega e a lingua galega son unhas das máis dinámicas e potentes de España.

Galicia, ó mesmo tempo que afonda nas súas raíces, séntese plenamente integrada en España, sen matices, sen falsos equívocos, sen reticencias. Non todos pensan así, pero a clara maioría do pobo galego entende que a Constitución de 1978 é a principal garantía do noso futuro.

A nosa Constitución soubo combina-la soberanía do pobo español no seu conxunto co dereito irrenunciable das nacionalidades e rexións que integran España e defender e estende-la súa identidade nun modelo harmónico que defende, protexe e fomenta os valores comúns e os específicos de cada parte.

Galicia non só ten dereito ó seu desenvolvemento diferenciado, a protexer e desenvolve-la súa identidade (lingua, cultura, tradicións, conviccións, maneiras de ser), senón que tamén, como parte indisoluble de España, reclama e esixe solidariedade para facer efectiva nesta xeración a transformación do noso país e rompe-lo noso illamento e a nosa incomunicación. Solidariedade que é reclamada con xusto título: o dereito de Galicia a dispoñer dos servicios e dotacións ós que ten dereito a media da sociedade española.

Non pedimos esmola nin transferencias gratuítas. Esiximos un tratamento solidario, e isto con base, precisamente, na nosa Constitución. Por isto estamos radicalmente en contra daqueles que reclaman para España unha soberanía compartida entre nacionalidades e rexións. Curiosamente, os que reclaman con maior intensidade esa soberanía compartida son partidos políticos con responsabilidades de goberno naquelas comunidades que teñen un maior nivel de renda, riqueza, servicios e dotacións. Non o ocultan, senón que forma parte claramente da súa mensaxe, e, ó mesmo tempo cá soberanía compartida,

reivindican o seu dereito a dispoñeren dos tributos recadados no seu territorio. Estiman que a súa contribución efectiva ós orzamentos xerais do Estado é superior ós servizos que reciben e reclaman un novo sistema que equilibre estes niveis; se ben admiten que, unha vez logrado este obxectivo, estarán dispostos, de forma voluntaria, a facer efectivo un novo concepto de solidariedade.

Se comparamos estes proxectos coa realidade que nos ofrece hoxe en día a Facenda da comunidade, que, en virtude da disposición transitoria da nosa Constitución, recada tódolos tributos, vemos que a solidariedade fiscal neste modelo é inexistente na realidade práctica. E isto, malia que esta Comunidade Autónoma é unha das que maior riqueza ten e está historicamente mellor dotada de servizos de toda índole. Por iso teño que manifesta-la miña perplexidade polo feito de que alguén en Galicia asuma os postulados da soberanía compartida. A política –téño dito moitas veces– fai ás veces «*extraños compañeiros de cama*».

Reclámase, en definitiva, o debilitamento de España como nación e como estado; a ruptura da soberanía do pobo español e a división desta soberanía, e isto conxuntamente por forzas políticas que teñen obxectivos estratéxicos radicalmente contrarios no aspecto fundamental do financiamento entendido como garantía de solidariedade. A solidariedade é inherente ó concepto propio de España, da constitución que ten, e indisoluble deste.

Sinceramente, paréceme contradictoria e perigosa, no contexto de Galicia, calquera acción que reclame o esnaquizamento de España, que constitúe a nosa principal garantía de solidariedade e de forza exterior.

A Constitución española, da cal me honro en ter sido un dos ponentes, instaurou un modelo que ampara ó mesmo tempo a identidade no fundamental co maior grao de autonomía para as nacionalidades e rexións que integran España. Hai que entender propiamente os conceptos de forma de Estado e de autonomía dentro deste.

Ninguén dubida hoxe en día de que as comunidades autónomas teñen maior grao de autonomía mesmo que moitos estados membros de organizacións federais.

España é un estado unitario pero isto non impide que, dentro deste estado, cada comunidade autónoma poida desenvolver-lo seu proxecto peculiar, coa garantía dunha solidariedade efectiva e coa maior liberdade para desenvolver-lo seu proxecto específico de convivencia.

Declaro claramente que defenderei enerxicamente –e sei a quen represento, que é á maioría do pobo galego– a nosa Constitución, como garantía de futuro da nosa propia Autonomía e do futuro de Galicia.

Temos todos unha responsabilidade histórica, os políticos e todos e cada un dos cidadáns. Todos temos exemplos recentes de pobos divididos, practicamente destruídos, por levaren ó límite os nacionalismos. Por iso estamos radicalmente en contra de «cantos de serea» que, baixo o pretexto de defende-lo propio, están atentando contra os aspectos fundamentais da nosa estabilidade.

A inmensa maioría do pobo galego –repito– sabe e recoñece que o Estado das Autonomías é o marco axeitado e suficiente para a defensa dos valores básicos de Galicia e para a expansión da nosa lingua e da nosa cultura e, en definitiva, do noso proxecto peculiar como sociedade.

Pero queremos un idioma sen exclusivas, capaz de vivir harmonicamente co castelán, o seu irmán, con expansión continua, pero sen imposicións, sen guerras lingüísticas e en liberdade.

Todo o anterior reafirma a nosa clara defensa do Estado das Autonomías, tal como o define a Constitución, sen que isto sexa óbice para que, precisamente, dende a óptica da defensa do modelo constitucional, reclamemos –estamos a facelo constantemente e foi tema de anteriores intervencións miñas en debates coma este– perfeccionamentos e axustes, en concreto, a reforma do Senado, para que, efectivamente, sexa este a Cámara das Autonomías, ou a Conferencia de Presidentes, como vehículo para a formulación dunha política consensuada entre Estado central e comunidades autónomas, ou o establecemento –se se quere reforma do que se fixo a medias– do Consello Económico e Social, para lles dar ás comunidades autónomas o protagonismo adecuado na formulación da política económica xeral.

Fómo-los primeiros en defende-la profundación do Estado das autonomías, pero tamén os primeiros en defender este modelo de Estado: a soberanía do pobo español; a solidariedade entre tódolos pobos de España e o dereito de Galicia a se desenvolver como comunidade política plenamente integrada en España e na Unión Europea.

Análise sectorial

É a miña intención centrar este debate nos aspectos fundamentais que definiron a actuación da Xunta de Galicia en 1998 e na súa proxección na lexislatura. Por iso, e coa finalidade de que, ó mesmo tempo, se poida dispoñer dunha información en profundidade sobre a estratexia do Goberno de Galicia en tódolos ámbitos, entregaráselles, como digo, ós grupos parlamentarios –que a Cámara fará chegar ás súas señorías–, ó remate da miña intervención, un conxunto

de documentos que expresan e detallan polo miúdo as políticas sectoriais máis importantes.

Son, en concreto, os seguintes: **1º** *O Estado das autonomías. Vixencia dun proxecto* –que xa o citei–. **2º** *Pacto local: unha Administración local para o século XXI*. **3º** *1999-2000, un bienio clave para a protección da cultura galega*. **4º** *Un ambiente de futuro*. **5º** *A modernización do ferrocarril: o novo reto das comunicacións*. **6º** *Galicia na sociedade da información*. **7º** *Investigación e Desenvolvemento tecnolóxico –I+D– para a innovación en Galicia*. **8º** *A acción exterior como contribución ó desenvolvemento de Galicia. Plan cuadrienal*. **9º** *Agricultura, os novos camiños*. **10º** *A pesca, o marisqueo e a acuicultura en Galicia: análise da situación e perspectivas de futuro*. **11º** *Proposta industrial de Galicia*. **12º** *Novos aspectos na atención sanitaria*. **13º** *Acordos sobre as medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001*. **14º** *II Plan integral de apoio á familia*. **15º** *III Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas*.

Así mesmo, únese un tomo xeral, Realizacións e logros do 1998, no que se sintentiza a acción da Xunta de Galicia no presente ano.

Un pobo e unha cultura

A identidade e a potencia cultural do noso pobo reafirmanse cada día.

O Mapa sociolingüístico de Galicia revela que a maioría do noso pobo considera que, no futuro, o galego será a lingua máis usada en Galicia (55,4 % dos enquisados), posición claramente superior á dos que estiman que este predominio correspondería ó castelán (11,9 %). Non obstante o anterior, o 60 % da poboación estima que galego e castelán serán igual de útiles; crenza que se afirma a medida que diminúe a idade.

Isto reafirma a política seguida pola Xunta de Galicia, de facer efectivo un bilingüismo harmónico, bilingüismo que esixe da Administración un respecto profundo da lei para que o bilingüismo sexa limpo, para promociona-la nosa lingua, para que o bilingüismo sexa equilibrado e para contribuír ó benestar de Galicia colaborando á harmonía social.

Neste senso, e cunha política lingüística clara e sen matices de apoio á nosa lingua e de respecto do bilingüismo efectivo do noso pobo, estamos en contra de calquera modificación da Lei de normalización lingüística.

Constitúe esta lei, en efecto, un marco equilibrado que permitiu e fomentou a expansión do noso idioma nun clima de liberdade e convivencia pacífica e que debe seguir gobernando no futuro a nosa normalización lingüística.

A cultura galega atópase, neste remate de século e de milenio, cunha necesidade fundamental: expresarse mediante a súa creación máis xenuína e dar unha resposta galega e orixinal ás moitas esixencias que nos veñen impostas polo medio e polo tempo que nos tocou vivir. É aí onde radica o noso maior desafío cultural. Algo que ten a súa manifestación en dous campos distintos e, nembargantes, complementarios: o da libre creatividade e o do axeitamento da nosa identidade cultural ás novas tecnoloxías da comunicación.

Vivimos un momento de florecente creatividade cultural e, neste senso, xa se completaron algúns dos obxectivos que a Xunta de Galicia marcou a principios da década dos noventa. Falta aínda o tramo final, os dous derradeiros anos deste século. Teremos que encarnarnos con dous eventos de máxima envergadura para os que xa se están tomando as prevencións organizativas posibles. Refírome ó Programa do Xacobeo 99 e ós fundamentos necesarios para exercer-la capitalidade cultural europea, en Santiago de Compostela, durante o ano 2000.

A nosa cultura, que xa non precisa corsés, acada hoxe dimensións universais e renace tódolos días dos soños que lle brindaron o mellor da súa vida para se converter na creación máis importante de Galicia. A cultura galega é a maior fazaña dun pobo que sente con orgullo as súas orixes, que transita cara ó futuro con ilusión e que asume o presente con valentía.

As novas tecnoloxías da información constitúen o mellor aliado para a pervivencia e difusión dos chamados «productos culturais periféricos», realizacións no campo das artes plásticas, da literatura ou das artes de representación, de países que, como o noso, teñen que competir, nun mundo basicamente globalizado, con realidades culturais moito máis asentadas e con enormes recursos á súa disposición. Trátase, polo tanto, de preservar todos aqueles elementos que integran a nosa identidade cultural, abríndonos ó exterior con valentía e orixinalidade, e non encerrándonos sobre nós mesmos para lamentarnos de ser vítimas dunha constante opresión foránea.

Igual que se fixo coas telecomunicacións, de onde pasamos da máis absoluta precariedade a unha posición de vangarda, emprendemos un Plan estratéxico de desenvolvemento do sector audiovisual e multimedia que xa está comezando a da-los seus primeiros froitos.

O ano 1999 vai se-lo ano do audiovisual en Galicia, e a realidade avala esta afirmación. Durante 1998 rodáronse ou estanse a rodar na nosa comunidade seis proxectos cinematográficos e para o ano 1999 están en marcha outra decena de proxectos. Isto é algo que parecía impensable hai tan só tres anos.

O «Plan Delors» da Unión Europea constatou que o audiovisual é unha das principais locomotoras da economía e a creación de emprego desta fin de século e das primeiras décadas do próximo milenio, ademais das sinerxías que derivan cara ó mundo da cultura ou dos servizos, como é o caso do turismo.

Galicia sóubose colocar nunha situación de privilexio para aproveitar esta oportunidade e, afortunadamente, está xurdindo unha brillante xeración de novos produtores, profesionais, empresarios, creadores, actores e técnicos que garanten o futuro. Quédanos moito por avanzar, pero creo que podemos dicir, sen temor a nos equivocar, que estamos na véspera dun boom empresarial innovador como o que xerou a moda galega hai uns poucos anos.

Estamos aproveitando a situación de privilexio que ostenta Galicia no ámbito das comunicacións para que os cidadáns, as empresas, as administracións e as entidades de toda caste poidan acceder en condicións de igualdade á utilización dos innumerables servizos que as novas tecnoloxías lles ofrecen xa nestes momentos.

A sociedade da información, insisto, xa é unha realidade en Galicia, e éo a través da promoción do desenvolvemento industrial no sector integrado das telecomunicacións e o audiovisual, algo que nos permitirá nun futuro moi próximo converter-la nosa comunidade nun centro de creación de contidos audiovisuais e multimedia, podendo dar servizo ó noso contorno cultural e a moitos países de Iberoamérica.

A proposta do Xacobeo 99

Galicia vivirá de novo no ano 1999 a experiencia única do Ano santo e volverá a converterse en punto de encontro de toda a cristiandade. O Camiño de Santiago reafirmará unha vez máis a súa vocación de camiño de culturas, compartindo co resto de España, con Europa e co mundo enteiro unha mensaxe de convivencia e de paz.

Goethe afirmou: «Europa fíxose peregrinando a Santiago». Pois ben, en 1999, un ano crucial no proceso de consolidación da Unión Europea, Galicia e Santiago serán o camiño polo que os cidadáns de todo o mundo poderán cruce-lo umbral cara ó terceiro milenio da nosa era.

Para dar resposta a este reto, a Xunta de Galicia deseñou e puxo en marcha o Plan Xacobeo 99, que conta co apoio do Goberno de España e que está coordinado, a través do «Consejo Jacobeo», coas iniciativas desvoltas nas restantes comunidades autónomas do Camiño de Santiago.

Este plan centraliza e coordina tódalas actuacións e actividades que terán lugar en Galicia con motivo deste magno evento. Apoiado na experiencia e no éxito que representou no seu momento o Xacobeo 93, o proxecto abarca tódolos apartados necesarios para garantir unha atención eficaz a cantos visitantes e camiñantes veñan a Galicia no 1999. Ó mesmo tempo, dá resposta á recuperación, promoción e dinamización do patrimonio e ós valores singulares dos Camiños de Santiago e das súas poboacións.

Estas iniciativas intégranse nunha diversificada e renovadora proposta cultural, científica e lúdica, que alcanza a totalidade do ano 1999 e a práctica totalidade da comunidade, nun proxecto territorialmente descentralizado e integrador a nivel social.

No documento anexo a este discurso atoparán as súas señorías un exhaustivo desenvolvemento do Plan Xacobeo 99, referencia ó tomo III dos antes mencionados.

Constitúe o noso principal reto neste final de século abrir Galicia ó mundo. Unha Galicia moderna, que sabe preservar-lo seu patrimonio, transmítila a súa historia e a súa cultura e reverdecer un espírito espiritual que iluminou Occidente.

A Galicia exterior

Hoxe en día –temos publicada unha guía que está á disposición das súas señorías, que xa a deben ter– son 410 as sociedades e os centros galegos espaxados polo mundo que se manteñen en permanente contacto con Galicia e que veñen recibindo, naturalmente, as axudas e os apoios da Xunta de Galicia. Constitúen a mellor representación de Galicia, multiplicando a nosa proxección en todo o mundo.

A programación de actividades institucionais dirixidas a eles trouxo como consecuencia un considerable incremento no seu número, unha maior vitalidade en cada unha, unha mellor cohesión e colaboración entre todas elas e un máis alto e firme prestixio dos galegos nos países en que están radicados.

De forma persoal e directa podemos comprobar que nunha e noutra, nun país ou noutro, os galegos de fóra da súa terra senten máis ca nunca o orgullo, a devoción, de seren galegos.

A continuidade da presenza de Galicia noutros países, o mantemento de centros e entidades galegas, moitas xa máis que centenarias, empuxa a promover tódalas actividades que contribúan ó aumento da incorporación das xeracións xoves das nosas comunidades (fillos, netos e mesmo bisnetos) ás actividades dos centros e, polo tanto, a seguir proxectando a nosa cultura

galega e a nosa realidade actual, de tal modo que, ademais, se favoreza unha progresiva identificación dos xoves descendentes con Galicia e de tódalas súas manifestacións, e así estamos a crear fundacións, colexios, etc.

Os centros galegos deben responder á imaxe da Galicia actual. Por isto estamos dedicando unha atención especial á mellora das súas instalacións, tanto sociais como deportivas ou recreativas, e ós equipamentos de todo tipo. Na atención de todo isto, incluíndo subvencións para facilita-lo acceso á propiedade, cando non a teñen, para a creación de novos centros, lévanse investidos dende 1990 ata 1998 máis de tres mil millóns de pesetas.

O apoio inequívoco á Galicia do exterior ten tamén unha expresión política: a reivindicación para a emigración de representatividade política no Senado; reivindicación que presentei na comisión correspondente, que traballa na súa reforma, e reivindicación que debemos apoiar todos sen matices, así como a mellora dos ríxidos procedementos actuais para o exercicio do dereito de sufraxio en toda clase de decisións.

Defensa do medio ambiente

Un dos conceptos que con máis forza influíron no último cuarto de século na sociedade mundial é o medio ambiente. Dende a reunión das Nacións Unidas celebrada en Estocolmo en 1972, onde se estableceu o Programa das Nacións Unidas para o medio ambiente (PNUMA), deica a última reunión de Quioto, a situación ambiental evolucionou moi rapidamente e diversos acontecementos puxeron de manifesto a necesidade de reorienta-las actividades e a súa relación coa natureza.

Galicia non é allea a esa crecente sensibilidade en relación coa protección e conservación do medio ambiente, senón que participa solidariamente dos compromisos que, neste ámbito, adquiriu a comunidade internacional ó longo dos últimos anos, a través dos convenios e acordos adoptados fundamentalmente no marco das «Nacións Unidas» e da «Unión Europea», especialmente no V Programa comunitario de política e acción en materia de medio ambiente.

Factores como a gran diversidade de ecosistemas que posúe Galicia e a súa dispersión poboacional obrigan a desenvolver unha estratexia de conservación do medio ambiente específica e adecuada á nosa comunidade; unha estratexia que baseamos en dúas liñas xerais de actuación:

A primeira, centrada en conservar e en mante-los sistemas naturais ou semi-naturais que chegaron ata nós nun equilibrio entre o home e a natureza.

A segunda, destinada a restaurar e a recuperar aqueles espacios degradados con capacidade para adquirir valor natural co paso do tempo.

Coa creación, despois das últimas eleccións, da Consellería de Medio Ambiente, nesta nova lexislatura, consolidámo-la administración ambiental e logramos unha mellora no custo-eficacia das accións administrativas, ó concentra-los trámites e resolucións ambientais nun departamento.

A política que en materia ambiental desenvolve a Xunta de Galicia parte duns principios que consideran o medio ambiente, tanto no seu aspecto de conservación como no de alicerce dun desenvolvemento económico e social sostible. Polo tanto, baséase na potenciación, utilización e rendibilización dos recursos naturais de Galicia e na compatibilidade do desenvolvemento económico coa conservación destes recursos para evitar que a súa deterioración motive perdas irreversibles.

Son moitos e diversos os programas que conforman a nosa política de medio ambiente. Entre eles quixera destaca-los centrados na potenciación da riqueza do noso sector forestal e que recolle de xeito destacado a consolidación de especies autóctonas e a mellora xenética forestal, a conservación dos recursos naturais e da biodiversidade –estase xa traballando na elaboración dunha Estratexia Galega de Biodiversidade, coa participación de tódolos sectores implicados–, a xestión dos residuos –mediante un plan integral que dá unha resposta global para toda Galicia a un dos problemas máis acuciantes da actualidade–, o control da calidade atmosférica, a promoción de tecnoloxías limpas e o fomento da investigación ambiental.

Non podemos esquecer un dos piares fundamentais desta política: a educación ambiental. A través da educación, a información e a divulgación estamos creando unha cultura ambiental, pensando especialmente nos máis xoves, pero tamén na poboación en xeral e sobre todo nas empresas, que deben asumir-la defensa do medio ambiente, a través da utilización de tecnoloxías limpas e procesos alternativos, non só como unha imposición para o cumprimento da normativa europea, senón como unha vía de modernización e de aumento da súa competitividade.

Quixera referirme especialmente, despois dunha certa confusión que tivemos dende as últimas semanas nalgunhas liortas, á loita contra os incendios forestais.

O ano 1998 viviu un dos peores ataques á nosa riqueza forestal dende a existencia da nosa Comunidade Autónoma. Foron 11.603 incendios (a 31 de agosto) os que afectaron 10.248 hectáreas de arborado e 32.433 de monte

raso, o que representa un 73,15 % máis ca en 1997. En 1998 os medios técnicos e humanos incrementáronse considerablemente con respecto ó ano anterior.

A coordinación e a colaboración institucional desenvolvéronse, como se viña facendo e con grande eficacia, a través do Comité Galego de Defensa dos Montes contra os Incendios Forestais. Foron mobilizados ata 7 hidroavións, 22 helicópteros (dos que 5 son de vixilancia e 17 de transporte e descarga de auga) e 155 brigadas; foron financiados 442 grupos municipais; e, en definitiva, en 1998 investíronse 6.000 millóns de pesetas nesta loita sen cuartel, na que xogámo-lo noso futuro.

Quero agradecer-lo enorme esforzo e dedicación de tódolos que loitaron heroicamente e sen descanso contra o lume, defendendo a nosa riqueza fundamental, agradecemento que fago especialmente extensivo ó Exército, que colaborou con toda dedicación nesta loita, ó Ministerio do Interior, que está participando na investigación das causas e autores dos incendios, e ó Ministerio de Medio Ambiente, que achegou medios aéreos e terrestres a esta loita.

Teño que mencionar especialmente o traballador Ignacio Real Vázquez, que faleceu en acto de servizo na loita contra o lume. Para el o noso recoñecemento, o noso respecto polo seu exemplo e toda a gratitude de Galicia.

Once mil seiscientos tres incendios expresan a magnitude do ataque que os nosos montes recibiron. Superan os de 1997 nun 11,6 % e constitúen –cifra terrible– o 96 % de tódolos incendios producidos en España, segundo datos da estatística nacional.

Se ben 1998 foi un ano seco climatologicamente, o máis seco de varias décadas, teño que denunciar que, pola concentración de lumes, sempre nas mesmas áreas, pola existencia de focos múltiples en áreas reducidas, pola iniciación de lumes en horas nocturnas, existe unha clara intencionalidade na inmensa maioría dos lumes producidos.

Gracias ó enorme esforzo de tódolos que loitaron sen descanso contra o lume, Galicia non sufriu un desastre ecolóxico.

Sen restarmos importancia á extensión da superficie forestal queimada, por outra parte –tódalas comparacións son odiosas, pero hai que facelas–, se a comparamos con 1989, vemos que en 1998 a superficie arborada queimada foi un 78,83 % menos que en 1989, case un 80 % menos, e o número de incendios incrementouse, en cambio, nun 105 %, o que demostra o acerto e a eficacia dos servizos de defensa contra incendios forestais.

Nembargantes, no orzamento de 1999, que pronto será remitido a esta Cámara, propónse a consignación dunha partida especial para a reforestación

da superficie queimada, co fin de rexenera-la paisaxe e evita-la erosión e perda de solo.

Quero, en todo caso, facer desde aquí –¿que lugar máis apropiado?– un chamamento especial a toda a sociedade galega. A loita contra o lume non é competencia exclusiva da Administración. É unha loita de todos, xa que a toda a sociedade galega afecta. Todos temos que ter unha actitude activa e facer patente o noso rexeitamento social máis profundo cara ós desalmados que atentan contra a nosa natureza.

Este chamamento diríxoo especialmente cara ás comunidades de montes, propietarios e silvicultores, para que asuman de forma decidida a ordenación e a xestión dos seus montes e utilicen tódolos recursos que a Administración pon ó seu dispor, requisito indispensable, aínda que non único, para obter éxito na prevención e na loita contra o lume.

Todos debemos defende-los nosos montes e en primeiro lugar aqueles que ostentan a súa titularidade patrimonial. O noso obxectivo é claro: loita –repi-to– sen cuartel contra as agresións ós nosos montes e defensa desta riqueza básica para a nosa comunidade.

Neste senso, o balance forestal 1990-1998 é claramente positivo: a superficie arborada incrementouse en 54.216 hectáreas, e este incremento reafirma o noso compromiso, concretado no Plan forestal de Galicia, que será potenciado de acordo co dictame deste Parlamento de Galicia de marzo de 1997.

Quenquera que sexan os criminais –non hai outra verba– que están queimando os nosos montes teñen que saber que teñen fronte a eles o pobo enteiro e un goberno que utilizará tódalas armas legais e tódolos medios necesarios para loitar contra eses desalmados e defende-lo noso patrimonio.

A nosa xeración ten unha responsabilidade fundamental: conserva-la nosa riqueza natural e mellora-la súa protección para lles deixar ós nosos sucesores unha Galicia máis limpa, con mellor patrimonio natural, cun maior respecto ambiental e cun desenvolvemento sostible que garanta a calidade de vida da nosa sociedade.

Os retos do século XXI

En educación temos que destaca-lo grande esforzo que se está a facer na implantación do novo sistema educativo, tratando de axeita-la súa estrutura ás especiais características da nosa Comunidade Autónoma. Na maioría dos nosos concellos estanse a acometer importantes obras na procura e adaptación das infraestructuras educativas ás novas esixencias da LOXSE, para

o cal non se están escatimando esforzos por parte do Goberno da Xunta de Galicia; sirvan como datos o significativo incremento de persoal docente e non docente, malia o descenso do alumnado, así como os investimentos previstos de inmediato para equipamento dos centros docentes, os que ascenden a máis de 5.000 millóns de pesetas.

Xa fixemos moito na implantación das novas ensinanzas da formación profesional, e paralelamente da ocupacional, e estase completando a oferta que precisa o tecido productivo de Galicia para dispoñer de xoves e adultos debidamente cualificados, co cal a competitividade das nosas empresas se está a incrementar, sen lugar a dúbidas, e o paro seguirá a súa liña descendente.

A orientación educativa e profesional está sendo unha preocupación do Goberno da Xunta de Galicia; créanse 300 departamentos –digo 300 departamentos– nos centros docentes e, por primeira vez, en ensino primario, cun profesor licenciado en psicoloxía ou pedagogía adicado a labores de orientación; créanse, ademais, equipos de orientación específicos nas catro provincias. Esta iniciativa, que é pioneira en España, intenta, en colaboración coas familias, contribuír moi positivamente á realización persoal dos nosos xoves e á súa inserción social e laboral.

Para unha formación integral estamos poñendo os medios para lles procurar ós nosos estudantes, xa dende os primeiros anos, unha adecuada formación en valores como materias transversais do currículo, sobre todo naqueles que tratan de inculca-lo coidado da natureza, unha vida sa, a non-violencia, a solidariedade; sempre coa preocupación e coa ilusión de que estamos a traballar para que poidan formar parte dunha sociedade na que estean firmemente asentados tódolos valores que demanda unha boa convivencia e, por suposto, sen ningunha tendencia ideolóxica.

Hoxe en día atopamos unha sociedade da información –xa o dixer– na que falar de novas tecnoloxías implica falar de comunicación. O noso contorno inmediato non é alleo ó que isto supón; así, a Unión Europea ponnos sobre aviso da necesidade de que os europeos aprendamos, dende a infancia, a nos servir dos novos medios de información e comunicación, conectando as escolas, as universidades e as bibliotecas, para que a totalidade dos xoves poidan saca-lo máximo proveito da revolución multimedia.

Conscientes da súa importancia, estamos a incorporar ós nosos centros educativos os equipamentos necesarios para a súa xestión administrativa e para a formación do seu alumnado, a través destes novos medios de información e comunicación, que terán unha importancia significativa na súa formación

integral e unha importancia estratéxica para completa-la competencia lingüística do alumnado e profesorado galego nos idiomas do noso contorno europeo.

A participación en programas europeos e as estadias formativas do profesorado no estranxeiro son importantes pasos que se están a dar de cara ó perfeccionamento e á especialización en idiomas, que repercutirán moi positivamente no seu proceso de ensino aprendizaxe nos distintos niveis educativos, empezando xa dende os primeiros anos do ensino obrigatorio.

A raíz da nova ordenación das ensinanzas de niveis non universitarios e ante as peculiaridades das ensinanzas artísticas, así como a súa crecente demanda, estase a acomete-la planificación deste ámbito educativo –antes, baixo mínimos–, conscientes de que vai contribuír moi positivamente a lograr esa formación integral que precisa o alumnado.

Estamos orientando a formación de persoas adultas para posibilita-lo seu desenvolvemento persoal e profesional, capacitándoas para afrontar con garantías o dinamismo dos procesos productivos e tecnolóxicos, os que van incidir no seu ámbito laboral e profesional, pois os avances científicos van propiciar novas especialidades e campos profesionais que requiren cada día unha maior cualificación.

O Goberno galego non se detivo dende a implantación do novo sistema universitario de Galicia, no ano 1989. Consolidadas xa as 148 titulacións que se imparten nas tres universidades galegas, das que 85 son distintas, no último Consello Universitario recibiron informe favorable 8 titulacións máis, tres das cales non se impartían ata agora no noso sistema universitario.

O número de estudantes universitarios está xa en case 95.000, fronte ós 50.000 do ano 1990, co que acadamos unha media de 35 alumnos por mil habitantes, superior á media europea.

No que respecta ó profesorado, debe salientarse que no momento da creación das dúas novas universidades eran 2.591; en cambio, agora son 4.382, e seguen incrementándose novas prazas, á busca dunha mellor calidade docente e investigadora, que será o obxectivo prioritario cara á nova universidade do século XXI.

No que atinxe ó Plan de financiamento, non só se mantiveron as dotacións de 1996, senón que se incrementaron no marco do acordo asinado entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os rectores das tres universidades, o que se prolongará ata o ano 2000.

O resultado destes investimentos na educación superior ten xa os seus resultados, como se pon de manifesto no feito de que de cada 100 persoas

empregadas hoxe en Galicia 19 teñen estudos superiores, fronte ás 9 do ano 1987, que é dicir máis do dobre, o que, sen dúbida, ten repercusión clara na produción e na calidade e demostra as oportunidades para o emprego que supón un sistema superior de ensino.

Apoio á familia

A familia, que foi capaz de sobrevivir ó longo da historia a corrente axitada de cambios sociais, mostra virtudes e potencialidades que demostran que segue sendo a solución básica a moitas das grandes dificultades da sociedade do noso tempo.

Non podemos facer fronte ós problemas e ás carencias da sociedade se ó mesmo tempo descoidámo-la súa unidade máis elemental. E así, coa revitalización da familia, principal estrutura social, atoparémola mellor canle para o fortalecemento dos valores éticos e morais na sociedade galega, o que nos esixe ás administracións e ós responsables políticos establecer mecanismos áxiles e efectivos de apoio e de protección á familia.

Somos conscientes dos innumerables atrancos que atopan, sobre todo os xoves, para a creación das súas propias familias; iso é o futuro. O Goberno que teño a honra de presidir incrementou e seguirá incrementando as medidas que facilitan o desenvolvemento dos novos proxectos familiares, creando un marco legal e unha contorna social que favoreza o exercicio da liberdade persoal e contribúa, así, a frea-la clara regresión demográfica que está sufrindo Galicia –disto falei hai tempo nun discurso anterior; entón houbo risas, penso que agora ten que haber menos–. Estamos nunha etapa de transición na que se espreita un novo modelo de familia e, polo tanto, de sociedade. Non o ignoramos. Non podemos caer no erro de pasar dunha sociedade de familias a unha sociedade de individuos, para o que precisamos revitaliza-lo papel da familia na sociedade, naturalmente axeitando o seu modelo e as axudas.

Co compromiso de darmos resposta ós intereses dos galegos e de realizar unha decidida política de apoio á familia, o Goberno da Xunta desenvolveu nos últimos anos –digo– un amplo programa de actuacións e medidas concretas de protección e promoción ás familias galegas ó abeiro do I Plan integral de apoio á familia. Continuando nesta liña, e co convencemento de que a verdadeira política familiar se fai a través da articulación e do desenvolvemento de medidas especificamente deseñadas para reforza-lo papel da familia na sociedade –de feito, tamén creamos unha consellería especialmente

adicada a este fin–, neste ano 1998 comezou o II Plan integral de apoio á familia, que figura entre os anexos ó meu discurso.

Neste II Plan artéllase, en efecto, a política de apoio á familia que se promove dende a Xunta de Galicia, baseada nunha estratexia planificada ó longo do tempo, que de maneira progresiva vai incrementando as medidas implantadas en función das novas necesidades sociais. O desenvolvemento do II Plan integral de apoio á familia constata a continuidade e o reforzamento das políticas iniciadas co I Plan, incidindo en aspectos primordiais como a dotación de equipamentos sociais, o deseño de medidas xerais de carácter fiscal e social, concentrando esforzos especialmente naquelas familias de escasos recursos económicos, así como na especial atención ós menores en situación de desamparo ou en conflito social, co fin de garanti-los seus dereitos e benestar persoal, que se situarán sempre por riba de calquera outro interese, repito, porque é o do futuro.

O cambio, inevitable, do modelo tradicional de familia, o ritmo de vida imposto por un modelo social competitivo e a incorporación da muller ó mundo laboral son factores que, inevitablemente, afectan as actuais estruturas familiares. ¡Claro que os temos en conta!, por iso necesitamos unha nova política.

Permítanme, pola súa especial transcendencia, destaca-la necesaria incorporación da muller –digo necesaria incorporación da muller– ó mercado de traballo, como elemento clave para logra-la igualdade real que defendemos, e que non só beneficiará as mulleres, senón o conxunto da sociedade galega. (Remítome –repito– para máis detalle ó tomo XV, *III Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas*.)

Para consolidar esta estratexia de acción, encamiñada a promove-la participación activa das mulleres en tódalas esferas da vida, a Xunta de Galicia puxo en marcha o *III Plan de igualdade de oportunidades das mulleres galegas 1998-2001*. Este III PIOM, baseado nun enfoque aberto e pluralista, contou para a súa elaboración coa activa participación dos interlocutores sociais.

Dar resposta ós intereses e inquietudes das mulleres galegas é o principal obxectivo do III PIOM, co que pretendemos fomenta-la igualdade nos diversos ámbitos sociais, asegurando que calquera acción se sume sempre á defensa e garantía do principio de igualdade de oportunidades.

Para isto, no devandito plan, artículanse, por unha parte, unha serie de medidas específicas como as dirixidas a erradica-la violencia contra a muller, tratando de garanti-la súa protección, mellora-los mecanismos de asesoramento e apoio ás vítimas e, sobre todo, sensibiliza-la sociedade sobre a gravidade

deste problema. Pasou o tempo dos chistes e o tema hai que tomalo en serio. Por outra parte, no deseño global da política da Xunta temos presente o principio de transversalidade, que esixe potencia-lo papel da muller en áreas prioritarias como a formación, a educación, o emprego e a saúde, favorecendo así a participación equilibrada de toda a sociedade galega.

Doutra banda, é coñecida a demanda de protección social, complementaria dos réximes da Seguridade Social, formulada polas mulleres amas de casa cara á xubilación ou situacións de desprotección como a viuvez. A dificultade de atender esta demanda a través dos réximes contributivos da Seguridade Social pública ou das pensións non-contributivas non debe frea-la busca dun sistema alternativo que lles permita obter unha pensión, e imos insistir na presión sobre os organismos nacionais.

O Goberno da Xunta está a traballar con seriedade neste sistema alternativo. Neste senso, ó longo de 1999, impulsarémola posta en marcha dun sistema de aforro, baseado na figura das mutualidades de previsión social voluntaria, que permita o acceso das amas de casa e doutros grupos sociais a unha pensión con garantía pública.

Pero cando falamos da sociedade debemos inevitablemente falar dos xoves, dos nosos mozos, por seren estes os que están chamados a se-la sociedade galega do futuro. É necesario facer fincapé na imprescindible participación da xuventude no desenvolvemento de Galicia. Non hai que esquecer que serán estes xoves galegos os mellor formados de tódolos tempos, os que pasaron menos necesidades, os que piloten os proxectos do novo milenio. Han de ser eles os que continuarán liderando a construción dunha Galicia solidaria e aberta, responsable ante o seu medio, participativa e plural, emprendedora e máis equilibrada, mesmo territorialmente.

E, en gran medida, a preocupación polo futuro dos nosos xoves está intimamente ligada con este equilibrio territorial de Galicia ou co fortalecemento das zonas rurais ou do interior. E a fórmula axeitada de fixa-la poboación no interior de Galicia pasa pola vontade dos xoves de permanecer nos seus propios lugares de residencia, coas motivacións adecuadas, asumindo un certo compromiso no seu desenvolvemento, ó tempo que reinvesten neles o seu coñecemento e formación.

Conscientes de que estas decisións requiren o apoio da Administración, a Xunta de Galicia vén apoiando, de forma decidida e a través de diversas actuacións –coa colaboración europea nos plans Leader e Proder–, a mellora da calidade de vida no medio rural, dotando e ampliando servizos para dar

unha maior cobertura territorial, ó mesmo tempo que establece medidas específicas dirixidas á promoción de iniciativas locais de emprego e proxectos piloto de acción rural, liderados polos mesmos xoves, que garantan a súa plena incorporación laboral no medio rural.

Cómpre, e así o facemos dende o Goberno galego, brindarlles ós mozos o apoio necesario para a súa implicación en actividades de voluntariado, comercio xusto, protección do medio ambiente, así como no fomento da súa participación en actividades culturais e deportivas.

Fomento do deporte

É obvio que falar de xuventude é falar de deporte, aínda que todos debemos practicalo.

A nosa política deportiva seguiu a mesma liña dende 1990. O apoio decidido a clubs e federacións como auténticos protagonistas do deporte –non intentamos crear novos clubs, senón que se vaia ós que están–; a dotación de instalacións deportivas en proxectos concertados con concellos e deputacións; o fomento do deporte escolar, co obxectivo de que o cen por cento dos nenos practiquen un deporte no tempo libre; a atención especial ós deportistas de alto nivel, coordinando o Centro Galego de Tecnificación Deportiva coas distintas federacións –o que permitiu que se acadasen 376 metais en competicións nacionais e internacionais durante o primeiro semestre deste ano, dos que 115 son medallas de ouro conseguidas en campionatos de España– e a aprobación da Lei do deporte, constitúen os fitos máis significativos desta política.

Hoxe podemos afirmar, sen temor a ser desmentidos, que o deporte ten unha gran incidencia na sociedade galega, que os cidadáns contan cunha importante rede de instalacións públicas que lles posibilitan o libre acceso á práctica deportiva, que os nenos gozan cada vez máis de novas oportunidades para facer deporte no seu tempo libre, que os axentes e clubs deportivos teñen importantes axudas que lles permiten desenvolver a súa actividade con absoluta normalidade e que todo o tecido deportivo galego se sustenta nun marco xurídico que delimita e regula as súas actuacións. Esta realidade pon de manifesto o decidido avance que en materia deportiva se está producindo en Galicia, ó igual que noutras sociedades modernas.

Acción sanitaria integral

Dende que en 1991 a Comunidade Autónoma galega tivo as transferencias plenas en materia de sanidade –o que esta Xunta tivo o valor de acometer– o

esfuerzo que se fixo dende a Xunta foi grande, tanto en materia de novas infraestructuras, como en mellorar substancialmente a xestión e a calidade na prestación dos servizos. Agora a situación permítenos afrontar en toda a súa extensión unha política sanitaria integral.

Xa está redactado e remitido ós profesionais e axentes sociais –como se debe facer e pronto estará aquí– o texto da futura Lei de sanidade de Galicia, que ten como obxecto afianzar na nosa comunidade o dereito constitucional á protección da saúde de tódolos cidadáns, afirmando a humanización, a universalidade e a calidade na asistencia sanitaria como valores fundamentais na moderna sanidade galega e garantindo o aseguramento sanitario único e público, así como o financiamento tamén público do sistema. Falsidade é falar de potenciación, fálase de mellor xestión. Noutras palabras: con esta lei os galegos teñen asegurada unha sanidade pública, universal, gratuíta, da máis alta calidade e mellor xestionada.

No primeiro bando das prestacións sanitarias e como porta de acceso ó sistema sanitario continuará o impulso de novas unidades de atención primaria, base do novo modelo asistencial, así como a implantación de máis puntos de atención continuada (PAC), de cara a garanti-la atención de urxencia cun nivel básico de recursos materiais e contando sempre coa presenza física dos profesionais sanitarios. Dos PAC teño que dicir a aqueles concellos que aínda non entenderon canto mellora a asistencia deste xeito que na mesma vila miña de Vilalba, nalgún dos concellos próximos, houbo algunha resistencia, pero agora saben que os van buscar en ambulancia e que teñen mellor servizo asegurado. E isto é o que hai que dicir, que cada paso adiante supón cambios –cambios en contra dos que chaman conservadores esquecidos, cando son conservadores reformistas– que poden se-la única forma de mellorar e estar ó día. Eu coñecía o tempo dos menciñeiros, de modo que...

E no campo da xestión clínica cómpre salientar que o Servizo Galego de Saúde está a impulsar dende o pasado ano un proxecto de Galicia que a coloca na vangarda dos sistemas de xestión e que consiste basicamente en ir poñendo en mans dos profesionais cada vez máis decisións de xestión das súas unidades. Entre os obxectivos propostos figura o control e a mellora da demora media cirúrxica (menos de 70 días), da demora da primeira consulta externa (menos de 30 días) en especializada e da demora no primeiro contacto sanitario de urxencias (menos de 10 minutos).

Igualmente están en marcha os plans funcionais dos nosos hospitais públicos para adecua-la súa estrutura ás demandas previsibles dos próximos anos.





José Mª García Leira viviu o seu primeiro debate sobre o estado da Autonomía como presidente do Parlamento de Galicia despois de dúas lexislaturas como vicepresidente primeiro.

Neste sentido trabállase intensamente no desenvolvemento dunha política de «calidade total». Con isto trátase de incidir, non só na calidade asistencial, que alcanzou xa uns altísimos niveis, senón de forma especial en todo aquilo que rodea o punto clave, que é o acto médico.

Desta maneira bríndaselle ó cidadán, en tódalas instalacións sanitarias de Galicia, non só maior comodidade, senón unha atención máis humanizada, que vén traducirse nunha mellora do que se coñece como calidade percibida.

Tamén cabe destaca-la posta en marcha da información sobre os custos de hospitalización ó usuario, porque é moi importante que a xente saiba o que recibe e tamén de qué maneira todos podemos cooperar ó utiliza-los servicios realmente necesarios, tema que é fundamental.

O Servicio Galego de Saúde vén desenvolvendo un importante programa de modernización dos seus centros hospitalarios que recolle dous tipos de actuacións: construción de novos hospitais e reforma de centros.

Os hospitais da Barbanza e de Cee, o Hospital do Salnés, o remate previsto para 1999 do novo Hospital Clínico de Santiago e o Hospital Xeral de Lugo, do que se vai encarga-lo proxecto de maneira inmediata, expresan unha política clara de ampliación e mellora de instalacións sanitarias, ó igual cás reformas, importantes, no Juan Canalejo –un dos primeiros hospitais de España–, no Arquitecto Marcide, no Novoa Santos, nos comarcais de Burela e do Barco, no Montecelo e no Nicolás Peña.

É coñecido o enorme esforzo económico realizado dende que se asumiu a transferencia do Insalud, que tantos se permitiron criticar, para moderniza-lo noso propio sistema sanitario, que hoxe en día é referencia obrigada cando se fala de sanidade noutras comunidades autónomas que non teñen os problemas que nós temos de dispersión da poboación.

Na mellora dos nosos centros asistenciais investíronse máis de 81.000 millóns de pesetas.

O Proxecto de lei de ordenación farmacéutica ten un marco xeral de atención que non reduce a súa normativa á atención farmacéutica que se dispensa nas oficinas de farmacia, senón que integra os diferentes sectores que participan na distribución e dispensación de medicamentos e produtos sanitarios. Teño ganas de ve-las críticas que fan os sectores que din que somos un grupo corporativo que está sempre ós intereses establecidos.

En materia de saúde pública, destacarei novos programas de prevención, promoción da saúde e de control e en especial os relativos á sida, á tuberculose –por desgracia, renacente– ós riscos específicos laborais e á seguridade química.

Unha acción permanente dende 1990 da Xunta de Galicia foi a de reforza-los vínculos de solidariedade. Temos que recoñecer que, cheos de virtudes como estamos como pobo, ás veces somos demasiado individualistas. Unha solidariedade efectiva que esixiu importantes recursos económicos e que se concretou en servizos e dotacións dirixidas a todos aqueles que precisaban o apoio da sociedade.

Ano a ano vanse incrementando as accións e os servizos. Así, en servizos sociais de atención primaria, a aprobación de plans integrados; a extensión de 138 concellos do sistema de información de usuarios de servizos sociais; a reforma da Lei da Risga –que nós primeiro dictamos e agora reformamos para facilita-lo acceso ás prestacións e diminuí-los trámites–; os programas «Guieiro» e «Achego» para facilita-la inserción social e laboral; ou o cheque asistencial para persoas maiores dependentes, que permitirá o acceso á axuda a domicilio, ós centros de día e ás estancias temporais en centros asistenciais, así como a prazas residenciais.

Teño que citar igualmente a nova residencia de asistidos de Ribeira e a aprobación do Plan de atención especializada para persoas con minusvalidez, que beneficiará máis de 80.000 persoas con discapacidade en Galicia.

Solidariedade e cooperación. Este é o fundamento do Plan «Sociedade solidaria 2000» que queremos poñer en marcha coa cooperación das obras sociais das caixas de aforros galegas, dirixido especialmente á integración social, ó emprego e á atención das persoas maiores e con minusvalidez.

Segue constituíndo un obxectivo prioritario contra o que puideramos chama-lo mal do século, tanto na área de prevención, dirixida especialmente á información nos centros escolares e á colaboración efectiva dos pais, como na área de asistencia, a apertura de dúas novas unidades de desintoxicación, a consolidación da atención á poboación reclusa drogodependente e a integración de oficinas de farmacia e centros de atención primaria en programas de tratamento e prevención en patoloxías asociadas ás drogodependencias.

Estáselle, naturalmente –e insisto en que é un tema que ten que ser recorrente nun discurso deste ano de fin de século–, dando atención especial á área de información. O II Informe do Observatorio de Galicia sobre Drogas está subministrando unha valiosa información para a formación de profesionais, investigación e avaliación dos recursos e programas do Plan de Galicia sobre drogas.

As administracións públicas

Eficacia interna nos procedementos e métodos de actuación, utilizando como soporte a informatización integral de tódolos servizos; accesibilidade ó cidadán,

eliminando atrancos e restriccións, posibilitándolle a comunicación coa Administración vía internet ou a través do portelo único; facilidade para as novas empresas, simplificando os trámites administrativos para a súa apertura; e, en definitiva, reforma en profundidade da Administración, poñendo en pé un conxunto de actuacións co eixe troncal da avaliación do rendemento.

Este programa implicou a acción de renovación máis profunda emprendida por unha administración pública. Teño que dicir que numerosas comunidades autónomas das máis importantes do noso país, de España, firmaron convenios para intercambiar este programa, que cedemos con moito gusto, e que, ó mesmo tempo que permite fixa-los obxectivos e comproba-lo seu cumprimento, constitúe a base firme para a redución de custos de funcionamento, e sobre todo estimula e recoñece o traballo ben feito e permite detectar aquelas unidades que deben mellora-lo seu rendemento, con respecto ás cales serán adoptadas, e estanse adoptando, as medidas precisas.

A publicación da 1ª *Avaliación do rendemento correspondente ó exercicio 1996* expresa e concreta a realidade desta acción, chave para o perfeccionamento da nosa Administración.

Teño que referirme, así mesmo, á atención prestada ós servizos de Protección Civil, coa posta en funcionamento do teléfono único de emerxencias, 112, sobre o soporte da central de emerxencia do SOS Galicia, servizo exemplar cun altísimo grao de eficacia, en xeral ó reforzamento de tódolos dispositivos de Protección Civil –¿quen o ía dicir?, practicamente inexistente cando nós chegamos ó Goberno– e en especial ó desenvolvemento dos plans de emerxencia municipais e en polígonos industriais ou ó incremento nas axudas a agrupacións de voluntarios e concellos.

Galicia dispón hoxe dun dos servizos de protección civil máis eficaces, no que destacaría a integración de concellos, as agrupacións de voluntarios e a da propia Administración autonómica nunha organización capaz de dar resposta a todo tipo de actuacións, como está á vista.

O 22 de outubro de 1990 asinou-se o convenio co Ministerio do Interior, en función do cal se adscribiu á Comunidade Autónoma unha unidade da Policía Nacional.

A vixencia inicial de tres anos foi prorrogada sucesivamente, coa ampliación en 1996 dos efectivos a 500 persoas.

A experiencia destes oito anos de funcionamento foi altamente satisfactoria en canto ó cumprimento dos obxectivos sinalados á unidade, nembargantes, a medio prazo, semella conveniente dar un novo paso na política autonómica en materia de seguridade. Por unha banda, potenciando as funcións e os

medios das policía locais de Galicia, que xa temos facultades legais dadas por este Parlamento para coordinar, e aprofundando nos mecanismos para a súa coordinación e, por outra banda, e enlazado co anterior, mediante a evolución ata unha Policía Autonómica propia, de acordo co previsto no artigo 27.25 do noso Estatuto de autonomía e dentro do marco previsto no artigo 149.29 da nosa Constitución.

Esta evolución respondería a dúas consideracións e a unha reflexión global.

En primeiro lugar, o carácter da unidade adscrita, mantendo a dependencia orgánica do Ministerio do Interior, plantexa algúns problemas prácticos relativos ás situacións administrativas, facendo demasiado acusada a situación de provisionalidade na que se atopan os membros da unidade.

A segunda consideración é a limitación de obxectivos e funcións que, de acordo co convenio, teñen asignadas as ditas forzas.

A reflexión global é que, transcorridos oito anos dende o inicio da súa actividade, este modelo ten demostrado a súa utilidade, a pesar das imperfeccións sinaladas, que progresivamente iremos corrixindo.

É por iso que o Goberno se plantexa iniciar no momento oportuno negociacións co Ministerio do Interior de cara á necesaria evolución da situación actual no marco da política de seguridade deseñada pola Xunta de Galicia.

Estas conversacións teñen dous obxectivos: defini-las novas funcións que debe presta-la Policía Autonómica e articula-la transferencia de medios persoais e materiais precisos para que o exercicio destas funcións non implique gravame para a Facenda autonómica, de acordo coa política xeral de transferencias.

Todo isto esixirá a transferencia á Comunidade Autónoma do persoal que integra a Unidade de Policía adscrita e daqueles efectivos integrados actualmente na Administración policial estatal que desempeñen as novas funcións que se lle deben asignar á Policía de Galicia.

Unha vez definidas, en coordinación co Ministerio do Interior, as funcións que deberá desempeña-la Policía de Galicia, presentarase ante esta Cámara o oportuno proxecto de lei. Isto obrigará igualmente a reforza-la Academia Galega de Seguridade, que, por certo, está funcionando de modo exemplar, xa que independentemente do acceso á nosa futura Policía dos integrantes das forzas e corpos de seguridade do Estado, na forma que se regule na Lei de policía de Galicia, existirá o acceso directo a través dos procesos selectivos que desenvolva a nosa academia, á que se lle asignará igualmente a misión de centro de formación e perfeccionamento do persoal ó servizo da Administración de xustiza, ademais das policía locais, hoxe xa coordinadas por min.

Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que recibiu a totalidade das competencias materiais en relación coa Administración de xustiza: medios persoais e materiais ampliados ás fiscalías en maio deste ano.

Un proceso de transferencias xustifícase non pola pura translación de competencias dunha administración a outra, senón polo feito de que esta translación debe ter como corolario, obviamente, un mellor servizo.

Isto é o que sucedeu no noso caso: gracias á transferencia, construíronse –e moitas– novas sedes xudiciais, renováronse e modernizáronse case tódalas existentes, revisouse e púxose en marcha un plan integral de informatización xudicial e estase a definir unha acción global de formación e perfeccionamento para o persoal ó servizo da Administración de xustiza e profesionais do dereito, que, como sinalai anteriormente, se desenvolverá a través das colaboracións oportunas co Consello Superior e tamén coa Academia Galega de Seguridade.

O pacto local

A articulación do Estado das Autonomías sería incompleta se non se asumise na súa integridade o principio, hoxe dereito europeo, da súa integridade e o principio de subsidiariedade, en función do cal a administración máis próxima ó cidadán, se conta coa organización suficiente e axeitada á súa natureza, debe asumí-la prestación de servizos directamente relacionados con este.

A Administración local, como xa sinalai nalgunha ocasión, debe se-la administración do século XXI. Algúns entenden as autonomías cos novos centralismos, non o Partido Popular.

Ó mesmo tempo que se produce un refluxo na actuación das administracións públicas nas áreas de intervención económica ou de prestación directa de determinados servizos públicos, paralelamente, estamos asistindo a unha expansión de servizos, especialmente de natureza social e asistencial; área na cal as administracións locais deben se-las auténticas protagonistas.

O pacto local configúrase así como a expresión dun proceso reflexivo que estamos dispostos a abordar coa máxima vontade política. É obvio que iso é saber renunciar a poderes, como din algúns, e situalos onde deben estar. A constitución da Comisión Galega de Cooperación Local, recentemente creada, de acordo coa lei aprobada por este Parlamento, e o inicio dos traballos coa Fegamp, instrumento representativo, obviamente, dos concellos e das provincias, constitúen os primeiros pasos deste proceso, que será impulsado por este Goberno con toda lealdade e enerxía.

Para evitar equívocos, quero precisa-lo concepto de pacto local. Entendemos por tal o acordo político e territorial en virtude do que, logo das correspondentes disposicións xurídicas e financeiras, algunhas delas que deben ser tomadas por lei a nivel nacional e mediante as técnicas descentralizadoras e de delegación ás que houbese lugar, traspásase, dende o ámbito estatal e autonómico –este último, obviamente, é o que máis nos afecta–, ás entidades locais unha serie de competencias que, polas súas características de proximidade e achegamento ó administrado, poidan ser desenvolvidas mellor dende estas instancias, dentro do máis estricto respecto da estrutura de distribución de competencias definido pola Constitución. Proceso, en todo caso, acompañado dos recursos financeiros –sen os cales sería unha trampa– necesarios para a efectividade dos traspasos.

Os eixes básicos do pacto local, en canto á asignación de ámbitos competenciais ás corporacións locais, son os seguintes:

- 1º Non incremento do gasto no seu conxunto, o que non se opón a novos conceptos das transferencias en tódolos niveis.
- 2º Cesión de competencias soamente ós concellos que teñan capacidade de xestión suficiente, o que quere dicir axuda-los que non a teñan, se é posible adquirila.
- 3º Mecanismos que garantan a prestación de servicios mínimos, así como o equilibrio interterritorial, tendo en conta a distinta estrutura demográfica dos concellos.
- 4º Redistribución do gasto público, proporcionalmente ó de competencias asumidas.
- 5º Obviamente, o proceso do pacto local debe ser coordinado pola Xunta de Galicia e a devandita comisión, coa participación das entidades locais.
- 6º Aplicación –volvo dicir que este é un principio hoxe de observancia obrigatoria– do principio de subsidiariedade no marco da Administración única, que algúns dixeron ultimamente que estaba arquivada. Todo o mundo se apunta hoxe a esta proposta feita neste Parlamento, inspirada na normativa comunitaria europea.

A ruptura do illamento

Estamos asistindo xa e agora á realidade dunha Galicia accesible. Algúns cren que os viaductos ou que as obras maiores de arte enxeñeiril se fan nun día, pero estamos asistindo xa e agora á realidade dunha Galicia accesible que antes non existía nin estaba programada. A finais deste ano de 1998 poderemos

circular por autoestrada e autovía dende Madrid a Vigo, e na autovía do Noroeste quedarán só os tramos de Pedrafita, nos que se está a traballar de forma acelerada e queimando etapas.

Fixemos realidade un soño no que poucos crían. Teño unha carta dun antigo ministro de Obras Públicas que me dicía: «**Iso das autovías é un soño; mándoche unha lista de propostas alternativas**». Vaise realizar. Máis de 600 quilómetros de autovía en terreos especialmente difíciles constitúen un fito histórico que implica un cambio profundo en tódolos campos da nosa economía e que vai influír profundamente na nosa sociedade. Hai que dicir que hai os romanos, que hai Ensenada e que hai este Goberno.

Galicia asume o seu protagonismo neste feito. Materializouno no convenio co Ministerio de Obras Públicas e no apoio e na esixencia de toda a sociedade galega e de tódalas forzas políticas representadas nesta Cámara.

Non está todo feito. Falta a concreción do trazado da autovía do Cantábrico e a subseguinte aprobación de proxectos e inicio das obras, cos que lograremos-la total accesibilidade co norte e co centro.

Un proceso histórico de enorme importancia teno igualmente a accesibilidade con Portugal. Novas pontes e mellora de accesos, a conexión da autoestrada portuguesa e da autovía galega sentan as bases sólidas dunha eurorrexión na que os lazos económicos son cada día máis estreitos. Quero dicir que diso nos honramos especialmente da nosa nación irmán.

Na nosa responsabilidade directa, o Plan de estradas expresa xa hoxe e neste momento a realidade dunha conexión entre os grandes eixes e a rede interior.

A autoestrada Vigo-Baiona e as vías de alta capacidade Padrón-A Vacariza constitúen as actuacións máis significativas en execución neste momento, ás que se unirán, con carácter inmediato, a vía de alta capacidade do Morrazo e o desdoblamento Ferrol-San Sadurniño.

Rematada practicamente a rede primaria básica, os esforzos céntranse na rede complementaria e nas tarefas de conservación do noso patrimonio viario.

Naturalmente, algúns espéranme aquí. Quixera determe na mellora do ferrocarril (tomo V, *Valoración do ferrocarril: O novo reto das comunicacións*). A mesma enerxía –non se pode facer todo á vez– e a mesma forza que puxemos na ruptura do illamento por estrada estámola poñendo en lograr para Galicia a accesibilidade ferroviaria.

Xa gañámo-las primeiras batallas. Sesenta mil millóns representan os convenios subscritos co Ministerio de Fomento e con Renfe, que, sumando todas as partidas, son máis de 70.000.

O noso obxectivo é claro: logra-lo cumprimento estrito do Plan de infraestructuras aprobado por este Parlamento. É máis fácil toma-los acordos que cumprilos, estamos niso.

Non estamos sós. É tamén unha loita solidaria coas demais comunidades autónomas do norte, para facer efectiva, coa maior prontitude, a variante do Guadarrama. Hai quen di que qué porras facemos ó ir a Madrid. Ben, jalá eles!

Estamos prestando a maior atención ás conexións con Portugal e reiterámo-lo carácter estratéxico da velocidade alta co Porto.

Paso a outro tema chave para Galicia, esta terra que mira ó mar.

En materia portuaria e con base nas novas competencias da Comunidade Autónoma, o noso obxectivo é mellora-la competitividade dos grandes portos e a súa especialización, continuando coa exemplar atención que lles dedicamos dende 1990 ós portos, ata o de agora titularidade da Comunidade Autónoma. E xa se nota e pronto se notará máis.

A presente lexislatura vai se-lo ámbito propio no que tódolos esforzos feitos dende 1990 para a modernización de Galicia se verán nos seus resultados.

Empeño polo emprego

O noso obxectivo é claro: lograda a accesibilidade, poñer todo o noso empeño na modernización das nosas empresas, cunha especial énfase nas infraestructuras tecnolóxicas e na formación, e coa utilización dos instrumentos financeiros precisos para facilita-la creación e a ampliación de empresas. Os eixes estratéxicos de actuación son os seguintes:

Como xa sinaléi no meu discurso de investidura diante desta Cámara, o emprego é o principal obxectivo do Goberno. Máis exactamente, fixémonos como eixe das actuacións económicas que lle competen á Xunta a tradución do indiscutible crecemento económico en creación de emprego, en liña coas recomendacións máis recentes do Tratado de Amsterdam e do Consello Europeo de Luxemburgo.

Hoxe en día, tódolos indicadores do mercado laboral galego subliñan unha tendencia do emprego claramente positiva e cunha perspectiva de continuidade no tempo descoñecida ata agora. Así, ó final do primeiro semestre do ano, Galicia incrementou nun 3,90 % o número de afiliados á Seguridade Social, o que supón un aumento de 30.570 afiliacións entre decembro e xuño. E quero dicirlles a tódolos que poidan facer algo que pasou o tempo das economías somerxidas. E isto a pesar da perda de cotizantes de alta no réxime especial agrario, froito do proceso da inevitable modernización da nosa economía.

Se tomámo-los datos do paro rexistrado, a tendencia é igualmente moi positiva. Ó final de agosto deste ano o número de desempregados inscritos nas oficinas de emprego baixaría a 143.919, cifra moi inferior á do mesmo mes do ano 1997, que fora de 156.178. Nos últimos catro anos descendeu en máis de 44.000 o número de desempregados rexistrados, o que representa un descenso do 22,03 % do desemprego entre agosto de 1994 e agosto de 1998.

A enquisa de poboación activa serve para confirmar esta tendencia de creación de emprego. De acordo cos datos do primeiro semestre de 1998, a taxa de paro de Galicia segue case dous puntos por baixo da media do conxunto de España (17,08 % fronte ó 18,91 % ó remate do semestre). Neste primeiro semestre do ano, o paro, segundo a EPA, descendeu en Galicia en 17.600 persoas, o que supón unha baixa do 8,51 % fronte ó 4,43 % no conxunto do Estado, o dobre. Na comparación interanual con 1997, o paro en Galicia descendeu en 22.000 persoas e o número de ocupados incrementouse en 17.700. A conclusión é que Galicia está sendo a terceira comunidade na que máis descendeu o desemprego, xunto con Cataluña e Madrid, e no primeiro semestre deste ano dobra en porcentaxe de descenso o paro respecto da media do Estado.

Este comportamento favorable do emprego correspóndese cun crecemento económico que, segundo as previsións de Hispalink, se situará á fin de ano no 4,1 %, tres décimas por riba do crecemento medio do Estado.

Pero lonxe de nos dar por satisfeitos con estes datos tan favorables, pensamos que era o momento de fortalecer os mecanismos de apoio ó investimento productivo e de política activa de emprego. Trátase, como xa dixen, de traducilo crecemento en creación de tantos novos postos de traballo como sexa posible. Neste sentido, a política de emprego do Goberno galego parte das políticas europeas e nacionais, procurando intensifica-los seus efectos. Trátase, en definitiva, de aproveita-lo «efecto arrastre» destas políticas.

En materia de emprego, este «efecto arrastre» implica o pleno desenvolvemento en Galicia das previsións e obxectivos do Consello Europeo de Luxemburgo e do Plan de acción para o emprego do reino de España. No primeiro caso, a Xunta asumiu o reto de atender os colectivos prioritarios previstos nas directrices europeas en materia de emprego, que son os xoves desempregados menores de 25 anos antes de que cheguen ó sexto mes de paro, os maiores de 25 anos antes de que pasen dos doce meses sen emprego e os discapacitados. No segundo caso, Galicia participou activamente no deseño das medidas e programas do Plan nacional, e será, xunto con Cataluña, a única comunidade que desenvolverá o cen por cento das accións previstas no seu territorio.

Doutra banda, a política de promoción económica e do emprego ten que facerse coa participación de quen ten nas súas mans boa parte das posibilidades reais de aplicala. Refírome ós chamados comunmente axentes económicos e sociais, particularmente as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, e volvo dicir que algunha das sindicais preferiu quedar fóra, ¡alá ela! Como é sabido, dirixinme a eles varios meses antes das pasadas eleccións autonómicas para ofrecer diálogo e procurar, conxuntamente, poñer en marcha as liñas de actuación máis adecuadas para traducir en emprego as boas perspectivas económicas.

Unha vez confirmada pola maioría dos galegos a responsabilidade –que me abruma– de presidir novamente o Goberno, reitereille ós sindicatos e ós empresarios a oferta do diálogo, desmentindo os que quixeron ver aquilo como un xesto preelectoral. Por fin, despois de seis longos meses de traballo, o pasado 13 de xuño foi asinado o Plan de medidas para o crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001, no que participan a Xunta, os sindicatos UGT e CCOO, non a CIG, e a Confederación de Empresarios de Galicia.

Este plan de emprego responde exactamente ós principios que xa expuxen anteriormente:

1. É respectuoso co marco europeo e estatal, en canto á súa filosofía, ó respecto das regras de mercado e da competencia que rexe a Unión Económica e Monetaria e ó obxectivo de acadar un maior crecemento e creación de emprego estable aproveitando as potencialidades propias ou endóxeas da nosa comunidade.
2. Integra a vontade maioritaria dos axentes económicos e sociais de Galicia e diseña as grandes liñas da política de emprego autonómica ata o ano 2001.

Cómpre salientar que este acordo desta amplitude non ten precedentes en España, tendo en conta, repito, a amplitude dos seus contidos e o ambicioso dos seus obxectivos. Non se trata só dun acordo sobre a aplicación de determinadas liñas de actuación administrativa, senón de consensuar os elementos chave e fundamentais das accións da Xunta en materia de emprego e crecemento. Deste xeito, é manifesto o apoio ós sectores productivos galegos, ó fomento do emprego estable e de calidade, á territorialización das políticas activas de emprego garantindo a igualdade de oportunidades en todo o territorio, á atención ós grupos sociais máis desfavorecidos, ó obxectivo de melloral-la cualificación profesional, ó principio de participación dos axentes sociais, e un longo etcétera.

Todos eles constitúen acordos básicos de boa fe que enchoupan as políticas de emprego da Xunta e comparten as organizacións asinantes e asemade son puntos de consenso sobre os que construír unha ampla relación de medidas e unha grande aposta orzamentaria e de xestión. Os esforzos feitos en alcanzar este acordo e o seu contido e apoio orzamentario –pronto o teredes diante desta Cámara– non deixan dúbida sobre o carácter que ten o emprego como primeira prioridade do noso Goberno. Non podía ser –tamén hai que recoñecelo– doutro xeito.

Os acordos conteñen un complexo conxunto de accións a favor do emprego centradas na formación e nas políticas activas. Pero teñen o obxectivo máis amplo de concertar cos interlocutores sociais unha estratexia de impulso da base productiva galega, o demais son contos. E neste sentido identifica os complexos de actividade con maiores potencialidades de creación de emprego e as actuacións que hai que desenvolver en cada un deles.

Inclúen, en primeiro lugar, a creación de novos instrumentos de apoio financeiro á promoción económica e ó fomento empresarial, así como a modernización doutros xa existentes, nos que se deseñan medidas de fomento das sociedades de capital-risco, os préstamos participativos, os sistemas de garantía recíproca e a cooperación empresarial.

En materia de reordenación do tempo de traballo, instase os interlocutores sociais, de acordo coas directrices de Luxemburgo, a negociaren medidas que contribúan a aumenta-la produtividade e competitividade das empresas, asumindo a Xunta de Galicia o compromiso de incentiva-la creación neta de emprego estable que resulte de tales acordos. E volvo invitar a todos a non esquece-la súa responsabilidade; a Xunta de Galicia non fallará na súa.

En materia de políticas activas, Galicia, ademais de facer achegamentos destacados ó Plan nacional de acción para o emprego do reino de España, está a facer neste ámbito un esforzo sen precedentes para cumprilos obxectivos do Cume de Luxemburgo, que, dende o punto de vista orzamentario, se reflicten no achegamento –pronto se verá nesta Cámara– de 25.000 millóns anuais de media durante os catro anos de vixencia do plan (1998-2001).

Non podemos esquecer que a nova condición da Xunta de Galicia como única administración xestora das políticas activas de emprego –que foi un grande avance– representa unha oportunidade de maior eficacia e de mellor adecuación ás características do mercado laboral galego, e non ignoramos unha maior responsabilidade deste Goberno. Neste senso, estase modificando o funcionamento das tradicionais oficinas de emprego, para convertelas

en centros de servizos ó emprego. A xeneralización da cita previa, a creación dun sistema de orientación personalizada, a mellora das oficinas en canto a locais e dotacións, son cambios apreciados xa polos usuarios galegos do Servizo Público de Emprego, que aínda está en fase de perfeccionala súa implantación.

Dentro da estratexia global do Plan de emprego, o Plan de desenvolvemento comarcal adquire unha nova dimensión que reafirmou o seu obxectivo inicial de lograr un desenvolvemento territorial máis equilibrado. E, por certo, quero dicir ós que critican que neste punto non se desenvolve o Estatuto que o estamos a facer polo camiño que vale, que é ir facendo realidades, e no seu momento, naturalmente, saca-las conclusións lexislativas. Todo o demais é falar por falar.

Durante estes anos creáronse unha serie de instrumentos orientados á coordinación, á dinamización, á cooperación e á promoción dos recursos e iniciativas locais. A experiencia acumulada na acción das vinte comarcas piloto puxo de manifesto a necesidade de contar con estes instrumentos de apoio para a creación de emprego, para a promoción de novas iniciativas, para a racionalización das iniciativas locais e para o fomento do asociacionismo e a posibilidade de conectar a través destas bases, mesmo cartográficas, por suposto administrativas, por suposto informativas, coa posibilidade de obter as axudas europeas que xa están aí e, por certo, son ben interesantes.

Dentro do contexto metodolóxico propio do desenvolvemento local, a difusión entre a poboación da información, a apertura de novas canles para a participación e o acercamento ós emprendedores potenciais e as accións de asesoramento directo constitúen estratexias imprescindibles para estimular a base socioeconómica das comarcas de cara á creación de emprego.

Esta acción de dinamización de arriba a abaixo complétase coa canalización das iniciativas que xorden da base social. Esta converxencia ten a súa materialización máis evidente nos centros comarcais, que xa están aí implantados en moitas comarcas, que constitúen un dos máis singulares achegamentos á revalorización e promoción dos recursos que hai en cada comarca e que cumpría detectar e potenciar.

O noso obxectivo é a ampliación do desenvolvemento comarcal á totalidade do territorio galego, partindo de que a creación de novas comarcas, seguindo os principios de consenso e participación consagrados na Lei de desenvolvemento comarcal, faise decote por petición da maioría dos concellos respectivos. Que ningún esqueza neste momento a necesidade de cooperación e participación.

Constitúe un eixe básico da competitividade das nosas empresas e, en definitiva, da nosa política de desenvolvemento económico.

A Xunta, que nos últimos anos prestou un apoio crecente á investigación, emprende agora unha nova etapa coa próxima aprobación e posta en marcha do primeiro Plan galego de investigación e desenvolvemento, obxectivos estratéxicos que apuntan directamente cara á innovación empresarial, e establécense áreas prioritarias que, cos sectores pesqueiro e agropecuario e o do medio ambiente, son claves para un desenvolvemento sostible de Galicia; defínense tamén instrumentos de apoio, asígnanse recursos e intégranse ó máximo os distintos axentes e medios que participan no proceso para lograr una maior eficacia.

Galicia asume así plenamente o protagonismo que lle corresponde como comunidade autónoma e como rexión europea, dunha banda no seu propio proceso de innovación e globalización da economía, que nos leva da súa man cara ó século XXI, e doutra nunha sociedade na que o desenvolvemento se basea cada vez máis no coñecemento.

A Xunta de Galicia, dende as distintas consellerías e dende a propia Presidencia –por certo, unha das últimas reformas, despois da última reorganización administrativa, é a creación da secretaría xeral especializada para este problema–, prestará o seu apoio a este esforzo, co convencemento de que con isto daremos un paso decisivo para asentar con firmeza o noso futuro.

Avance agrario

O sector agrario galego está experimentando un importante e innegable avance na mellora da calidade e competitividade das súas producións e na consecución dun pulo sostido de desenvolvemento nas zonas máis desfavorecidas. Isto foi posible tanto polo evidente progreso nos niveis de formación e profesionalización dos nosos agricultores como polo excepcional esforzo desenvolvido por eles mesmos e as súas organizacións, pero tamén pola Xunta de Galicia durante os últimos anos.

Nembargantes, temos clara a conciencia do longo camiño que aínda nos queda por percorrer. Eu coñecín a Galicia dos anos trinta e sei moi ben o que se ten avanzado e o custo diso, pero aínda nos queda un longo camiño por percorrer. Por unha banda, a nosa agricultura ten que enfrontarse ó reto dun mercado cada vez máis amplo, aberto e competitivo, o cal esixe enfrontarse con urxencia a importantes reformas estruturais para homologala cos seus competidores máis inmediatos. Por outra, debe axustarse ós requirimentos

dun consumo cada vez máis esixente e selectivo na calidade –xa viron nas noticias destes días que estamos a exportar alimentos de calidade, e aínda podemos facer máis–, diversidade e salubridade nos alimentos; un consumo que tende a segmentarse entre os diferentes grupos poboacionais en busca de produtos cada vez máis personalizados e nos que as garantías de orixe e calidade constituirán un elemento cada vez máis importante do seu valor.

A necesaria adaptación a estas realidades esíxenos deseñar unha agricultura renovada nas súas concepcións, precisa nas súas estratexias e consecuente nos seus obxectivos. E nese camiño nos atopamos. Equivócanse gravemente os que pretenden asenta-lo futuro sobre o incremento de producións continxentadas ou excedentarias, que o son, naturalmente, porque están subvencionadas; ralentizan o progreso os que, ó abeiro de formulacións paternalistas ou pseudoproteccionistas, presionan pola utilización de fondos públicos para o sostemento de estruturas –gústenos ou non– xa caducadas; e, desde logo, resultan de moi pouca axuda para os nosos agricultores os que pretenden artella-la necesaria evolución sobre o substrato dunha conflictividade sostida e permanente. ¡Alá os das tractoradas!

A reordenación dos sistemas productivos debe de acometerse con celeridade e os instrumentos básicos do proceso poden fixarse con sinxeleza: unha investigación capaz de xerar novas alternativas e de establecer os mecanismos idóneos para acadalas; una formación áxil e versátil, encamiñada a conseguila maior racionalidade técnica e económica nas decisións dos nosos agricultores e a súa rápida adaptación ás cambiantes circunstancias do mercado; unha integración a tódolos niveis, que mellora a fluidez e a eficiencia económica das producións e dos intercambios comerciais, á vez que unha mellora da adaptación ós requirimentos do mercado; unha diversificación das producións, para a que Galicia está singularmente ben dotada, e que permita atender-la concomitante diversidade dos mercados; unha diferenciación nas características dos nosos produtos, que nos permita acudir ós mercados con personalidade de noso –e xa se veu o que pasou cando se acuñou a denominación de orixe dos viños ou da tenreira galega–; e, finalmente o establecemento de mecanismos de garantía cara ó consumidor, que ó final é o que manda.

Que esta nova orientación da política agraria é correcta confirmao a magnífica aceptación que veñen tendo no mercado os nosos produtos proxectados con indicativo de calidade. Sirva, a título de exemplo –xa o dixer–, o espectacular desenvolvemento da denominación específica «*Tenera Gallega*», *la carne con carnet*, que, ademais de incrementa-lo seu valor en primeira venda

dende 2.416 ata 5.975 millóns de pesetas –que é máis do dobre–, tan só no período 1993-97 logrou a súa inclusión no logo «EQB» (European Quality Beef), hoxe por hoxe tan só aplicable ó 1 % da produción total europea de carne. E isto por non falar doutros produtos, como os nosos viños, dos que o seu alto nivel de calidade é xa xeralmente coñecido en Europa enteira.

Somos conscientes das dificultades de partida neste novo camiño que desexamos emprender; así, a aínda elevada porcentaxe de poboación activa no sector, as limitacións estruturais e infraestruturais, a aínda insuficiente integración de todo o proceso productivo ou a excesiva tendencia cara ó monocultivo, especialmente lácteo, son limitacións que temos que remover, e para iso emprendemos xa as accións oportunas.

Pero o noso sector agrario posúe tamén importantes vantaxes comparativas. Así, as producións atópanse baixo un «paraugas familiar», ó se implicar toda a familia nos investimentos económicos. O minifundio, coas súas connotacións negativas –temos que corrixilo e niso estamos traballando con distintas formas de concentración–, favorece tamén a diversificación e é competitivo en producións de calidade que requiran abundante man de obra. Fan falla máis cultivos baixo o plástico, máis mel, máis froita, máis verduras. A agricultura e a gandería atópanse integradas na nosa comunidade e forman parte inseparable da súa idiosincrasia –ben o sei eu, neto de agricultores galegos da Terra Cha–. Dispoñemos xa de centros de investigación e formación propios, e efectúase un importante avance na profesionalización de técnicos e labregos. É posible, pois, mirar cara ó futuro con optimismo e esperanza e, neste camiño, colocamos xa os alicerces no que deberá asentarse.

Piar básico na construción deste futuro é o novo Plan lácteo galego. O sector lácteo, que ocupa máis de 50.000 persoas de maneira directa e outras 10.000 de maneira indirecta, supón máis do 30 % da produción láctea estatal e xera un valor próximo ós 100.000 millóns de pesetas. É, por tanto, un sector absolutamente prioritario para a nosa comunidade.

Este plan, que se vai desenvolver en dúas fases (1998-99 a 2001-2002 para implantación e 2002-2003 a 2004-2005 para consolidación), presenta como liñas fundamentais de actuación a reordenación da produción, a racionalización loxístico-industrial, a potenciación da eficacia comercial, a vertebración sectorial e a mellora na capacidade de xestión, e establece un custo global de 49.700 millóns na primeira fase e de 39.600 na segunda; isto é, aproximadamente uns 90.000 millóns, dos que aproximadamente a cuarta parte foi financiada pola Xunta de Galicia.

Estamos seguros de que ó remate deste plan, no ano 2006, Galicia asumirá sen problema o reto da libre confrontación cos seus competidores directos no mercado, e recordemos que para entón non é imposible, mesmo é probable, que o sistema de cotas, que tantos critican hoxe, desapareza, e a algúns verémolos chorar.

O sector cárnico xera en Galicia un valor próximo ós 73.000 millóns de pesetas, dos que o 37 % lle corresponde á gandería dependente do espazo agrario (vacún e ovino de carne) e o 63 % restante á gandería industrial. No vacún de carne –xa o dixen– imos continua-la nosa aposta pola tenreira galega, actualmente a carne de vacún con máis prestixio na U.E., e da que xa comentamos con anterioridade os seus excelentes resultados. Imos loitar tamén por conseguir que as primas establecidas na futura OCM se adapten ás nosas peculiaridades, e aí está loitando, teño que dicilo, por cantos din que somos esquecidos, o Goberno nacional e o seu vicepresidente económico, o señor Rato.

En canto á gandería industrial, imos seguir colaborando co sector privado, co ánimo de mellora-la eficiencia das producións, e creando marcas de garantía para protexer e promociona-los nosos produtos.

O noso sector hortofructícola ten que ser considerado con especial interese, por mor da crecente demanda deste tipo de produtos e da necesidade de diversifica-las nosas producións. Acórdome dunha frase famosa da condesa de Pardo Bazán, que cando viña a Galicia e lle dicían que Vigo ía ser unha gran cidade (...). Xa non estamos neses tempos.

A precaria estrutura productiva, con máis de 100.000 explotacións, a falta de diversificación dos produtos e a forte orientación cara ó autoconsumo constitúen atrancos que deben ser removidos. A integración estrutural e comercial, a extensión e consolidación das prácticas de normalización e tipificación, a implantación de sistemas externos de control de calidade e a integración das accións de promoción nun proxecto global van se-las liñas fundamentais da nosa actuación.

O sector vitivinícola, de especial importancia para a Galicia sur –tamén norte, pero prefiro non falar del porque teño unha parra del–, baseou a súa estratexia no posicionamento en segmentos de mercado diferenciados a través de combina-la reimplantación das variedades autóctonas nos viñedos –tema capital– coa adopción das máis modernas e actualizadas tecnoloxías de elaboración. –E rindo, despois da súa morte, unha homenaxe a don Santiago Ruíz, que foi o primeiro que o entendeu.– Isto permitiu obter viños de alta calidade e inequívoca personalidade galega, excelentemente aceptados polos consumidores de

España e de Europa enteira. Temos que aproveita-las importantes axudas previstas na actual reforma da OCM vitivinícola –e, por certo, iso demostra que non sempre os acordos de Europa son tan negativos como algúns din– para continuar con este proceso, que é, a todas luces, o axeitado. Na integración do sector, na formación, investigación e innovación na sinerxía con outras actividades, tales como o turismo rural en pleno desenvolvemento, temos que atopa-las claves da súa proxección futura. Temos que potenciar tamén os consellos reguladores, profesionalizando a súa xestión e mellorando a súa orientación comercial cara a produtos de alta calidade, evitando, por certo –e algúns me entenderán–, a súa politización.

Finalmente, temos que intensifica-lo desenvolvemento rural rematando as 249 zonas de concentración parcelaria decretadas na actualidade, seleccionando outras novas e priorizando as de vocación agraria –e invito a todos a evita-los preitos, que é a nosa especialidade neste asunto que é capital para Galicia–. Hai que intensifica-las actuacións dirixidas á mellora das infraestruturas rurais e desenvolve-los programas integrados de desenvolvemento rural, tales como o Leader II, que actualmente abrangue 13 comarcas, con 108 concellos, e Proder (13 comarcas, con 55 concellos), que non é palla, ¿verdade?

Tódalas accións emprendidas non teñen, en definitiva, máis ca un só obxectivo: xerar unha nova agricultura, renovada, se queren, consecuenta coa diversidade do seu medio e coa súa herdanza histórica, pero á vez dinámica, competitiva e aberta ás realidades exteriores e ás esperanzas de futuro.

Ordenación pesqueira

A actuación da Xunta de Galicia segue tendo como marco de actuación o Plan de ordenación dos recursos pesqueiros e marisqueiros de Galicia aprobado polo Consello o 11/12/1992. A súa aplicación foi, e segue sendo, o eixe sobre o cal se logrou a modernización do sector.

Queremos afianzar e mellora-lo conseguido. Para isto continuaremos co Plan de modernización da flota, mediante plans selectivos, defenderémo-lo dereito dos nosos pescadores a pescaren en tódolos mares da terra; continuaremos coa profesionalización e ordenación do marisqueo. E quero dicirlles ás mulleres mariscadoras, con especial defensa delas, que apoiaremos decididamente este sector como sector claro de futuro, porque esa foi a evolución na terra no paleolítico: pasar da caza á gandería, á acuicultura. E niso somos exemplo, coidando especialmente os aspectos de investigación. E prestaremos, por suposto, unha atención especial ó medio ambiente mariño.

O exemplar labor do Servicio de Busca e Salvamento Marítimo será reforzado, e continuarase co seguro do mar como expoñente necesario de solidariedade cos nosos mariñeiros. Recórdese que foi a primeira medida que tomou no ano 1990 o noso Goberno, pero queremos melloralo.

Coidamos indispensable impulsa-las accións para incrementar, no sector de transformación, no que tantas veces temos sido punteiros, a calidade e seguridade dos nosos alimentos –por algo os compran prioritariamente en todas partes–, a busca de novas preparacións e, en definitiva, o aumento do valor engadido das producións pesqueiras, marisqueiras ou de acuicultura.

Neste senso apoiaranse as iniciativas para a mellora da comercialización, a evolución dos custos –e que todos o entendan, hai que ir finalmente á defensa xeral de Galicia, non de ningún sector social–, co eixe en «calidade Galicia» e o acceso prioritario ós mercados.

Se Galicia destacou nos últimos anos e constituíu un exemplo para outras comunidades foi tanto na formación como na investigación pesqueira. Eu, que viexo frecuentemente para defende-los nosos intereses, dígolles que hai aquí algo que non é discutido e que nos abre moitas portas, á súa vez, para a extracción noutros países.

Ocupamos un lugar de vangarda e continuaremos con toda a enerxía prestándolles atención prioritaria, xa que son claves de futuro e garantía de competitividade.

Un amplo desenvolvemento disto, como dixeran, téñeno as súas señorías na documentación anexa.

Industria e turismo

Toda política orientada ó crecemento económico, ó incremento da competitividade e, como consecuencia obvia da creación de postos de traballo, sobre todo en calidade, debe establecer como eixe principal a potenciación dos seus sectores productivos, auténtico soporte da economía real.

Por iso, a estratexia básica da política de apoio ós sectores productivos consiste, hoxe en día, en prioriza-las actuacións dirixidas ó tecido productivo galego máis consolidado e con maior capacidade exportadora, que faga posible un mellor aproveitamento das interrelacións entre as diferentes empresas que conforman o tecido empresarial de Galicia.

A consolidación de complexos de actividades productivas constitúe o soporte básico do Plan de crecemento e emprego de Galicia, xa que a xeración de emprego estable e de calidade está asociada ó asentamento de complexos

de actividades que presentan vantaxes competitivas e que representan a base sobre a que consolida-lo sistema productivo de Galicia cara ó futuro.

Enmarcada na política de consolidación das nosas grandes redes productivas, é necesario levar a cabo a potenciación de *clusters* empresariais, obra importante da Consellería de Industria, e que vai por moi bo camiño, consistente en reforzar aqueles entramados productivos –como é o do automóbil, como é o da industria naval– que rodean as industrias de síntese máis importantes de Galicia.

Galicia é unha rexión de gran potencialidade enerxética, o que pode representar, nunha contorna crecente de inevitable liberalización, unha das nosas mellores vantaxes comparativas e competitivas.

Co obxectivo fundamental de non perde-la capacidade actual e de acordo coas directrices da Unión Europea, xorde o Plan enerxético de Galicia, que ten como accións máis importantes:

A gasificación integral de Galicia en gas natural, o G.L.P's., incluíndo a planta de regasificación de Ferrol que se vai facer.

O plan de enerxías alternativas: eólica, na que Galicia é xa a primeira comunidade autónoma en potencia instalada, minihidráulica, biomasa, e o fomento, cada día visible, da coxeración.

A aplicación do Plan enerxético de Galicia, horizonte do ano 2010, producirá un aforro enerxético –e importa esta cifra– de 4.250.000 toneladas de petróleo, que, non nos enganemos, pronto se despachará con receitas nas farmacias e evitará a emisión –escoiten isto– á atmosfera de 5.000.000 toneladas de CO₂ e de 500.000 toneladas de xofre, coa conseguinte mellora do medio ambiente.

Finalmente, non podíamos esquecer, dentro dos nosos sectores productivos, o sector da artesanía, tan fondamente ligado á nosa cultura e ás nosas tradicións, que en Galicia dá traballo a máis de 5.000 persoas, xerando un volume de negocio de preto dos 5.500 millóns de pesetas.

En concordancia coas actuacións xa desenvolvidas nos últimos anos, seguirase traballando nas medidas tendentes a mellora-la formación e cualificación dos artesáns, a súa estrutura productiva e comercial, as condicións laborais e a súa adaptación ás novas tecnoloxías.

Supoño que se aceptará que teño un especial interese neste asunto, pero non me desvío da obxectividade.

Nun sector tan importante para nós como é o turístico, continuamos aprofundando nas principais liñas de actuación que caracterizan a nosa propia política turística, fundamentalmente baseada na diversificación e na desestacionalización da oferta. Aquí fixemos un fincapé especial no chamado turismo náutico.

Igualmente, debemos rexistra-lo forte pulo que está tendo en Galicia o turismo termal. Recorden que os romanos, que sabían moito de todo, aquí buscaban sobre todo ouro e augas quentes, porque eran moi reumáticos. Noutra materia xa consolidada, o turismo rural –na que seguiremos avanzando como a primeira comunidade de España en calidade e ocupación de prazas–, deuse un paso importante coa promoción do subsegmento denominado turismo de aldea, co que a Xunta aposta decididamente –por exemplo, no Courel– pola recuperación daqueles núcleos rurais que ofrezan unhas condicións óptimas para este tipo de oferta que, como produto novo, xa comeza a despuntar no mercado.

Non vou falar da oferta do turismo cultural nesta terra de catedrais, de mosteiros, do Camiño de Santiago, que seguirá recibindo por parte da Administración autonómica un decidido apoio.

Os resultados están xa á vista. Os datos de ocupación hoteleira rexistrados nos pasados meses de xullo e agosto foron simplemente extraordinarios. En xullo mellorámo-la ocupación hoteleira en seis puntos con respecto a 1997 e en agosto esta cifra elevouse en dez puntos con respecto ó ano anterior, acadando durante ese mes unha ocupación do 87 %, cifra *record* fóra dun ano xacobeo.

Estes bos datos, unidos á mellora substancial das comunicacións co resto de España e Europa, permítennos abri-la esperanza a unha consolidación do turismo en Galicia. Poñeremos imaxinación e esforzo, xa o dixen, para que o Ano santo do 1999 e a capitalidade cultural do 2000 nos permitan conseguir estes obxectivos, que non só afectarán a cidade de Santiago, senón, como pasou xa en 1993, a Galicia enteira.

Para acadalo, a Xunta de Galicia fará un grande esforzo para presta-lo apoio necesario ós responsables do sector, e así mesmo solicito a colaboración de tódalas asociacións profesionais do sector da hostelería, así como dos traballadores e empresarios de hoteis –eu puxen aquí unha servilleta, cando tiveren a honra de ser ministro de Turismo de España; este é un traballo no que todos somos embaixadores–, repito, traballadores e empresarios de hoteis, restaurantes, cafeterías e bares, para que fagan un esforzo, se cabe maior, na modernización das súas instalacións, na mellora dos servizos, na limpeza do servizo sanitario, no permanente aumento da calidade dos seus produtos e na inevitable contención dos prezos. Aquilo de ave de paso (...), é unha (...) doutros tempos. O noso apoio non lles ha de faltar. Entendemos que o próximo bienio será decisivo para o sector, e a Administración non regateará un só

esfuerzo para consolida-lo turismo en xeral que nos dous anos próximos vai ser decisivo nas cotas que Galicia se merece. Como din en Castela, *«trigo nacido, trigo recogido»*. Este é o momento.

Plan cuatrienal de acción exterior

Como peche desta parte da miña intervención relativa ó desenvolvemento económico de Galicia –aínda que teña un sentido máis xeral, porque é o seu prestixio, é a súa cultura–, quixera referirme ó Plan cuadrienal de acción exterior, que se adxunta como anexo VIII.

Expresa e simboliza dous aspectos fundamentais da nova Galicia que estamos construíndo día a día: a súa participación activa nos foros multilaterais e, en concreto, nas institucións da Unión Europea, da que formamos parte, e a efectiva internacionalización da nosa economía. Hai quen cre que fóra de España e fóra de Europa Galicia soa pode ter un porvir, non é verdade.

A expansión xeométrica do noso comercio exterior e o dinamismo das nosas exportacións –recordemos que se multiplicou por tres o comercio de Galicia e que se chegou a máis do 90 % na súa cobertura interna, que son cifras de maior contía– son fieis reflexos desta realidade, aínda incipiente, que se afirma día a día e que moi pronto será superada. O futuro de Galicia está na súa apertura ó exterior.

Formamos parte activa dun mercado común de máis de 350 millóns de consumidores e asumímo-lo reto de competir nel e de atopar nel o espacio preciso para, baseándonos nel, acelera-la nosa transformación económica.

E remato, señor presidente, señorías, pedindo indulxencia pola súa paciencia e por escoitarme, pero é inevitable.

Quixera remata-la miña intervención cunha mensaxe inequívoca, que é: confianza en Galicia, nas súas potencialidades –xa o dixen–, na súa integración harmónica en España, concibida como unha nación plural e non como unha pluralidade de nacións, na súa capacidade para facer fronte ós retos do século XXI e, en definitiva, no seu dereito a progresar nun marco de democracia, solidariedade e participación.

Temos claro o noso obxectivo, o desenvolvemento económico e social de Galicia, asumindo os sacrificios necesarios para logra-la modernización das nosas estruturas; a prioridade para o emprego; a defensa da familia, dos dereitos da muller, da xuventude; a solidariedade efectiva e, en definitiva, empeñar todo o noso esforzo e tódalas nosas enerxías no progreso da nosa terra.

Reitero, malia as inevitables diferencias, a miña oferta a tódalas forzas políticas para contrasta-las nosas estratexias neste obxectivo global. Quero salientar, precisamente porque é franca, a oferta de diálogo sincera, dentro do respecto ós principios básicos que impregnan a nosa Constitución, a filosofía política do Partido Popular, que é a que recibiu o apoio maioritario do pobo galego.

Neste obxectivo común, Galicia, confío en que nos poidamos atopar.

Moitas grazas pola súa atención.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LA SITUACIÓN POLITICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

28 de setembro de 1999

Señor presidente, señoras e señores deputados:

Comparezo unha vez máis perante esta Cámara para dar conta das actuacións da Xunta de Galicia, especialmente durante o último ano; un tempo que non se pode separar dunha acción global de goberno, dun proxecto concreto que iniciamos con ilusión no ano 1989 e que seguimos desenvolvendo gracias ó apoio e á confianza maioritaria do pobo galego.

Durante esta traxectoria, ninguén dubida de que traballamos arreo, tratando de non desperdiciar enerxías e coa firmeza necesaria para ir cumprindo, paso a paso, cada unha das etapas previstas no noso programa de goberno.

Galicia foi evolucionando e modernizándose, ó longo desta década, sen facer ningún tipo de concesións naquilo que nos caracteriza e identifica. A sociedade galega en conxunto reafirmouse día a día nos seus valores máis fondos, nos sinais de identidade marcados por unha terra, un pobo e unha cultura. Esta evidente evolución tivo lugar coa maior normalidade, sen enfrontamentos violentos, sen imposicións de ningún tipo. En todo o tecido social

galego medrou con forza o sentimento de orgullo, a verdadeira autoidentificación dun pobo sabedor e respectuoso do que ten de seu, do que herdou dos seus devanceiros, disposto a defendelo sen renunciar por isto a nada, sen actitudes excluíntes e insolidarias.

A nosa terra experimentou unha etapa de desenvolvemento e fondas transformacións: as infraestruturas, a modernización e os avances sociais; todo o que representa mellor calidade de vida e maior benestar para os galegos non trouxo consigo ningunha modificación substancial da nosa personalidade colectiva nin mudanzas que afectaran á verdadeira cerna do pobo galego.

Estamos vivindo un dos momentos máis positivos e creativos de toda a historia de Galicia. Nunca, como nestes últimos anos, o progreso e a modernidade chegaran ata os máis afastados recunchos da nosa terra. Os grandes retos, como a sanidade, a educación e o desenvolvemento económico e social, fixéronse realidade, deixando atrás séculos de marxinación.

Estamos sendo quen de encararnos cos grandes problemas ó noso xeito, sen copiar de ninguén e servindo de modelo mesmo para moitos outros de dentro e de fóra de España. Non son poucos os que miran con simpatía e respecto a unha Galicia con peso e representatividade no Estado das autonomías, na Europa dos pobos e rexións, e tamén –por qué non dicilo– en moitos países de Iberoamérica que hoxe teñen a Galicia como referencia.

Sempre fomos un pobo xeneroso e solidario, por iso practicámo-la solidariedade, para seguir contribuíndo legalmente coa España das autonomías e coa Europa unida. Pero sen esquecer nunca a nosa obriga cos pobos que recibiron os nosos emigrantes ó longo dun século e que hoxe, en máis dun caso, atravesan situacións difíciles.

Reafirmo aquí, neste Parlamento, un compromiso galeguista e popular encamiñado ó fortalecemento da autonomía e das maiores cotas de autogoberno como obxectivos irrenunciáveis e sempre presentes. Pero seguiremos fronte ós radicalismos nacionalistas, disfrazados ou non, e ós trasnoitados centralismos, porque ambos representan posicións intransixentes e insolidarias, dúas características que non cadran nin acaen ben coa recoñecida capacidade negociadora e dialogante da nosa xente.

Que ninguén pense que estou presentando aquí un panorama ideal, unha Galicia idílica; nada diso. É certo que os galegos están máis concienciados hoxe do valor real da autonomía e que confían nas institucións propias porque estas van resolvendo, na medida das posibilidades, importantes dificultades e problemas colectivos. Pero tamén é certo –e así o advertín tempo atrás nesta

Cámara— que o noso país está hoxe máis ameazado que nunca polo retroceso demográfico; esa é, señoras e señores deputados, unha das grandes eivas desta terra. E aínda que máis adiante exporei algunhas medidas concretas para pórllle freo, creo que o problema precisa dunha ineludible reflexión colectiva que ben podería ter como escenario o recinto desta Cámara.

A estabilidade institucional e política que o Partido Popular vén aportando non exime a ninguén das súas responsabilidades, todo o contrario. Eu comprométome aquí, diante dos representantes do pobo galego, a traballar e a facer traballar, con seriedade e eficacia, porque só con esforzo e plena dedicación contribuiremos a que siga decrecendo o paro, a que a xuventude teña máis posibilidades, a que haxa solucións xustas para os homes e as mulleres do campo e do mar. En definitiva, para que agrome a esperanza onde poida reinar-lo desalento e a incerteza.

Non están os tempos para utópicas panaceas nin para solucións milagreiras. Os representantes sociais deberán aportar iniciativas sensatas a favor dos traballadores, e os axentes empresariais potenciarán a economía nun clima de mutua confianza.

Renovo tamén aquí o meu ofrecemento e diálogo constructivo. Seguiremos escoitando a todos, menos a aqueles que veñan con ameazas para impo-las súas ideas, porque cremos de verdade na concertación e porque a experiencia nos indica que a solución dos problemas esixe moita vontade negociadora, e cantas máis ideas e menos dogmas e ideoloxías, mellor.

Traspasos de competencias

Galicia está entre as comunidades que acadaron os máis altos niveis de competencias. Especial interese ofrecen as correspondentes ó crédito, banca e seguros, que, sen estaren recollidas no Estatuto, foron recoñecidas recentemente por unha lei orgánica.

Dentro desta política de acada-las maiores cotas de autoxestión, a Xunta de Galicia continúa mantendo co Goberno central as negociacións que permitiron materializar un volume de competencias. Así, no Pleno celebrado o 16 de febreiro de 1999, asináronse novos traspasos, cun custo total efectivo de algo máis de 700 millóns. Hai aínda poucos días que se negociou o traspaso do profesorado de relixión, e para os centros educativos do Ministerio de Defensa existe un preacordo para traspaso de persoal e cesión de catro instalacións por 99 anos. Outros traspasos acordados inclúen as competencias en materia de axentes de seguros e as titulacións náutico-pesqueiras. Potencíouse

tamén a Comisión Bilateral, un foro no que se tratan asuntos distintos ós tras-pasos pero que requiran un marco formal onde leva-los acordos.

A nosa é a comunidade na que o proceso de descentralización de com-petencias a favor dos entes locais está máis adiantado. Así, contamos na actualidade cun marco institucional definido e axeitado para avanzar máis rapidamente na descentralización. Ademais das leis do Estado, a Lei de Ad-ministración local de Galicia e as outras normas regulamentarias que desen-volven a estrutura e o funcionamento da Comisión Galega de Cooperación Local, xa teñen definido o marco competencial, o que posibilita e favorece a adopción de acordos concretos. Entre eles quero destacar:

1. A aprobación pola dita comisión do método para o cálculo do custo dos servizos que se transfiran ós entes locais.
2. O acordo que regula as cuestións sobre as que operará inicialmente o pacto local en Galicia, e a constitución dunha Subcomisión Mixta, Xunta de Galicia-Entes Locais, para o estudo das transferencias en materia de asuntos sociais.

Estes acordos, acadados –por certo– por unanimidade, abren un marco de total transparencia, lealdade administrativa e obxectividade, no que se seguirá traballando porque témo-lo máximo respecto pola autonomía local.

A idea básica, inseparablemente unida ó avance no terreo da autonomía financeira, sobre a que se asenta o sistema de tributos compartidos descansa na aplicación dunha política de liberalización de servizos, competencia da Facenda central, a través das asignacións necesarias para garanti-la presta-ción dos servizos públicos das comunidades autónomas a un nivel mínimo previamente determinado. Neste senso, as asignacións responderían a un cri-terio de equidade, que entendemos que debe ser definido partindo do custo que a prestación do servizo supoña para a Administración que as oferta. Non é aceptable para nós un baremo puramente poboacional, como o defendido dende outras posicións, porque non absorbe as diferencias de custo e desvir-túa a solidariedade real. O xusto é que a igual esforzo fiscal corresponda unha igual prestación de servizos.

Entendemos, en definitiva, que o modelo de tributos compartidos consti-túe a canle adecuada para actuar na organización política do Estado, que combina autonomía e solidariedade en proporcións que se deben definir en cada momento, atendendo ás prioridades dos gobernos autonómicos e cen-tral. Este é o modelo que permite avanzar cara a un sistema de financiamento estable, no que a coherencia e a equidade sirvan para reconducir, en termos

razoables, a dinámica reivindicativa que invariablemente vén caracterizando o debate neste terreo.

No outro prato da balanza están aqueles que, tendo as responsabilidades de goberno, non se adheriron ó vixente sistema de financiamento por considerar que a atribución de capacidade normativa no eido dos ingresos tributarios ás comunidades autónomas só beneficia as de maior renda. Esta postura conduce á negación da autonomía financeira, baseándose na súa pretendida incompatibilidade cun sistema de financiamento xusto e equilibrado.

O certo é que non só as cifras que agora se tentan disfrazar con maior ou menor fortuna privan de razón os que tal cousa pretenden, senón que, ademais, semellante posicionamento diminúe a autonomía política, constitucionalmente atribuída ás comunidades autónomas, eliminando a dimensión financeira de tal principio. É un posicionamento centralista que non compartimos en absoluto.

Fronte a tales posturas, o Goberno de Galicia entende que se debe seguir avanzando na liña xa iniciada polo Partido Popular, posibilitando a máis ampla autonomía financeira das facendas autonómicas e desenvolvendo os mecanismos que, en atención á solidariedade interterritorial, xa están formulados na Constitución e na LOFCA.

Para incrementa-la virtualidade deste poder de decisión autonómico, consideramos que a nómina de tributos compartidos debería abrangue-la imposición sobre o consumo na súa fase minorista. Entendemos que só o afondamento neste equilibrio pode conducir á configuración dun sistema de financiamento xusto, coherente e dotado dunha estabilidade que xa resulta imprescindible, transcorrida máis dunha década dende que se deu por finalizado o período transitorio.

Hoxe en día resulta inaprazable un modelo estable e asentado, protexido –polo menos no esencial– dun debate político orientado por particularismos e intereses conxunturais. Esta mellora na suficiencia financeira permite unha actualización real das potencialidades da autonomía política. As comunidades autónomas dispoñen de máis recursos para o desenvolvemento das súas particulares políticas de gasto, formuladas en atención ás prioridades que dende os gobernos autonómicos se definen.

Tamén resulta satisfactorio comprobar cómo no novo sistema o incremento de recursos adicados ás facendas autonómicas desemboca nun maior grao naquelas que máis o necesitan, tendo en conta tanto a renda por habitante como o nivel de atribucións competenciais.

Durante o primeiro ano de vixencia do sistema, Galicia foi a Comunidade Autónoma máis beneficiada no incremento de recursos; 10.733,7 millóns máis sobre o que percibiríamos antes de cambia-lo modelo. O funcionamento previsible do sistema, de acordo cos resultados xa producidos, xerará para a nosa terra, no que resta de período, un incremento de recursos superior ós 50.000 millóns de pesetas en relación co sistema anterior. A solidariedade deste modelo vai adquirindo, pois, a relevancia que merece de acordo con criterios de xustiza redistributiva dificilmente cuestionables dende calquera posicionamento político minimamente sensato.

A vertebración de Galicia

Nos seus primeiros anos de funcionamento, a SPI de Galicia vén dando cumprida resposta á finalidade para a que foi creada: a execución de infraestruturas públicas estratéxicas que deban ser afrontadas sen dilacións. A acción da SPI recae sobre investimentos selectivos, enmarcados, ademais, nunha estratexia de gasto que encaixa na evolución dos presupostos da Comunidade Autónoma. Os investimentos da SPI de Galicia superarán, a finais de 1999, os 30.000 millóns de pesetas.

O esforzo de gasto máis importante recaeu en educación (construción de infraestruturas educativas para a implantación da LOXSE), en agricultura (mellora das infraestruturas rurais) e obras públicas (investimentos e melloras urbanísticas, transportes e estradas).

Os obxectivos do gasto demostran o xa indicado: por unha banda, actuar sobre aspectos claves do benestar social, como é a educación, ou sobre infraestruturas básicas, e pola outra, trátase de investimentos con efectos a longo prazo, que deben ser acometidos con carácter case inmediato.

A economía galega conseguiu iniciar unha senda de converxencia que é preciso consolidar. Resulta importante lembrar que, dende a nosa incorporación a Europa, Galicia mellorou o seu PIB per cápita nun 14,55 %, pasando do 55 % no ano 1986 ó 63 % no ano 1996, tal e como se pon de manifesto no recente Sexto informe periódico sobre a situación económico-social e o desenvolvemento das rexións da Unión Europea. No mesmo informe indícase que o PIB per cápita no conxunto do Estado só medrou un 12,75 %, cunha sensible diferenza a favor da nosa comunidade. Esta positiva evolución no camiño da converxencia coloca a Galicia nun mellor lugar entre o grupo de rexións menos desenvolvidas, cunha mellora de sete puntos sobre a posición anterior.

O saldo positivo da economía galega non pode facernos esquecer que o noso país ten aínda que conseguir-lo fin último do novo plano estratéxico de Galicia, que non é outro que nos poidamos incorporar á chamada cohesión económica e social de Europa. Para isto é para o que contamos co Plano estratéxico de desenvolvemento de Galicia (Pedega), baseado en tres principios de referencia:

1. Asumi-la inserción de calidade na globalidade económica, coa necesidade de identifica-los nichos productivos con potencial de desenvolvemento no futuro.
2. Establece-la coherencia como principio xeral para tódalas actuacións do noso desenvolvemento.
3. Fixar como criterios de actuación os principios de eficiencia e eficacia na execución destas accións.

Os grandes fins perseguidos polo Pedega son:

1. O aumento do emprego de calidade, tratando de recupera-la súa importancia como fin último das políticas económicas, na liña de estratexias actualmente en marcha.
2. A elevación do nivel de calidade de vida dos galegos, harmonizando os distintos segmentos de poboación cos diversos espazos territoriais do país.
3. Asegura-lo desenvolvemento sostido da nosa base productiva, o que implica unha estratexia axustada ás propias potencialidades específicas.

Deste xeito, os ámbitos e obxectivos finais do Pedega concrétnanse en:

1º Potencia-la competitividade do tecido productivo. 2º Eleva-la calidade competitiva do noso territorio. 3º Promociona-lo capital humano. E 4º Aumenta-la eficacia e eficiencia do marco institucional e operativo.

Cómpre engadir que o Pedega é o eixe básico no que se articulará a política socioeconómica da Xunta no período 2000/2006, e que o Plan de desenvolvemento rexional (PDR) 2000/2006, inserto na filosofía contida no Pedega, é o documento que recollerá o financiamento procedente dos fondos europeos para aquelas actuacións susceptibles de recibiren aportacións procedentes de Bruxelas. O gasto que prevé desenvolve-lo Pedega nos seus sete anos de execución elévase a case dous billóns de pesetas.

O Plano estratéxico de desenvolvemento de Galicia propón unha dobre estratexia: por unha banda, reforza-lo eixe central sobre o que xira o noso sistema, a chamada Dorsal Atlántica; e, pola outra, poñer en marcha un ambicioso proxecto de apoio ás áreas de menor desenvolvemento relativo, as

zonas rurais, que ocupan máis das dúas terceiras partes do territorio galego. A perda de poboación rural e os niveis de emprego agrario esixen unha resposta particular e específica; reclaman un conxunto de medidas que fagan fronte ás debilidades e que consigan dar respostas válidas, converténdose en fortalezas.

As apostas da Xunta de Galicia pasan por catro grandes obxectivos: fixa-la poboación no territorio; mellora-las súas condicións de vida; unha utilización máis eficiente das posibilidades productivas endóxeas e mellora-la competitividade.

Este Plano especial para o medio rural, incluído no Pedega –e aproveito a súa posta en marcha para anunciálo nesta sesión parlamentaria–, integrará as necesidades das distintas áreas productivas. Refírome a que o Plano especial para o medio rural atenderá principalmente cuestións agrícolas, gandeiras, forestais, medioambientais, turísticas, artesanais e de primeira transformación. Farao axustándose ás peculiaridades do territorio, tendo en conta as nosas potencialidades productivas como base para un desenvolvemento estable e sostido.

Trátase, pois, dun obxectivo importante e de forte contido, de maneira que a súa concreción responderá ó principio de cooperación e dependerá do esforzo compartido por tódolos axentes económicos e sociais. Pola súa propia natureza, este plano especial esixe, por parte do Goberno de Galicia, a posta en marcha dun órgano de xestión especializado e de carácter horizontal, que traballará coordinadamente. O soporte orzamentario previsto para o Plano especial para o medio rural será de máis de 20.000 millóns de pesetas.

Señorías, o Pedega –acabo de esboza-las súas liñas básicas– contempla unha estratexia de acción para as áreas e os sectores básicos da nosa economía, ó tempo que manexa uns escenarios e uns obxectivos marco sumamente realistas.

O Pedega 2000/2006 marca unha nova etapa no desenvolvemento de Galicia. Identificados os problemas básicos da nosa economía e unha vez fixada a estratexia global, correspóndelles ás consellerías implicadas reformula-las súas actuacións, adecuándoas ó Pedega dentro dos marcos financeiros previstos.

No período 2000/2006, en Galicia vanse investir un total de 3,4 billóns de pesetas, sumadas as intervencións do Estado (1,7 billóns) e as propias de Galicia (1,7 billóns). O Goberno do Estado aceptou recentemente as alegacións galegas ó Plano de desenvolvemento rexional de Galicia, polo que o investimento total en Galicia, como digo, ascenderá a 1,7 billóns de pesetas.

Así as propostas galegas aceptadas como alegacións no tema do ferrocarril son as seguintes:

- A conexión de Galicia coa Meseta con alta velocidade e co trazado determinado polos estudos técnicos para o tramo galego de alta velocidade.
- A conexión do eixe atlántico Ferrol-fronteira portuguesa con velocidades non inferiores a 180 Km/h.
- O trazado Santiago-Ourense, con variantes para velocidades de arredor dos 200 Km/h.
- A dobre vía Ferrol-Xubia, que é do campo de FEVE.

Por outra banda, as alegacións sobre estradas, portos e aeroportos aceptadas refírense a:

- Conexións de Ferrol e a fronteira lusa por estrada e peche da autoestrada Santiago-Ourense coa conexión Santo Domingo-Barbantes.
- Acceso a portos e aeroportos e, máis concretamente, acceso ó aeroporto da Coruña.
- Nos contornos metropolitanos engádese Lugo e considérase de maneira máis completa o segundo cinto de Vigo.
- Amplíase o porto comercial de Vigo.

Cómpre lembrar que o PDR é o documento que formula propostas sobre os investimentos susceptibles de seren cofinanciados por algúns dos fondos da Unión Europea destinados ás rexións obxectivo número 1, e que existen outras moitas actuacións en Galicia, ademais das citadas nestas alegacións, xa recollidas no texto dende a súa primeira formulación.

O noso país, dentro das comunidades autónomas obxectivo 1 e dentro das comunidades autónomas do artigo 151 da Constitución, é unha das nacionalidades máis favorecidas. As nosas cifras per cápita son superiores ás de Valencia e semellantes ás de Andalucía. A media galega volve ser superior no cómputo global, sumados os investimentos do Estado e os de Galicia, con 1.210.650 pesetas, fronte á media total de 1.087.889,2 pesetas de investimento –repito, sumando os do Estado e os de Galicia–.

Recuperación do agro

Queremos, durante os próximos anos, que o sector agrario galego recupere a súa especial transcendencia. Para iso, intensificaremos os esforzos para chegar a ese ano 2006, punto de obrigada referencia, en condicións de equiparación ás rexións europeas máis avanzadas neste eido. Só así lograremos integrarnos nos plans de desenvolvemento dos países de nova incorporación

—os chamados Peco—, evitando, ó mesmo tempo, ter que competir con eles para obter recursos comunitarios. Neste senso, desexo reiterar a nosa felicitación á ex ministra —hoxe vicepresidenta da Comisión— Loyola de Palacio pola tenaz e decidida defensa que fixo dos intereses españois en xeral, e galegos en particular, por máis que algúns se neguen a aceptar unha evidencia xa recoñecida nas instancias comunitarias.

O incremento de 550.000 toneladas, acadado para o total estatal da cota láctea, permitiralle a Galicia, unindo a parte que nos corresponda de reasignacións que poidan xurdir por outras circunstancias, acadar unha cifra importante. Sabemos que isto non é óptimo, pero constitúe un avance substancial, un máis, que nos posibilitará seguir traballando na necesaria modernización do sector.

Igualmente, o incremento acadado no número de primas para tenreiros e a rebaixa na idade de sacrificio, primable dende os nove meses, se ben non satisfai as nosas aspiracións, tamén constitúe unha mellora importante. En canto ó sector vitivinícola, podemos dicir que non houbo nin unha soa voz discrepante sobre a súa conveniencia para a nosa terra.

Certamente, a Unión Europea delegou nos estados membros a decisión sobre o reparto interno das medidas acordadas, e poden ter a absoluta seguridade de que o Goberno da Xunta loitará con tódalas medidas legais ó seu alcance para obter as mellores condicións. Na encrucillada presente tentamos incrementar a competitividade da agroindustria a niveis equiparables ós das rexións europeas máis avanzadas; aí está o noso Plano especial para o medio rural. A agroindustria galega realizou, durante o pasado ano, un considerable esforzo de reestruturación e adaptación ás novas circunstancias do mercado; un esforzo encomiable que contou en todo momento co apoio da Xunta de Galicia a través de axudas a 200 empresas do sector, cun investimento subvencionable de 10.400 millóns, dos que 5.800 corresponden ó sector cárnico e 2.650 ó lácteo.

A política de calidade diferenciada supón un considerable avance administrativo e de organización, e os resultados ata agora acadados —do que o símbolo é o espectacular crecemento de Ternera Gallega— valorizan sobradamente os esforzos. Galicia conta xa con quince denominacións de orixe e indicacións xeográficas. Cinco para viños, Rías Baixas, Ribeiro, Valdeorras, Ribeira Sacra e Monterrei; unha para destilados de augardente, Orujo de Galicia; catro para queixos, Tetilla, San Simón da Costa, Arzúa-Ulloa e Cebreiro; unha para a pataca, Pataca de Galicia; unha para o mel, Mel de Galicia; dúas para carnes, Ternera Gallega e Lacón Gallego; e unha para a agricultura ecolóxica.

Doce delas –subliño–, das quince, foron postas en marcha a partir de 1990, e dúas novas están en proceso de estudo: unha para diversos tipos de pemento e outra para xamón. Todas estas denominacións avaladas pola Unión Europea constitúen, sen dúbida, un camiño que hai que potenciar no futuro.

No ámbito da concentración parcelaria, próximo a acadalo obxectivo das 600.000 hectáreas concentradas, requirese un cambio nas formulacións. En efecto, e con independencia dos procesos de reconcentración que conveña desenvolver, trátase agora de actuar sobre zonas moito máis difíciles, debido ás elevadas pendentes e á sensibilidade medioambiental das zonas que se van concentrar. Cómpre tamén combina-los procesos concentradores con medidas de mobilización de terras. A todo isto vai dar resposta a nova Lei de concentración parcelaria, de próxima presentación neste Parlamento.

Finalmente, teño que destacar que, dos 89.500 millóns convidados coas organizacións empresariais e sindicais para o fomento do emprego durante o trienio 1999-2001, máis do 45 %, isto é, uns 40.500 millóns, está destinado ó medio rural.

Renovación e modernización pesqueira

A creación, renovación e modernización das estruturas pesqueiras e das industrias vencelladas a esta actividade e á acuicultura mereceron especial atención por parte do Goberno galego. Boa proba desta preocupación son os resultados do programa de renovación da frota. Dende o comezo do programa operativo vencellado ós fondos IFOP, en 1994, construíronse 435 novas embarcacións –con resultado notorio para a industria naval– e acometeuse a renovación doutras 367, o que significa a renovación do 30 % –en cinco anos– da Tonelaxe de Rexistro Bruto da frota pesqueira galega. Renovación e modernización supuxeron uns investimentos de 41.647 millóns de pesetas e unhas axudas de máis de 24.000 millóns.

Foi e segue a ser un obxectivo prioritario a modernización das industrias de transformación e comercialización dos produtos da pesca, na medida en que repercute na mellora da competitividade das empresas. Neste eido, atendéronse 35 proxectos que supoñen a creación doutros tantos novos centros de traballo, coa consecuente creación de emprego, ós que hai que lle engadir 103 proxectos de modernización de centros xa existentes, que incrementarán a súa tecnoloxía e o nivel de competitividade.

Un dos subsectores que está a presentar excelentes expectativas de futuro é –por suposto– o da acuicultura mariña. Galicia lidera a produción de cultivos mariños da Unión Europea, cunha capacidade de produción instalada de

300.000 toneladas métricas, que xera un negocio anual de 28.000 millóns de pesetas e dá xa emprego a 13.000 persoas. Segundo datos da FAO, os produtos da acuicultura representaban en 1995 o 25 % do total de peixes destinados ó consumo humano no mundo, polo que se prevé un excepcional futuro para esta actividade, que foi, como no paleolítico, o tránsito da caza á gandería. Ante esas perspectivas, estamos facendo unha firme aposta pola acuicultura, actualmente capitalizada, como maiores cultivos, polo mexillón e o rodaballo.

De forma complementaria á renovación do aparello productivo, estase levando a cabo un intenso proceso de modernización das confrarías de pescadores, co propósito de que pasen a ser institucións cunha marcada impronta mercantil, dedicadas á xestión dos produtos do mar con criterios comerciais. Para iso, establécese a creación dunha organización de produción no seo dos pósitos.

Esta corrente de modernización, xunto cos programas de extensión pesqueira e formación que se levan a cabo coas organizacións de produtores, están a ofrecer unhas melloras evidentes. En dez anos, no marisqueo a pé a produción de bivalvos multiplicouse por dous e o seu valor por tres. Existen algunhas especies cunha evolución aínda máis espectacular, como é o caso do percebe, que tamén nun período de dez anos multiplicou por cinco a súa produción e o seu valor.

A modernización das lonxas e o aproveitamento das novas tecnoloxías son dúas liñas básicas de actuación que permitirán incrementa-la calidade dos produtos en orixe e o seu valor final, e, consecuentemente, dotalos dun maior valor engadido. A Xunta de Galicia está a impulsar iniciativas encamiñadas á mellora das condicións hixénico-sanitarias das capturas, á implantación de novas técnicas de manipulación, clasificación e conservación do peixe e marisco e á implantación de sistemas de venda en lonxa que incorporan os últimos avances tecnolóxicos.

Cómpre destaca-los avances para a comercialización telemática das lonxas, mediante a aplicación de comercialización *off-line* nunha fase piloto, á vez que se analiza a viabilidade da comercialización *on-line* para un futuro próximo.

Galicia pasou, nos últimos dez anos, de ter unha costa deficientemente atendida a contar cun dos mellores servizos de busca e salvamento marítimo de Europa. Este servizo, creado en 1990, foi o primeiro das súas características instalado en España e o segundo de Europa. Dous helicópteros, con base en Vigo e en Celeiro, e dous barcos constitúen basicamente os medios técnicos dun servizo que desprega unha intensa actividade. Son xa, dende a súa creación, máis de 6.000 as misións efectuadas. A decisión máis

recente neste ámbito foi a incorporación, o pasado mes de xuño, dun novo helicóptero á base de Vigo, e está previsto que se incorpore outro similar á base de Celeiro.

A sensibilidade deste Goberno por incrementa-la seguridade e a calidade de vida dos mariñeiros levouno a asumir iniciativas sociais como a creación do seguro do mar, que cobre os riscos de morte e invalidez permanente. A póliza de seguro, moi mellorada dende o pasado ano, dá cobertura a 38.934 traballadores, e tamén inclúe axudas e bolsas de estudos para os fillos de falecidos no mar.

Galicia tivo un pulo excepcional nestes últimos anos no sector industrial, no que se sumaron os esforzos do sector privado e do público. Nesta liña, durante o pasado exercicio leváronse a cabo actuacións en canto a áreas principais.

Política de clusters. A creación de agrupacións de industrias en torno a un proceso productivo como foro de diálogo e a definición estratéxica e concentración de actuacións en áreas clave de interese común, así como a mellora da competitividade dos conglomerados industriais, foi –repito– un obxectivo clave. Por certo, está en pleno funcionamento xa o *cluster* da automoción, que xa mostra os primeiros resultados; e no pasado mes de abril constituíase tamén *cluster* do naval. Estas agrupacións demostran unha gran potencialidade de colaboración entre empresas, que se manifesta no incremento de proxectos conxuntos e na consecución de melloras para os produtores.

Apoio ó artesanal. Debido ás súas peculiaridades e á súa importancia como creador de emprego, así como ó seu valor cultural, o sector artesanal mereceu unha atención diferenciada. Durante o presente ano incrementáronse as actuacións destinadas á catalogación e á modernización dos talleres artesanais, ó estudio, análise e apertura de novas canles de comercialización e á divulgación e valoración da imaxe da artesanía galega.

Fomento da investigación e desenvolvemento (I+D), aínda que hoxe xa se aumenta e se fala de IDI para incluí-la innovación. A Xunta de Galicia redobrou os seus esforzos por estende-la cultura da innovación entre as empresas galegas. Rematouse así a definición dunha estratexia de innovación que se iniciara hai dous anos. É destacable a participación das empresas galegas en proxectos de investigación e desenvolvemento e a realización dun proceso de divulgación das capacidades da nosa oferta tecnolóxica a través dos diversos centros e laboratorios.

Melloráronse este ano as infraestruturas de apoio á calidade, que están á disposición das empresas galegas a través do Laboratorio Oficial de Metroloxía

e Calibración –integrado na Fundación para a Calidade e o Desenvolvemento Tecnolóxico–. Cómpre sinalar que, se no ano 1991 a penas existían media dúzia de empresas certificadas, no presente ano superan as 500 certificacións de alta calidade. Deste xeito, logrouse un notable incremento do número de empresas que contan con certificacións de calidade e avanzouse significativamente na aplicación da xestión da calidade total como ferramenta estratéxica de xestión.

En canto ás enerxías renovables, o desenvolvemento do Plan eólico de Galicia está a manifesta-lo noso liderado desta materia. A regulamentación do sector serviu de inspiración a disposicións similares doutras comunidades autónomas, e a nosa planificación é un exemplo citado en conferencias internacionais, onde se destaca o bo uso deste recurso en Galicia.

A creación do emprego, con doce novas plantas de fabricación de compoñentes e de ensamblaxe de aeroxeradores, os 500 megavatios que estarán en funcionamento a finais deste ano ou os 50.000 millóns investidos colocan o noso país á cabeza dun sector de vangarda. Os estudos en aplicación da biomasa e doutras enerxías renovables permitirán que manteñamos esta posición de privilexio no contexto español e europeo e cumprir de lonxe os compromisos da Unión Europea de acadalo 12% de produción enerxética en base renovable.

Infraestructuras, portos e augas

Gran parte destes logros non serían posibles sen a excepcional aposta que o Goberno galego vén facendo en canto a infraestruturas. Ningunha comunidade española foi obxecto dunha transformación máis profunda que a levada a cabo aquí en portos, estradas, augas, etc.

Pero o gran reto dos próximos anos será o ferrocarril. Podemos adiantar que as nosas infraestruturas ferroviarias serán totalmente renovadas no marco do Plano decenal 1998-2007, cuns investimentos previstos de preto dos douscentos mil millóns de pesetas.

Para o período 1998-2002 existen xa acordos entre o Ministerio de Fomento, Renfe e a Xunta de Galicia para obras por 76.000 millóns de pesetas, unha parte dos cales xa se está executando neste momento. Tal é así, que os 15.881 millóns investidos superan as previsións deste ano, no que está a punto de licitarse o tramo Pontevedra-Marín e o estudo do Vigo-Porto. Precisamente cando o Ministerio de Fomento estudia un enlace de alta velocidade entre Santiago e Ourense.

Despois de décadas de abandono e desinterese, esta é a primeira vez que se acomete en serio un plan ferroviario para Galicia, interior e exterior –de alta velocidade coa variante do Guadarrama–, e unha liña Porto-Ferrol.

A pesar das críticas dos que, curiosamente, nunca fixeron escoita-la súa voz na etapa en que Galicia pouco o nada contaba en Madrid, que ninguén dubide do meu compromiso e do do presidente do Goberno español, Xosé María Aznar, en relación coa modernización do ferrocarril. Do mesmo xeito que desfrutamos dunha nova Galicia en canto a infraestruturas viarias, con estradas, autovías e autoestradas, moi pronto haberá unha nova Galicia cun ferrocarril rápido, moderno e competitivo.

E falando de estradas, podo anunciar que o II Plan de estradas 2000-2009, actualmente en redacción, dotará a rede viaria galega duns niveis mínimos de accesibilidade para zonas máis desfavorecidas. Quero dicir, unhas autoestradas que mellorarán o equilibrio territorial e a igualdade de oportunidades diante da necesidade, para todos, de mobilidade; que favorecerán a accesibilidade de todo o territorio ás vías de alta capacidade; que estruturarán as redes metropolitanas de acceso ós principais núcleos de poboación; que ampliarán a permeabilidade de Galicia coas comunidades limítrofes e moi especialmente co veciño e irmán Portugal e que axudarán á seguridade vial, diminuíndo os riscos de accidentes e adaptando cada rede á tipoloxía e características da demanda.

En materia de portos, focalizáronse os investimentos na execución das obras de infraestrutura tales como as actuacións en abrigo, accesos marítimos, dragados e balizamentos, así como calquera outra acción que, con carácter de servizo público, teña unha rendibilidade social, reactivando a economía da zona na que se encadran os peiraos. Así mesmo, fomentáronse durante este exercicio actividades náutico-deportivas, para o que se levaron a cabo as obras necesarias de dotación dos nosos portos coas mellores infraestruturas para a práctica destes deportes.

A Xunta de Galicia, a través do organismo autónomo Augas de Galicia, centra as súas actuacións en: abastecemento de augas potables e saneamentos das residuais á poboación en xeral e ós pequenos núcleos en particular; garanti-la participación dos usuarios da auga na adopción das decisións que lles afecten; protexe- lo litoral dos efectos negativos dos vertidos de augas residuais; potencia-la execución de obras de mellora e adecuación de marxes con obxecto de evita-las inundacións e de diminuí-los efectos negativos; e xestión do canon de saneamento. O seu rendemento destinarase por imperativo

legal ó financiamento dos gastos de investimento e explotación de instalacións para o tratamento de augas residuais.

A nosa foi a Comunidade Autónoma na que menos aumentaron os prezos de vivenda dende 1991. Sen dúbida, o traballo desenvolvido pola Xunta ten moito que ver con esta positiva evolución, pois, con anterioridade, nos últimos anos dos oitenta Galicia era unha das comunidades nas que máis medraba o custo da vivenda.

Seguimos traballando para que a situación mellore aínda máis. Por iso, nun momento no que os tipos de xuro e a mellora da situación económica permiten o acceso á propiedade da vivenda a amplos colectivos, estamos a traballar para impedir que os prezos continúen medrando, ou, en todo caso, para que o sigan facendo por debaixo dos establecidos en calquera outro lugar de España.

Hai que destacar tamén as importantes operacións de solo residencial que o Instituto Galego da Vivenda e Solo está a desenvolver nas principais cidades galegas, que permitirán ofrecer en breve máis de 1.100.000 m² de superficie destinada á construción de vivendas sometidas a algún tipo de protección.

Paralelamente, continúan desenvolvéndose as diferentes liñas de axudas para adquisición e rehabilitación de vivenda, así como os incentivos destinados ós colectivos específicos como as familias máis desfavorecidas, emigrantes, mozos ou persoas maiores.

Cultura, comunicación e turismo

Galicia é unha realidade en cambio permanente, un país ben definido e constituído polas aportacións dos axentes sociais que o conforman, unha comunidade histórica con lingua e cultura de seu, solidariamente integrada en España e en pé de igualdade co resto das autonomías que compoñan o Estado. Se somos galegos é porque herdamos unha lingua e unha cultura milenarias, enriquecidas, día a día, polos nosos mellores creadores. Unha cultura na que nos autoidentificamos como pobo que participa do conxunto das culturas hispánicas e tamén participa do mundo de expresión luso-africano-brasileiro; unha cultura, en fin, con proxección e presenza europea, americana e universal.

Xa ninguén pode falar entre nós de cultura testemuñal e de resistencia. A nosa realidade impón unha produción cultural que move ó seu redor miles de millóns de pesetas. Editoriais, produtoras de cine, vídeo e dobraxe, patrocinadoras de artistas, galerías de arte, son só algúns exemplos de empresas que xestionan e exportan os nosos produtos culturais. Por certo, moi apreciados debido á súa alta calidade, á valía dos nosos escritores, artistas

plásticos, deseñadores e outros. Uns creadores que pensan e traballan en galego, premiados pola crítica e que están presentes nos máis esixentes foros e mercados de España, de Europa e do mundo enteiro.

A Administración autonómica vén desenvolvendo o seu papel de órgano coordinador e difusor, sen interferir en absoluto no labor creativo nin nas iniciativas e propostas dos colectivos interesados, pero levando adiante un eficaz proxecto á hora de brindarlles apoio ós sectores menos promocionados e de servir de plataforma exterior, cunha presenza activa en feiras, mostras e certames internacionais.

En 1989 publicábanse un total de 489 libros en galego. Nove anos despois –é dicir, en 1998–, o noso idioma pasou a ocupa-lo terceiro lugar entre as linguas do Estado en canto a edición, con 1.328 volumes publicados, que é tres veces o do ano 1989.

Hai dez anos que esta Cámara promulgaba a Lei de bibliotecas de Galicia. Dende aquela data creáronse preto de 300 novas bibliotecas e centros de lectura, que cobren as necesidades dos núcleos de poboación con máis de 2.000 habitantes. Dende aquela duplicouse o persoal, ampliáronse os horarios –as bibliotecas principais abren diariamente sen interrupción, mesmo os sábados–, e o proceso de informatización avanzou ata cubri-la maioría das bibliotecas municipais. Axiña, calquera persoa conectada a Internet poderá acceder ó catálogo colectivo e de fondos antigos do Centro Superior Bibliográfico, que conta con máis de 900.000 rexistros e imaxes dixitalizadas.

En canto ó teatro, á música e á danza, sectores que en conxunto estaban representados por 678 entidades no ano 1995, chegamos, en 1999, a un total de 1.640, é dicir, case tres veces máis, en catro grupos independentes rexistrados. Partindo dunha case nula tradición en música culta, Galicia desfruta hoxe de infraestruturas axeitadas e de dúas formacións excepcionais: a Real Filharmonía e a Orquestra Sinfónica. E no eido da música popular, a proliferación de conxuntos vai parella á calidade. Proba diso son os nomes de intérpretes novos da gaita, instrumento que recuperou mundialmente o seu prestixio, que percorren con éxito dende Nova York a Berlín e dende Bos Aires mesmo a Sidney.

No campo das exposicións, e só no Centro Galego de Arte Contemporánea, recoñecido e avanzado proxecto da plástica máis vangardista, elevouse o número de visitas, no que vai de ano, nun 25 %, sendo o mellor exemplo a mostra Do impresionismo ó fauvismo, da colección Thyssen, pola que pasaron máis de 100.000 persoas.

Outro tanto poderíamos apuntar, señoras e señores deputados, do noso patrimonio cultural, no que á parte da conclusión do Plan de catedrais, se remataron, no prazo dun ano, máis de 150 importantes intervencións en monumentos considerados como BIC, entre os que destaca a Muralla de Lugo; por certo, nominada para a súa declaración como Patrimonio da Humanidade por parte da UNESCO, nominación na que temos empeñados tódolos nosos esforzos para acadala canto antes.

Tres proxectos claves

Imos continuar colaborando, leal e estreitamente, co Concello de Santiago para que a capitalidade cultural de Compostela do ano 2000 sexa un evento aberto á participación de toda Galicia.

O 2000 será tamén o tempo de lembrar a Castelao. O quincuaxésimo aniversario do seu pasamento constitúe unha boa ocasión para a difusión da obra e da personalidade de tan ilustre galeguista. Alfonso Rodríguez Castelao debера ser considerado por riba de calquera bandeira política, porque forma parte da cerna espiritual do noso pobo.

Entre outros grandes eventos programados, quero anuncia-la celebración no 2001 dun Congreso Internacional da Cultura Galega, que contará coa participación de persoeiros galegos e estudiosos de todo o mundo interesados na nosa cultura.

Obrigada referencia é tamén o proxecto da Cidade da Cultura de Galicia; unha aposta que permitirá, nun prazo de catro a seis anos, dota-la cultura galega –vista dende un ángulo universal, naturalmente– dun centro concentrado no estudio e na investigación. Dende aí daráselles resposta ós retos tecnolóxicos que tamén pertencen a esta cultura do século XXI. Esta é a verdadeira razón dun complexo cultural autenticamente galego, chamado a perdurar e a servir de exemplo, máis alá da súa magnitude e singularidade estética, algo que xa está garantido pola acertada elección dun gran xurado, dese arquitecto de sona internacional que é Peter Eisenman.

Sabido é que a sociedade de final de século está marcada pola converxencia tecnolóxica e a globalización dos medios de comunicación e dos seus contidos. E non nos enganemos, o que non existe nese eido, non existe nestes tempos. A orixe destes profundos cambios hai que buscala no impulso das tecnoloxías da información e comunicación, debido á revolución dixital e á converxencia das industrias da información, das telecomunicacións e do audiovisual. Por primeira vez podemos dicir, non sen orgullo, que Galicia non é

allea a un proceso desta envergadura. O audiovisual é hoxe, como foi a moda e o téxtil na década dos oitenta, un dos paradigmas da modernización galega.

Un exemplo deste pulo podemos constatalo en que nos últimos catro anos se multiplicou por tres o número de empresas do sector, e a súa facturación aumentou un 142 %, mentres que os postos de traballo ofertados pasaron de 450 a 1.200. O volume de negocio do sector supera xa os 60.000 millóns de pesetas anuais.

Galicia é hoxe o terceiro polo máis importante da industria audiovisual española, despois de Madrid e Barcelona. Se se mantén e se incrementa esta forza cara a Iberoamérica, Portugal e o Brasil, o futuro preséntase francamente esperanzador. Cando remate o ano teranse estreado oito películas que terán a Galicia como centro principal de produción e participación. Catro delas, por certo, participaron no pasado Festival de cine de San Sebastián. Isto era algo impensable hai tan só tres anos. E tamén, antes de que remate 1999, será inaugurada a primeira factoría de España de produción de animación. Nos próximos tres anos, é dicir, no primeiro trienio do novo milenio, realizaranse en Galicia entre 12 e 15 películas de cine, cun investimento que superará os 8.000 millóns de pesetas.

En materia de televisión, xa se está traballando en doce series de telecomedias producidas todas en Galicia e por galegos, ademais de en varias series documentais e de entretemento; e aínda máis, a oferta privada de televisión aumentará notablemente coa posta en marcha dos operadores de cabo –Grupo R e Telefónica– e coa posibilidade de dúas novas canles dixitais privadas.

Claros expoñentes do avance tecnolóxico do noso país foron estes mesmos meses pasados o Camiño de Santiago virtual, plasmado nunha exposición que foi visitada por máis de 125.000 persoas e pola que se interesaron, pola súa figura técnica, institucións, empresas e particulares de España e do estranxeiro; refírome mesmo á axencia espacial norteamericana NASA e ó grupo de empresas que dirixe o actor Michael Douglas.

Outro exemplo é a autopista galega da información, unha iniciativa pioneira da nosa comunidade que foi seleccionada pola multinacional Fujitsu por formar parte dunha campaña de promoción a nivel mundial. Unha campaña adicada á aplicación das novas tecnoloxías, na que tan só houbo tres proxectos: o laboratorio de investigación de Fujitsu en Xapón, o observatorio que a mesma multinacional realizou nas illas Hawai e a autopista galega da información.

A celebración do Xacobeo 99 propiciou que Galicia rexistrara neste ano o maior movemento de viaxeiros da historia cara á nosa terra, situándose a nosa comunidade como un dos destinos turísticos preferidos polos españois. Calcúlase que oito millóns de visitantes chegaron, antes de finais de agosto, a Santiago de Compostela, e toda Galicia recibiu no mesmo período 2.800.000 turistas. A finais de ano está previsto acada-los 3,5 millóns, fronte ós 2,6 do ano 1998. Por primeira vez, estas cifras foron confirmadas conxuntamente pola Administración e os empresarios do sector nunha comparecencia pública que tivo lugar o pasado mes de agosto.

Entre a infraestrutura turística deste ano destaca a construción de 36 novos hoteis en toda Galicia, con preto de 3.000 novas prazas, coas que esperamos supera-la barreira das 30.000 prazas hoteleiras na nosa comunidade.

Outra consecuencia deste ano turístico excepcional foi a creación de 1.000 postos de traballo directos no ramo dos hoteis, que se sumaron ós 9.000 empregos creados no sector servizos. Tamén o turismo náutico experimentou unha notable eclosión. Como dixeran antes, os nosos portos deportivos, en pé de desenvolvemento, tiveron en 1999 un grao de ocupación do 90 %, fronte ó 78 % da media nacional.

Estes son os froitos do acertado programa de construción de portos deportivos afrontado polo Goberno galego. O obxectivo deste plan é triplicar-la oferta de amarres do noso litoral; dos 1.400 existentes no ano 1997 pasamos ós 2.500 da actualidade, e chegaremos no ano 2000 ós 4.500 amarres.

O turismo rural aumentou, só en catro anos, de 50 a 230 establecementos, distribuídos por tódalas nosas bisbarras. Hoxe, con 2.000 prazas, representamos unha oferta das máis amplas de España, con recursos e demanda dabondo para mante-lo ritmo de crecemento nos próximos anos. O mesmo pode dicirse do turismo termal –a gran posibilidade para Galicia pola súa riqueza en augas de todo tipo– e doutras modalidades en auxe, que, por suposto, contan co apoio do Goberno galego, como son o golf, os congresos, o turismo cultural e o de natureza.

O éxito acadado ata o momento coa celebración do Xacobeo 99 dará que falar e escribir durante moito tempo. Estamos ben seguros de que haberá un antes e un despois deste Ano xacobeo de 1999. Non vou reiterar diante desta Cámara programas, cifras e datos; de todo iso os responsables máis directos do Plan Xacobeo deron e están dispostos a dar cumprida conta ás súas señorías, pero permítanme destacar tres aspectos.

En primeiro lugar, o alento e apoio económico prestado pola iniciativa privada, que se involucrou totalmente e fixo posible a mellor programación cultural

e musical ofertada en España durante este ano, e atrévome a dicir que a mellor promoción que nunca tivo Galicia no mundo enteiro.

En segundo termo, é que por primeira vez un ano santo non só serviu para promocionar Santiago de Compostela, senón Galicia enteira, gracias ó slogan «Xacobeo 99, Galicia».

E, en terceiro lugar, quero destaca-la participación cidadá en tódalas actividades programadas. Non vou facer unha análise pormenorizada das múltiples actividades, pero si quero salientar que as 145 exposicións organizadas ata o de agora foron visitadas por 1.050.000 persoas. Nos 964 actos de danza, teatro, recitais poéticos e outras actividades, que conformaron o programa «Galicia nos sentidos», participaron 350.000 persoas, non só xente das nosas cidades, senón tamén das nosas vilas e aldeas. Ó Festival Internacional de Música Clásica asistiron 47.000 persoas –espero que sexa a cerna dun festival permanente de Galicia–, mentres no conxunto dos grandes concertos de música moderna a cifra chega a 1.450.000 persoas.

Neste punto quero expresar diante desta Cámara unha especial felicitación á nosa xuventude: non houbo unha mala liorta, non houbo unha xiringa nos campos, ás veces multitudinarios nestas reunións, porque os nosos mozos e mozas participaron con entusiasmo desbordado pero mantendo actitudes serias e sereas, que os honran de verdade e que nos obriga a todos a reflexionar sobre o alto grao de responsabilidade dos nosos mozos; elas e eles son. máis unha vez, a garantía do mellor futuro de Galicia.

Permítome anunciar que temos un equipo traballando para poñer en marcha o Plan director dos camiños de Santiago, que non é un, son sete, co fin de eleva- lo valor de cada recuncho destas maravillosas rutas. Vanse destacar non só aspectos históricos dos camiños, senón tamén o seu ámbito de influencia nun radio de entre 15 e 25 quilómetros, resaltando a riqueza cultural e artística e o patrimonio natural e ecolóxico. Esta aposta polo valor dos camiños de Santiago e do seu contorno é unha das ofertas máis atractivas que se poidan pensar de cara á promoción de Galicia no resto de España e de Europa enteira.

Cara á sociedade do benestar

A situación do mercado laboral galego continúa o proceso de mellora comezado en 1994. Entre o primeiro semestre daquel ano e o primeiro semestre de 1999 o número de desempregados descendeu en Galicia en 67.531 persoas, é dicir, nun 33,82 % –como tódolos anos, a copia do meu discurso recibirana



O entón Príncipe de Asturias realizou en 1998 unha visita institucional ao Parlamento no marco dunha viaxe oficial a Galicia, e deu mostras da súa boa preparación e dun talante aberto que foron moi gabados por todos os deputados.



os grupos parlamentarios cunha serie de anexos nos que quero salientar especialmente os que se refiren a máis detalles nestes temas do emprego-. O número de ocupados incrementouse en 14.800 e o número de afiliados á Seguridade Social, é dicir, a supresión de economías máis ou menos escuras, aumentou en case 100.000, a cifra máis alta de afiliación na historia da nosa Comunidade Autónoma.

Pero, lonxe de detérmonos ou de ralentizar este proceso, os últimos meses continuaron sendo bos para o emprego, tanto en termos cuantitativos como cualitativos. De feito, os desempregados galegos eran, o 30 de xuño, 23.413 menos que un ano antes, é dicir, un 15 % menos. O número de ocupados, segundo a enquisa de poboación activa, medrou en 15.300. Será certamente a redución dos ocupados agrarios a que reduce en termos xerais a creación neta de emprego na nosa comunidade, por iso nos temos que ocupar, sobre todo, dese eido. Pero esta consecuencia, nun proceso inevitable na evolución de tódolos sectores primarios de Europa e de inevitable apertura da nosa economía ós mercados exteriores, non debe confundir a quen se achegue de boa fe á realidade do mercado laboral galego. Este sufriu fondas transformacións productivas, reducindo ó mesmo tempo o número de desempregados.

No conxunto do Estado, e en Galicia en particular, creouse o 50 % do emprego neto que se xerou na Comunidade Económica Europea –hoxe Unión Europea-, é dicir, nos outros catorce países. Galicia pasou de máis de douscentos mil parados no ano 1991 ós 122.000 actuais. Se nos limitamos ó que vai de ano, os datos de tódalas fontes estatísticas relativas ó mercado laboral seguen sendo favorables. No primeiro semestre, o número de desempregados inscritos no Servicio Público de Emprego diminuíu en máis de 20.000; o número de parados, segundo a EPA, baixou en case 8.000 e a afiliación á Seguridade Social incrementouse en 25.638.

Esta clara tendencia á redución do desemprego en Galicia, e tamén da chamada economía somerxida, combínase cunha mellora cualitativa no funcionamento do mercado de traballo. Refírome ó incremento absoluto e relativo de relacións laborais estables, especificamente do emprego asalariado con carácter indefinido. A diferenza doutros períodos expansivos, como o que se dera en toda España na segunda metade dos oitenta, o momento actual caracterízase por un crecemento da estabilidade laboral que nos achega, lenta pero inexorablemente, ós demais mercados de traballo europeos. É evidente o incremento da confianza dos cidadáns nas políticas económicas do Goberno central e, naturalmente, da nosa Autonomía.

Tamén inflúen a próxima chegada da moeda única europea, os acordos da reforma laboral entre o Goberno e os axentes sociais, na primavera de 1997, e o conxunto de medidas estatais e autonómicas incentivadoras da contratación estable. Teño que lembrar aquí que foi este un dos obxectivos expresos dos Acordos polo crecemento do emprego en Galicia 1998-2001, asinados en xuño do ano pasado pola Xunta, a UGT, Comisións Obreiras e a Confederación de Empresarios de Galicia. No seu primeiro ano de vixencia, a taxa de estabilidade medrou en Galicia do 65 % ó 66 %, o dobre da media do Estado, e asináronse 51.743 contratos indefinidos. De feito, durante 1998 creáronse en Galicia 31.000 novos empregos con contrato indefinido, un 85 % do emprego asalariado xerado, o que demostra que en Galicia se está a crear emprego e que este é cada vez de maior calidade. A estes resultados contribuíron sen dúbida os máis de 4.700 millóns adicados pola Xunta ó fomento do emprego e á estabilidade laboral, dos que se beneficiaron 7.760 empresas e 14.000 traballadores. Polo tanto, menor desemprego e maior estabilidade, e todo isto sobre a base da concertación, son as dúas características máis salientables do comportamento da realidade laboral galega nos últimos meses. ¡Alá os que preferiron quedar fóra!

Continúa, pois, unha tendencia laboral favorable. Nembargantes, seguimos contribuíndo, dende o Goberno galego, a este proceso de mellora con programas e medidas de política activa de emprego, de acordo coas competencias asumidas o pasado ano e a vontade política de converte-la promoción de emprego estable nun dos eixes, como é natural, da actuación do Goberno.

Neste mesmo senso, os Acordos polo crecemento e o emprego en Galicia 1998-2001, ós que xa fixen referencia, demostran non só vontade política en apoiar-la creación de emprego, e en particular de emprego estable, senón en facelo de xeito consensuado, como dicía, cos axentes sociais, para garanti-la verdadeira eficacia das medidas, a través da súa incorporación á negociación colectiva e ó ámbito das empresas.

O esforzo polo diálogo, como método da política de emprego da Xunta, garante tamén o nivel de estabilidade e paz social que a economía e os sectores productivos de Galicia necesitan para o seu pleno desenvolvemento. Foi este convencemento o que nos levou a seguir profundando noutras medidas que completaron os Acordos do pasado ano. Esta aposta polo diálogo deu novos froitos cos segundos Acordos polo crecemento e o emprego, asinados o pasado 30 de xullo. Atrévome a afirmar que a suma destes dous acordos entre a Xunta, UGT, Comisións Obreiras e a Confederación de Empresarios de Galicia

constitúen o conxunto de política de emprego autonómica máis sólido de cantos existen nas comunidades de España.

Polo que respecta ás políticas activas, os Acordos fixan o marco de actuación do Servicio Público de Emprego de Galicia, recollen o compromiso do pleno desenvolvemento das directrices europeas derivadas do Consello Extraordinario de Luxemburgo e do Plan Nacional de Acción para o Emprego e establecen medidas específicas para as características do mercado de traballo autonómico.

O desafío que temos diante nosa, nesta Galicia de fin de século, é moderniza-la política social co fin de soste-los valores fundamentais do modelo social europeo para o futuro. Se queremos asegura-la pervivencia do Estado do benestar, teremos que apostar por unha maior participación da sociedade civil, co que se reforzarán os valores de responsabilidade persoal e dunha auténtica estabilidade, pero, sobre todo, de verdadeira participación e de eludir calquera tipo de fraude. De feito, un dos motivos polos que na actualidade se cuestiona este amplo e complexo concepto é pola perda do sentido da responsabilidade e de iniciativa persoal do cidadán con recursos suficientes. Este está acostumado a que o Estado o provexa diante de calquera eventualidade, esixíndolle o máximo de prestacións.

Diante desta realidade e para garanti-la necesaria continuidade do Estado do benestar, que, por certo, cómpre non esquecer que ten a súa orixe nos valores da dignidade da persoa humana e da solidariedade, e que ó mesmo tempo os promove, debemos adapta-lo seu ámbito de xestión ás novas circunstancias. A tal fin, cómpre asumi-lo compromiso político de garantir a tódolos cidadáns que presenten un estado de necesidade os medios precisos para desfrutar dunha vida digna.

Por outra parte, e tendo en conta a crecente e inevitable limitación de medios públicos, así como o principio de subsidiariedade, debemos favorecer-la función da familia como primeira célula de solidariedade, transmisora de referentes educativos e factor de benestar; apoiar e facilitar, coa axuda da Administración, a das entidades privadas que están prestando servizos sociais, completando así o que é tarefa das limitacións públicas.

Efectivamente, se queremos avanzar pola vía da sociedade do benestar –e ben digo, a sociedade do benestar, porque non basta co Estado do benestar–, debemos potenciar, dende os poderes públicos, unhas cotas máis elevadas de participación solidaria, así como o descubrimento da eficacia social das familias como punto de equilibrio da sociedade. Cando se escoita falar

de nenos mártires ou de vellos abandonados, é bo recordar que non hai unha solución puramente burocrática.

As funcións que desempeña a familia como apoio económico, moral e afectivo, de transmisión de valores de xeración en xeración e de formación para a convivencia, son estratéxicas e insustituíbles, e como tales deben ser consideradas. Por esta razón, o Goberno galego que eu me honro en presidir segue a apostar, como obxectivo prioritario, pola creación das condicións necesarias para un desenvolvemento enriquecedor da vida familiar, o que non significa de ningún modo pecha-la familia en fórmulas prefixadas e estereotipadas –xa que a sociedade cambia–, pero si posibilita-lo desenvolvemento dun proxecto persoal compartido e profundamente solidario.

A nosa preocupación é, en definitiva, garanti-la liberdade de tódolos cidadáns para crear e manter unha familia. Quero aclarar que non se trata dunha simple declaración de intencións, senón que estou a falar dun dereito positivo, constitucional, que naturalmente necesita unhas condicións mínimas para o seu exercicio. Así, estamos traballando arreo para elimina-los obstáculos de toda orde –en particular, os materiais e económicos– que pesan sobre aqueles que crearon un fogar ou queren crealo, a través dunha serie de medidas recollidas no II Plan integral de apoio á familia, que evidencian a nosa vontade política de defende-la institución familiar dende o exquisito respecto á liberdade de elección das persoas respecto do seu estado de vida.

Neste marco, e no cumprimento dos principios de equidade e de cohesión social, a nosa política familiar preséntase como unha acción global, de carácter transversal, dirixida á mellora da situación da familia en si mesma, dos membros que a compoñen e do contorno no que se desenvolve: un contorno caracterizado pola incorporación da muller ó mercado laboral, por un ritmo de vida imposto polo modelo social competitivo que caracteriza a nosa economía e, sen dúbida, polos innegables cambios acaecidos nos esquemas familiares tradicionais, vencellados soamente ó mundo agrario.

En definitiva, con este II PIAF propoñémonos dar continuidade á decidida política de apoio á familia que iniciamos ó comezo da nosa andadura á fronte da Xunta. Trátase, deste xeito, de dar resposta ás necesidades sociais que vaian xurdindo, concentrando os esforzos tanto naquelas familias con escasos recursos económicos como na protección dos menores en situación de desamparo ou conflito social. Non esquezamos que a nosa sociedade será o que sexan as nosas familias, e as nosas familias, en boa parte, serán o que a sociedade, e sobre todo a sociedade na súa estruturación política, lles poida ofrecer.

Estamos, neste final de século e milenio, ás portas dunha renovación social na que a familia pode e debe desempeñar un papel esencial. Facer isto realidade é, hoxe máis que nunca, o noso reto cara ó futuro, e eu engadiría tamén a nosa esperanza. Este reto está íntima e inseparablemente ligado á consecución dunha igualdade real de oportunidades para a muller, tanto na esfera familiar e privada como no ámbito público.

Tanto a realidade das familias actuais como a situación da muller no mercado laboral esíxenos seguir poñendo os medios para que homes e mulleres poidan, por unha parte, concilia-la súa vida familiar coa laboral e, por outra, para que a muller poida acceder en igualdade de condicións ó mercado de traballo. Quixera, a este respecto, subliñar, como fan as directrices para o emprego da Comisión Europea, que promove-la igualdade e loitar contra a discriminación non son simplemente cuestións de xustiza social, senón que, ademais, hai sólidas razóns económicas que o xustifican, co fin de permitir que todo o mundo contribúa ó benestar económico da sociedade e participe del.

Conscientes desta realidade, desde a Xunta de Galicia vimos desenvolvendo unha política de integración económica e laboral da muller que ten como obxectivo último conseguir unha sociedade máis equilibrada. De feito, incrementa-la presenza no emprego das mulleres e optimiza-lo potencial de recursos humanos é algo imprescindible para aumenta-la taxa de ocupación e equiparala á europea, e desta maneira achegármonos ó nivel de benestar dos países máis avanzados.

A Xunta de Galicia, consciente da necesidade de dar cobertura de pensións de xubilación ás amas de casa, impulsou un proxecto de decreto no que se plantexa a creación dunha figura especial que se chamará de xubilación mutual garantida, consistente nun especial control financeiro por parte da Administración, que supón unha garantía de solvencia especial a este tipo de instrumentos, é dicir, unha garantía pública. O decreto, que xa obtivo a conformidade das mutualidades existentes no trámite de audiencia que se lles deu, está hoxe en trámite do Consello Consultivo –pasados tódolos demais trámites– que informará nun breve prazo ó Consello da Xunta para súa aprobación definitiva, que será o antes posible.

Esta xubilación para as amas de casa consiste no impulso dos instrumentos de aforro a longo prazo, en concreto de aqueles que teñan unha base mutualista. Creo que é unha magnífica aportación ó mundo da muller traballadora, e que se poderán beneficiar dela esas amas de casa ás que todos tanto lles debemos e que entregan todo o mellor ás súas familias. No fondo é

o primeiro instrumento serio despois das leis de Toro, no seu tempo as máis modernas de Europa, que fixo a raíña Isabel a Católica.

Somos plenamente conscientes, como dicía, da necesidade de poñer os medios que faciliten, tanto á muller como ó home, a conciliación da vida familiar e laboral. Cremos, ademais, que é un labor político que non pode ser asumido polo mercado, que debe garantir que unha muller non perda o seu posto de traballo cando é nai, que asegure un período de maternidade suficiente e que sente as bases para que, tanto a nai como o pai, poidan permanecer na casa durante a enfermidade dun fillo.

Todas estas disposicións políticas son investimentos a longo prazo para calquera clase de sociedade, especialmente a nosa, na que as taxas de natalidade, como veño repetindo hai tempo –algúns rían ó comezo, hoxe non ri ninguén–, son moi baixas e continúan descendendo. Estamos convencidos de que conseguiremo-la aplicación real do principio de igualdade no ámbito laboral, familiar e, en xeral, en tódalas esferas da vida social, vencendo aquelas actitudes que, lamentablemente, seguen perpetuando unha discriminación de xénero. Isto pode ser realidade a través da adopción dunha serie de accións positivas como as contidas no III Plan de igualdade de oportunidade das mulleres galegas 1998-2001, onde, como saben, ademais de medidas concretas que enchen de contido os nosos fins e obxectivos, recolleemos outras encamiñadas a implementa-la transversalidade en tódalas políticas que desenvolven as diferentes institucións.

É unha implicación cidadá que resulta esencial para a erradicación da violencia de xénero e, en xeral, da violencia doméstica. Hoxe en día ninguén dubida de que xa a violencia doméstica é unha cuestión de interese colectivo e social, que constitúe un atentado contra a comunidade e que como tal debe ser tratada. Por esta razón, debemos proporcionarlle a toda muller vítima de malos tratos, ou ós seus fillos, os medios e servizos necesarios que lle permitan sentirse protexida e amparada na decisión, tan difícil as máis das veces, de denuncia-lo seu agresor.

Quero aproveitar este debate para expresa-lo meu firme compromiso, como presidente da Xunta, de ir loitando pola progresiva implantación de mecanismos e programas ó servizo das mulleres e nenos vítimas da violencia. Refírome á creación de dependencias especiais nas comisarías e cuarteis das forzas e corpos de seguridade do Estado, as nosas, naturalmente co fin de garantir que toda muller que acuda a presentar unha denuncia reciba unha atención especializada, en condicións que respecten o seu dereito á intimidade e a súa dignidade como persoa.

Debemos uni-los nosos esforzos para facer ver que a loita pola igualdade real, e todo o que esta leva consigo, non é un asunto de mulleres nin tampouco un obxectivo que poida acadarse só con vontade política. Trátase dun problema social que afecta a todos, que afecta á dignidade de todos nós e que require, polo mesmo, de tódolos nosos esforzos.

Somos conscientes de que para a erradicación definitiva da violencia doméstica é esencial o traballo permanente no terreo da prevención, e, sen dúbida, o mellor instrumento con que contamos, a medio e longo prazo, é a educación das novas xeracións na vivencia persoal da igualdade e da solidariedade.

Xuventude e educación da man

Falar de xuventude e de solidariedade leva directamente a falar de todo. Eu quero comezar polo voluntariado, pois cada vez son máis os homes galegos que deciden canaliza-las súas inquiredanzas sociais a través de entidades solidarias deste tipo. Precisamente porque esa é unha realidade, o Goberno que aquí me honro en representar aposta polo recoñecemento e polo fomento do voluntariado.

Esta implicación social da nosa xuventude resulta crucial. E por esta razón non podemos achegarnos ós mozos tan só como individuos en transición social, senón como cidadáns de pleno dereito. A mocidade ten unhas potencialidades extraordinarias que debemos ser capaces de aproveitar en beneficio de toda a sociedade. Pensemos, por exemplo, na importancia do compromiso dos mozos coa protección do medio ambiente.

Reflexionemos arredor da masiva presenza de mozos, verdadeiramente marabillosa, nos diversos Camiños de Santiago. Direi así que, como ano 1000, hai unha vivencia de crise na nosa sociedade e, ó mesmo tempo, un novo respecto por canto é natureza como camiño de comunicación espiritual. Eles camiñan con sacrificio e autenticidade en busca de respostas que témo-la obriga de darlles.

Dende a Xunta de Galicia queremos continuar ofrecéndolles ós mozos galegos respostas concretas ás súas necesidades. Facémolo a través de accións encamiñadas a potencia-la súa plena cidadanía, pero sen esquecer en ningún caso os aspectos educativos, laborais ou de vivenda, que son condición necesaria para permitirlles acadar unha auténtica autonomía como individuos en tanto que mozos. Esta é a filosofía que inspirou e segue a inspira-lo funcionamento, nestes últimos anos, da Comisión Interdepartamental da Xuventude. Para dotala de maior relevancia e prioridade, na nosa

xestión vaise poñer en marcha un Plan de acción xove (2000-2003), co que pretendemos brindarlle apoio a toda a mocidade galega para facerlles fronte ós retos da sociedade actual.

Naturalmente, falar de oportunidades significa volver falar de emprego. Xa me referín con anterioridade ó conxunto de medidas postas en práctica pola Xunta de Galicia para lograr unha integración laboral dos mozos e mozas, para que a nosa Galicia poida aproveita-lo enorme potencial da xeración máis e mellor preparada da súa historia; Unha xeración que cada vez se sente máis identificada co seu país, coa súa lingua, cultura e tradicións. Non deixaremos de potenciar este sentimento de identificación coa terra nai porque estamos convencidos de que se traducirá nun firme compromiso con ela dos nosos mozos e mozas.

O Goberno galego vénlle prestando á educación unha prioridade total. Neste senso, a reforma que se está levando a cabo no ensino non universitario coa implantación da LOXSE, que precisa dunha importantísima dotación presupostaria que non foi prevista nin plasmada nunha lei de financiamento a nivel estatal, obrigounos a facer un impresionante esforzo económico.

Así, no presente ano, entraron en funcionamento 14 novos centros de ensino secundario, construíronse máis de 20 módulos de ampliación en centros xa existentes, ampliáronse unidades noutros 26 e acometéronse obras de adaptación á LOXSE en 35 centros de educación infantil e primaria. Todo isto supuxo un investimento anual en obras de preto de 12.800 millóns de pesetas. Nestes momentos está realizado o 93,8 % das obras programadas, de acordo cun responsable traballo de planificación, que foi impulsado para escolarizar adecuadamente o alumnado dos novos cursos que se ían implantando.

Por outra parte, estase dotando os centros educativos dos equipamentos e medios informáticos que esixen as novas ensinanzas e os novos tempos, procurando mellora-la súa xestión e incrementa-lo número de conexións con Internet, o cal supón un investimento duns 5.600 millóns de pesetas, á parte, por suposto, do investido en anos anteriores. Dotáronse, durante o curso anterior, 172 centros que xa teñen a aula de informática para impartila materia de Iniciación á tecnoloxía informática, completándose esta dotación en 84 centros máis e proporcionándolles material informático a 670 centros de educación primaria.

Dentro dos proxectos e realizacións levados a cabo no campo educativo, temos necesariamente que salienta-lo feito de que a nosa Comunidade Autónoma fose a primeira en regular e implanta-los centros públicos integrados,

atendendo á demanda social, en especial das zonas rurais, para que o alumnado afectado puidese cursar os niveis obrigatorios do ensino sen necesidade de cambiar de centro, evitando así longos desprazamentos a outras zonas educativas. Coa implantación xeneralizada do 4º curso da ESO aumentou o número de usuarios dos servizos complementarios ó ensino obrigatorio: o transporte e mailos comedores escolares; o que supuxo para o presente ano un investimento superior a 14.700 millóns de pesetas.

En canto á dotación de recursos humanos, é preciso puntualizar que, pese ó descenso da natalidade, se incrementou o número do persoal non docente nos centros e convocáronse oposicións, tanto ó corpo de mestres como ó de profesores de educación secundaria, o que supón proporcionar postos de traballo estables a máis de 700 docentes. Co aumento do número de profesores preténdese facerlles fronte ás necesidades derivadas da creación de novos centros, así como á implantación de novos ciclos formativos ou ó incremento do número dos departamentos de orientación educativa e profesional.

A orientación dos alumnos, dos profesores e das familias é unha preocupación constante para o Goberno da Xunta. Así, cun proxecto modélico en todo o Estado, esta iniciativa púxose en marcha, durante o pasado curso académico, en 294 centros educativos, cun licenciado en pedagogía, psicoloxía ou psicopedagogía á fronte. Galicia converteuse así na única comunidade que posúe departamentos de orientación nos colexios de educación infantil e primaria; saliento, a única.

A experiencia de participación das empresas no proceso formativo dos alumnos, en colaboración cos centros docentes, resultou moi positiva para o coñecemento, por parte dos empresarios, da potencialidade da nova formación profesional, o que lles permite incorporar os recursos humanos actualizados que precisan para conseguir un maior nivel de competitividade. A oferta inicial de ensinanzas de formación profesional e de bacharelato, feita pública hai máis dun ano, elaborouse tendo en conta as variables demográficas e socioeconómicas de cada unha das 53 comarcas de Galicia, e vai permitirla cualificación dos recursos humanos que o tecido productivo necesita.

Semellan innegables os avances dos últimos anos para converterlo deporte nun dos elementos clave da modernización e da saúde colectiva da sociedade galega. A través dun programa serio e rigoroso construímos con bases sólidas a actual realidade deportiva galega, mediante unha axeitada rede de infraestruturas que facilitan o acceso dos cidadáns ó exercicio físico e o estímulo da práctica deportiva a través do decidido apoio ó movemento

asociativo. Ó longo deste ano, leváronse a cabo obras deportivas nos concellos por importe de 3.000 millóns de pesetas.

Tampouco se pode esquecer-lo importantísimo labor de promoción deportiva levado a cabo coa campaña de Deporte en idade escolar, na que participaron, só neste último curso, 157.000 rapaces, o que representa o 80 % da poboación escolar. Completouse a planificación deportiva co traballo de tecnificación que están a desenvolver máis de 3.000 novas promesas do deporte galego e os seus adestradores, coa idea de eleva-lo nivel desta práctica en Galicia. O medalleiro é proba do éxito destas accións.

As tres universidades galegas, que onte celebraron en Vigo a inauguración do seu curso, viven un tempo de esplendor que é posible gracias ó esforzo de todos. Este ano cúmprese o décimo aniversario da implantación do actual Sistema universitario de Galicia. Neste tempo percorremos un longo camiño, no que cabe destaca-lo considerable esforzo económico realizado polo Goberno galego. Poderíamos titular este período como a década da expansión universitaria, tanto no ámbito das titulacións como no número de alumnos ou de profesores.

Débese ter en conta o forte aumento do número de titulacións, pasando das 48 do ano 1989 ás 157 de hoxe, que se corresponden con 89 títulos diferentes. Nembargantes, o incremento máis espectacular foi o elevado número de alumnos. Fronte ós 52.000 do ano 1989 –eramos 5.000 no ano 1939, cando eu comecei a miña carreira en Santiago–, contamos no curso actual con 98.528 alumnos de primeiro e segundo ciclo, ós que debemos suma-los 2.796 que cursan estudos de terceiro ciclo. A taxa de escolarización pasou de 22 a 31 alumnos por 1.000 habitantes –das máis elevadas de Europa–. A este incremento de titulacións e de alumnos correspondeulle, como é natural, un notable incremento de profesorado, que no presente ano chega a un total de 4.309 docentes superiores no conxunto das tres universidades e dos sete campus galegos.

Por suposto, non hai mellor investimento que o que se fai en educación. Polo tanto, o presuposto aportado pola Xunta de Galicia ás nosas universidades pasou de 9.000 millóns de pesetas no ano 1990 a uns 39.000 millóns na actualidade –unha suba do 450 % en dez anos–, financiándose a expansión do sistema, entre os anos 1990 e 1996, con preto de douscentos mil millóns. O efecto producido en Galicia tralo incremento do investimento en educación superior fíxose notar no feito de aumentar máis do dobre a porcentaxe de ocupados con titulación superior nun período de dez anos, entre 1987 e 1997. Así, pasamos dun 9 % a un 23 % de titulados superiores empregados.

Lingüa e comunicación

No anterior debate sobre o estado da Autonomía fixen nesta Cámara as primeiras referencias ó asentamento sereo e gradual dos elementos que conforman a nosa identidade; un proceso no que a convivencia lingüística resulta fundamental.

Os datos ofrecidos polos estudos sociolingüísticos seguen a confirmárla boa dirección do noso modelo de bilingüismo harmónico plenamente consolidado. O Centro de Investigacións Sociolóxicas achegounos a finais do pasado ano datos esclarecedores sobre o coñecemento e uso das linguas oficiais en España.

Prácenos constatar, rectificando a algúns, a alta porcentaxe de competencia lingüística dos mozos comprendidos entre os 18 e os 24 anos, dos que o 81 % entende, fala, le e escribe o noso idioma, non habendo ningún deles que non o entenda. En canto á competencia lingüística xeral, dinos o mencionado informe –que é nacional–, que o 53 % da poboación entende, fala, le e escribe a lingua galega, e só o 1 % manifesta non entendela. Destes dous items, relativos á xuventude e á competencia lingüística xeral do estudio, podemos afirmar que ningunha comunidade en España pode presenta-los datos de Galicia.

Por certo, no remate deste verán, máis dun medio de comunicación, recollendo datos do último informe do mencionado Centro de Investigacións Sociolóxicas, poñía de manifesto que a lingua galega é o idioma máis falado en España –fóra do castelán– e que o número de cidadáns que dominan a lingua propia vai en aumento.

Esta constatación non debe conducirnos xamais –e endexamais ocorrerá nas miñas intervencións– a un falso optimismo, senón a reforza-la decisión de continua-la nosa sensata e harmonizadora política, na que o principal é a defensa do galego, sen que isto signifique arreda-lo castelán, que tamén é lingua nosa –nela escribiron Rosalía e Pondal–. Por certo, recentemente, as cámaras lexislativas do Brasil aprobaron unha lei que regula a presenza do castelán como segunda lingua do ensino naquel inmenso país.

A actualidade demanda accións de prestixio para un progresivo labor normalizador. Debemos seguir aprofundando nos tres alicerces da nosa política lingüística: formación, investigación e divulgación. Non podemos consentir nin que se pretenda facer da nosa fala unha arma arroxadiza ó servizo dunha ou doutra ideoloxía nin que haxa algúns que se sintan falsamente discriminados. En xeral o noso pobo, que é moi sabio e moi práctico, concede ó galego a axustada teoría da mellor ferramenta lingüística. Para a xente do común, para

os que son maioría, o galego é a fala que tivemos sempre e que agora se estudia na escola. Alégrense de que sexa útil e fálana porque é o seu medio de expresión natural, non por actitude ética ou compromiso político, e moito menos por imposición.

Dende o respecto máis absoluto á liberdade de expresión e de opinión e co fin de difundir uns principios que consideramos básicos para a democracia, a Xunta de Galicia iniciará unha serie de programas e campañas destinados ós nosos escolares. O papel dos medios de comunicación na nova sociedade da información, as súas funcións divulgadoras e tódolos aspectos relativos á prensa, radio e televisión, serán obxecto de estudio e debate entre os alumnos. En resumo, preténdese contribuír á formación dos máis novos mediante o maior coñecemento dos medios, elemento esencial da nosa sociedade.

Dende unha perspectiva responsable, non pode faltar unha referencia á investigación e ó desenvolvemento tecnolóxico como elementos estratéxicos e dinamizadores da actividade económica e social.

O Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico para a innovación –en plena execución– incorpora novos instrumentos que supoñen unha clara e decidida orientación cara á innovación empresarial. Tamén representa unha busca de novos elementos de rigor, de control, de coordinación e de seriedade, para convertelos nunha infraestrutura coordinada e vigorosa, capaz de contribuír á transformación da nosa terra. Importantes accións de acompañamento deste plan xa están en marcha. É o caso do Proxecto de lei de escala de investigadores e tamén o Centro Tecnolóxico do Mar, así como un proceso de revisión orientado á mellora do plan para darlle un novo pulo a un camiño sen posible volta atrás.

A prioridade sociosanitaria

Dende o mesmo momento en que asumímo-lo Goberno de Galicia, en 1990, unha prioridade fundamental foi a da asistencia sociosanitaria, baixo tódolos aspectos: infraestruturas sanitarias e asistenciais acordos coa nova realidade que queríamos facer de Galicia; asunción plena competencial en asistencia sanitaria, modernización da rede do entón Insalud –hoxe Sergas– da Comunidade Autónoma; mellora das prestacións a tódolos galegos, tanto ós que viven aquí como ós que permanecen na diáspora; incremento dos servizos, gratuidade e universalidade; formación dos especialistas e persoal sanitario; e, finalmente, atención integral ás persoas maiores e grupos máis desfavorecidos da sociedade.

Os resultados a día de hoxe non poden ser máis definitivos. O Insalud tiña un presuposto para Galicia de pouco máis de 90.000 millóns de pesetas. O Goberno autónomo dedica máis do 35% dos nosos orzamentos a esta materia, superando xa os 320.000 millóns de pesetas; é dicir, case catro veces o presuposto anterior.

Tendo en conta que o máis valioso do sistema sanitario público galego son os recursos humanos, cunha altísima cualificación profesional, a reciclaxe profesional e a formación continuada son piares importantísimos, dada a tecnoloxía que se está a empregar, cada día máis complexa.

Mentres nos hospitais se amplía a investigación a tódolos niveis, a Xunta creou a Escola Galega da Administración Sanitaria, FEGAS, que ten como finalidade a formación e o perfeccionamento técnico no ámbito da saúde pública e da administración sanitaria dos profesionais. Pois ben, só neste ano as accións formativas serán unhas trescentas e o número de profesionais beneficiados ó redor duns nove mil.

Mantense a modernización e a actualización da rede asistencial, ano tras ano, cun gran esforzo investidor. A finalidade é achega-los recursos asistenciais á poboación. Así, polo que respecta á atención primaria, tódolos concellos de Galicia teñen na actualidade un centro de saúde e consultorios —algúns teñen máis dun— ata unha cifra de máis de cincocentas instalacións. Este ano o investimento para a construción e a mellora acadou os 3.000 millóns de pesetas, con 44 actuacións.

Na rede hospitalaria construíronse máis hospitais, algúns deles comarcais, como o de Cee ou o da Barbanza. Está a piques de comezar a funcionar o do Salnés, en Vilagarcía, e o novo Complexo hospitalario universitario de Santiago de Compostela, que entrou en funcionamento dun xeito modélico, para orgullo de tódolos galegos e como digna sucesión dun dos primeiros hospitais de Europa feito polos Reis Católicos para os peregrinos do señor Santiago hai cincocentos anos. Déronse pasos moi importantes para o novo complexo hospitalario de Lugo, outra instalación modélica do seu xénero. Este proxecto está en fase de cesión de terreos por parte do Concello lucense.

Por outra parte, hai que facer mención dos plans directores de reforma e de actualización da actual rede hospitalaria en Ferrol, Pontevedra, Vigo, Burela, O Barco e no Abente e Lago, antigo hospital militar, da Coruña, en plena transformación, cuns investimentos totais duns vintecinco mil millóns de pesetas. A estes debemos engadírlle-las redaccións doutros plans directores,

que afectan ós hospitais Juan Canalejo da Coruña, ó Complexo Hospitalario de Ourense e ó Hospital Provincial de Pontevedra.

Continuamos co plan de modernización de equipamentos para a adquisición e a instalación de equipos de alta tecnoloxía, no que se invisten este ano 1.500 millóns de pesetas.

Os servizos prehospitalarios en casos de urxencia e emerxencia aportan uns resultados espectaculares a través do teléfono 061. No ano 1996 houbo máis de 34.000 chamadas, mentres que a finais de 1999 está previsto que pasen das 100.000, pero a singularidade deste servizo permite que aborde tarefas de formación en asistencia e rescate para tódolos grupos dedicados á protección civil, Policía e demais corpos, así como a levar adiante uns protocolos de anxioplastia na síndrome coronaria aguda e de fibrinólise que está a salvar moitas vidas.

Permítanme lembrar, señorías, que esta é unha realidade tanxible ó servizo de tódolos galegos; unha realidade posta en marcha por este Goberno para solventala carencia absoluta –insisto, total e absoluta– que Galicia presentaba nesta materia hai tan só uns poucos anos. Igualmente, o 061 está a prestar unha destacada asistencia neste Ano santo xacobeo, cun programa adicado ó peregrino, que cando remate o ano terá atendido directamente unhas sete mil persoas.

O compromiso da Xunta de Galicia coa Galicia exterior plásmase tamén a través do Foro Galego Iberoamericano da Saúde, que se materializa a través duns convenios de reciprocidade con comunidades galegas no exterior, especialmente de toda Iberoamérica. Estes convenios teñen varios obxectivos, dende a prestación de asistencia sanitaria ós galegos do exterior nas súas viaxes a Galicia, ata a formación continuada para os profesionais sanitarios que traballan nestes países, todo con miras a contribuír a eleva-lo nivel de saúde dos irmáns da diáspora, hoxe, como se sabe, cos problemas que derivan do envellecemento daquelas poboacións.

Coa posta en marcha dun programa de telemedicina entre a rede hospitalaria do Sergas e varios hospitais iberoamericanos, Galicia é o primeiro país de Europa que ten unha conexión permanente de telemedicina con América Latina. Outro punto importante do que cabe falar é da Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias, creada este ano, e que acreditará a oferta de novas tecnoloxías sanitarias.

En materia de saúde pública unha das liñas estratéxicas de actuación é o Programa de control alimentario, con máis de 80.000 determinacións realizadas en instalacións, establecementos de alimentación e produtos, o que

asegura unha salubridade e un control real sobre os alimentos que consomen os galegos. Unha situación que foi xustamente ponderada a nivel nacional hai escasos meses por mor de certas exportacións de alimentos feitas, por exemplo, dende Bélxica.

En canto á protección da poboación fronte ás enfermidades transmisibles hai que destaca-la posta en marcha do Programa de eliminación do sarampelo, a execución do Programa galego de vacinacións –como saben, no da meninxite fomos precursores do resto das comunidades–, e a execución do Programa de prevención e control da tuberculose, por desgracia, en curiosa reaparición.

Tamén neste campo se puxo en marcha o Plan integral de atención socio-sanitaria á muller, que ten como obxectivo a progresiva mellora da saúde e a eliminación dos factores de discriminación social das mulleres galegas. Unha das accións inmediatas foi a realización do Programa galego de detección do cancro de mama, con 65.000 mulleres exploradas.

A Lei de ordenación farmacéutica, aprobada este ano por esta Cámara, que ten como obxectivo principal garantirlles a tódolos cidadáns de Galicia un acceso rápido, oportuno e equitativo á atención farmacéutica, posibilitará, entre outras cousas, a apertura de 120 novas oficinas de farmacia, introducindo para a súa adxudicación criterios de transparencia, mérito e capacidade, e non outros de carácter económico.

O obxectivo primordial do modelo de atención farmacéutica de Galicia é acadar-la maior eficiencia posible na farmacoterapia que necesiten os usuarios do Sergas. Un exemplo será a receita electrónica, que pretende o mellor coñecemento da prescrición, empregando información do perfil farmacoterápico do paciente e o da prescrición facultativa, dispoñendo así dunha información necesaria para mellorar-la súa calidade, seguridade e accesibilidade. Esta información, ademais en soporte papel, pasará a través dun lector óptico a unha base de datos, para a súa validación na dispensación e facturación por cada oficina de farmacia.

O compromiso coa natureza

As liñas de acción ambiental do Executivo galego establécense baixo os acordos e resolucións adoptados pola comunidade Internacional, fundamentalmente no marco das Nacións Unidas e da Unión Europea, que conforman un compromiso mundial –e especialmente europeo– para a conservación do medio ambiente, ante a evidente necesidade de reorientar-las actividades e relacións coa natureza.

Baixo estes principios, a Xunta está encamiñando as súas actuacións –recentemente creou a consellería correspondente–, baseándose na potenciación, utilización e rendibilización dos recursos naturais da comunidade.

Para a consecución deste obxectivo, o traballo do presente ano centrouse na aplicación doutros principios fixados polo V Programa da Unión Europea, como é a integración das consideracións ambientais en tódalas políticas sectoriais.

Despois de ano e medio de traballo, considero que a pesar das lóxicas dificultades que moitas veces implica conxugar intereses e obxectivos de desenvolvemento económico cos relativos á conservación e preservación dos recursos, estamos avanzando. Existe, pois, unha vontade de integración do referente ambiental nas políticas sectoriais e, por ende, na conservación dun desenvolvemento sostible.

O éxito nesa tarefa depende fundamentalmente do convencemento xeral de que o progreso económico da nosa sociedade non está enfrontado –ben ó contrario– coa conservación do medio ambiente. Polo contrario, non só o desenvolvemento económico e a conservación dos recursos son compatibles, senón que, de cara ó futuro, o primeiro non será posible sen o segundo. Por outra banda, é evidente que hai formas de progreso e de potenciación económica que están, precisamente, relacionadas inicialmente coa conservación da natureza. Un exemplo claro disto, na nosa comunidade, son as actividades derivadas do turismo.

Dentro das accións en materia de conservación da natureza e da biodiversidade, cómpre salientar especialmente a aprobación, por parte da Xunta de Galicia, da proposta de espazos que incorpora a Rede Natura 2000, en desenvolvemento da directiva Hábitat, na que figuran 53 espazos (máis 5 ZEPA) que abranguen 324.930,6 ha. A estes espazos váiselles aplicar, en tanto non sexa definitiva a súa consideración como zonas de especial conservación pola Unión Europea, o réxime dos espazos en réxime de protección xeral.

Preparouse xa o Plan de ordenación dos recursos naturais (PORN) das Illas Atlánticas, que comprende, Cíes, Ons, Sálvora, Lobeiras e Sisargas, logo da súa declaración como parque nacional. Esperamos que pronto, cando veña aquí como proposta lexislativa para o Parlamento da nación, teñamos aquí a unanimidade mesmo desta Cámara. Tamén foi aprobado este ano o PORN do parque natural do Invernadoiro.

Para restaura-la cuberta vexetal, así como para mellora-lo medio forestal galego –de tanta transcendencia económica–, destinaranse este ano 3.744 millóns de pesetas, cos que se pretenden repoboar unhas 2.028 ha en montes

de xestión directa e outras 17.721 ha en montes particulares e terras *mostren-cas*. Coa finalidade principal da protección dos bosques e da súa posta en produción, tanto os montes de xestión directa como os de propiedade particular, constituiranse e melloraranse 1.910 km de camiños forestais, cun investimento de 1.134 millóns de pesetas.

Para continuar coa defensa contra o lume das masas forestais –que, por certo, este ano foi un ano de especial éxito–, así como para incrementa-la produción e a calidade delas, realizaranse tratamentos silvícolas (rozas, clareos, podas, axuda ó rexenerado, conservación de devasas, etc.) en 38.194 ha, cun investimento de 2.141 millóns de pesetas, o maior esforzo investidor sobre o monte levado nunca a cabo en Galicia. Neste sentido, impúlsase especialmente a conservación e mellora dos bosques de frondosas autóctonas, co obxectivo de mellora-lo medio ambiente e de potencia-la produción de madeira de calidade.

Non podo esquecer-lo Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais, que permitiu levar a cabo este ano un total de 12.845 ha de áreas de devasas, 2.499 ha de devasas e 10.363 ha de faixas auxiliares. En canto ás melloras de infraestruturas, creáronse e conserváronse 705 km de pistas, 187 puntos de auga e 530 brigadas, que estiveron dedicadas á loita directa contra o lume, investíndose arredor de 6.000 millóns de pesetas. Tamén neste ano se adquiriron 4 tractores, 12 vehículos de xestión e 29 camións de extinción de incendios, que se suman ós restantes medios dispoñibles.

No que se refire ás actuacións en materia de calidade ambiental, cómpre salientar primeiramente, e co fin de adapta-la normativa en materia medioambiental ás necesidades de Galicia, que este ano foron aprobados e publicados dous decretos que contribuíron a acadar-los obxectivos que nos fixamos para esta lexislatura. O primeiro deles, que aproba o regulamento de protección contra a contaminación acústica, foi publicado o pasado mes de maio. O segundo, publicado a principios de xullo, regula o procedemento para a aplicación dun sistema voluntario de xestión e de auditoría ambiental para as empresas galegas.

Por outra banda, estase culminando a elaboración do Proxecto de lei de protección atmosférica, así como o da Lei de prevención e control integrados da contaminación. Esta última abranguerá tamén a nova regulación da avaliación de impacto, efectos e incidencia ambiental, por estaren intimamente vencellados estes instrumentos normativos.

Os residuos seguen a constituír unha das maiores preocupacións dende o punto de vista da protección do medio ambiente. A Xunta de Galicia, na procura

dunha cada vez máis axeitada xestión deles e de acordo cos principios de prevención, reutilización, reciclaxe, valorización e adecuada eliminación, está a executar as medidas necesarias para cumprir cos obxectivos fixados pola normativa comunitaria número 1. Así, ademais de ter tramitado xa máis de catrocentas autorizacións de xestores de residuos urbanos e de produtores e xestores de residuos perigosos –de acordo co previsto na Lei 10/1998, de residuos–, a Administración pretende establecer un marco común que sirva de eixe a tódalas actuacións que se leven a cabo neste eido. É por iso que xa está preparada a Estratexia galega de xestión de residuos, que abrangue os principios básicos ou elementos específicos de xestión dos distintos tipos de residuos.

Polo que respecta á execución do Plan de xestión de residuos sólidos urbanos, en novembro do ano pasado comezou a implantación da recollida selectiva nos diversos municipios de Galicia. Nun principio foron 16 os concellos incorporados á experiencia piloto realizada, que serviu para caracterizar os residuos xerados, as actitudes da poboación fronte a esta novidade e os custos da recollida. Nestes momentos, a recollida selectiva abrangue xa a máis de medio millón de persoas, e agárdase que para finais de ano estean incorporados cerca dun centenar de municipios.

No que se refire á construción do complexo medioambiental de Sogama en Cerceda, dou conta da boa marcha dos traballos, xa que os prazos de entrada en funcionamento do conxunto das instalacións se adiantan a xaneiro do ano 2000. Será así que a partir do ano que vén quedará completada a infraestrutura necesaria para unha xestión axeitada dos residuos sólidos urbanos en Galicia. Entre tanto, temos xa establecida a nosa planta de pilas, que é unha das primeiras comunidades en España que a ten.

En canto ó conxunto de residuos industriais, é preciso salientar como a política de inspección e control de actividades empresariais, combinada coas actuacións en fomento da calidade do medio ambiente industrial, está a provocar un espectacular aumento no volume de residuos tratados na planta de As Somozas, que xestiona Sogarisa. Ata o mes de xullo, tratáronse xa alí 32.134 toneladas, o que supón un incremento dun 200 % nos residuos. E teño que dicir que cada vez que inauguro unha planta, como pasou hai pouco preto de Ourense, na cal non sería posible facela inauguración, de non existir xa esta planta en pleno funcionamento, levo –por qué non recoñecelo– un ataque de especial ledicia.

Por outra banda, foi elaborado un plan de adecuación, selado e clausura de vertedoiros, que pretende pó-las bases para o progresivo peche e posterior

recuperación dos espacios degradados nos que se viñan depositando os residuos. Este plan inclúe un inventario e unha caracterización previa dos vertedoiros e puntos de vertido incontrolado, e nun prazo de seis anos (2000-2005) serán clausurados, selados, recuperados e limpados a totalidade dos puntos de vertido incontrolado. E engado, pese a quen pese.

Dende que a Xunta de Galicia asumiu as competencias en materia de xustiza, acometemos, en materia deste importantísimo eido –realmente a base de toda a comunidade política–, unha profunda renovación en canto ás infraestructuras xudiciais.

Rematadas as obras da Audiencia Provincial da Coruña e as novas sedes dos xulgados de Pontevedra, Ordes, Redondela, Ortigueira, Ribadavia, Vilagarcía, Marín, Ribeira e Sarria, así como o edificio anexo ós xulgados da Coruña, atópanse neste momento en execución e rehabilitación a sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, próxima a ser inaugurada, e os novos xulgados de Lugo, anexo de Ferrol, Pobra de Trives e ampliacións en Santiago e no Carballiño. Esta é unha decidida aposta do Goberno galego pola mellora das condicións materiais da administración de xustiza.

Dentro desa mellora de servizos básicos, debo subliña-lo Plan de parques comarcais de bombeiros, xa en execución, as agrupacións de voluntarios de Protección Civil, o servizo 112-SOS-Galicia, a Academia Galega de Seguridade, a EGAP, como elemento fundamental da reforma da función pública galega, as oficinas de tramitación única (OTU), de especial interese para a creación de novas empresas –que, por certo, estamos recibindo peticións de información doutras comunidades– e o proxecto practicamente rematado para o chamado «efecto 2000». Son servizos fundamentais para os concellos, cos cales non hai que esquecer que mantemos un contacto e unha colaboración permanentes.

Proxección exterior galega

Dende a miña chegada á Presidencia da Xunta de Galicia, co obxecto de potencia-las relacións exteriores da Comunidade Autónoma tanto no plano político como no económico, veño realizando unha serie de desprazamentos ó exterior. Sen deixar nunca de lado —ben ó contrario— o contacto coas numerosas e exemplares colectividades galegas espalladas polo mundo adiante, ás que eu pertencín de rapaz e ás que tanto lles debemos, entendo que a proxección exterior de Galicia constitúe unha obriga inescusable nuns tempos marcados pola globalización dos mercados e das culturas.

Penso que acertamos neste punto. O paso do tempo demostrou que os desprazamentos que uns consideraban exóticos, outros extravagantes, foron sobranceiramente acertados e están dando os froitos desexados; e non fixemos distincións ideolóxicas doutra índole. Xapón, Irán, Libia, Polonia ou Australia constitúen exemplos constatables do que acabo de dicir.

As empresas desta terra necesitan novos mercados, que hai que buscar alí onde se presentan as oportunidades, o que non sempre sucede nos lugares máis próximos ou nos máis cómodos; e ó mesmo tempo, a proxección exterior da cultura galega, felizmente presente en numerosas universidades do mundo, merece aínda un maior esforzo.

Estou convencido de que o político actual, ademais da xestión doméstica, debe actuar moitas veces —por qué non dicilo— de vendedor ou de viaxante das potencialidades da súa terra, á que se debe, e para iso ten que saír máis alá das propias fronteiras. É obvio que o traballo de promoción exterior desenvolvido pola Xunta neste anos converteu a Galicia nunha comunidade coñecida, respectada en latitudes onde só era unha referencia e non sempre —todo hai que dicilo— boa.

Nestes desprazamentos adoito reunirme cos mandatarios de cada un dos países visitados, un feito que, ademais de constituír unha honra para Galicia, desbloquea non poucos contenciosos e contribúe a abrir portas que ás veces semellaban infranqueables. En todo caso, na maior parte dos casos, empresarios —e remítome a se-la súa testemuña— dos sectores máis relevantes da economía galega ou representantes das empresas con potencial de negocio no país de destino viaxan integrando a delegación comercial e institucional.

Teño que subliñar que a facturación total das empresas que teñen participado nas iniciativas ascende, aproximadamente, ó billón de pesetas. Desta cantidade, polo menos douscentos vintedous mil millóns proceden das exportacións, nas que Galicia igualmente é punteira e un exemplo na balanza de pagamentos. Isto pode dar unha idea máis clara da relevancia das experiencias que nos ocupan.

Alén da importancia de promove-los negocios no país visitado, a ninguén se lle escapan as oportunidades que presentan estas ocasións para os intercambios económicos. Ademais, o clima que se crea non poucas veces foi propicio para forxar acordos entre os propios empresarios galegos, convencidos da necesidade de supera-lo minifundio, característico da nosa tradición, nas súas mellores partes.

Durante estes anos son xa moitos –innumerables se cadra– os contactos levados a cabo coa Galicia exterior. Ata tal punto é así que, como teño dito nalgunha ocasión, poucas persoas, ou ningunha probablemente, terán visitado tantos centros e colectividades da Galicia exterior como quen lles fala. Galicia ten –e ben o sabémo-los fillos de emigrantes– unha débeda impagable cos que nun tempo atrás optaron por saír fóra á busca dunhas oportunidades das que entón aquí carecían.

Ó longo destes anos temos executado innumerables accións e programas de actuación que fixeron posible multiplica-las actividades, incrementa-las relacións e conseguir unha maior eficacia das estruturas das comunidades e centros galegos do exterior. Non podemos esquecer que todo o que se leva feito fixo posible un maior afondamento no sentimento da condición de galegos, o gran milagre que potenciara a galegitude universal, como se lle ten chamado; esta notable integración duns e doutros na Galicia total, participando todos nos procesos sociais e políticos, no desenvolvemento e na proxección exterior.

Permitásame agradecerlles, no nome do Goberno de Galicia e creo que podo falar pola maioría dos galegos, a máis de catrocentas institucións de galegos emigrantes o seu traballo de cada día, a firmeza coa que defenden a nosa identidade e a colaboración que prestan, favorecendo os intercambios económicos de Galicia con outros países e rexións do mundo.

A inxente actividade que anualmente desenvolven as comunidades, centros e asociacións galegas de América, Europa, mesmo de Australia e do resto das comunidades españolas, convérteos en activos colectivos moi estimados nos seus países de residencia. Ese labor dinamizador require un constante apoio do Goberno galego; apoio que nin podemos nin debemos escatimar, sobre todo porque eles teñen dado o mellor pola súa terra nai.

E remato, señor presidente, señoras e señores deputados. Feito un breve repaso da situación e evolución rexistrada por Galicia dende o último debate sobre o estado da Autonomía, penso que se pode aceptar que paseniñamente, de vagar e sen sobresaltos, esta bendita terra vai camiño de converterse no lugar que soñaron os nosos devanceiros. Unha terra acolledora e fermosa, rica en recursos, se se explotan intelixentemente, con cada día maiores cotas de riqueza e unha moi aceptable calidade de vida; un país cunha cultura que atravesa nestes tempos un auténtico rexurdimento, cunha sociedade madura e receptiva, á que non se engana facilmente, moi atenta ós cambios de cada momento. E ningún o sabe mellor que precisamente

estes galegos do exterior, que, cada vez que veñen aquí, se atopan con novas e gratas sorpresas.

Que ninguén perciba –volvo repetir– nas miñas verbas ningún indicio de triunfalismo. Acabo de facer unha síntese con datos precisos da realidade, do palpable, do que se aprecia nas rúas das cidades e nos torreiros aldeáns, entre os traballadores das industrias, entre os profesionais, coas amas de casa e cos estudantes, coa Galicia real que percorro cada semana, cada día, en tódalas direccións. Esta nova realidade, que creo que pouco ou nada ten que ver coa década dos oitenta, é consecuencia, fundamentalmente, dun traballo que desenvolve o programa que o pobo galego apoiou maioritariamente no ano 1989, referendado cun apoio crecente polos homes e mulleres deste país nas eleccións de 1993 e de 1997.

Sería pouca franqueza a miña se eu non manifestase neste Parlamento unha razoable satisfacción polo camiño percorrido, que é o que brinda a forza e o pulo necesarios para continuar desenvolvendo o noso proxecto político durante o tempo que nos anos vindeiros queira o pobo galego. Neste tempo máis inmediato pretendemos engrandecer e alongar, na medida do posible, unha realidade que é visible para todos, aínda para aqueles que pechan os ollos ou fan que os pechan.

Fomos capaces de senta-los alicerces dunha Galicia nova, chea de realidades e de proxectos, de realizacións que se van plasmando continuamente. E, insisto, sen renunciar a nada, como predicían algúns agoireiros, camiñamos cara á modernidade e ó progreso. Hoxe competimos sen complexos coas demais nacionalidades e rexións da España das autonomías ou mesmo coa Europa dos pobos. Nada disto, por suposto, sería posible, quedaría todo en soños e boas intencións, se non contasemos coa colaboración da maioría da sociedade galega, á que lle quero transmitir, dende este Parlamento que a representa, unha mensaxe de agradecemento e de compromiso renovado para seguir avanzando.

Chegados a este punto, quixera, señor presidente, señoras e señores deputados, facer unha reflexión que, se ben ten un pouco de persoal, encerra tamén penso que un pouco de necesidade colectiva.

Proximamente vanse cumprir dez anos da miña chegada á Presidencia da Xunta. Falei daquela de que a miña vida fora ata entón unha longa preparación para desempeñar unha responsabilidade cos paisanos, cos galegos. Comprometinme a traballar por unha Galicia con sitio para todos: os que foron, os que somos e os que serán. Nesa dirección puxen o meu entendemento, e,

por qué non dicilo, o mellor do meu corazón. Pasaron dez anos, houbo rosas e espiñas, pero quero dicir que somos moitos os que entón nos comprometemos con Galicia e estamos –eu o primeiro– dispostos a continuar coa mesma ilusión que o primeiro día.

Volvo facer aquí –que é onde se debe facer– un chamamento á unidade e ó entendemento en todo aquilo que beneficie e honre a Galicia. Vostedes, señoras e señores deputados, como lexítimos representantes do pobo galego, teñen a palabra, cada un a súa. Máis alá das diferencias de criterio que ben seguro constataremos ó longo destas xornadas, escuso lembrarilles a todos que hai tarefas que son comúns e que de todos precisan. Facelo así é difícil e sei que non todos están convencidos da mesma necesidade. Nós, dende logo, esperamos contar con vostedes, con todos vostedes, cando se presente a ocasión.

En todo caso, penso que as bases están sentadas. Galicia ocupa con dignidade e lexítimo orgullo o lugar que lle corresponde, rompeuse o illamento, acabouse a emigración, xa non estamos incomunicados, a nosa cultura non son uns poucos resistentes... En fin, dende o Camiño de Santiago, dende a Unión Europea, dende os contactos permanentes cos galegos do mundo enteiro, penso que Galicia ten vida e esperanza. Non imos perde-la ocasión de seguir adiante. A Vía Láctea márcanos, dende hai séculos, o mellor, o máis permanente dos camiños, e pídolle ó apóstolo Santiago que nos bendiga a todos.

DEBATE DE POLÍTICA XERAL: INFORME DO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA PARA EXPOÑE-LA SITUACIÓN POLITICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, DEBATE E PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

10 de outubro de 2000

Señor presidente, señoras e señores deputados

Comparezo unha vez máis perante esta Cámara para dar conta ás súas señorías das actuacións da Xunta de Galicia dende o anterior debate sobre o estado da Autonomía, en setembro de 1999, ata o día de hoxe. Tamén, ¡como non!, para informar sobre os grandes proxectos que merecen a atención das forzas políticas aquí representadas, dada a súa vital importancia para o futuro de Galicia.

Durante este período fóronse completando, sen escatimar esforzos e atendendo as prioridades previstas, cada un dos obxectivos marcados polo noso programa de goberno do ano 1997. Pero permítanme que me remita a unha data anterior especialmente significativa para min, como foi o 5 de febreiro de 1990, cando, gracias á confianza maioritaria do noso pobo, asumín a honra e a responsabilidade de encabeza-la Xunta de Galicia por primeira vez. Van alá dez anos e medio de traballo serio, de entrega total a unha única causa: a

de Galicia. Ó alcance de todos están os logros e as transformacións, non fai falla máis que percorre-la nosa terra en calquera dirección, xa que o mellor xeito de comprobalo son as estradas, os centros de saúde, as novas escolas e institutos, as casas da cultura, os polideportivos, os polígonos empresariais, os teléfonos, o gas natural e outras moitas melloras que fixeron de Galicia un país en pleno desenvolvemento; en definitiva, o progreso, que por fin chegou á nosa terra, que avanzou máis nesta década que ó longo de gran parte da súa historia contemporánea. Digo isto sen triunfalismo ningún, simplemente coa ollada posta no futuro, porque sei que só do traballo e da cooperación de tódolos galegos depende a Galicia do século XXI.

Está claro que o que se leva feito se pode ver con mellores ou peores ollos. Benvidas sexan as críticas cando se fan a partir da obxectividade; o que resulta incomprendible é a actitude dos que ignoran e negan todo por sistema. Refírome ós que permanecen ancorados a un discurso acedo e mesmo inxurioso, baseado na denuncia e na descualificación de tódolos que non pensan coma eles. Son os mesmos que consideran o galeguismo como cousa súa, a nosa fala como un patrimonio excluínte, os que desprezan os nosos emigrantes, os que non dubidan en sementa-la confusión con «manifestos en positivo», mentres que por outro lado arengan a prol da «emancipación» de Galicia ás minorías radicalizadas. ¿Que clase de discurso é o que practican? Pero a realidade de hoxe, sen sobresaltos nin violencias, cun Goberno estable, con diálogo social, con desenvolvemento económico, con autoafirmación responsable, con participación activa nas institucións e nos foros comunitarios, imponse con rotundidade sobre os que pintan panoramas escuros e catástrofismos interesados, sobre os que buscan o poder custe o que custe. Alá cadaquén coa súa conciencia e co seu modelo de Galicia. Pero que quede moi claro que o noso pobo non é nin reaccionario nin servil, e que os nosos emigrantes non son individuos facilmente manipulables, porque os cidadáns deste país, vivan no campo ou na cidade, na costa ou no interior, dentro ou fóra de Galicia, a estas alturas, saben moi ben o que queren, e, polo tanto, obran en consecuencia.

Tratarei, pois, de ir debullando ó longo deste discurso os temas que considero principais e que seguen a estar orientados polas dúas preguntas que me propuxen en 1990: ¿cal é a Galicia que queremos?, ¿que é o que queremos para Galicia?

As respostas hai que as buscar, sen dúbida ningunha, no traballo levado a cabo, nos feitos, nas grandes e pequenas realizacións, tamén nos erros e

nas equivocacións, pero fundamentalmente no empeño de que era posible modernizar Galicia, ou o que é o mesmo, poñela á altura das nacionalidades e rexións avanzadas de España e de Europa. Niso estamos, e así o imos seguir facendo, porque contamos co apoio e coa confianza do noso pobo, das galegas e galegos que non queren saber nada de confrontacións, de guerras lingüísticas, de queima de bandeiras nin de violencia nas rúas.

A Galicia de hoxe, a que xa soa como modelo autonómico en máis dun centro de opinión europeo, é unha comunidade que desterroou os vellos complexos, que sabe esixi-lo seu, que non se encolle diante de ninguén; é dicir, un país que desenvolve ó máximo as súas potencialidades para proxectarse con forza no novo milenio. Sabemos que é moito o que hai por diante, somos conscientes do que queda por facer. Nada nos mete medo, temos forzas dabondo para seguir traballando polo engrandecemento desta terra, reafirmándonos nas ideas de paz e solidariedade, de liberdade e de democracia, antepoñendo o sentimento de irmandade que practicaron os devanceiros, aqueles que mereceron chamarse por dereito propio «**bos e xenerosos**». Por iso nos reafirmamos no galeguismo popular.

O galeguismo popular

Sabido é que o galeguismo político atravesou diversas etapas históricas, dende o provincialismo inicial (1840-1868), ó que sucedeu o federalismo de corte pimargaliano (1868-1870), pasando polo rexionalismo pleno do gran Brañas (1881-1914), ata a reconversión risquiiana das Irmandades da Fala (1916-1930) e a súa continuidade no Partido Galeguista (1932-1936).

Como consecuencia da Guerra Civil cómpre ter moi en conta o galeguismo do exilio, que xurdiu para a defensa da lingua, da cultura e da propia identidade nalgúns das grandes capitais de América, no seo das nosas comunidades emigradas de Bos Aires, Montevideo ou México, e que desenvolveu, arredor da figura de Castelao, unha tarefa galeguizadora fundamental que chegará máis alá da década dos cincuenta. Será daquela cando o galeguismo volva ter presenza no interior, sobre todo a través de certos proxectos culturais, entre os que destaca a editorial Galaxia, que, por certo, celebra este ano o cincuentenario da súa fundación.

Resulta imposible achegarse a este período de recuperación do galeguismo político e cultural sen salienta-la figura de Ramón Piñeiro. El levou adiante, xunto con outros compañeiros de xeración, un calado e consciente traballo nunha etapa difícil, chea de dificultades, con moitas máis sombras que luces. Será

Ramón Piñeiro, desaparecido infelizmente hai dez anos, pero sempre presente entre nós por todo o que representa o seu pensamento e o seu exemplo moral, quen define o galeguismo como «a realización plena dun sentimento de amor á terra, un deber de identificación co propio pobo».

Facía Piñeiro unha clara distinción entre «galeguismo espontáneo, que é o que alenta en tódolos corazóns galegos, pero limitado a sentir a Galicia, e galeguismo consciente, moito máis reflexivo, esforzado en coñecer, ou o que é o mesmo, en afirmar e desenvolve-la personalidade da nosa terra». E engadía don Ramón Piñeiro: «Se o galeguismo é a lealdade dos galegos con Galicia, esta lealdade vénse manifestando de dúas maneiras: ben puramente sentimental, como ocorre co galeguismo espontáneo, ben plena e total, como no galeguismo consciente». Para rematar dicindo que: «Cando a primeira se converta na segunda, Galicia terá acadado o nivel histórico do seu tempo».

Neste momento, a punto de cumprírense dúas décadas da promulgación do actual Estatuto de autonomía, lei fundamental de Galicia –que, por certo, tardou bastantes anos en ser considerada e asumida como tal por algunhas forzas políticas–, estimamos que se ten cumprido o pensamento de don Ramón Piñeiro. Durante todo este tempo, o que el definira como o galeguismo espontáneo foi adquirindo máis consciencia e responsabilidade e unha maior autoestima, productivo do autogoberno e dunha praxe política orientada nos principios do galeguismo popular. Foise consolidando, maioritaria e socialmente, un exercicio de orgullo de sermos e de manifestármonos como o que somos, sen medos nin presións, sen renunciar a nada, aspirando a todo. E hoxe podemos afirmar neste Parlamento que o pobo galego asumiu, de maneira consciente, todos e cada un dos elementos que conforman a súa identidade, porque vén exercendo o dereito á súa verdadeira autoidentificación.

A partir de agora, e como consolidación da etapa anterior, considerada por voces de dentro e de fóra como exemplar, como a de maior proxección económica, social e cultural dunha gran parte da historia de Galicia, queremos manifesta-la nosa vontade de seguir traballando unidos e na mesma dirección, axudando ás xeracións máis novas, achegando a nosa modesta experiencia, pero tamén a nosa comprensión.

Poden estar todos vostedes ben seguros de que o imos facer dende a perspectiva dun galeguismo popular, cada vez máis avanzado, plural e solidario co resto das comunidades do Estado das autonomías, plenamente convencidos da necesidade dunha Europa dos pobos e das nacionalidades, fortemente vencellado a Iberoamérica, cara a cara co mundo enteiro.

Converxencia e crecemento

Ninguén que examine a nosa realidade socioeconómica cunha ollada desprovista de prexuízos ou condicionamentos a priori pode deixar de recoñecer que nos últimos dez anos a economía da Comunidade Autónoma de Galicia experimentou un proceso de crecemento sostido que nos permitiu un achegamento ós niveis medios de España e da Unión Europea. Foi un longo camiño, e aínda quedan algunhas etapas por percorrer para acadala plena converxencia. Pero, hai que dicilo, a esta realidade contribuíu dun xeito notable a política de planificación económica deseñada pola Xunta e o sistema de promoción vencellado, basicamente, á actuación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), así como a aposta decidida do Goberno para fortalece-lo noso tecido productivo e mellorar, sobre todo, as súas infraestruturas.

O progresivo incremento das nosas competencias, así como o compromiso do Executivo por establecer nos nosos presupostos anuais unha serie de prioridades, traducíronse nunha importante modificación da realidade económica de Galicia. Deste xeito, a estrutura dos nosos sectores productivos á altura do ano 2000 amosa unha configuración que se achega á que presenta unha economía moderna.

No período 1990-1998 a nosa economía, segundo os datos oficiais do Instituto Galego de Estatística, reflicte un proceso de converxencia e homologación coa estrutura productiva do conxunto español. O crecemento económico en Galicia, señorías, foi nese tempo dun 19,6%, fronte a un índice do 17,8% do conxunto da economía española, cunha diferenza ó noso favor de 1,8 puntos. Estas diferenzas resultan aínda máis notables se se fala do conxunto dos sectores non agrarios: 23,4% para Galicia, 19,1% para o conxunto do Estado. O crecemento do produto interior bruto galego no ano 1999 situouse no 4,5% —digo 4,5%—, unha taxa que duplica o valor medio da Unión Europea nese exercicio e que supera en 0,5 o PIB estatal. O último dato coñecido, o correspondente ó primeiro trimestre deste ano 2000, indica que a suba do PIB foi dun 4,2%, porcentaxe idéntica á taxa nacional. Non hai, pois, motivo ningún para a desesperanza, e menos para o pesimismo. Estas cifras amosan que a economía galega completa un período de cinco anos de medre ininterrompido, no cal se produciu un avance significativo no proceso de converxencia.

Por outra banda, a tendencia favorable no mercado laboral galego comeza a consolidarse a partir do terceiro trimestre de 1997, data a partir da cal, de xeito modesto pero continuado, a economía galega foi quen de xerar emprego

neto. No último ano, a economía galega xerou un total de 54.500 novos postos de traballo, segundo se desprende dos datos da enquisa de poboación activa correspondente ó segundo trimestre do ano 2000. No mesmo período do ano anterior, o total de ocupados na nosa comunidade autónoma era de 933.700 persoas, mentres que no segundo trimestre deste exercicio esta cifra se elevou a 988.200 persoas. Tamén se rexistrou un aumento da poboación activa, que pasou de 1.115.400 persoas a 1.156.100, mentres que o paro baixou nun 7,5%, unhas 13.000 persoas.

A situación actual é, xa que logo, ben distinta da que tiñamos ó comezo da década. Daquela, o diagnóstico sobre a nosa saúde económica sinalaba a existencia de cinco grandes problemas para un axeitado desenvolvemento de Galicia: a situación xeográfica periférica, cunha deficiente dotación infraestructural; unha poboación avellentada e unha poboación ocupada con limitación de formación e escasa capacidade para innovar; unha estrutura productiva moi dependente do sector primario; unha rede empresarial moi atomizada, e un reducido nivel de articulación productiva, tanto interindustrial como entre a industria e os servizos.

Tanto o Plan económico e social (PES) 1993-1996 como o Plan de desenvolvemento rexional (PDR) 1994-1999, así como os acordos sobre medidas de crecemento e emprego asinados cos empresarios e coas forzas sindicais, foron respostas para superar aquela situación inicial. O cambio estrutural acometido pola nosa economía, dada a magnitude da que se partía, ten que seguir a producirse e vai condiciona-los resultados económicos que poida acadar Galicia nos próximos exercicios.

O Plan estratéxico de desenvolvemento de Galicia para o período 2000-2006, Pedega, é como a culminación dunha longa traxectoria para a definitiva modernización da nosa economía e para favorece-la súa competitividade nun contexto globalizado. Nel recóllense as actuacións necesarias para facer de Galicia un lugar atractivo para o investimento e a creación de emprego. Como é obvio, non se parte de cero. As señoras e os señores deputados coñecen o importante labor desenvolvido no terreo da promoción económica por parte deste Goberno. Ó longo destes anos, e en paralelo co crecemento dos propios presupostos xerais da Comunidade Autónoma, procedeuse á constitución de diversos instrumentos financeiros de apoio ás empresas. O xurdimento do Iga-pe como Axencia de Desenvolvemento Rexional, con numerosos programas de axuda ós investidores e emprendedores, a creación do Fondo de Invetimentos Estratéxicos de Galicia (Inesga) ou a máis recente constitución da

Sociedade Xestora de Fondos de Capital Risco (Xesgalicia) foron os chanzos principais na construción dun sólido edificio dedicado á tarefa promocional.

Tampouco se pode esquece-lo peso e a valía da nosa relación financeira con Europa, á cal pertencemos por dereito propio, por vocación e por historia. Dende a incorporación de España á entón Comunidade Europea, no ano 1986, Galicia mellorou o seu índice do PIB per cápita nun 14,55 %, ó pasar do 55 % naquela data ó 63 % no ano 1996. No conxunto de España, este ratio só medrou un 12,75 % no mesmo período. As achegas financeiras da Unión Europea incidiron de xeito importante na positiva evolución da nosa economía. De feito, o crecemento nominal da nosa economía no período 1994-1996 reduciríase en cinco puntos, dende o 22,33 % ó 17,27 %, de non incidir na nosa evolución económica o fluxo de fondos financeiros da Unión Europea.

Señor presidente, señorías, neste momento as achegas comunitarias permítennos albiscar que os principais retos pendentes para instalarnos definitivamente na modernidade económica van ter resposta axeitada. Os 938.875 millóns de pesetas cos que Galicia se vai ver beneficiada no marco de apoio comunitario 2000-2006 servirán para cofinanciar aqueles investimentos estratéxicos que aínda temos que afrontar: tren de alta velocidade, realización de importantes obras hidráulicas e mellora da nosa rede viaria. Isto farase atendendo as prioridades que se establecen no Plan estratéxico de desenvolvemento de Galicia (Pedega), que ten como finalidade última a inserción da nosa Comunidade Autónoma no que chamamos «cohesión económica e social de Europa». Os grandes fins perseguidos polo Pedega son o aumento do emprego de calidade, tratando de recupera-la importancia do emprego como eixo esencial das políticas económicas; a elevación do nivel de vida dos galegos, harmonizando eses niveis entre os distintos segmentos de poboación e entre os diversos espazos territoriais, e asegurar un desenvolvemento sostido da nosa base productiva, o que implica unha estratexia axustada ás posibilidades específicas da nosa terra.

Un plan para o medio rural

Sabido é que o crecemento económico non é fácil de repartir equilibradamente polo territorio. Galicia non é unha excepción a esta regra. E aínda que as disparidades interterritoriais da nosa comunidade son, por certo, moi inferiores ás existentes na maior parte das autonomías españolas e rexións europeas, o vixente modelo de desenvolvemento está a configurar en Galicia dous ámbitos territoriais moi distintos:

Por un lado, as áreas en desenvolvemento, concentradas maioritariamente en torno ó eixo atlántico, o principal corredor de desenvolvemento do noroeste ibérico, composto por 70 concellos de orientación netamente urbana, que acollen o 57 % da nosa poboación en tan só un 13 % da superficie. Polo outro, os 245 concellos restantes, de orientación eminentemente rural, que supoñen o 43 % da poboación galega no 83 % do territorio.

Uns poucos datos amosan a complexa situación diferencial deste segundo grande ámbito espacial respecto do eixo atlántico. A súa densidade media de poboación é de 46 habitantes por quilómetro cadrado, fronte ós 393 da costa. O 29 % da poboación ten máis de 65 anos no interior, o 17 % no eixo. O sector primario ocupa a un 31 % da poboación activa, fronte ó 15 % da costa. Entre 1991 e 1998, a poboación dos concellos rurais descendeu a unha taxa media vexetativa do 8 %, fronte a un incremento medio do 3 % nos concellos do eixo atlántico. Semella claro, pois, que o complexo futuro deste segundo grande ámbito do noso territorio está estreitamente vencellado ó devir das súas propias características rurais, por máis que a total separación entre o urbano e o rural careza, afortunadamente, de sentido en Galicia.

Dado o elevado envellecemento e o baixo índice de reemprazo da poboación vella pola nova, inferior ó 35 % nas áreas rurais, fronte ó 90 % no arco atlántico, a tendencia clara a curto prazo, con horizonte no 2012, indícanos que as densidades da maior parte dos concellos de Lugo e Ourense estarán situadas por debaixo dos 25 habitantes por quilómetro cadrado. Trátase de decidir, pois, señorías, entre potenciar ó máximo a nosa principal área de aglomeración –o eixo atlántico na costa– ou preservar unha distribución da poboación e da actividade menos concentrada no territorio, como é o caso da situación actual.

Diante deste reto, unha opción sinxela sería deixar que os acontecementos seguisen o seu curso cara ó declive rural. Esta evolución non é, evidentemente, o modelo que nós temos de actuación para Galicia; moi ó contrario, preocuparse polo medio rural de Galicia é unha prioridade para o noso Goberno, porque se trata de dar resposta ás necesidades de boa parte da base productiva ou ó envellecemento do potencial demográfico, as dimensións espaciais das cales son predominantemente rurais. A medida que os espazos rurais de toda Europa foron sufrindo, antes ou despois, os efectos dun conxunto amplo de causas profundas, instrumentáronse diversos intentos de solución. Estes ensaios xeraron resultados dispares, pero moi pobres en xeral. En moitas ocasións, os motivos desta baixa eficacia radican en que os devanditos programas non impulsaron novas accións nin novos presupostos. Nembargantes, o certo

é que non faltaron propostas sobre medidas concretas; máis ben ó contrario, moitas veces os plans animaron a iniciativa pública, e tamén a privada, en negocios e proxectos variados que moitas veces fracasaron.

Os motivos anteriores xustifican que Galicia optara por formular unha estratexia galega para o medio rural, cuns patróns de actuación, en definitiva, en lugar dun novo plan. Trátase dunha estratexia galega, porque xurdiu en Galicia e porque conta con fondos propios, non é agrupar propagandisticamente os que xa estiveron aí, son 30.000 millóns novos que se poñen sobre a mesa para concibi-las solucións factibles que mellor se adapten ás necesidades específicas do medio rural do noso país. A estratexia galega para o medio rural trata, en definitiva, de implica-la propia poboación rural e os seus axentes privados no proceso de rexeneración dos distintos territorios. Trátase, señorías, de que as iniciativas de cada espacio rural singular xurdan dende abaixo e de que sexan os propios axentes locais, integrados en grupos de acción local, os que deseñen e executen os seus proxectos de desenvolvemento empresarial.

Aínda que a fronte crítica da estratexia é mobiliza-la iniciativa local, non se pode deixar pasa-la oportunidade de atender directamente vellos problemas do noso medio rural. Neste segundo ámbito das actuacións dos axentes públicos, a estratexia marca un amplo programa de traballo para os próximos anos, coherente coa natureza polifacética e longo alcance do problema. Trátase de actuacións en terreos tan diversos como a elevación da estima social polo medio rural, o renovamento da poboación, a mellora dos equipamentos rurais, as dotacións de infraestruturas viarias, de telecomunicacións e da sociedade da información, a potenciación das actividades fundamentais do medio rural galego e da diversificación de actividades, entre outras moitas. Non obstante, as actuacións máis salientables da segunda fronte de prioridades da estrateixa deseñáronse para facer fronte ós problemas seculares do medio rural galego, que seguen a deixar ociosa unha boa parte do potencial productivo da nosa comunidade.

Por estes motivos, a estratexia contempla tamén un ambicioso programa de traballo a medio prazo, dirixido a modernizar, co consenso dos axentes sociais e das forzas políticas, o marco xurídico vencellado a procesos de alta incidencia no desenvolvemento rural, como a nova Lei de concentración parcelaria, á que me referirei máis adiante polo miúdo, que promova un uso moderno e eficiente de tan importante instrumento para Galicia; modificacións parciais na Lei do solo que impidan un uso urbanístico desproporcionado do medio rural e a dispersión extrema do noso sistema de poboamento; unha lei de

mobilización de terras agrarias, e unha nova lei sobre montes veciñais en man común que permita aumenta-la actual contribución do monte ó desenvolvemento rural.

Para facer realidade as directrices e prioridades marcadas na estratexia galega para o medio rural, os presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do 2001 e a súa correspondente lei de acompañamento contemplarán o financiamento e a normativa reguladora dos instrumentos responsables de mobilizar e facer visible a estratexia mencionada. Para iso contamos co Fondo Galego de Desenvolvemento Rural, constituído por 30.000 millóns de pesetas de recursos propios adicionais que se van aplicar nas zonas beneficiarias da estratexia, os 245 concellos situados fóra do eixo atlántico, durante o período 2001-2006, e coa Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, un novo organismo autónomo no que participarán tódalas dependencias da Xunta, que será responsable da execución da estratexia da súa coordinación coas actuacións xa en marcha das diversas consellerías, deputacións, concellos e axentes que inciden no medio rural. Esta Axencia Galega de Desenvolvemento Rural vai ser creada na Lei de acompañamento dos presupostos, e as restantes actuacións lexislativas serán abordadas ó longo da futura lexislatura.

Avanzar no modelo do financiamento

Chegados a este punto, é lóxico abordar cal deberá se-lo futuro modelo de financiamento das comunidades autónomas. Galicia vén traballando, silenciosa pero teimosamente, na consolidación dun modelo estable que peche o contido do actualmente en vigor. Queremos avanzar na liña do xa existente. Así, cómpre dicir que o sistema vixente se comportou dun xeito moi favorable para os nosos intereses financeiros. Baste con lembrar que no exercicio do 2000 a participación de Galicia nos ingresos do Estado medrou nun 8 % e que o comportamento dos ITAE (ingresos tributarios máis cotas da Seguridade Social) foi bo, e o funcionamento das garantías permitiu presupostar máis de 16.000 millóns de pesetas en comparación co anterior modelo.

O modelo, pois, foi claramente favorable á nosa terra, tanto dende o punto de vista da suficiencia como da autonomía e da solidariedade, o que se vai corroborar tamén nas cifras orzamentarias dos próximos presupostos xerais para o ano 2001.

Pero é preciso avanzar máis, para iso esperamos na próxima negociación:

Amplia-la nómina de tributos compartidos, incluíndo a fase minorista do imposto sobre o valor engadido (IVE), sen que se descarte a posibilidade de

reforma-los impostos especiais para introducir un gravame na súa fase mino-rista que puidera ser compartido coas comunidades autónomas.

Artellar mecanismos de nivelación, superando o criterio estatístico do número de habitantes, baseados tanto no nivel de renda como naqueles factores que incidan nos custos de prestación dos servizos públicos: idade media da poboación, distribución desta no territorio, etc. A solidariedade é unha realidade constitucional, e o noso criterio de equidade pasa pola posta en marcha dun principio básico: a igual esforzo fiscal, tódolos cidadáns teñen que te-lo mesmo nivel de prestación de bens e servizos.

Entendemos, por último, que un sistema de tributos compartidos se ten que encamiñar a ser xestionado por unha administración tributaria única, pero descentralizada e independente. Este modelo de tributos compartidos encaixa perfectamente no deseño constitucional. Calquera outra iniciativa non deixaría de ser unha aventura con escasas probabilidades de éxito. Na súa configuración actual, o sistema de cupo ou concerto –unha singularidade constitucional– non é xeneralizable. Tampouco o sería o modelo de pacto fiscal do que falan algúns.

Pecha-lo sistema de financiamento autonómico pasa –repito– polo escrupuloso cumprimento do artigo 138.2 da Constitución, ou sexa, que as diferencias estatutarias existentes entre as comunidades non poidan ser causa de privilexios económicos ou sociais. Queremos un sistema de tributos compartidos xeneralizado, xunto a mecanismos de nivelación que tomen en conta as singularidades relevantes da nosa comunidade. E de ningunha maneira compartimos propostas de corte confederal, que non teñen cabida na Constitución e que, ademais, suporían un grave risco para os nosos intereses colectivos.

Promoción do emprego

Como xa se sinalou, Galicia continúa nunha tendencia laboral claramente favorable, caracterizada neste último ano por un aumento da súa poboación activa, dos seus ocupados, dos afiliados ó sistema público de Seguridade Social, e por un descenso sistemático do número de desempregados. A realidade laboral caracterízase ademais por unha moi baixa conflictividade. E, no caso das políticas de promoción do emprego, é salientable un alto grao de consenso entre Xunta, sindicatos e empresarios nas actuacións e medidas que se pensan poñer en marcha.

Os obxectivos compartidos de crecemento do emprego e dunha maior estabilidade mantéñense plenamente vixentes e existe unha clara vontade política

de seguir traballando cara a eles dende unha posición de concerto e diálogo social. Como queira que esta situación non parece conxuntural, senón a base mesma do progreso e do desenvolvemento futuro, cómpre prestarlle atención ó concepto de adaptabilidade como valor estratéxico das empresas, e por extensión dos traballadores e da sociedade galega.

O reto da adaptabilidade atinxe, en primeiro lugar, ós propios cidadáns, e implica unha maior dispoñibilidade cara ó cambio. En segundo termo, ven-cella os interlocutores sociais para que sexan capaces de atende-lo interese da empresa, concibida como comunidade de bens de cantos participan nela en calquera posto. E en terceiro lugar, e simultaneamente, obriga os poderes públicos sen excepción a dirixi-las súas actuacións cara á concorrência dos sectores productivos xeradores de riqueza e emprego, incluíndo o seu apoio naqueles aspectos directamente relacionados coa capacidade de adaptación; refírome á innovación, investigación e desenvolvemento, á formación continua e á apertura de novos mercados.

Levados ó ámbito das políticas de promoción de emprego, nun contexto de forte crecemento económico e de ocupación, estes principios sitúannos na perspectiva dun mellor axuste entre a demanda e a oferta de traballo. Dito noutras verbas: o desemprego actual está condicionado, máis que por unha incapacidade de crear emprego polas nosas empresas, por unha falla de adaptabilidade da demanda, o que comeza a provocar dificultades para atopar traballadores. Sectores intensivos en man de obra, como a construción e certos subsectores industriais, ofertan emprego non cuberto por falla de dispoñibilidade.

O Goberno da Xunta está comprometido na superación destes desaxustes. Do lado da oferta de emprego estase a traballar cos sectores máis afectados, facilitándolles apoio no axuste da cualificación a través de programas de formación «á carta», sempre que exista un previo compromiso de contratación polas empresas interesadas. Ademais, estase a desenvolver un sistema de análise prospectiva de cada familia profesional, tentando anticipa-las necesidades de cualificación que terán as empresas no medio prazo. Ó lado da demanda de emprego incrementouse a oferta de formación profesional e artellouse un amplo programa de orientación profesional para que os demandantes saiban en cada momento cal é a oferta de emprego dispoñible e cales as súas tendencias, de tal xeito que poidan obrar en consecuencia. Sen embargo, a inadaptabilidade é aínda un serio obstáculo no caso dos colectivos con máis dificultades no acceso ó emprego, polo que será necesario un novo

esfuerzo na definición de programas de política activa específicos, definidos en función dos destinatarios concretos. Citarei catro exemplos nesta liña para ilustra-la aposta do Goberno por mellora-la eficacia das políticas de axuste da demanda e da oferta de emprego dispoñible:

- 1º No caso dos maiores de 45 anos, e despois da posta en marcha do programa de renda activa e dos obradoiros de emprego, estanse a experimentar itinerarios de inserción individualizados baixo a tutela dun orientador profesional.
- 2º As persoas desempregadas con algunha discapacidade reciben unha atención específica a través da colaboración do Servicio Público de Emprego da Xunta coas organizacións sociais máis representativas neste ámbito, nun modelo de xestión pioneiro en España que vencella a atención social coas axudas técnicas de mellora da empregabilidade.
- 3º Os demandantes de emprego en risco de exclusión social, en particular os perceptores da risga, beneficiaríanse dun programa xestionado coordinadamente por técnicos do Servicio Público de Emprego e da rede de servizos sociais.
- 4º Finalmente, os titulados universitarios comezan a ser un grupo social afectado polo desaxuste coas ofertas de emprego que xera o sistema productivo. Certos aspectos deste desaxuste pensamos que poden atallarse proporcionándolles unha primeira experiencia profesional que os achegue ó mundo do traballo. O paso da vida académica á vida laboral segue sendo difícil para moitos dos xoves que rematan os seus estudos –estamos falando xa de case 100.000 estudantes universitarios, que non é cousa pequena para o noso desenvolvemento–, e moi en particular para aqueles que proceden do ámbito universitario. É vontade manifesta da Xunta de Galicia, que nestes últimos dous anos xa puxo en marcha unha acción específica para fomenta-los contratos en prácticas de titulados durante un mínimo de doce meses, dar un impulso decidido durante o presente ano ás políticas dirixidas a romper co círculo vicioso que a carencia de experiencia laboral ocasiona ós xoves que buscan o seu primeiro emprego. De feito, o Goberno galego dará un paso adiante na concepción tradicional das prácticas profesionais dos universitarios, tentando garanti-la posibilidade de acceder a unha contratación en réxime de prácticas laborais, convencidos de que este é o mellor modelo de aproximación ó mercado de traballo real para os xoves. Neste contexto, a Xunta comprométese a solicita-la

colaboración das entidades directamente implicadas no proxecto, universidades e asociacións empresariais, así como outros organismos involucrados no progreso social e económico de Galicia.

Para evita-lo desaxuste na cualificación dos universitarios, e relacionado co dominio das novas tecnoloxías, deseñouse un novo programa dirixido á reciclaxe de titulados no ámbito da informática, un dos grandes sectores de futuro; creouse tamén, este ano, unha liña de apoio ós novos emprendedores en proxectos de empresa de base tecnolóxica, e puxéronse en marcha as oficinas integradas de servizos á xuventude nos campus universitarios. Neste sentido, as novas oportunidades de emprego, e dun xeito xenérico as ocupacións relacionadas coa nova economía, son aínda un territorio pouco aproveitado. Galicia ofrece condicións inmejorables para un pleno desenvolvemento da nova economía, especialmente no seu aspecto de creación de coñecementos e contidos, apostando pola maior xeración de valor engadido. Os chamados «novos xacementos de emprego» contan xa con incentivos específicos dentro do desenvolvemento local, pero deben ser aínda unha fonte de novos empregos nos vindeiros anos.

Pode afirmarse que a sociedade moderna demanda unha maior flexibilidade no traballo. As empresas xa non son as únicas que ambicionan fórmulas de utilización flexible do tempo de traballo, tamén un número cada vez maior de traballadores buscan combina-la súa actividade laboral con outras aspiracións sociais distintas, demandas sociais que teñen no contrato a tempo parcial a súa mellor solución. O Goberno galego que me honro en presidir está disposto a elevar ás instancias oportunas, e en especial ó Goberno nacional, as propostas que partan dos actores sociais da comunidade autónoma, para promover deste xeito as reformas legais que se estimen oportunas no intento de conciliar á vez os intereses de empresarios e traballadores.

Pero non é preciso esperar a unha nova regulación do contrato a tempo parcial. Os axentes sociais teñen na negociación colectiva un instrumento idóneo para mellora-las condicións de utilización do tempo parcial como alternativa de ocupación laboral, coa virtude adicional de poder atende-las singularidades estruturais dos sectores productivos concretos ou mesmo das empresas. É, polo tanto, unha boa oportunidade para supera-la visión tradicional da negociación colectiva e conceder ós convenios o valor que lles pode corresponder como marco regulador da relación laboral en tódalas súas facetas. O Goberno autonómico implicarase de forma directa apostando decididamente por este proceso de flexibilización do traballo, dentro do

seu ámbito competencial, potenciando os incentivos económicos previstos para este tipo de contratos ó abeiro dos programas de políticas activas de emprego, sempre que xurdan de pactos voluntarios entre empresarios e traballadores.

Renovación industrial e comercial

A Xunta de Galicia, polo que á área de comercio se refire, e dentro do seu programa de obxectivos principais, está a acometer-las actuacións necesarias para modernizar e ordena-lo comercio interior, racionaliza-las actividades feirais e impulsa-la internacionalización das peme galegas. A través da Consellería de Industria e Comercio elaborouse un plan de renovación comercial cos obxectivos prioritarios de incrementa-la competitividade da pequena e mediana empresa e a modernización das estruturas comerciais. Neste sentido, tódalas actuacións para o ano 2000 véñense concretando nos seguintes aspectos:

Axudas ós concellos galegos para a mellora dos equipamentos comerciais considerados de uso colectivo e de carácter social.

Continuación das obras de construción dos distintos recintos feirais de Galicia, tendo en conta a eficacia dos certames feirais e manifestacións afíns como instrumentos básicos de promoción e dinamización.

Axudas ós establecementos, en colaboración co Igape, para a potenciación do comercio minorista. Así mesmo, apoio á promoción do referido comercio minorista, en colaboración coas diversas asociacións e colectivos e coa Federación Galega de Comercio.

Axudas ás federacións e asociacións da comunidade autónoma para actuacións de distribución, loxística e promoción comercial das peme que as conforman.

No ámbito da internacionalización da empresa galega o obxectivo fundamental é a promoción e o apoio de actuacións para que as nosas empresas poidan enfrontarse con éxito ás ofensivas mundiais, consolidando os mercados existentes e buscando outros novos, abrindo canles de distribución, así como a colaboración para unha maior diversificación sectorial das exportacións.

É esta unha política instrumentalizada nos seguintes programas:

Plan de fomento das exportacións galegas (Foexga), concertado entre a Xunta de Galicia e as cámaras de comercio do noso país. Vén funcionando dende 1992 e consolidouse como unha ferramenta dinámica e eficaz na expansión empresarial, favorecendo a presenza dos nosos produtos nos mercados exteriores. Hoxe somos unha economía totalmente aberta ó exterior

e que figura como devanceira na proporción de cobertura das importacións polas exportacións.

Plan de iniciación á promoción exterior, ou PIPE 2000, froito do esforzo de coordinación e actuación conxunta da Consellería de Industria e Comercio, o Instituto Español de Comercio Exterior, o Consello Superior de Cámaras e as cámaras de comercio de Galicia. Este proxecto consiste no deseño e na execución individualizada, específica e estratéxica das nosas peme que non exportaron nunca ou que o fixeron de forma ocasional.

En materia de reforma administrativa, unha actuación fundamental levada a cabo pola Xunta de Galicia consistiu na implantación do Programa de avaliación do rendemento, regulamentado polo artigo 63 bis da Lei da función pública galega. Esta moderna técnica de xestión é considerada pola OCDE como «a clave de bóveda dunha administración orientada a resultados», e polo profesor Dror, no seu informe do Club de Roma sobre a capacidade de gobernar, «como un instrumento esencial para fortalece-la racionalidade dos estados».

O sistema constitúe unha completísima fonte de información da estrutura e funcionamento de toda a organización, xa que permite coñecer de forma obxectiva e sistematizada, a través de indicadores, a actividade e o custo das 750 unidades administrativas a través das que a Xunta executa as súas competencias e nas que prestan os seus servicios 17.500 empregados públicos (é obvio que está excluído o persoal docente e sanitario). A finais deste ano concluirá o Programa de avaliación e rendemento que lle permitirá á Administración galega –por certo, a primeira do Estado das autonomías en aplicalo– unha avaliación permanente da súa actividade e unha valoración moito máis axustada dos resultados.

Unha das políticas innovadoras que emprendeu o Goberno da Xunta foi a posta en marcha dun modelo de comarcalización para Galicia que tiña como principal obxectivo reforza-la identidade comarcal e propiciar instrumentos para fortalece-la súa cohesión interna.

Nunha primeira fase, definíronse os obxectivos, puxéronse en marcha os instrumentos e aprobouse o Mapa comarcal de Galicia, ó tempo que se iniciou o traballo nas comarcas piloto.

Na segunda etapa, o plan de comarcalización centrouse na extensión dos instrumentos a un número considerable de comarcas –xa son trinta na actualidade nas que se está traballando, que cobren o 58,68% do territorio e inclúen un 36,26% da poboación–, nas que a aplicación do plan se fai

sempre a petición dos propios concellos. O Plan de desenvolvemento comarcal céntrase na posta en marcha efectiva dos instrumentos previstos (os plans comarcais, as fundacións comarcais, os centros comarcais e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal) e na implantación en cada territorio dunha rede de desenvolvemento local baseada na cooperación do sector público co sector privado.

Este modelo mereceu –e segue a merecer– a atención de numerosas organizacións internacionais e doutras comunidades de España, configurándose como un dos ámbitos nos que Galicia está servindo de exemplo innovador.

Unha vez implantada a etapa de desenvolvemento local, o ano 2001 vai supor un paso adiante co inicio dunha terceira fase, na cal o modelo de comarcalización se enfronta a unha nova andaina na que pretendemos axudar a dar resposta ós desafíos da globalización dende o ámbito comarcal. Esta fase vaise centrar na aplicación das oportunidades que as novas tecnoloxías ofrecen para a promoción e a comercialización dos recursos de cada comarca. Así, mediante accións formativas específicas para o uso das novas tecnoloxías por parte dos pequenos produtores, artesáns e microempresas en xeral, aproveitaranse ó máximo as oportunidades que teñen os territorios para inserirse nunha economía internacional.

Galicia segue sendo a comunidade española na que é máis doado acceder a unha vivenda. Levamos unha década nesa situación e as cousas non van cambiar, e, se o fan, será para mellor.

As actuacións en materia de solo residencial que está a executa-lo Instituto Galego da Vivenda e Solo nas sete grandes cidades do país comezan a da-los seus froitos. Neste ano que andamos haberá importantes actuacións no mercado da vivenda alí onde máis se precisa: nas áreas urbanas. Galicia tamén está entre as comunidades que maior esforzo realizan para que os máis desfavorecidos cheguen a unha vivenda digna. Aí están os nosos programas de promoción pública, as subvencións para adquisición de vivendas de protección oficial, a rehabilitación rural, a erradicación do chabolismo e da infravivenda..., todos eles programas e axudas financiados exclusivamente con fondos da Xunta, ós que hai que suma-las subvencións convocadas polo Ministerio de Fomento no seu Plan de vivenda. Nembargantes, a Xunta nunca actuou como unha simple correa de transmisión das axudas estatais, senón que segue comprometendo importantes fondos autonómicos en materia de vivenda. E a mellor proba do acertado desta política é que hai varias comunidades que están a segui-lo modelo galego.

A Europa en tren

Lograda unha óptima comunicación por estrada, singularizada na construción das autovías de conexión coa Meseta e no acondicionamento da nosa rede interior de estradas, cuns portos e aeroportos notablemente mellorados e ben preparados para satisfacer a demanda actual, afrontamos agora a modernización integral do ferrocarril; un medio de transporte relegado na súa eficacia e posibilidades a causa da falta de modernización das súas infraestructuras.

Dende a entrada en servizo do último tramo da liña Renfe na nosa comunidade –O Carballiño-Santiago en 1958– transcorreron practicamente corenta anos sen que se decidiran para Galicia un conxunto importante de investimentos que acometeran a adaptación do sistema ferroviario e a súa modernización. Esta situación comezou a cambiar coa sinatura de dous convenios no ano 1998, un deles con Renfe e outro co Ministerio de Fomento, para iniciar lo que se cualificou como a primeira fase da modernización da rede interior ferroviaria de Galicia. Agora, damos un paso máis no que vai supoñer unha auténtica remodelación integral da rede ferroviaria galega, tanto nas súas comunicacións internas como na conexión cara ó exterior, proporcionándolle ó ferrocarril a infraestrutura e o equipamento necesarios para convertelo nun medio alternativo e competidor coa estrada e mesmo co transporte aéreo.

Gracias ás medidas acordadas conseguiremos unha rede interior moito máis rápida e operativa, entrelazada cunha conexión de alta velocidade cara ó exterior, que fará posible, no horizonte do ano 2007, face-lo traxecto dende calquera cidade de Galicia a Madrid nun tempo máximo de tres horas e cincuenta minutos. Para conseguir estes tempos –sigan rindo, tamén se riron doutras afirmacións anteriores, do das autovías, etc.– a rede galega cara ó exterior contará coas especificacións técnicas de interoperabilidade na súa infraestrutura e no material rodante, propias da alta velocidade, polo que para tódolos efectos se vai considerar, de acordo coa Directiva europea 96/48, do 23 de xullo, como unha liña de alta velocidade, con ancho internacional e electrificación en todo o seu percorrido.

Se as autovías de conexión coa Meseta foron consideradas unha das obras civís máis importantes dos últimos tempos, cun investimento aproximado de 400.000 millóns de pesetas dende Benavente, pódese afirmar que o acceso a Galicia dende Madrid en alta velocidade ferroviaria superará esta cifra, chegando a preto dun billón de pesetas.

Xunto coa mellora da rede cara ó exterior vaise acometer a reforma do conxunto da nosa rede interior, cun investimento estimado duns 120.000

millóns de pesetas en dous dos corredores da rede galega (Ourense-Lugo-Betanzos e Vigo-A Coruña), incorporando as actuacións xa iniciadas e planificadas –froito dos convenios con Renfe e o Ministerio de Fomento– e incluíndo outras como un novo tramo de conexión entre Curtis e Ordes, que permitirá integra-la liña Monforte-Lugo-A Coruña no eixo atlántico. Hai que ter en conta que se acometerá, ademais, unha renovación integral dos corredores Ourense-Santiago e Ourense-Vigo con proxectos de alta velocidade e cun investimento de 290.000 millóns de pesetas, que, sumados ós 120.000 millóns dos corredores citados anteriormente, acadan unha cifra total de 410.000 millóns de pesetas –convén recordalo nesta Cámara–, cantidade moi superior á acordada no dictame parlamentario, que ascendía a 170.000 millóns de pesetas.

Esta planificación integral para o ferrocarril galego supón unha concepción superadora de localismos estériles, ó asegura-la interoperabilidade en todo o territorio da nosa comunidade, e o remate das disquisicións terminolóxicas sobre a tipoloxía da infraestrutura futura do noso ferrocarril cara ó exterior, equiparándose ós requisitos da alta velocidade definidos na normativa estatal e europea.

As importantísimas obras que se van realizar en Galicia –e que pronto van comezar– van supoñer un notable incremento das nosas infraestruturas básicas do transporte, conseguindo a nosa conexión coas redes ferroviarias transeuropeas e un avance indispensable cara á intermodalidade, o desenvolvemento sostido e o incremento dos índices de integración territorial, competitividade e benestar cidadán.

Ata hoxe lévanse investidos máis de 20.000 millóns de pesetas na rede convencional interior, e xa existe un acordo co Ministerio de Fomento para asinar proximamente un documento marco de modernización da estrutura ferroviaria galega. Para isto, a Xunta de Galicia acordou demandar do Ministerio de Fomento que nos presupostos xerais do Estado para o próximo ano se consignase unha partida suficiente para poder iniciar, dentro do territorio galego, as obras do tren de alta velocidade, coa finalidade de simultanea-las actuacións das dúas cabeceiras, Madrid e Galicia –e xa foi ben acollida–. Desta maneira, as cidades galegas irán obtendo, de xeito paulatino, os beneficios sociais e económicos que reporta o ferrocarril.

As demandas galegas tiveron acollida –repito– moi favorable por parte da Administración central, e así podemos anunciar que a principios do próximo ano se iniciarán as obras do tren de alta velocidade –algúns distinguen entre

rede interior e rede exterior, non é así; é alta velocidade no corredor Santiago-A Coruña, nos tramos Santiago-Oroso e Orroso-Ordes–.

Dende a Xunta de Galicia e a Comisión de Coordinación da Região Norte de Portugal impulsouse a solicitude de fondos RDB comunitarios para a realización dunha asistencia técnica que estudie a viabilidade das obras necesarias para a modernización integral do corredor ferroviario Vigo-Porto. A solicitude formal do devandito estudio foi presentada perante a dirección xeral correspondente da Unión Europea, que acordou a súa autorización por un importe total dun millón de euros, dos que o 50 % serían asumidos polos fondos comunitarios e a outra metade, a partes iguais, entre a Xunta de Galicia e Portugal. Este estudio xa foi adxudicado e estará listo nos próximos meses, e dentro de poucas semanas recibíremo-la visita do señor ministro de Planeamento portugués, o ministro Coelho.

No pasado mes de agosto a Xunta de Galicia presentoulle á Vicepresidencia da Comisión Europea responsable das Relacións co Parlamento Europeo para Transportes e Enerxía un informe detallado sobre o futuro do ferrocarril en Galicia e a necesidade de vías de financiamento para a equiparación da rede galega co resto das liñas europeas e españolas. Este informe foi moi ben acollido por dona Loyola de Palacio –grande amiga de Galicia, onde pasa o seu veraneo–, que se comprometeu a reiterar-las peticións do Goberno galego.

Resumindo, señoras e señores deputados, ata aquí o meu informe sobre a modernización da nosa rede ferroviaria. Tódolos presentes sabemos que o ferrocarril en Galicia conserva un trazado do século pasado, con infraestructuras e equipamentos que hoxe resultan obsoletos. Tamén é certo que o ferrocarril chegou tarde a Galicia. Moitos foron os que se manifestaron durante o último tercio do XIX e os principios do XX reclamando que os camiños de ferro e as locomotoras trouxeran o ansiado progreso do que a nosa terra estaba tan necesitada. De entre tódolos que, dunha maneira ou doutra, fixeron referencia ó asunto, ningún mellor que a voz civil de Manuel Curros Enríquez, que no ano 1881, e con motivo da inauguración da vía ó seu paso por Ourense, comparaba a locomotora cunha «Nosa Señora de ferro» e animaba a todos a ir vela e saudala, porque: «**por onde ela pasa / fecunda os terreos, / espertan os homes, / florecen os eidos**». Fermosos versos do gran Curros Enríquez, con plena vixencia na Galicia do século XXI, que deben animarnos á unidade, deixando de lado as rivalidades políticas e localistas, pois a mellora e modernización do ferrocarril é unha empresa que compromete a tódolos galegos.

Estradas e portos

A punto de culmina-las actuacións do Plan de estradas 1991-2000 –que non será o último– podemos afirmar que toda a nosa rede viaria mellorou substancialmente. Comezamos agora unha segunda etapa que, por unha banda, terá como obxectivo alcanza-la interconexión de tódalas cidades galegas con vías de alta capacidade e co Cantábrico, e na que se enmarca o comezo, a finais deste ano, das obras da autoestrada Santiago-Ourense no tramo Dozón-Ourense.

Para este fin, a Xunta de Galicia xa lle achegou ó Ministerio de Fomento o proxecto de trazado, acordándose a sinatura dun acordo no que a Xunta está disposta a achegar 5.000 millóns de pesetas dun total estimado en 25.000 millóns, a semellanza do que xa fixera no anterior tramo Santiago-Dozón (10.000 millóns por un total de 49.000 millóns de pesetas).

Por outra banda, sen esquecermos da rede secundaria, continúa-se mellorando a accesibilidade de todo o territorio con conexións de alta capacidade, estruturándose as redes metropolitanas e aumentando a permeabilidade entre Galicia e Portugal despois das novas pontes de Tui, das de Salvaterra-Monção, da de Arbo-Melgaço e da de Vilanova de Cerveira e Goián, a punto de iniciarse.

Deste xeito, quedará completado o acceso central de Galicia en alta velocidade, configurando unha saída directa da capital galega cara á Meseta e unha vía cómoda e rápida dende Ourense e o centro de Galicia cara a Compostela e o eixo atlántico, e, naturalmente, as vías do sur, vía Portugal.

En materia de portos, a Xunta de Galicia concentra os seus esforzos na execución de obras de infraestrutura xeral de abrigo e atraque, mellorando as condicións de abrigo dos portos, aumentando a súa capacidade e produtividade mediante a execución de novos peiraos, pantaláns aboiantes para pequenas embarcacións e melloras no calado das dársenas. Ó mesmo tempo, continúa a execución das obras destinadas á mellora das condicións de traballo nos portos, dotándoos dunha mellor ordenación e dun maior número de servizos para os usuarios, coa construción de novas instalacións que favorecen a comercialización dos produtos.

No apartado transcendental de instalacións náutico-turísticas, a Xunta de Galicia continúa co Plan de instalacións –por certo, cada vez con máis participación da iniciativa privada–, aumentando o número de amarres e de infraestruturas dedicadas á navegación de recreo e deportes náuticos, mellorando as actuais e facilitando a práctica destas actividades nos portos galegos. Temos nas rías un recurso turístico único e hai que aproveitalo.

Estase tamén a ordenar e a urbaniza-la zona de contacto entre os portos e os núcleos urbanos nos que se localizan, mediante a construción de novos accesos e enlaces cos portos, evitando o paso de mercadorías polos núcleos urbanos e facilitando as tarefas portuarias.

Galicia é un país que posúe unha gran variedade de ecosistemas e unha excepcional calidade paisaxística. Na natureza galega destaca unha alta biodiversidade como consecuencia do clima, a topografía, o solo, a vexetación e a condición marítima tan peculiar do noso territorio.

A rede de espazos naturais de Galicia comprende seis parques naturais, catro monumentos naturais, cinco zonas húmidas de importancia internacional incluídas no Convenio de Ramsar e, en réxime de protección xeral, 53 espazos propostos pola Xunta de Galicia para integrarse na Rede Natura 2000 europea. Ademais, estase a tramita-la declaración do Parque Nacional das Illas Atlánticas. O conxunto de 325.000 hectáreas, ó que a Administración autonómica está dando un novo enfoque na súa xestión e administración en liña coas iniciativas da Unión Europea e cos movementos ecolóxicos internacionais, é o resultado destas accións.

Esta valoración de territorio protexido de distintos xeitos require unha maior sensibilidade social e novos deseños de desenvolvemento na dirección da política xeral que regula os fondos estruturais e de cohesión da Unión Europea. Neste senso, cómpre salienta-la elaboración –como dicíamos– dun plan de desenvolvemento rural de carácter multifuncional que recolla as novas posibilidades que a natureza e a súa biodiversidade ofrecen ó futuro das dúas terceiras partes do territorio galego.

Os visitantes ós parques naturais de Galicia no ano 1999 foron xa máis de 600.000 persoas. Para canalizar esta nova modalidade de turismo verde que hoxe se promove en tantos concellos de Galicia, con sendeirismo, rutas de a cabalo, etc., a Xunta de Galicia acometeu xa unha serie de infraestruturas de recepción e de interpretación de espazos naturais protexidos. Nesta dirección é necesario que continuemos coa política de afronta-la recuperación das especies máis representativas da natureza galega; é o caso da pita do monte, do salmón, do arao, do oso e dalgunha das aves de presa como a aguiá real e o bufo.

A caza e a pesca fluvial son en Galicia actividades con gran tradición popular e de moita actualidade. Por todo o noso territorio proliferan os colectivos de pescadores e cazadores, que orixinaron no ano 1999 a expedición de 75.000 licencias –non regaladas, como en certo tempo– só para a caza, e a existencia de 799 coutos, cunha superficie de 2.546.444 hectáreas. En canto á pesca

fluvial, o número de permisos expedidos o pasado ano foi de 122.585, dispoñendo a nosa comunidade de 133 coutos pesqueiros, cunha lonxitude de 919 quilómetros. No relativo a repoboacións piscícolas, cómpre destaca-la solta nos ríos galegos de máis de dous millóns de alevíns de troita, 48.000 de reo e 157.000 pre-esguíns de salmón.

Coa entrada en vigor da nova Lei de caza de Galicia preténdese amplia-la superficie media dos novos Tecor, que están a funcionar a pesar das dificultades do noso medio minifundista. Así, poderán seguir ofrecendo xornadas de caza ás sociedades locais, pero simultaneamente haberá unha oferta de permisos para cazadores foráneos, o que supón un importante ingreso nestas áreas. Na actualidade estanse creando superficies superiores ás 30.000 hectáreas na zona de Monforte de Lemos, A Gudiña e Chandrexa de Queixa, que son áreas de media montaña con boas posibilidades de fomento da caza maior.

Plan de xestión de residuos urbanos

Coa posta en marcha, a través de Sogama, do Plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia, a nosa comunidade sitúase na vangarda das rexións europeas –así foi recoñecido pola Unión Europea– no que se refire ó tratamento de residuos urbanos, mediante a aplicación dun sistema global, eficaz e respectuoso co medio ambiente.

Estase agora estudando por parte da Xunta a conveniencia de dar un paso máis na xestión dos residuos sólidos urbanos, culminando o proceso coa inclusión do retorno ó proceso productivo das materias primas provenientes da reciclaxe e da selección en orixe. Sobre a idea xa está elaborado un proxecto de creación dun parque de reciclaxe, e en preestudio unha segunda instalación no sur de Galicia.

Trátase de continua-lo seguinte elo da cadea; isto é, a reinserción na sociedade das materias primas provenientes da reciclaxe e selección en orixe, potenciando a elaboración de novos produtos útiles. Deste xeito, complementarase a fórmula da xestión integral dos residuos coa da promoción integral de produtos elaborados a partir dos materiais recuperados. Así, o parque de reciclaxe concíbese como un espacio que agrupe as actividades e industrias de reciclado en Galicia, téndose moi en conta as iniciativas de xoves empresarios que queiran dedicarse a esta área, complementándoa con outras de investigación, desenvolvemento e difusión cara á sociedade.

Unha das consecuencias máis importantes do Plan de xestión de residuos sólidos urbanos de Galicia é o progresivo peche de vertedoiros espallados

polo noso territorio, convertidos antes en focos de contaminación e –hai que dicilo– que daba unha imaxe ben «porca» do noso país. En pouco máis de dous anos –dende a creación da Consellería de Medio Ambiente– pecháronse xa oito vertedoiros de residuos sólidos urbanos, dentro dun programa que prevé a clausura definitiva, ata o ano 2005, de máis de 200 vertedoiros, cun investimento total de 12.700 millóns de pesetas.

Igualmente, estase procedendo á eliminación sistemática de puntos de vertido incontrolado, pechándose dende 1998 ata hoxe uns 324, cun investimento que ascende a 315 millóns de pesetas.

Ó mesmo tempo, estanse construíndo plantas de tratamento de residuos voluminosos da construción e outros residuos urbanos, que requiren un tratamento específico distinto do xeral, e a necesidade dos cales –como ocorreu tamén coa cuncha do mexillón, os pneumáticos e outros residuos– se vai constatando a medida que se pechan os vertedoiros incontrolados.

Así séguese a traballar na creación de «puntos limpos» para residuos especiais. A finais de 2000 contaremos con nove máis, dun total de 55 previstos ata o ano 2005. Nese mesmo período construíranse infraestruturas para o depósito controlado de residuos de construción e demolición, cun investimento total de 2.300 millóns de pesetas para 46 actuacións, das que neste ano estarán cinco delas en marcha.

En canto ós residuos industriais e perigosos –onde somos realmente pioneiros– a planta de Sogarisa, nas Somozas, tratou en 1999 unhas 84.197 toneladas deste tipo de residuos, catro veces máis que no ano 1996. Esta evolución crecente anímanos a programa-la instalación dunha planta semellante no sur de Galicia para transforma-los residuos perigosos desa área.

O último *Inventario forestal nacional* (1987-1998), publicado en Madrid, proporciónanos unha información extraordinariamente positiva da evolución do monte galego, tanto en extensión superficial, 379.350 hectáreas de avance –quere dicir case 400.000 hectáreas máis de monte en Galicia–, como en existencias, 44,85 millóns de metros cúbicos de madeira, e en crecemento 3 millóns de metros cúbicos ó ano.

Estes datos bríndannos unha ampla base para establecer novas liñas nesta materia, sobre todo en relación coas demandas da industria forestal galega, que é unha gran consumidora de piñeiro, eucalipto e, en menor medida, de frondosas como o carballo, bidueiro e castiñeiro, entre outros, que tamén están a aumentar.

Pero o monte non é só produtor de madeira, é un espazo onde se desenvolven actividades múltiples: caza, gandería, recreo, recollida de leña, froitas e

fungos, e onde se emprazan infraestructuras enerxéticas, das telecomunicacións e incluso xa urbanizacións de vivendas e outros servizos.

É necesario, pois, ordena-lo noso monte e consolida-lo papel dos seus titulares, sexan estes públicos, privados ou veciñais. A ordenación pasa por unha autoridade administrativa única que, atendendo os intereses e obxectivos lexítimos e diferentes, xestione o monte sen decisións contradictorias e sen desavinzas, que moitas veces son a causa dos incendios forestais.

Por outro lado, na revisión do Plan forestal de Galicia de 1992 imos considerar: a concentración de montes e mellora da estrutura forestal, a ordenación de usos do monte, a industria e o comercio forestal asociado ó monte, a avaliación dos montes veciñais en man común e o fomento do asociacionismo forestal.

A promoción da utilización de enerxías limpas e renovables constitúe outro obxectivo prioritario para a política ambiental da Xunta de Galicia. Con ela lograremos, en primeiro termo, un incremento da produtividade e a concorrencia das nosas empresas ós mercados máis esixentes, e, por outro lado, aseguraremos o cumprimento das medidas correctoras impostas pola normativa europea e pola súa transposición á normativa galega.

Como contribución a esa finalidade, a Consellería de Medio Ambiente está a desenvolver un proxecto de creación dunha Unidade de Investigación e Novas Tecnoloxías Ambientais. Neste mesmo senso, poden destacarse tamén os traballos que se están levando a cabo para o desenvolvemento dun sistema meteorolóxico de Galicia, que permitirán contar cunha predicción meteorolóxica propia e operativa de forma continuada no tempo a partir do 2001.

Novas estratexias na loita contra o lume

As accións de prevención, extinción e control dos incendios forestais constituíron, e constitúen, para o Goberno que me honro en presidir, un capítulo fundamental.

Sempre tiveron a certeza de que a recuperación do noso monte pasaba por reducir ó mínimo os graves danos causados polos lumes, uns incendios devastadores que durante anos impediron o desenvolvemento do sector forestal; un sector estratéxico e chave para a economía galega, pero tamén fundamental para a nosa paisaxe e mesmo para a natureza da nosa Galicia.

A nosa política, deseñada en 1990 e posta en marcha de inmediato con continuidade, foise perfeccionando ó longo dunha década. Hoxe podemos dicir que temos acadado certa experiencia en materia de prevención e extinción de incendios, chegando a colaborar nesta materia, solidaria e eficazmente, con outras comunidades interesadas polo noso modelo.

Pero tampouco pode ignorarse que, pese ós esforzos realizados, a actividade incendiaria continúa con altibaixos. O labor dos servizos de defensa contra incendios e os novos plans aplicados –entre os que se inclúen a profesionalización de determinados servizos, a incorporación de novas tecnoloxías, o control do territorio por zonas e unha estreita coordinación entre administracións– conseguiron reducir substancialmente as consecuencias da actividade incendiaria.

Pero esta é a realidade; e aínda que algúns pretendan ignorala, os resultados son moi claros. Como dicía antes, a nosa superficie forestal arborada medrou, entre 1987 e 1998, en máis de 400.000 hectáreas –datos oficiais nacionais– e o aumento das existencias de madeira, a partir de 1990, foi de 45 millóns de metros cúbicos, cun crecemento anual de 3 millóns.

Isto non o digo eu, nin a Consellería de Medio Ambiente, son datos tirados –repeto– do último *Inventario forestal nacional*, publicado recentemente polo Ministerio de Medio Ambiente do Goberno central. Datos que tamén nos informan, por exemplo, de que as frondosas autóctonas experimentaron en Galicia un incremento importantísimo, pasando de 103.000 hectáreas a nada menos que 574.000. Polo tanto, deixémonos de tópicos demagóxicos, esta é a verdade.

En resumo, o devandito *Inventario forestal* confirma que en Galicia houbo unha política seria e contundente, lográndose máis biomasa arbórea sen diminuí-los aproveitamentos. Ademais, os efectos dos incendios sobre o bosque galego foron controlados na súa maior parte. Todo isto orixinou tamén nos últimos anos unha maior confianza e interese de propietarios e de usufrutuarios dos montes.

En canto ó presente ano, ben se sabe que houbo intentos de presenta-la cuestión dos incendios como desastrosa, chegando a considerar algúns as perdas como dramáticas e adiantando un rotundo fracaso da política da Xunta. Non serei eu quen negue que foi, efectivamente, o 2000 un ano cun elevado número de lumes; nun só día morreron 10 persoas nunha soa provincia de Grecia; en Galicia estamos máis de dez puntos por debaixo nos encoros respecto ó ano pasado, xa que foi un ano seco e difícil. Concretamente –e manexando datos só provisionais– houbo aviso de máis de 12.000 incendios. Non quero ocultar tampouco –sería faltar á verdade– que eses lumes afectaron unhas 44.000 hectáreas, das que só 9.000 corresponderon a superficie arborada e 35.000 a monte raso. Pero compárense coas do ano 1989, que eran catro veces superiores en ámbalas direccións.

Esta é a verdade, pero unha cousa é expoñer os datos, para despois analízalos, e outra moi distinta utilizar eses datos para dramatizar e crear un ambiente alarmista entre a sociedade. Os 12.000 lumes rexistrados no que vai de ano non chegaron a ter unhas consecuencias que se poidan considerar como «catastróficas». Pois, de tódolos lumes atendidos polos servizos da Xunta, só 1.837 foron catalogados como incendios de certa magnitude, mentres que o resto quedaron na consideración de conatos ou pequenas queimas de mato. E outro dato moi a ter en conta, non para relativizar os incendios senón para analízalos na súa xusta medida, foi que a superficie media queimada acadou, en cada caso, unhas 3,5 hectáreas de monte baixo e unhas 0,7 hectáreas de superficie arborada. Índices que seguen a situar a Galicia, coa súa gran superficie forestal, nun dos postos de cabeza, tanto na eficacia da loita contra incendios como na previsión de queimas.

En definitiva, como xa adiantei, ardeu en Galicia un 0,7 % da superficie total arborada. E isto en canto a especies pódese traducir en que, aproximadamente, unha cuarta parte do queimado correspóndelle ó eucalipto, un 21 % ás frondosas e un 54 % ás coníferas, máis susceptibles da transmisión do lume.

De maneira que, aínda que lamentamos moito as perdas, e por suposto estamos xa traballando na súa recuperación, estamos diante dun balance normal, nada catastrófico, xa que tódolos incendios foron controlados polos servizos da Xunta, cunhas consecuencias en termos de riqueza forestal relativamente baixas. Para confirmalo dito non temos máis que comparala situación galega cos incendios rexistrados noutras comunidades de España e noutros países do mundo nun ano no que, por desgracia, a tónica foi dunha altísima incidencia. E, se temos moi claro que o 90 % dos lumes foron intencionados, pois aí cada un ten que recoñecer as súas posibilidades de actuar. É dicir, que o problema reside na alta intencionalidade existente, e a única vía para combater esta intencionalidade manifesta, como para combater calquera outro delito, é a investigación, función que compete en exclusiva ás forzas e corpos de seguridade do Estado, e, naturalmente, a sanción á xustiza.

Seguiremos a traballar arreo, avanzando nas nosas liñas de actuación e colaborando coas forzas e corpos de seguridade encargadas da vixilancia e da prevención de incendios en Galicia. As principais accións terán un seguimento exhaustivo feito nas zonas especialmente conflictivas, unha vixilancia terrestre e aérea das zonas prioritarias, unha investigación das causas e colaborar na identificación dos autores.

No que vai de ano foron detidas 138 persoas como presuntos incendiarios; cifra, por certo, moi superior á de 1999, que foi de 115 detidos.

Somos conscientes de que cómpre avanzar máis, por iso reclamo aquí, neste Parlamento, a colaboración de todos, porque o problema dos incendios forestais é unha cuestión que debe sensibilizarnos e unírnos por riba de calquera outra consideración. Pero quede claro, o mesmo que no terrorismo, que eles son os responsables, os incendiarios son os únicos culpables. Querelos presentar como supostas vítimas da política forestal da Xunta non é máis que xustificalos e darlles folgos para que sigan queimando.

E non estaría de máis escoitar nesta Cámara unha condena explícita e unánime dos incendiarios por parte de tódalas forzas políticas, chamándolles polo seu nome, polo que son, e non con eufemismos terxiversadores.

A cultura, motor da autoidentificación

O pobo galego é dono dunha cultura diferenciada. Unha cultura que forma parte substancial da propia identidade, que foi acumulando ó longo de case dous milenios un riquísimo e variado patrimonio e que segue a producir hoxe magníficas manifestacións creativas; unha cultura de encrucillada entre o contexto hispánico e o luso-africano-brasileiro; unha cultura de ámbito europeo e occidental. Dende o idioma propio, de Rosalía e de Pondal, espiña dorsal da nosa identidade, á literatura galega; dende a danza e a música á etnografía e á arte máis de vangarda; dende os mosteiros e as catedrais ata o cine e o audiovisual de hoxe; nas grandes e pequenas realizacións, sexan elas individuais ou colectivas, todo o que conforma a cultura de Galicia; é dicir, aquilo que nos autoidentifica como pobo, o que nos distingue diante doutras culturas, o que nos permite chamarnos galegos.

No seu *Ensaio histórico sobre a cultura galega*, don Ramón Otero Pedrayo, o gran patriarca, dinos que «disfrutou a nosa terra, dende o mencer dos tempos, dunha conciencia orixinal. Esa conciencia» –di don Ramón– «pervive hoxe e seguirá pervivindo na súa cultura. Ela inspirou os períodos vitais da historia de Galicia». Mais a cultura é hoxe tamén actualidade, aprendizaxe constante, apertura ós avances e ós novos horizontes do tempo que nos tocou vivir.

O noso proxecto cultural, posto en práctica ó longo de dez anos, xira arredor de dous eixos fundamentais: a colaboración e o entendemento; é dicir, planificación responsable e aberta ó diálogo con tódolos colectivos e axentes culturais.

Mais hoxe en día o ámbito cultural non se pode dissociar do ocio, dous conceptos que representan xa o 5 % do produto interior bruto. Tampouco debemos esquecer a capacidade de creación de emprego da industria da cultura,

que multiplica por cinco as posibilidades doutros sectores da economía para crear postos de traballo.

A integración acertada de elementos como son a autoidentificación, a memoria histórica, a libre creatividade e a industria cultural fan que Galicia atravesase un momento de gran vitalidade, un novo e intenso «rexurdimento».

As novas tecnoloxías da comunicación serán, sen dúbida, o cerne vertebrador das grandes celebracións do 2001, declarado Ano Internacional das Linguas, que comprenderá dende unha celebración mundial da poesía en Santiago de Compostela, co patrocinio da Unesco e do Pen Club Internacional, ata un Maratón Europeo do Ciberespacio e o Congreso da Cultura Galega no Exterior.

O esforzo que fixemos nos últimos anos para protexer, conservar e revitalizalo noso patrimonio cultural permítenos hoxe en día afirmar que, á parte de se-lo galego un dos patrimonios máis ricos da Península Ibérica, é tamén un dos mellor conservados.

A muralla romana de Lugo atópase hoxe ás portas de contar –así o esperamos e para iso traballamos– coa prestixiosa declaración de Patrimonio da Humanidade outorgada pola Unesco. Neste sentido, permítanme que como lucense felicite a tódolos colectivos e persoas que traballaron e seguen traballando para lograr que esta declaración prestixie a Galicia enteira. Neste senso, temos fundadas esperanzas de que a finais deste ano a muralla de Lugo sexa declarada Patrimonio da Humanidade.

Crecemento do turismo

O bienio 1999-2000 está a consolidar a Galicia como un dos principais destinos turísticos españois e europeos, consolidando o sector como un dos máis dinámicos motores da nosa economía. Os datos avalan esta afirmación: en 1990 o turismo galego representaba o 4 % do produto interior bruto de Galicia; no ano 1999 e no que vai de 2000 este mesmo sector representa xa o 10 % do noso PIB e oferta 62.000 postos de traballo directos. Cinco millóns de turistas en 1999, ano excepcional por ser Ano xacobeo; catro millóns previstos para finais do 2000, e o obxectivo real de estabilizar e aumentar esta afluencia ata o 2004, data na que Galicia celebrará o vindeiro ano santo.

A iniciativa privada é o mellor indicio deste despegue turístico, xa que nun futuro próximo temos asegurada a posta en marcha de 63 proxectos para construír novos establecementos hoteleiros en toda Galicia, nos que están previstas 3.445 novas prazas, que se sumarán ás 33.300 existentes.

O éxito acadado coa celebración do Xacobeo 99 e o pulo da capitalidade cultural europea constitúen o éxito dun programa desenvolvido ó longo da década pasada, no que a política turística, en senso estricto, se soubo combinar coa animación cultural, coa recuperación monumental, co coidado da paisaxe e do medio ambiente e mesmo co desenvolvemento rural.

Os outros segmentos nos que se asenta este crecemento turístico sen precedente en Galicia son o termalismo e o turismo náutico. O apoio que estamos prestando a estas actividades permitirán situarnos moi pronto como un destino balneario de primeira orde. En turismo náutico, aí están as rías; estase a facer un notable esforzo de investimentos para a construción de novos puntos de atraque e de estacións náuticas. Dentro do que se considera turismo de elite, dispónse xa dunha boa base para ofertar un mapa do golf de Galicia nos mercados europeos; tres aeroportos xunguidos por unha autopista, e o que está feito, indican unhas enormes posibilidades, a pesar das dificultades que ás veces presentan certos localismos ou actitudes propias do noso minifundio.

En definitiva, este é un momento óptimo no sector turístico e cómpre intensificar a atención e os recursos para mantelo e incrementalalo. Está previsto impulsar novos plans de calidade, extrema-lo coidado para non saturar algunhas zonas e abrir novos espazos, poñendo especial énfase na modalidade dos hoteis singulares, coñecidos tamén como «hoteis con encanto», que, por certo, serven tamén para a recuperación do patrimonio, como fixo no seu tempo a rede de paradores nacionais, que están actuando neste momento de modo eficaz en Galicia; véxase o caso de Vilalba e o de Monforte.

Fixemos entre todos un grande esforzo para acadar a situación na que estamos, esforzo no que a Administración, os profesionais e os empresarios deben perserverar. A Administración, creando as óptimas condicións para o desenvolvemento axeitado do sector; os profesionais, mellorando a súa formación e capacitación –e témo-la mellor Escola de Turismo de España, permítanme dicilo con satisfacción–, e os empresarios mantendo os niveis dos últimos anos para renovar a oferta e a calidade, preservando a competitividade dos prezos.

A sociedade do coñecemento

O sector audiovisual galego nos últimos cinco anos pasou practicamente de cero a ser actualmente un dos de maior dinamismo e capacidade de crecemento da economía galega. Hoxe desenvolven a súa actividade nos diferentes

subsectores do noso audiovisual 200 empresas, que aumentaron a súa facturación nun 150% entre 1995 e 1999 e dan traballo xa a 1.200 persoas, un 148% máis que hai cinco anos.

De ter a penas produción audiovisual, na actualidade Galicia é quen de producir unha dúzia de películas ó ano, varias das cales participaron en prestixiosos festivais internacionais, como os de San Sebastián, Berlín, Cannes ou Moscú. Temos series de ficción e animación en galego e dispoñemos xa dunha factoría de creación de debuxos animados a nivel europeo, e que ninguén pense que sen isto seguiremos sendo capaces de seguir promovendo a nosa cultura galega. A Televisión de Galicia emite series propias, desenvolvidas en Galicia, protagonizadas por actrices e actores galegos, que teñen grande audiencia e aceptación; un éxito que propiciou o apoio da Administración autonómica a outras catro series audiovisuais producidas en lingua galega.

O futuro do sector audiovisual pasa pola plena integración de Galicia na sociedade da información. O desenvolvemento desta verdadeira «factoría de contidos» pasa, en efecto, polo pleno desenvolvemento da lei do audiovisual. Neste sentido, estamos a traballar arreo para a posta en funcionamento de organismos do sector, como son a Comisión do Cine, a Comisión do Usuario, o Consorcio Audiovisual de Galicia, e para o bo desenvolvemento do recentemente inaugurado Centro Multimedia de Galicia.

O florecemento da iniciativa e o magnífico ambiente empresarial e creativo existentes invitan a augurar que o audiovisual galego leva camiño de converterse noutro dos nosos paradigmas, como é o sector da moda, e para iso cómpre seguir incentivando os produtos e proxectos dos profesionais galegos.

A información e a bioxenética son, na sociedade actual, instrumentos de innovación e de poder, e Galicia pode sumarse con forza a estas correntes. Neste sentido, imos revisa-lo *Libro branco das telecomunicacións*, unha iniciativa presentada de modo pioneiro no ano 1994, executada en boa parte, pero que quedou superada en moitos aspectos por mor da liberalización do sector e a súa rapidísima evolución técnica.

Isto permitiránola elaboración dun plan estratéxico para o desenvolvemento e a aplicación da sociedade da información e o coñecemento en Galicia. Así mesmo, brindaránola posibilidade de promover na sociedade un clima de innovación, uso e aproveitamento da sociedade da información, actuando na liña das recomendacións e propostas da Unión Europea para favorece-lo desenvolvemento da economía e a creación de emprego.

O primeiro paso para a reordenación dos sistemas de telecomunicacións en Galicia deuse no ano 1998 coa creación de Retegal. Esta sociedade, propiedade da Xunta, xestiona unha rede de telecomunicacións distribuída por todo o territorio galego e formada por 144 reemisores e 700 microemisores. Nestes momentos Retegal presta, entre outros, servizo á Autopista galega da información, ás infraestruturas e ós equipos de radiodifusión da Radio e Televisión de Galicia e ás comunicacións móbiles da Xunta, e abre calquera outras canles de comunicación en Galicia.

Coa liberalización do sinal de televisión abríronse interesantes expectativas para Retegal, que van ser especialmente notorias nos próximos anos, pois, ademais de ser difusor das canles autonómicas, pode aspirar a selo tamén das novas canles estatais, tanto dixitais como analóxicas, para Galicia. Outro papel moi importante será o de operador de canles de radio e televisión local con tecnoloxía dixital, ata constituírmonos nunha oferta interesante para as retransmisións, no só en toda Galicia senón co norte de Portugal.

A aparición de novos operadores no campo da telefonía móbil, así como as novas licencias de acceso local vía radio ou as licencias de radio e televisión son algúns dos exemplos que nos invitan a impulsar un novo proxecto para Retegal.

Sobre a infraestrutura de Retegal descansará o desenvolvemento das novas tecnoloxías dixitais que están a xeneralizarse rapidamente.

Tamén neste campo Galicia foi pioneira, pois en 1998 realizámo-las primeiras experiencias da radio e da televisión dixitais. O traballo levado a cabo permitíranos que, cando remate o 2000, máis do 60 % da poboación galega terá cobertura de radio e de televisión dixitais.

Nestes momentos, Galicia está en disposición de atender boa parte desta demanda ó dispoñer de persoal altamente cualificado e dunha demostrada capacidade tanto para o deseño e creación de equipos como para a creación de contidos.

Camións de Santiago e Xacobeo 2004

A resposta galega ó reto dos tempos actuais será a realización dunha gran Cidade da Cultura de Galicia; iniciativa que nos permitirá da-lo paso definitivo cara ó século XXI, incorporándonos á plena modernidade.

Trátase dunha resposta netamente galega á tendencia mundial de creación de áreas e centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico. Na Cidade da Cultura utilizaranse as máis modernas técnicas expresivas e soportes como teletexto, videotexto, multimedia,

CDROM, produtos interactivos, internet, fotografía dixital e todas aquelas que se vaian incorporando.

En resumo, a Cidade da Cultura de Galicia será un símbolo das novas tecnoloxías da comunicación emblemático na Península Ibérica, en Europa e no mundo. Unha iniciativa que merece que nos esforcemos ó máximo, pois do seu éxito dependerá a consolidación de Galicia como comunidade de vangarda europea no trepidante ritmo do terceiro milenio, ó mesmo tempo que o gran centro de conservación de todo o que fomos culturalmente, dende os tempos máis remotos.

Xa se deu conta oportunamente ás súas señorías dos pasos avanzados ata o momento: a adxudicación do concurso ó arquitecto Peter Eisenman, un dos máis respectados mundialmente, profesor de Stanford e máis admirados polos seus traballos; a expropiación dos terreos necesarios, complementada coa cesión por parte de Caixa Galicia de 250.000 metros cadrados, e a constitución do Padroado da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, encargado de dirixi-la correcta evolución do proxecto, e no que están representadas as institucións implicadas nel.

Nos próximos meses afrontaranse as tarefas de escavación da parcela destinada ó complexo, situada no monte Gaiás e cunha superficie de 700.000 metros cadrados, e na primavera do 2001, se Deus quere, comezarán as obras deste magno proxecto, que será, sen dúbida, o referente da Galicia cultural do século XXI.

A Cidade da Cultura contará con catro áreas fundamentais: Biblioteca e Hemeroteca de Galicia, Museo de Historia de Galicia, Área das Novas Tecnoloxías e Teatro da Música. Alén disto, está contemplado un contorno chamado «O Bosque de Galicia», que rodeará o perímetro da cidade, ocupando 150.000 metros cadrados, e no que estarán representadas tódalas especies arbóreas galegas.

O novo Plan director dos camiños de Santiago nace co obxectivo de conseguila máxima rendibilidade social, económica e turística anualmente, e non só nos anos xacobeos, que motiva o fenómeno excepcional en plena eclosión nova da peregrinación a Compostela.

As infraestruturas proxectadas serán o soporte de promoción da enorme riqueza artística, monumental, etnográfica e paisaxística existente no contorno dos diversos camiños e nun radio de 15 a 20 quilómetros deles. Está prevista tamén a oferta de paquetes turísticos, nos que a arte, a gastronomía, o sendeirismo e o medio ambiente actúen como principais catalizadores.

Nestes momentos continúaase traballando na mellora dos albergues e nas instalacións dos camiños, sobre todo no territorio galego, valorándose fundamentalmente os seguintes aspectos: situación do camiño e das súas infraestructuras, patrimonio cultural que ofrece, potencialidades turísticas, infraestructuras públicas próximas e complementarias, sinalización e promoción de rutas alternativas.

Completarase a totalidade do plan no 2001, proxectando as actuacións que se van desenvolver ata o ano 2010, e tendo como elementos de relevante referencia os anos santos inmediatos, 2004 e 2010.

No mesmo senso, a Sociedade do Xacobeo está examinando unha serie de proxectos e informes para unha correcta planificación do inmediato Ano Xacobeo 2004, primeiro ano de perdoanza compostelá do terceiro milenio da era cristiá.

A normalización lingüística

O galego é lingua propia de Galicia, é o máximo expoñente da nosa identidade diferenciada, a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna ó país. É o xeito profundo no que expresámo-la nosa realidade, a nosa historia, o vehículo de comunicación do pobo galego, como dicía antes, conectado co mundo luso-brasileiro-africano.

Ó recupera-la normalidade democrática en España a finais dos anos setenta séntanse as condicións para a normalización do idioma galego e para a súa presenza en tódolos ámbitos da vida cidadá.

O recoñecemento legal da cooficialidade do galego establécese na vixente Constitución española de 1978 e confírmase e desenvólvese no Estatuto de autonomía de 1981 e na Lei de normalización lingüística de 1983.

De tódolos idiomas deste mosaico plurilingüe que é a España das autonomía, agás o castelán, o galego é o que presenta unha vixencia maioritaria; ningunha outra lingua autonómica pode dici-lo mesmo.

Sondaxes recentes sinalan que case tódolos galegos coñecen e falan a súa lingua propia. Estes datos estatísticos reflicten tamén que, sendo o galego unha das linguas minoritarias de Europa, posúe nestes momentos unha situación de contexto axeitada para acadar avances na súa normalización e planificación lingüística.

Teño dito moitas veces que o proceso de normalización debe ser tarefa de tódolos galegos sen exclusión de ningún xeito, porque a lingua, núcleo vital do ser de Galicia, non é patrimonio de ningún, a todos nos pertence por igual.

Polo que respecta á política lingüística, o Goberno de Galicia pretende un crecente impulso normalizador dentro dun criterio de equilibrio e ponderación, que permite que galego e castelán, ambas linguas oficiais, poidan ser usadas con total liberdade no que chamamos «bilingüismo harmónico». Ninguén hoxe dubida das posibilidades de existencia no noso ámbito dun bilingüismo social real e evidente. A realidade debe ser aproveitada para a máxima potenciación do uso da lingua galega en tódolos niveis: na escola, no instituto e na universidade, na Administración e na Igrexa, na xustiza e nos medios de comunicación, nas novas tecnoloxías e na rúa, nas empresas e nos comercios, nas cidades, nas aldeas, en tódolos ámbitos sociais e económicos, políticos e culturais, porque o galego é unha lingua útil, válida para calquera situación, pero os galegos tampouco renunciaremos a ningún outro idioma, tamén noso. A ninguén se lle ocorre hoxe renegar do castelán, das moitas posibilidades que nos brinda o coñecemento desta lingua, na que, por outra parte, teñen destacado grandes figuras literarias galegas, ¿ou non foron galegos Valle Inclán e dona Emilia Pardo Bazán, ou Gonzalo Torrente Ballester e o noso premio Nobel Camilo José Cela?

Estamos decididamente a favor da normalización, e nese senso imos dar tódolos pasos necesarios para a mellor difusión do noso idioma, para estender e amplia-lo seu coñecemento, para facer cumprí-la lexislación establecida, pero sen imposición, convencendo e non obrigando, tratando de evitar en todo momento que se produzan liortas e confrontacións que leven á guerra lingüística, que, por certo, non é unha hipótese, xa se coñeceu noutras partes da nosa España.

No tocante ás liñas de promoción, a grande aceptación das medidas adoptadas reflíctese nun incremento anual do 40 % en persoas ou entidades que desenvolven algunha actividade patrocinada pola Administración educativa. No ensino estanse a conseguí-los obxectivos de competencia nos dous idiomas, rematado o tempo da ensinanza obrigatoria.

Por outra banda, cómpre sinalar que se levan impartido máis de 500 cursos a máis de 13.000 alumnos, que se mantén o lectorado en centros de lingua galega en 40 universidades de España, Europa, América e mesmo Australia.

Como dato significativo achegado pola Ponencia de Lingua do Consello da Cultura Galega, encargada da realización dun Informe sobre política lingüística en Galicia dende 1981 ata a actualidade, vemos, por exemplo, e no referente ó galego na Administración local, despois de ser analizados 210 concellos, como se afirma na devandita ponencia que a situación non é tan mala como

parecía nun principio, pois ó entrar nos detalles hai sorpresas moi positivas; na provincia de Ourense, en conxunto, aparecen máis iniciativas das previstas.

O certo é que o galego debe penetrar naqueles medios e sectores da poboación que aínda non teñen conciencia do seu emprego. Lograrémolo na medida en que adaptémo-la lingua propia ás necesidades do futuro, cunha maior presenza nos medios de comunicación, sobre todo na prensa, cunha clara vontade de seguírle-lo ritmo ás novas tecnoloxías.

Os nosos cidadáns de mañá deberán manexarse en galego e castelán, pero terán que aprender inglés, que é a *koiné* de hoxe, e algunha outra lingua de apoio para realizar nelas as súas relacións laborais, culturais e persoais. ¡Temos que ser realistas!

O desenvolvemento de accións concertadas entre as institucións competentes, encabezadas pola Real Academia Galega e coa participación dos centros de investigación e difusión, respectando o modelo estándar establecido e fixado e abríndose ás novas posibilidades formativas, deberán se-los camiños normalizadores.

Probablemente ninguén poida responder dunha maneira seria á pregunta: ¿cando estará definitivamente normalizado o galego? De todos depende, e tal vez o concepto de normalización variará cos tempos, pero non hai lugar para os que queren leva-lo asunto ó terreo da confrontación e da polémica maniquea; perden o tempo.

Se o noso pobo foi capaz de expresarse na propia fala ó longo de máis de dez séculos, cos consabidos atrancos e dificultades, o noso deber é poñer-lo máximo empeño en canto a medios e vontade política para que as futuras xeracións rematen o terceiro milenio falando e escribindo na súa lingua sen privarnos de ningunha outra que nos poida ser útil e nos conveña ós galegos.

Novo sistema educativo

O bo funcionamento do sistema educativo dun país é o mellor espello das prioridades dos seus responsables políticos, pois na formación das novas xeracións está o progreso e o futuro da normal convivencia.

O Goberno da Xunta non escatima esforzos nin recursos, tanto materiais como humanos, para que a implantación do novo sistema educativo que se está levando a cabo nestes últimos anos se faga da maneira máis axeitada, tendo en conta as peculiaridades poboacionais, orográficas e lingüísticas da nosa comunidade autónoma, e, por certo, o grande espallamento da poboación, que non é un problema pequeno para nós.

A dotación e o mantemento das infraestructuras educativas, así como o equipamento adecuado para impartir unha ensinanza de calidade, supuxeron un investimento que se aproxima ós 13.000 millóns de pesetas no presente exercicio. Desá cantidade, máis de 800 millóns foron destinados a completa-la dotación de informática dos centros nos distintos niveis universitarios. Creo que sómo-la primeira comunidade que o ten conquistado en toda España. Tan importante partida económica destinada á informatización permitiu subministra-lo equipamento necesario e arbitra-los medios para permiti-la conexión de 670 centros mediante unha rede intercentros, así como a execución das redes interiores e o acceso ó servizo de correo electrónico para tódolos profesores de educación secundaria que o desexen e a internet para profesores e alumnos.

A formación continua do profesorado é un dos factores determinantes na mellora da calidade do ensino, especialmente nestes intres nos que se está producindo unha importante reestructuración do sistema educativo. Nesta liña a oferta formativa para o profesorado canalízase a través do Plan anual e do Plan específico de formación do profesorado de formación profesional, e complementábase cunha serie de accións de apoio, como formación a distancia, os reintegros individuais para asistir a actividades, as estadías formativas no estranxeiro e a obtención de novas especialidades para os funcionarios do corpo de mestres.

Por outra parte, o novo sistema educativo esixe unha organización curricular e escolar que demanda gran cantidade e calidade de recursos humanos. No presente ano foron convocadas 772 prazas para ser cubertas por concurso oposición por persoal docente que accede a un posto estable na Administración educativa. Iso a pesar da redución do número de alumnos.

O Plan de crecemento e emprego para Galicia considera a formación profesional como unha liña de política activa de emprego. Polo tanto, a Xunta ten previsto continuar coa implantación de novas ensinanzas, introducindo as adaptacións necesarias para dar resposta á necesidade de cualificación do sistema productivo en cada comarca.

A evolución das tecnoloxías dos diferentes sectores productivos require continua adaptación dos medios empregados para conquistar unha formación profesional de calidade que responda á demanda social.

O comezo xeneralizado do primeiro curso do novo bacharelato nas súas distintas modalidades supón a escolarización no presente curso académico de 721 grupos de bacharelato. Recordo os tempos dun só bacharelato, despois dos de ciencias e letras; 721 grupos de bacharelato xa están recibindo

formación en 221 centros públicos, e isto supuxo un investimento duns 1.000 millóns de pesetas.

A necesidade de aprender linguas estranxeiras vai profundamente ligada ó progreso científico e tecnolóxico. O aumento das relacións internacionais e a circulación das ideas e da información está provocando unha forte demanda social en favor da aprendizaxe das linguas estranxeiras, especialmente do inglés, de xeito que o número de linguas que os cidadáns dun determinado país dominan constitúe un indicador importante do seu grao de desenvolvemento. Por outra banda, a mellor protección contra tódalas formas de racismo e xenofobia lógrase mediante o coñecemento e a experiencia directa da realidade dos outros, e mediante a mellora das capacidades de comunicación.

A LOXSE estableceu o inicio do ensino da primeira lingua estranxeira a partir dos 8 anos de idade. Sen embargo, estudos recentes subliñaron a importancia de que os nenos, xa dende as primeiras idades, vaian adquirindo unha progresiva sensibilización cara a outras linguas distintas ás da súa comunidade e cara ás outras culturas. Por certo, tamén é o momento máis axeitado para que o oído dos rapaces se preste a unha boa aprendizaxe das linguas. Por esa razón estanse a realizar este ano, e con carácter experimental, proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira para os alumnos do segundo ciclo de educación infantil e do primeiro ciclo de educación primaria. Isto significa que a aprendizaxe da lingua estranxeira na nosa comunidade se adianta con carácter voluntario ós 4 anos de idade. Máis de 380 centros de educación infantil e primaria foron autorizados para anticipa-la aprendizaxe na lingua estranxeira no pasado curso 1999-2000, o que plasmado en cifras concretas significa que 28.941 novos alumnos accederon antes dos 8 anos á aprendizaxe da lingua estranxeira.

Por outra parte, mediante a creación de seccións europeas nos institutos de educación secundaria, estableceuse con carácter experimental o ensino de determinadas áreas ou materias do currículo nalgunha das linguas do noso contorno europeo.

A estas iniciativas temos que engadi-la participación en programas europeos tanto por parte do profesorado como dos alumnos, así como nos intercambios e nas ensinanzas, en particular do idioma inglés, a distancia que estiveron a cursar máis de 1.000 alumnos. Todo isto –repito– dentro destes programas experimentais.

Continuaremos potenciando, pois, o estudo das linguas estranxeiras, sabedores de que é preciso contar cun certo nivel de competencia comunicativa

en varias linguas para lograr unha perfecta integración nunha Europa cada vez máis interactiva.

Finalmente, en relación coa orientación educativa e profesional, só lles quero indicar ás súas señorías que tódolos centros de educación infantil e primaria con máis de 12 unidades e tódolos institutos de educación secundaria, así como os centros públicos integrados, contarán con Departamento de Orientación a partir do presente curso académico, sendo Galicia a única Comunidade Autónoma que implanta de xeito permanente os citados departamentos de orientación nos centros de educación infantil e primaria.

As universidades galegas contan nestes momentos cun programa de financiamento (2000-2003) racional e progresivo que se irá axustando anualmente. Este programa de financiamento está baseado no custo por crédito impartido segundo cada titulación, no que cada alumno é financiado de acordo cos créditos nos que estea matriculado. Este programa permítelles ás nosas universidades planificar, de acordo coas súas obrigas, para catro anos, percibindo máis de 141.000 millóns de pesetas.

A posta en marcha da Axencia Galega para a Avaliación da Calidade, constituída por consorcio coas universidades, contribuirá á consolidación e á mellora da calidade do ensino, da investigación, da xestión e dos servizos, estando inmersa no Plan nacional de avaliación da calidade das universidades e coa vista posta na Unión Europea.

Aínda que hoxe as nosas tres universidades están nunha boa situación e cheas de dinamismo, recordo que deberán camiñar cara á universidade do século XXI coa ollada posta na mellora da calidade e respondendo ás necesidades do seu contorno socioeconómico, empresarial e cultural.

A xuventude, o mellor futuro

Ninguén dubida de que a autonomía da xuventude actual pasa pola súa independencia económica. Esta é e será a idea motriz que dinamice e inspire a nosa política a prol da mocidade. Proporcionarlles ás novas xeracións un traballo que lles permita emanciparse e facilitarlle-las recursos necesarios para vivir dignamente é un acto de xustiza, ademais dun investimento social de futuro, xa que significa investir nunha demografía equilibrada que asegure o cambio xeracional.

Ata hai pouco estaba mal visto falar dende a política –recordo algunha risada tamén nesta Cámara– da busca de solucións ó descenso da natalidade, e os poucos que o faciamos eramos alcumados de «natalistas» e outros epítetos

polo estilo. A situación só se rexistraba nas estatísticas oficiais, pero non se abordaba directamente, e nas axendas dalgúns nin sequera tiña carácter prioritario. Hoxe parece que houbo cambios –e hai que celebralo– nas posicións, todos aprendemos, polo menos algúns grupos políticos así o manifestan, recoñecendo unha preocupación que eu trasladei a esta Cámara dende o meu primeiro mandato á fronte da Xunta.

A aprobación por unanimidade –e así o recoñezo– dunha iniciativa parlamentaria –proposición non de lei– sobre a revitalización da demografía galega é o fiel reflexo das inxerencias que hoxe ten o conxunto da sociedade galega, preocupacións que nos esixen aplicar con urxencia as medidas necesarias para darlle volta á tendencia actual e reconducir a situación.

As tendencias demográficas, como todos vostedes saben, non son fáciles de corrixir, xa que requiren cambios estruturais e mesmo culturais profundos, que se traducen con lentitude nas variacións do crecemento vexetativo. Iso levaríanos a un tema que hoxe xa sería demasiado longo tratar: o das inmigracións necesarias. Sen embargo, dende o Goberno que me honro presidir, encarámo-lo problema co convencemento de que cabe aplicar políticas correctoras que, respectando a liberdade de decisión das persoas, permitan acadar un futuro con saldos demográficos positivos.

Para afrontar esta situación estamos a elaborar dende a Xunta unha estratexia global de actuación, o Programa de revitalización demográfica de Galicia, baseada nun enfoque integrado que trata de organizar as múltiples dimensións asociadas ó problema do cambio demográfico.

No marco deste Plan de revitalización demográfica adoptaremos, no transcurso do 2001, un conxunto de mecanismos de ordenación e impulso das políticas estratéxicas e decisivas para abordar con seriedade o descenso da natalidade da nosa terra.

Con frecuencia no deseño das grandes liñas da política económica esquecese a familia como un axente económico de primeira magnitude. ¿Quen é o gran determinante do consumo, onde se forman as vocacións e os exemplos de traballo? Conscientes da súa importancia no desenvolvemento económico de Galicia, nós vimos prestando un apoio integral ás familias; lembren os nosos dous plans integrais de apoio ás familias.

Neste contexto, as nosas accións pretenden ofrecerlles ás galegas e ós galegos un marco de convivencia axeitado que lles permita desenvolver a súa intelixencia e aptitudes ó servizo dunha profesión ou posto de traballo sen que isto impida ou dificulte a realización plena da súa vida familiar.

Información e comunicación constitúen hoxe un feito cotián no que se educan as nosas xeracións, dando como resultado uns rapaces afeitos ó uso das novas tecnoloxías e familiarizados coa linguaxe específica da informática e das telecomunicacións. No contexto da nosa política de formación xuvenil, a Xunta de Galicia organizou o encontro informático «Xuventude Galicia Net» para poder intercambiar e compartir experiencias. A alta participación e a calidade dos proxectos presentados fixeron que dende a Administración autonómica se establecese un compromiso de ampliación destes encontros.

Coa creación dun servidor de contidos en internet á disposición da nosa xuventude preténdese reunir nun único portal toda a información relacionada cos diversos programas, concursos e actividades que se levan a cabo en Galicia destinados á mocidade, facendo deste servidor un sitio de referencia, consulta e comunicación con mozos e mozas do mundo enteiro.

Dende o ano 1998 a Xunta vén promovendo un programa titulado «Os espazos naturais, un mundo aberto». Trátase de achega-los nosos xoves ó coñecemento do medio rural galego por medio de actividades de educación ambiental e de convivencia, onde os mozos descubran por si mesmos os principais aspectos do patrimonio natural, etnográfico e histórico-artístico de Galicia.

Está previsto un novo programa, chamado «Atlántida», que contará con dúas embarcacións, unha de pesca, adaptada á formación, e unha goleta ou buque escola. Será o mellor xeito de achega-la nosa xuventude á realidade –por certo, ás veces ben dramática, como estes días– da Galicia do mar.

A Xunta ten previsto reforza-la súa política de información e formación xuvenil con respecto ás oportunidades existentes na Europa unida, contribuíndo así á preparación dos futuros cidadáns comunitarios. Na perspectiva dunha Europa dos pobos e as nacionalidades cómpre que a xuventude galega participe en pé de igualdade con outros mozos e mozas de culturas e linguas diferenciadas.

Estamos traballando seriamente para favorece-la inserción e permanencia da muller no mercado de traballo, para alivia-las cargas das familias xa constituídas e facilita-la decisión de crear novos proxectos familiares.

Permítanme lembra-lo feito de que a nosa foi a primeira Comunidade Autónoma que puxo en marcha a medida «custo cero» para evitar que a maternidade constituía un obstáculo na carreira profesional das mulleres. Na actualidade, o Goberno central, que reforzou esta medida coa bonificación das cotas empresariais da Seguridade Social para os contratos de substitución, está a estudia-la implantación de medidas innovadoras coa bonificación durante dous anos das cotizacións á Seguridade Social por maternidade.

A necesidade de facilita-la conciliación da vida familiar e laboral preséntase, pois, como unha condición necesaria e indispensable para garanti-lo principio de igualdade de oportunidades que debe rexe-la convivencia en toda sociedade democrática. Igualdade que nos obriga a seguir loitando incansablemente contra as actitudes e os comportamentos vexatorios, inxustificables en todos os casos, como son os malos tratos.

A violencia de xénero é unha violación dos dereitos humanos e un atentado á dignidade da muller inaceptable nunha sociedade libre e democrática. Dende o Goberno galego seguiremos adoptando medidas e instrumentos que lle permitan á muller poñer fin á situación de resignación e silencio que por diversos condicionantes se ve obrigada a soportar, arroupándoa e protexéndoa en todo momento nas súas decisións. Servicios de axuda e rehabilitación que seguiremos potenciando e axeitando ás necesidades reais de información, formación e asesoramento.

Neste contexto promoveremos unha maior implicación da sociedade civil na loita contra a violencia e seguiremos propiciando a creación de vías alternativas de participación cidadá, como a Rede Galega de Mediadoras Sociais, coa que a Xunta de Galicia pretende suma-los esforzos públicos á inestimable axuda civil.

Definición e protección da saúde

A efectividade das medidas de protección da saúde da poboación galega baséase nas actuacións de saúde pública, na información achegada polo sistema de vixilancia e no óptimo funcionamento dos sistemas de alerta epidemiolóxica e alimentaria.

O tradicional sistema de vixilancia das enfermidades de declaración obrigatoria complementouse co sistema de vixilancia específica para enfermidades como a sida, a tuberculose, a meninxite, a parálise flácida e o sarampelo. Durante 1999 e o que vai de 2000 estableceuse o sistema de información microbiolóxica de Galicia e da infección polo VIH, e iniciouse a definición do sistema de información da infección nosocomial. Todos eles, xunto coa información sobre a mortalidade, son o punto de partida necesario e imprescindible para unha adecuada definición e protección da saúde.

Do conxunto de programas de prevención, o Programa galego de vacinación –e recórdese que en certos aspectos mesmo fomos criticados ó principio por certas iniciativas deste eido que todos seguiron despois– é unha clara demostración da aposta do Goberno galego pola mellora da saúde da poboación, en especial dos nenos e dos nosos benqueridos maiores.

Neste senso, e como exemplo, cómpre salientar a campaña anual de vacinación antigripal para tódalas persoas da terceira idade residentes en institucións, residencias ou hospitais, ampliándose no bienio 2000-2001 a tódolos maiores de 65 anos e persoas de grupos de risco.

Durante o ano 2000 puxéronse en marcha as actuacións de deseño, protocolización e adquisición dos equipos para as unidades piloto do Programa de detección da hipoacusia neonatal.

A constatación da existencia de diferencias de xénero na incidencia de determinados problemas de saúde nas mulleres, xunto coa transcendencia social da feminización da pobreza e do envellecemento levou a deseñar o Plan integral de atención sanitaria e social á muller. Tamén no 2000 se realizou a enquisa de saúde ás mulleres maiores de 15 anos, punto de partida para coñecer a situación e os indicadores que servirán para o seguimento do plan. O esforzo na prevención do tabaquismo, do cancro de mama, da sida, e na formación e sexualidade dos xoves, son algúns exemplos das primeiras actuacións levadas a cabo.

As auditorías europeas e os resultados dos programas de inspección hixiénico-sanitaria poñen de relevo as nosas liñas estratéxicas en materia de saúde pública, cunha implicación directa no sector productivo agroalimentario galego, como é o Programa de control alimentario. As actuacións de inspección –máis de 80.000 no pasado ano 1999– de industrias e establecementos da alimentación, así como a realización das análises –máis de 90.000 determinacións–, permítenos ofrecer garantías de salubridade e control sobre os alimentos que consomen os galegos.

O marco guía esbozado no Plan de saúde de Galicia, baseado en catro principios básicos: mellora da equidade, incentivación da calidade, promoción da eficiencia e desenvolvemento da formación e investigación, é o que se segue nas actuacións de atención primaria e especializada no Servicio Galego de Saúde.

Sabido é que a atención primaria foi unha resposta á demanda dos cidadáns para resolver unicamente a enfermidade dos usuarios cando esta se presenta. Pero a mellora do estado de saúde da poboación pasa por realizar actividades de prevención da enfermidade, promoción da saúde e educación sanitaria. Isto fixo necesario reformular a atención primaria en tódolos países desenvolvidos e implantar sistemas organizativos que permitan alcanzar os mencionados obxectivos.

O maior desenvolvemento da atención primaria é a base do novo modelo asistencial recollido no Decreto 200/1993. A posta en funcionamento das

novas unidades permite transforma-lo modelo tradicional dotando os centros de mellores infraestructuras e incrementando o persoal médico e de enfermía tanto en número como en tempo de dedicación. Para isto incluíuse máis persoal de apoio ó usuario e incorporáronse servicios de farmacia, odontoloxía, saúde bucodental, fisioterapia, pediatría, traballo social e outros, poñéndose en funcionamento 18 novas unidades de atención primaria.

A implantación dos PAC, de puntos de atención continuada, permite garantir a atención de urxencia extrahospitalaria cun nivel óptimo de recursos materiais e humanos, e contando sempre coa presenza dos profesionais sanitarios. Sempre –repito– as vinte e catro horas. Neste sentido, e no que vai de ano, incorporáronse 18 concellos ó sistema de gardas nos puntos de atención continuada, chegándose na actualidade a 250, cifra que cumpre sobradamente as previsións deste ano.

Así mesmo, e sen saír do ámbito da atención primaria, o Servicio Galego de Saúde está a impulsar dende o ano 1997 un proxecto que o coloca na vangarda dos sistemas de xestión. Consiste este, basicamente, en trasladarlle ós profesionais, ademais das decisións clínicas, as responsabilidades de xestión das súas unidades.

Outro programa que se está a desenvolver no ámbito da atención primaria é o de posta en marcha de unidades con horario de tarde en núcleos de máis de 20.000 habitantes. Isto facilita moito a accesibilidade do usuario ó centro de saúde, ampliando a oferta horaria do seu funcionamento.

A incorporación da cirurxía menor á carteira de servicios de atención primaria experimentou un crecemento constante na nosa comunidade. Para impulsar-la correcta aplicación deste servicio elaboráronse unhas recomendacións que guiarán a aplicación da cirurxía menor e que teñen como obxectivo primordial servir de guía a profesionais e responsables na xestión e no avance desta práctica.

O total desenvolvemento deste programa redundará, loxicamente, nun maior beneficio para o paciente, que será perfectamente atendido nun primeiro nivel asistencial, coa conseguinte diminución das listas de espera para cirurxía menor.

Seguen a desenvolverse, por parte do Sergas, os plans funcionais e directores dos centros hospitalarios, que posibilitarán unha mellora das distintas áreas e que repercutirán nun incremento de camas e quirófanos. Estas remodelacións seguen unha política de calidade e humanización da asistencia sanitaria, co conseguinte incremento das camas e a mellora dos espazos.

Este reforzo de infraestructuras complementábase inmediatamente coa próxima apertura do novo Hospital do Salnés, que contará cunha dotación de 80 camas, así como coa aprobación do Plan funcional para o novo Hospital Xeral de Lugo, dotado de 744 camas, 18 quirófanos e 129 locais para consultas. Respecto das listas de espera, a demora media para ser atendido nos hospitais do Sergas oscila en torno ós 60 días, cifra dificilmente superable.

Tamén durante este ano está tendo lugar o novo programa de organización de consultas externas, que conta cunha metodoloxía novidosa, tanto a través de medidas de control sobre as listas de espera como de medidas para a coordinación entre atención primaria e atención especializada. Xa comezou, así mesmo, o Plan de renovacións en alta tecnoloxía. Este plan abarca os anos 2000-2003, cun investimento de 3.000 millóns de pesetas. Debemos destacar, así mesmo, o enorme esforzo realizado por parte dos equipos directivos dos centros así como do persoal destes, que permite realizar importantes melloras nos quirófanos dos hospitais sen que isto repercuta no normal funcionamento das áreas cirúrxicas.

Xa no ámbito asistencial, estanse a ampliar as unidades de hospitalización a domicilio, coa creación de dúas novas emprazadas nos hospitais do Meixoeiro e no Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide. A partir deste ano, tódolos complexos hospitalarios contarán cunha unidade destas características.

Polo que respecta a novas técnicas introducidas nos hospitais do Sergas, destaca a autorización realizada no primeiro semestre do ano para a realización de transplante intestinal no Complexo Hospitalario Juan Canalejo e a autorización para transplante de condrocitos no Complexo Hospitalario Juan Canalejo e no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago.

Continúase tamén coa elaboración de plans de emerxencias externas nas áreas sanitarias. Con este programa preténdese levar a cabo a elaboración, revisión e normalización das actuacións en caso de catástrofe. Para isto é preciso optimizar os recursos sanitarios, dando a mellor resposta posible en caso de emerxencia externa. Neste ano elaborouse e publicouse o Plan de emerxencias externas da Área Metropolitana da Coruña, e está previsto na de Vigo.

Xa está publicado no DOG o decreto que regula a creación e autorización dos comités de ética asistencial. Estes comités nacen coa finalidade de analizar e facilita-lo proceso de decisión clínica nas situacións de conflitos éticos entre persoal sanitario, pacientes e institucións. Estes comités actuarán de órganos consultivos e de asesoramento en materia de ética asistencial. Todo isto redundará nunha maior protección dos dereitos e da liberdade dos pacientes, pero co debido asesoramento.

Mellora agraria e sanidade gandeira

A mellora das estruturas agrarias é un dos obxectivos principais da política da Xunta de Galicia. Trátase de obter explotacións cunhas dimensións suficientes para que sexan rendibles, mellorando á súa vez as comunicacións e a calidade de vida no sector agrario.

Emprendemos agora novas actuacións que, contempladas á luz da situación actual, nos permitirán seguir avanzando tanto na competitividade das explotacións agrícolas como na súa relevancia social. Con tal fin, e durante a actual lexislatura, será presentada, se Deus quere, neste Parlamento, unha nova Lei de concentración parcelaria, que contén as seguintes novidades:

O ámbito da lei será «a ordenación de fincas rústicas, mellorando a súa estrutura productiva», co que a concentración xa non poderá ser contemplada como un fin en si mesma, senón como un medio.

Axilización dos procedementos, reducíndoos a dúas fases –bases e acordo–, e regulamento con precisión dos subperímetros cultivados, cultivables e forestais.

Creación dun Fondo de Terras e establecemento de liñas de axuda para a adquisición de terras agrícolas.

Instrumentación dos procedementos de valoración sobre o cumprimento dos fins pretendidos, á vez que se establecerá un réxime sancionador no caso de incumprimento.

Existen tamén outras novidades que teremos ocasión de discutir no seu momento. Polo momento, sinalarei que pretendemos establecer de forma complementaria actuacións tendentes á mobilización de terras agrarias ociosas –xa teño un estudio así de alto no meu despacho–, cos obxectivos de racionaliza-lo uso da terra, reordena-los cultivos, corrixi-los desequilibrios productivos entre comarcas, moderniza-las estruturas productivas e mellora-la calidade de vida no sector agrario.

Trátase, como as súas señorías poden comprobar, dun plan novidoso, ambicioso e de longo alcance, que, unido ó Plan xeral relacionado co medio rural, do que antes falabamos, ofrece resposta ás necesidades de modernización e de maior rendibilidade do noso agro e que contará cunha importante dotación económica para a súa posta en práctica.

O recente *Libro branco sobre seguridade alimentaria*, elaborado e publicado pola Comisión Europea, afirma con claridade que «a saúde e o benestar dos animais produtores de alimentos é esencial para a saúde pública e a protección dos consumidores».

En Galicia puxéronse en marcha os primeiros programas universais de vacinación e sacrificio indemnizado. Incluso en ocasións se nos acusou de «celo excesivo» e de dificultar-la competencia co gando doutras zonas. O tempo, coma sempre, ou case sempre, déuno-la razón, e a nosa cabana é hoxe a máis saneada de todo o Estado.

Afortunadamente, vímonos libres dos escándalos alimentarios –eu sempre digo que as nosas vacas son demasiado listas para tolear– que sacudiron a Europa durante os últimos anos. Pero todo isto non nos autoriza a baixa-la garda, senón que imos continuar con maior empeño, se cabe, o labor emprendido.

O novo Programa sanitario 2000-2006, en marcha este mesmo ano, contempla novas medidas de protección ós consumidores. Nesta liña pretendemos estendelo ós programas de saneamento do ovino e do cabrún, establecendo un programa de prevención e control da alimentación animal e impulsando un programa de prevención e control de leucose e peripneumonía bovinas. A salubridade das nosas producións gandeiras é unha obriga inescusable, e manteremos unha vixilancia permanente.

A política agraria común, dentro das directrices contidas na Axenda 2000, propugna unha agricultura multifuncional que, entre outros obxectivos, contemple medidas que contribúan ó sostemento do medio ambiente natural. Con independencia das posibles discrepancias que poidan xurdir ó redor da distribución dos fondos comunitarios, a Xunta de Galicia comparte plenamente este obxectivo.

Nesta liña, temos preparado para a próxima lexislatura un ambicioso paquete de medidas, que comprende:

A expansión das razas de gando autóctonas en perigo de extinción, o que contribuirá ó mantemento da diversidade xenética, á fixación da poboación ó medio rural e á preservación medioambiental.

O fomento de técnicas agroambientais de xestión das explotacións gandeiras, en particular a gandería integrada e a gandería ecolóxica.

A xestión integrada das explotacións, favorecendo aquelas que se baseen no aproveitamento dos recursos naturais, limitando a degradación paisaxística e recuperando os sistemas de pastoreo.

O Programa de xestión de residuos gandeiros –este é un tema capital–, coa finalidade de evita-la contaminación e aproveita-los residuos agrogandeiros –eu sempre digo que esta é a materia pendente–, fomentando o investimento en sistemas de almacenamento e transformación de subproductos de explotacións, apoiando a adquisición de medios de transporte e de distribución dos

productos orgánicos elaborados, tanto a nivel individual como colectivo, e impulsando a xestión dos efluentes e a redistribución de cargas.

Xa tiven ocasión de expor nesta Cámara as directrices básicas do Plan lácteo galego, actualmente en pleno desenvolvemento. Sinalarei agora que, pese ós tópicos ó uso, o noso sector lácteo está experimentando unha forte e positiva reestructuración, á vez que un importante rexuvenecemento. Así, o 60 % da produción láctea galega está xa en mans de gandeiros menores de 50 anos, e son precisamente os menores de 40 anos, cunha porcentaxe de produción do 30 %, os que rexentan as explotacións por riba dos 70.000 litros. Galicia segue mantendo, pois, o seu nivel productivo e a súa situación de cabeza, sen competencia, a nivel de España.

A mellora continuada na competitividade das nosas explotacións resulta imprescindible para poder abordar con éxito un futuro que vai vir condicionado tanto pola integración dos novos países da UE, que é unha necesidade, como polas esixencias duns mercados cada vez máis abertos e globalizados. Parece mentira que aínda se esforcen algúns en non admitir esta realidade.

Polo tanto, a Xunta vai seguir traballando seriamente para mellora-la competitividade do noso sector lácteo. O camiño marcado para a consecución deste obxectivo pasa por: incrementa-la dimensión productiva das explotacións viables; fomenta-lo abandono das explotacións menos competitivas; mellora-lo nivel tecnolóxico das explotacións; mellora-la calidade do leite, especialmente na súa composición graxa; apoia-la consolidación de industrias viables; diversificar en áreas de negocio de alto valor engadido; apoia-la imaxe, prestixio, perfección e aceptación dos produtos lácteos galegos.

A modernización do sector pesqueiro

O sector pesqueiro galego está sumido nun profundo proceso de modernización que agardamos que se complete a finais do actual período operativo dos fondos IFOP, é dicir, no ano 2006. Dende agora ata entón, calculamos que os empresarios investirán máis de 215.000 millóns de pesetas. Nese desafío, o sector contará co firme apoio das administracións comunitarias, central e autonómica, un apoio que se traducirá en subvencións superiores a máis do 50 %; quere dicir, 112.000 millóns.

A maior porcentaxe de investimento estará dedicada á renovación e á modernización da flota. Para este exercicio acometeuse a construción de 90 barcos novos e a modernización de 110, cunhas axudas de 3.576 millóns de pesetas.

En canto ás empresas de transformación e procesamento dos produtos da pesca, o obxectivo ata o ano 2006 é crear novas instalacións, modernizar 900 establecementos e incrementa-la produción en 15.700 toneladas/ano.

O obxectivo no ámbito das empresas de comercialización, e co horizonte do ano 2006, é modernizar 600 establecementos e dispor de máis de 122.000 metros cadrados de superficie para a comercialización dos produtos da pesca en primeira venda e en destino. Para poñer un exemplo, están as novas lonxas de Vigo, de Celeiro...

Tamén resulta significativo o investimento nas instalacións de acuicultura. Está previsto actuar na modernización de 1.800 establecementos, co obxectivo de acadar unha produción anual de 340.600 toneladas de especies principais e 1.500 de novas especies. Así, cabe reitera-lo desenvolvemento do cultivo de novas especies, algunhas tan propias de Galicia e de tan alta demanda como o ollomol e o polbo. Este pulo da actividade acuícola galega está estreitamente vencellado ó proceso de incorporación de novas tecnoloxías, do que é unha mostra significativa o novidoso sistema de cultivos mariños fabricado en polietileno, non contaminante e de máxima resistencia, flexibilidade e adaptabilidade ó medio. Estas novas bateas funcionan xa con carácter experimental no Grove, dedicadas ó cultivo de moluscos bivalvos e engorde de polbo; son só o comezo doutras reformas importantes.

A nosa Comunidade Autónoma conta cunha infraestrutura de investigación mariña de primeira orde, tanto polo número de centros como pola cualificación dos seus científicos. Co propósito de integrar nun centro tódolos recursos dispoñibles en formación, investigación e tecnoloxía, o Goberno central e a Xunta de Galicia están a ultima-la posta en marcha do Centro Tecnolóxico do Mar, que agardamos que entre en funcionamento a finais deste ano en Vigo.

O seu obxectivo é optimiza-los medios dispoñibles neste ámbito e lidera-lo desenvolvemento tecnolóxico, proporcionándolle ó sector os soportes científicos necesarios e as recomendacións máis precisas sobre tecnoloxías emerxentes, para unha actividade máis competitiva en tódalas ordes.

Este complexo tecnolóxico estará estruturado en sete grandes áreas: control e xestión do medio e dos recursos, tecnoloxía da pesca, tecnoloxía dos produtos pesqueiros, socioeconomía da pesca, promoción e transferencia de tecnoloxía, formación e cooperación internacional.

O Plan de ordenación da pesca de baixura, posto en marcha este ano, e que se estenderá ata o 2011, vai representar un auténtico punto de inflexión sobre as formas de exercer esta pesqueira artesanal, con criterios de xestión cada

vez máis racionais, e que permitirán compatibiliza-la rendibilidade da flota coa sostibilidade dos recursos pesqueiros na nosa estreita plataforma.

Está prevista a creación dunha Axencia de Desenvolvemento do Litoral, operativa a comezos do 2001 e que contará cun equipo de trinta profesionais distribuídos en cinco unidades. A unidade central disporá de especialistas en deseño, asesoramento e avaliación de plans e proxectos, á medida de cada subsector e de cada zona. Pola súa banda, os axentes locais destinados nas catro unidades de zona estarán encargados de fomentar e coordina-la formación do colectivo, promove-lo crecemento dos recursos de cada porto, incentiva-lo colectivo de pescadores para traballar cooperativamente e, en xeral, impulsar iniciativas que contribúan a favorecer-lo desenvolvemento económico e social das comunidades de pescadores.

O subsector do marisqueo a pé está experimentando nos últimos anos un profundo proceso de transformación, protagonizado polas agrupacións de mariscadoras participantes no Plan Galicia para a profesionalización desta actividade.

Foi nos primeiros anos da década dos noventa cando de forma eficaz se puxo en marcha este proceso, baseado fundamentalmente na aplicación de técnicas de semicultivo, polo que as mariscadoras deixaron de ser simples recolledoras e convertéronse en profesionais cultivadoras.

Estas iniciativas, xunto con outras actuacións promovidas dende a Administración galega, materializáronse no denominado Plan Galicia e constituíron as bases da ordenación e profesionalización do marisqueo a pé.

Este cambio de actitude e de mentalidade do colectivo pode cuantificarse, xa que nos últimos dez anos se triplicou a produción marisqueira de Galicia, que pasou de 3.466 toneladas en 1990 a 9.214 toneladas en 1999. Falo sempre do marisqueo a pé.

O Servicio de Busca e Salvamento Marítimo celebra este ano o seu décimo aniversario. No momento da súa creación, en 1990, o Goberno de Galicia fixo unha aposta extraordinariamente valente, posto que se trataba, daquela, do primeiro servizo destas características en toda España, sendo pioneiro na utilización de helicópteros e tripulacións civís para misións de salvamento. O carácter polivalente do servizo e a súa actitude proactiva pola cultura da seguridade dos pescadores fan del –creo eu– o máis operativo da costa europea.

Témo-la satisfacción de poder falar del como dun servizo plenamente consolidado, ó que lle mando tódolos meus parabéns, recoñecido internacionalmente pola súa máxima eficacia e operatividade; estes mesmos días tivemos varias probas disto. Pero o máis satisfactorio de todo é informar de que este

servicio leva axudado a máis de 3.200 persoas, moitas delas en situacións de perigo grave e inminente. Como é natural, neste labor, que ten tanto de técnico como de humanitario, debemos salienta-la entrega e a valía das tripulacións, así como a permanente renovación e mellora dos medios técnicos cos que conta o servizo. Os seus helicópteros incorporan hoxe a tecnoloxía máis moderna e eficaz para o salvamento marítimo.

Nese camiño de permanente renovación imos continuar, co propósito de ofrecer sempre as mellores solucións para que os mariñeiros desenvolvan a súa actividade cos maiores niveis de seguridade.

Infraestructuras xudiciais e laborais

No ano 2001 rematará a primeira fase do Plan de ampliación de infraestructuras xudiciais de Galicia, a través do que se está levando a cabo a construción de máis de vinte edificios xudiciais, xunto coa recente rehabilitación da magnífica sede do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Xa está prevista unha segunda fase, que permitirá a remodelación dos pazos de xustiza de Ourense, Lugo e Pontevedra, de xeito que nos próximos anos quedarán rehabilitados, en perfecto estado, os edificios máis emblemáticos da Administración de Xustiza nesta Comunidade Autónoma.

Agora considérase necesario que, xunto coa segunda fase do Plan de infraestructuras, se acometa o equipamento das oficinas xudiciais para adecualas ás esixencias de hoxe.

Finalmente, e co ánimo de mellora-lo control e posteriormente a xestión dos medios materiais ó servizo da Administración de Xustiza, está previsto levar a cabo un inventario destes que requirirá a colaboración de tódalas partes implicadas.

Convencidos de que o investimento en seguridade e saúde laboral é unha obriga ineludible e especialmente necesaria e oportuna hoxe para protexer-las traballadores, e co obxecto de lograr unha diminución substancial das taxas de sinistralidade laboral, estanse a executar un conxunto de programas, entre os que merece destacarse o Plan de acción sobre sinistralidade laboral. Bo exemplo, sen dúbida, do resultado da cooperación entre os responsables da prevención.

Con carácter xenérico, a través do devandito plan, preténdese o desenvolvemento dun conxunto de actividades consideradas prioritarias, encamiñadas a sensibiliza-la sociedade e a introducir nela unha verdadeira cultura da prevención. Para tal fin, dende a nosa Administración deséñanse actuacións de apoio, asesoramento técnico, formación e información, así como de vixilancia

e control, debendo destacarse pola súa importancia no obxectivo de da-la volta á tendencia alcista dos accidentes de traballo –gracias a Deus non os máis graves, que están retrocedendo– o plan de choque denominado Proxecto 1100, dirixido ó control do cumprimento da normativa naquelas empresas que concentran os maiores índices de sinistralidade.

Pero calquera acción legalmente establecida como instrumento de loita contra a sinistralidade non terá a eficacia desexada se non se acompaña dun compromiso conxunto entre tódalas partes implicadas, ata lograr que a cultura da prevención sexa unha realidade social.

Case materializados os traspasos de competencias que a Constitución prevía respecto do chamado Estado autonómico, cómpre agora, no marco do mesmo programa e en relación coa proposta galega de Administración única, acomete-la tarefa de negociarmos un pacto local que faga realidade a premisa de que cada competencia administrativa achegue maior eficacia na prestación do servizo ó cidadán.

Este proceso de transferencias competenciais permitirá conseguí-los seguintes obxectivos:

- Evitar duplicidades en todos e cada un dos niveis administrativos, reducíndose, en consecuencia, o gasto público que puidera derivar da existencia de burocracias paralelas con idénticas funcións.
- Garanti-lo cumprimento dos principios constitucionais de descentralización, coordinación e eficacia administrativa.
- Incrementa-lo nivel de coñecemento e participación do cidadán nos asuntos públicos.

Quero anunciar tamén que xa se encontran en avanzado estado as negociacións para o traspaso ós concellos dunha serie de competencias en materia de servizos sociais que agora mesmo ten atribuídas a Xunta de Galicia.

Deporte ó alcance de todos

É incuestionable que hoxe en día o deporte está ó alcance da case a totalidade da poboación galega. O esforzo realizado nos últimos anos, e teño que dicir que cun excelente exemplo de cooperación entre diversos niveis da Administración, autonómica, provincial e local, para dota-los concellos de instalacións deportivas, así como o apoio decidido ós clubs e entidades, sitúa a Galicia como unha das comunidades autónomas máis sensibilizadas no feito deportivo, pensando na súa importancia para a saúde física e mesmo mental, gracias a unha política de promoción e extensión.

A Xunta leva máis de dez anos facendo do deporte unha das constantes que miden o progreso da nosa comunidade. En Galicia pasamos dunha sociedade de simples espectadores a unha comunidade na que a práctica das diversas actividades deportivas se incrementou notablemente.

No eido das instalacións, e ó longo do presente ano, estanse a levar a cabo nos concellos –repito que en colaboración eficaz coas administracións provinciais e locais– obras de infraestrutura por importe de máis de 5.000 millóns de pesetas, destinadas a completa-lo parque de espacios deportivos. Cómpre engadir a esta cifra preto de 600 millóns máis investidos na construción de pavillóns polideportivos e postos á disposición de colexios e institutos.

No capítulo da actividade deportiva cabe salientalo Plan de axudas ás entidades federadas, das que se beneficiou fundamentalmente o deporte de base, así como o Programa de tecnificación, que tan bos resultados está proporcionando ó deporte galego. Non hai que esquecer tampouco o gran labor de promoción deportiva que supón a Campaña de actividade física en idade escolar, organizada no curso 1999-2000 e na que participaron 147.000 rapazas e rapaces galegos.

No actual proceso de cambios tecnolóxicos acelerados a Xunta de Galicia asume plenamente a importancia da investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación como o mellor viro para contribuír á construción dun país máis competitivo e moderno. O mellor xeito de responder a esta responsabilidade é a execución rigorosa, día a día e minuto a minuto, do Plan galego de investigación e desenvolvemento tecnolóxico para a innovación, como foi a creación nesta lexislatura da secretaría xeral correspondente.

A Xunta está a elaborar, anticipadamente, un novo plan para o período 2002-2005, integrado nos obxectivos do Plan estratéxico de desenvolvemento económico de Galicia 2000-2006 (Pedega). Este proxecto pretende afondar nos procesos de integración e coordinación de tódolos axentes e accións, e representará un firme e decisivo impulso para a mellora do sistema productivo.

Nesta época, fortemente marcada pola globalización, non queda máis remedio que darnos a coñecer para facernos valer, para difundirlos nosos obxectivos e para defende-los nosos programas.

Todo iso pódese facer realidade a través dunha axeitada política de comunicación, que deberá xirar arredor de dúas premisas básicas: darnos a coñecer e proxectar Galicia máis alá das nosas fronteiras, tanto no ámbito nacional como no internacional, e, por outra banda, explicar obxectivamente as accións da Administración. Só así a nosa sociedade disporá de

suficientes elementos de xuízo para analiza-la realidade multifactorial na que nos movemos.

En efecto, señor presidente, señoras e señores deputados, a tantas veces – coma sempre– criticada política de comunicación da Xunta aséntase sobre os mesmos elementos do xornalismo de hoxe e de sempre: rigor e obxectividade, cuestións ás que ningún profesional debe nin pode renunciar xamais. Isto cómpre dicilo en honor á verdade e en defensa duns xornalistas, moitas veces cuestionados nesta Cámara por realiza-lo seu traballo con dedicación e dignidade.

Á Xunta non lle fai falla mentir nin enganar nin esaxerar. O Executivo galego, á altura da institución que representa e centrado na defensa dos intereses de Galicia, cumpre coa súa obriga de informar á cidadanía. Ademais, señorías, o departamento informativo da Xunta vén favorecendo, con medidas concretas, a promoción e o uso do galego nos medios de comunicación social. Entendemos que así se contribúe a normalizar, nun campo tan esencial, o idioma propio deste país.

Nese senso é preciso recoñece-lo labor que veñen desenvolvendo a Radio e a Televisión de Galicia, pero tamén é xusto subliña-lo esforzo que outros medios están a facer cada día para incrementa-lo uso e a presenza do galego, para o cal teñen as axudas da Xunta.

A forza da galegitude

No que se refire á nosa decidida acción de apoio ás comunidades de emigrantes galegos no resto de España, en América, en Europa e –repito– ata en Australia, onde fixo a súa acción inmortal Frei Rosendo Salvado, continuaremos alentando e promovendo cantas actividades sexan necesarias. Como fillo, que se honra de ser, de emigrantes, considero que a miña obriga é atender, dentro das posibilidades, a tódolos que representan honrosamente a Galicia estando lonxe dela, e que hoxe pasan polas indubidables problemáticas do envellecemento e da non-renovación.

Neste senso, atendémo-los máis mozos, nunha clara política de integración, e os maiores, cun senso social solidario, coa mesma entrega que demostraron as nosas colectividades da diáspora ó longo dun século de dura emigración, con máis espiñas que rosas.

Máis de 1.800 cursos impartidos no exterior, entre outras actividades, destinados ás nosas institucións emigradas, demostran entrega e sensibilidade para achegarnos ós problemas e preocupacións duns irmáns que traballan e viven lonxe da terra.

Estamos convencidos de que nesta década os galegos do exterior tamén gañaron autoestima e orgullo, recuperando unha galeguidade ás veces adormecida. E tamén estou certo de que seguiremos acrecentando a unidade dos galegos de fóra, por riba de distancias xeográficas e xeracionais, porque son os mellores fillos de Galicia e porque representan unha verdadeira universalidade.

Polo que atinxe á acción exterior da Xunta, cómpre colocar en primeiro plano, e dun xeito moi especial, as nosas relacións especialísimas coa Rexión Norte de Portugal, obxectivo no que puxen un empeño persoal e no que se están superando tódalas expectativas. Ó acceder recentemente de novo á presidencia da comunidade de traballo Galicia-Norte de Portugal tiveren a grata oportunidade de facer balance das múltiples iniciativas conxuntas no terreo dos servizos públicos.

Tamén merece unha particular mención o esforzo coordinador entre as administracións públicas de tódolos niveis das dúas ribeiras do Miño, que son a proba irrefutable dun labor serio e responsable no seo da comunidade de traballo luso-galaica e das comunidades territoriais de cooperación dos vales do Limia, do Tâmega e do Miño, integradas por 69 concellos galegos e por 16 cámaras municipais portuguesas.

En canto á adhesión ó Eixe Atlántico, que agrupa as 18 cidades máis populosas da nosa eurrrexión, temos reclamado, en franco consenso institucional, a atención da Unión Europea. Gracias a esta sintonía de traballo e proxectos comúns, hoxe podemos dispor do financiamento comunitario imprescindible a través da iniciativa Interreg III-A, que materializará o Programa de acción conxunta Galicia-Norte de Portugal para o período 2000-2006.

Para que Galicia poida seguir contando coas axudas europeas trala proxectada ampliación da UE ós países do Leste, presenteille recentemente un informe ó Comisario de Política Rexional Europea, o señor Michel Barnier, quen, por certo, acolleu moi favorablemente a nosa proposta de continuación do Plan formativo e outros proxectos relacionados coa cooperación e coa estruturación das rexións europeas.

Galicia coopera coa Comisión Europea no marco da elaboración do próximo *Libro branco sobre as novas formas de Goberno en Europa*, co que se desexa brindar un maior protagonismo ás entidades políticas territoriais no tecido institucional e integrador comunitario, efectuando alí as nosas achegas para conseguir unha Europa máis próxima ós cidadáns, onde imperen os principios de subsidiariedade e solidariedade e onde se repecten os dereitos dos pobos e das culturas.

A Presidencia que me honro en ostentar e a Vicepresidencia do Comité das Rexións da Unión Europea colócanos nunha posición privilexiada para o deseño de propostas estratéxicas que se presentan á Comisión e ó Consello de Ministros comunitarios.

A nosa posición consolida, así mesmo, a percepción que de nós se ten en case toda Latinoamérica, como socio institucional privilexiado para a cooperación entre entidades políticas de ámbolos dous continentes, tanto pola interesante rede coordinadora na que somos protagonistas como por formarmos parte integrante da primeira nación investidora naqueles países entre tódolos integrantes da Unión Europea.

Só así se pode explicar que Galicia acollese, por ver primeira fóra do continente americano, a celebración de encontros económicos e empresariais ó máis alto nivel e coa participación de representantes políticos e sociais euro-latinoamericanos. Tamén cómpre destacar que Galicia é convidada a cotío a participar nas estruturas rexionais de integración que se están asentando na área do Mercosur, introducindo xa que logo e de maneira privilexiada as nosas empresas nese prometedor mercado, ampliable ós asociados Chile e Bolivia.

Velaí como durante o pasado ano e o que vai deste Galicia gañou en protagonismo exterior, actuando dentro das súas competencias constitucionais e estatutarias. Este Parlamento ten participado, así mesmo, nesa intensa actividade exterior liderando —e ben pronto haberá testemuño disto, polo que felicito o noso presidente— a Rede das Asembleas Lexislativas Europeas e noutros importantes eventos relacionados con Europa e con América.

Debemos aproveitar axeitadamente os ventos dunha ineludible internacionalización, non só no crematístico ou financeiro, senón tamén no cultural, social e no inmediato. Rachar definitivamente coas posicións illacionistas é algo primordial, xa que a introspección nos condenaría á inactividade e a perde-las interesantes oportunidades conseguidas coa nosa decidida acción exterior.

Reflexión final

Señor presidente, señorías, permítanme unha reflexión final.

Fixen ata aquí unha pormenorizada exposición do labor do Goberno galego no último ano, en relación con accións do último decenio e dos proxectos que reclamarán a nosa atención nos próximos meses.

Galicia foi ata o de agora, para moitos, unha fermosa descoñecida; fermosa, pero tinguida dun fatalismo e dun victimismo históricos. Asegúrolles que a

miña primeira preocupación, o norte principal das accións do noso Goberno, foi a loita contra esa corrente de fondo.

Queremos, en primeiro lugar, asenta-la nosa terra sobre bases firmes, unha defensa a ultranza de Galicia, coidando das nosas raíces para que dean froitos novos, revitalizando a nosa cultura para proxectar cara a adiante o labor dos nosos devanceiros, dignificando e potenciando o noso idioma, principal signo da identidade. Estas foron as guías da nosa acción de goberno durante a década que remata: o orgullo de sermos galegos. Galicia é unha comunidade vella e nova ó mesmo tempo, ollando con confianza cara ó futuro, pero é unha Galicia que, estando orgullosa de si mesma, se sente a un tempo integrada en España, esa gran realidade histórica, integrada por historia e por convicción, sabendo que no actual Estado das autonomías Galicia ten reservado un papel importante.

Sentímonos a gusto dentro de España, porque nos interesa, porque necesitámo-la solidariedade, porque podemos achegaralles moito a outros. Nós sabemos que este proxecto só é realizable dentro de España, co apoio decidido do Goberno nacional e co apoio de Europa. Temos recibido moito durante os últimos dez anos, pero tamén temos dado moito.

Contribuímos modestamente á prosperidade de hoxe e temos colaborado leal e firmemente co Goberno da nación na tarefa común de levar a España e a Galicia ó lugar que lles corresponde, sen concesións, antepoñendo, por suposto, por riba de todo, os intereses da nosa terra.

Sempre en Galicia, pero sabendo que este obxectivo só é posible dentro da Europa das autonomías, dentro da Europa que estamos a construír unida entre todos.

Completámo-la estrutura institucional: Valedor do Pobo, Consello de Contas, Consello Consultivo. Tamén logramos que Galicia sexa hoxe a Comunidade Autónoma con maior nivel de competencias e a nosa Administración pública a máis avanzada tecnoloxicamente.

Non só se trataba de infraestruturas, tratábase de educación, de cultura, de tecnoloxía, de formación, de incentivos empresariais, de todo aquilo que axudara ó noso desenvolvemento económico.

Solidariedade, unha verba fermosa, non sempre aplicada a fondo, con seriedade. No noso caso tradúcese en atención á xuventude, á terceira idade, á sanidade pública, ós nosos emigrantes, en todo o que sirva para este país. Aí están os novos centros socioculturais, xardíns de infancia, hospitais, centros de saúde, institutos, bibliotecas, polideportivos; basta con percorre-lo territorio galego para atoparse con algunha destas mostras. Estas son realidades e feitos.

Restauración das nosas igrexas, catedrais, núcleos históricos, castros, arquitectura popular só son algúns exemplos dunha constante preocupación por transmitirles ás xeracións futuras o legado histórico que recibimos en herdo.

A verdadeira loita por unha ecoloxía racional. Tratamento dos residuos, política hidráulica, depuradoras, estacións de tratamentos residuais, maior calidade da auga e defensa da paisaxe e dos ríos son realidades e logros que son consecuencia dunha política firme, dun goberno estable, dun proxecto claro.

Claro que non todo está feito, ¡nin moito menos! ¡Falta moito! Porque o reloxio na carreira da historia non para nunca. Cómpre ter moi presente cada día que veña, cada minuto que chegue, a pregunta inicial: ¿cal é a Galicia que queremos? Unha Galicia disposta a competir por un lugar de vangarda en España, en Europa e no mundo.

Hoxe somos líderes en áreas tecnolóxicas consideradas como estratéxicas. As telecomunicacións e a sociedade da información e do coñecemento foron a nosa preocupación na súa hora, e gracias ó esforzo realizado considerámonos preparados, pero cómpre seguir adiante.

Roto o illamento, somos un país idóneo para o investimento. Hai quen criticaba o exceso de solo industrial, agora falta por todas partes. ¡Haberao!, pero fai falla atraer máis capitais, multiplica-la economía, culmina-lo actual despegue turístico.

Tamén necesitabamos, como dicíamos, completa-las infraestructuras, como a reforma a fondo do ferrocarril e da Transcantábrica. E nisto, a pesar dalgúns escépticos e descridos –tamén os tivemos na fase anterior–, a inmensa maioría deste pobo, que é vello e sabio, saberá confiar na palabra, no que considero un compromiso coa nosa terra. Polo tanto, ninguén de nós pensa en descansar, nin para coller alento, ata ver rematado o proxecto de Galicia, e dentro del quero especificar de modo claro, fronte a algunhas calumnias e malas interpretacións, agora mesmo o proxecto ferroviario.

Os populares galegos temos en Madrid un Goberno popular que comparte os nosos obxectivos e que colaborará decididamente na consecución das nosas metas. Demostramos con exemplos abondos que cando Galicia fala, con voz firme e serena, facendo peticións sensatas e posibles, sempre é oída e atendida.

Cómpre seguir avanzando, sobre todo nun capítulo tan decisivo como é a formación dos máis novos. A xuventude é o futuro; eles merecen maior desenvolvemento técnico, maior calidade no ensino e, ó remataren os seus estudos, un posto de traballo digno, unha vivenda, un futuro...

Pero ¿quen ía soñar hai só dúas décadas cunha Galicia con tres universidades, non no papel, senón na realidade, cun sistema dos máis completos de España no ensino, con milleiros de posgraduados en tódalas carreiras? Reitero, unha vez máis, que Galicia defenderá, con unllas e dentes, a súa tradición e vocación pesqueira, o que significa apoiar decididamente os homes de mar, a nosa flota.

E o mesmo digo, e falei disto de modo especial, e con datos concretos, da recuperación do mundo rural. Estamos nas mellores condicións para crear un sistema integrado, promovendo actividades que acheguen calidade de vida ós homes e mulleres do rural, para conquistar de aquí ó 2006 un sector gandeiro capaz de competir nun mercado aberto. Sei que non é tarefa fácil, pero témo-la obriga de poñerlos medios necesarios.

É indispensable un plan coordinado co Goberno nacional e coa Comunidade Europea, combinando medidas sociais e fiscais, como as reducións do IRPF, garderías económicas, réxime especial para a muller embarazada, permisos posparto, facilidades para o acceso e a mellora das vivendas e moitas outras accións que leven a un aumento das taxas de natalidade e a un equilibrio da poboación.

E remato, señor presidente, señorías.

Todos somos conscientes de que este debate sobre o estado da nosa Autonomía ten lugar nun momento importante. Máis alá dos tópicos sobre a fin de século e o comezo do milenio ninguén pode dúbida da transcendencia do final desta lexislatura, a terceira, a que, con gran responsabilidade para todos, pero especialmente para o Grupo Popular, foi apoiada para un proxecto pola confianza maioritaria dos galegos.

Este é, en todas partes e tamén para nós, un tempo de cambios na realidade que nos rodea e, polo tanto, de reformas necesarias. Por algo é que as forzas políticas se replantexan os liderados, cambian os sistemas de organización, mudan os programas e estilos, e, en non poucos casos, mesmo varían os seus principios.

Pois ben, de canto teño dito dedúcese que o Partido Popular de Galicia, unha vez máis, aposta pola reforma como vía media entre o inmovilismo nos-táxico e a utopía revolucionaria. Así o estamos facendo a nivel mundial, europeo, español, e farémolo, por suposto, en Galicia.

Facémolo así porque tomamos en serio a realidade humana e social, porque non queremos outra cousa que non sexa o ben e o progreso de Galicia e de España. Realidades culturais e históricas que merecen o noso respecto. Realidades que, por ser humanas e sociais, son vivas e están en constante

transformación, e así mentres sexan corpos da historia da humanidade, na que, por certo, nos corresponde unha parte de bo tamaño e de alta calidade.

Non se trata de improvisar, de inventar Galicia nin España; pasou o tempo das ideoloxías globalizadoras e salvadoras. Trátase de reformalas á altura dos tempos e das necesidades, de melloralas en todo o posible, para facelas máis eficientes e competitivas, nun mundo globalizado e interdependente. Trátase, señor presidente, señoras e señores deputados, de que os galegos e tódolos outros españois dispoñan cada vez máis de mellores comunicacións e servizos, de máis oportunidades para unha vida digna nunha sociedade aberta, mellores leis e defensas contra a inxustiza, maior confianza nos seus compatriotas e mellores vías para solucionar os conflitos que se vaian producindo.

De ningún xeito se trata de volver inventalo que xa somos nin de rachalo que a realidade xeográfica e histórica ten unido, nin de buscar na confrontación de clases, de territorios, de linguas ou de culturas o que só se pode obter pola mutua comprensión, pola tolerancia na diversidade, pola creatividade na competencia lexitima, non pola violencia ou pola hipocrisía.

Estamos entrando na nova era coa esperanza nunha educación ó alcance de todos, nuns recursos de capital e de confianza que permitan a obra creadora dos que sexan capaces de emprender e de innovar, da superación da marxinalidade e da miseria, do odio e da envexa, propoñéndonos, porque somos capaces, a continuación renovada do que fixeron os nosos maiores, contando para iso con máis medios e ilusións fortalecidas.

Nese espírito, esperamos renovar a confianza do noso gran pobo, para seguir adiante, contando coa axuda de Deus e do noso patrón Santiago, respondendo hoxe á interrogación dun gran poeta da terra, Ramón Cabanillas –a quen, por certo, tiven a sorte de coñecer e de tratar–, cando en versos emocionados se preguntaba: «...a voz da nosa Terra / máis forte que a oración, que a lei, que o ferro... / decídelle ó voso sangue / ¿Son chegados os tempos?». Eu estou plenamente convencido de que si. Non entramos pesimistas, como no ano 1000, entramos con oportunidades no 2000.

Señoras e señores representantes do pobo galego, estou persuadido de que os tempos son chegados.

Dixen.

Títulos da colección
**DISCURSOS
PARLAMENTARIOS**

Xerardo Fernández Albor
Primeira e segunda lexislatura
(1982-1987)

Fernando González Laxe
Segunda lexislatura
(1987-1989)

Manuel Fraga Iribarne
Terceira lexislatura
(1990-1993)

Manuel Fraga Iribarne
Cuarta lexislatura
(1993-1997)

Manuel Fraga Iribarne
Quinta lexislatura
(1997-2001)

Manuel Fraga Iribarne
Sexta lexislatura
(2001-2005)

Emilio Pérez Touriño
Sétima lexislatura
(2005-2009)

Alberto Núñez Feijóo
Oitava lexislatura
(2009-2012)

En preparación
Alberto Núñez Feijóo
Novena lexislatura
(2012-2016)



PARLAMENTO
DE GALICIA

